



# MEMORIA DE CALIDADE

Facultade de Bioloxía

Curso Académico: 2022/2023

## Control da elaboración e aprobación

Fase	Unidade/Órgano	Data
Aprobación	Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía	31/05/2024
Informe técnico	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos	03/11/2024
Aprobación	Xunta de Facultade de Bioloxía	21/11/2024
Aprobación	Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno	29/11/2024

## Índice

<b>1. Introducción</b> .....	3
<b>2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados</b> .....	9
Directriz 1. Política e obxectivos de calidade.....	9
Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos .....	33
Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado.....	64
Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos .....	93
Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos.....	102
Directriz 6. Información pública .....	112
<b>3. Plan de Melloras do centro</b> .....	116
<b>4. Modificacións nos diferentes títulos</b> .....	145
<b>5. Listaxe de evidencias e indicadores</b> .....	146

## 1. Introducción

### 1.1.- Presentación da Memoria de Calidade

A Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela é un centro universitario que desenvolve as súas funcións como servizo público mediante a actividade docente, de estudo e investigación para a creación, desenvolvemento e transmisión crítica da ciencia e da cultura, coa finalidade de preparar para o exercicio das actividades profesionais nos ámbitos da Bioloxía.

Foi creada en 1977 ao amparo do Decreto 1975/1973, de 26 de xullo (OM de 14 de outubro/BOE/11-XI-77) e na actualidade as súas dependencias están localizadas no edificio da Facultade de Bioloxía e no Centro de Investigacións Biolóxicas da USC (CIBUS), vinculado parcialmente a ela. Estes edificios, situados no Campus Vida, dispoñen dunha serie de aulas, laboratorios e biblioteca perfectamente equipados para docencia nos distintos títulos que ofrece a facultade, pero tamén posúe espazos de encontro como os locais das Asociacións de Estudantes, salas polivalentes, salón de graos, salas de conferencias, salón de actos e cafetería, esta última compartida coa Facultade de Matemáticas. Tamén dispón doutras importantes instalacións para a investigación e docencia, como son os invernadoiros e o acuario. Deste xeito, a Facultade de Bioloxía é o núcleo dunha contorna na que se promove a formación universitaria integral.

De acordo co proceso PE-02 *Revisión e Mellora* do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), a Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía é o documento que recolle a análise do funcionamento do SGC da Facultade e os resultados dos programas formativos oficiais adscritos e coordinados polo centro. A Memoria de Calidade tamén recolle o grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro e o Plan de Melloras Anual. Neste último actualízanse os obxectivos de calidade e determinanse as accións de mellora propostas para logralos, así como a información sobre as modificacións introducidas nos títulos e a listaxe de evidencias e indicadores utilizados para o seguimento interno e/ou externo. Deste xeito, a Memoria de Calidade atinxe a todas as titulacións impartidas e coordinadas polo centro, tanto de grao como de mestrado, e a todas as persoas que desenvolven o seu traballo na Facultade: alumnado de grao e máster, persoal docente e investigador (PDI) e persoal de administración e servizos (PAS). No curso 2022/2023 as actividades docentes desenvolvéronse de xeito totalmente presencial e normal.

### 1.2.- Estrutura do Centro

De acordo cos Estatutos da USC, os órganos de goberno e xestión da Facultade de Bioloxía se compoñen de órganos unipersoais (Decano/a, secretario/a, e dúas/dous vicedecanas/os) e colexiados (Xunta de Facultade). O Centro, de acordo co seu Regulamento de Réxime Interno (RRI) vixente (aprobado en Xunta de Facultade o 12 de marzo de 2018 e ratificado en Consello de Goberno o 9 de novembro de 2018), conta actualmente coas seguintes comisións:

- Comisión Permanente
- Comisión de Calidade do Centro
- Comisións de Título (unha por cada titulación coordinada polo Centro)
- Comisión de Docencia, Recoñecemento de Estudos e Actividades Culturais.
- Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos.
- Comisión de Xénero
- Comisión de Normalización Lingüística
- Comisión de Biblioteca

Os departamentos con encargo docente na distintas titulacións que se imparten na Facultade de Bioloxía no curso 2022-23 son 23 (que se indican no listado seguinte), nos que se inclúen 35 áreas participantes (sen contar as áreas externas):

- 1 - Bioloxía Funcional (3 áreas: [050] Bioloxía Celular, [220] Ecoloxía, [412] Fisioloxía Vexetal)
- 2 - Bioquímica e Bioloxía Molecular (1 área: [060] Bioquímica e Bioloxía Molecular)
- 3 - Botánica (1 área: [063] Botánica)
- 4 - Ciencias Morfolóxicas (1 área: [027] Anatomía e Embrioloxía Humana)
- 5 - Dereito Público Especial e da Empresa (1 área: [165] Dereito Mercantil)
- 6 - Economía Financeira e Contabilidade (1 área: [230] Economía Financeira e Contabilidade)
- 7 - Edafoloxía e Química Agrícola (1 área: [240] Edafoloxía e Química Agrícola)
- 8 - Enxeñaría Química (1 área: [555] Enxeñaría Química)
- 9 - Estatística, Análise Matemática e Optimización (2 áreas: [265] Estatística e Investigación Operativa)
- 10 - Farmacoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica (2 áreas: [310] Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica, [315] Farmacoloxía)
- 11 - Filosofía e Antropoloxía (1 área: [383] Filosofía Moral)
- 12 - Física Aplicada (2 áreas: [385] Física Aplicada, [647] Óptica)
- 13 - Física de Partículas (1 área: [395] Física da Materia Condensada)
- 14 - Fisioloxía (1 área: [410] Fisioloxía)
- 15 - Matemática Aplicada (1 área: [595] Matemática Aplicada)
- 16 - Matemáticas (2 áreas: [005] Álgebra, [440] Xeometría e Topoloxía)
- 17 - Microbioloxía e Parasitoloxía (2 áreas: [630] Microbioloxía, [660] Parasitoloxía)
- 18 - Produción Vexetal e Proxectos de Enxeñaría (2 áreas: [705] Produción Vexetal, [720] Proxectos de Enxeñaría)
- 19 - Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina (2 áreas: [610] Medicina, [615] Medicina Preventiva e Saúde Pública)
- 20 - Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía (2 áreas: [750] Química Analítica, [780] Tecnoloxía de Alimentos)
- 21 - Química Física (1 área: [755] Química Física)
- 22 - Química Orgánica (1 área: [765] Química Orgánica)
- 23 - Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física (3 áreas: [028] Antropoloxía Física, [420] Xenética, [819] Zooloxía)

Catro dos departamentos teñen a súa sede no centro: “Bioloxía Funcional”, “Botánica”, “Edafoloxía e Química Agrícola”, e “Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física”. Na docencia dos másteres tamén participan profesionais de prestixio como profesorado de área externa.

### Titulacións impartidas

Na Facultade de Bioloxía, no curso 2022-2023, impartíronse as seguintes titulacións:

- Grao en Bioloxía (1ª ed) (GB). Código RUCT 5600116; código USC G1021V01
- Grao en Bioloxía (2ª ed) (GB). Código RUCT 2504140; código USC G1022V01
- Dobre Grao Química Bioloxía (1ª ed) (GQB); código USC G6051V01
- Dobre Grao Química Bioloxía (2ª ed) (GQB), código USC G6052V01
- Grao en Biotecnoloxía (GBT). Código RUCT 2503766; código USC G1051
- Máster Universitario en Acuicultura (3ª ed.) (MA). Código RUCT 4310351; Código USC P1073
- Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: caracterización, conservación e xestión (MBio). Código RUCT 4313638; Código USC P1241

- Máster Universitario en Neurociencia (2º ed.) (MN). Código RUCT 5310595; Código USC P2012
- Máster Universitario en Bioloxía Mariña (MBM). Código RUCT 5600116; Código USC P1171

Os títulos de máster son interuniversitarios, participando as tres Universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). O Máster Universitario en Acuicultura, o Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre e o Máster Universitario en Neurociencia están coordinados pola Universidade de Santiago de Compostela. O Máster Universitario en Bioloxía Mariña está coordinado pola Universidade de Vigo. O Dobre Grao en Química e Bioloxía está coordinado pola Facultade de Química da USC.

### Persoal

O número de estudantes matriculados en cada unha das titulacións e o número de profesores/as que impartiron docencia nelas no curso 2022-2023, preséntase na Táboa 1:

<b>Táboa 1.</b> Número de estudantes matriculados en cada unha das titulacións e o número de profesores/as que impartiron docencia nelas no curso 2022-2023		
Titulación	Nº de estudantes <sup>1</sup>	Docentes <sup>2</sup>
Grao en Bioloxía (1ª ed)	180	33 docentes, incluíndo Titulares de Universidade (10), Profesor/a Interino/a substitución (1), Contratados/as Doutores (3), Axudantes Doutors LOU (1), Catedráticos/as de Universidade (9), Asociados/as de Universidade LOU (2), Predoutorais Xunta (2), Predoutorais Ministerio (2), Posdoutorais Xunta (1), Investigadores/as JIN (Jóvenes Investigadores) (0), e Investigadores/as Distinguidos/as (2).
Grao en Bioloxía (2ª ed)	296	97 docentes, incluíndo Titulares de Universidade (25), Profesor/a Interino/a substitución (4), Contratados/as Doutores (10), Axudantes Doutors LOU (1), Catedráticos/as de Universidade (20), Predoutorais Xunta (6), Predoutorais Doutoramento Industrial (2), Predoutorais Ministerio (9), Posdoutorais Xunta (4), Posdoutorais Outros (3), Posdoutorais USC Campus Terra (1), Investigadores/as Ramón y Cajal (3), Investigador/a Programa Marie Curie (1), Investigador/a Programa Juan de la Cierva (1), Investigadores/as JIN (Jóvenes Investigadores) (1), Investigadores/as Sara Borrell (1), Investigadores/as Distinguidos/as (2).
Grao en Biotecnoloxía	201	100 docentes, incluíndo Titulares de Universidade (31), Contratados/as Doutores (12), Axudantes Doutors LOU (8), Catedráticos/as de Universidade (19), Asociados/as de Universidade LOU (2), Predoutorais Xunta (4), Predoutorais Xunta

		(5), Predoutorais Ministerio (6), Posdoutorais Xunta (4), Investigadores/as Ramón y Cajal (4), Investigadores/as JIN (Jóvenes Investigadores) (1), Investigadores/as Sara Borrell (1) e Investigadores/as Distinguidos/as (3).
Dobre Grao Química-Bioloxía (1ª ed)	43	Coordinado pola Facultade de Química da USC
Dobre Grao Química-Bioloxía (2ª ed)	45	Coordinado pola Facultade de Química da USC
MU Acuicultura	28	56 (16 USC; 9 UDC; 17 UVigo; 14 Centros externos)
MU Biodiversidade Terrestre	Foi cursado a tempo completo por 62 estudantes, 30 no 1º curso (10 USC, 10 UDC, 10 UVigo) e 30 no segundo (10 USC, 10 UDC, 10 UVigo); a maiores na USC unha alumna do 1º ano cursou o máster con matrícula a tempo parcial, e na UDC dous alumnas Erasmus+ estiveron matriculadas en varias materias do máster	A docencia foi impartida por 69 profesores/as das tres universidades (USC, UDC, UVigo), incluíndo 8 investigadores posdoutorais correspondentes a diferentes categorías (i.e. Ramón y Cajal, Investigador María Zambrano, Modalidade B Xunta de Galicia, etc.).
MU Neurociencia	29	49 (36 USC; 7 UDC, 6 UVigo)
MU Bioloxía Mariña	14	Coordinado pola Universidade de Vigo

<sup>1</sup> Panel de indicadores, indicador IN02G, matrícula global; <sup>2</sup> Indicador E15\_2022-2023

En canto ao persoal de administración e servizos, no curso 2022/23 desenvolveron as súas funcións na Facultade de Bioloxía e no edificio CIBUS un total de 26 traballadores, dos que 8 corresponden a área de administración (secretaría do decanato, 1; unidade de xestión do centro 3; unidade de asuntos económicos 1; apoio administrativo aos departamentos, 3), 6 ao persoal da biblioteca, 6 a área do Punto de Atención, Información e Servizos (PAIS) e 6 ao persoal técnico de investigación.

### 1.3.- Sistema de Calidade do Centro: Sistema Interno (SGIC) ou Sistema de Garantía de Calidade (SGC)

#### Documentación de referencia

Como documentación de referencia, ademais da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a correspondente ao [SGC da Facultade de Bioloxía](#) (Manual do SGC, Manual de Procesos, e Protocolos), considérase a documentación que se inclúe a continuación:

- [Memoria do Grao en Bioloxía da USC](#)
- [Memoria do Grao en Bioloxía da USC \(2ª edición\)](#)
- [Memoria do Grao en Biotecnoloxía da USC](#)

- [Memoria do Dobre Grao en Química e Bioloxía](#)
- [Memoria do Dobre Grao en Química e Bioloxía \(2ª edición\)](#)
- [Memoria do Máster Universitario en Acuicultura \(3ª ed.\)](#)
- [Memoria do Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: caracterización, conservación e xestión](#)
- [Memoria do Máster Universitario en Neurociencia \(2ª ed.\)](#)
- [Memoria do Máster Universitario en Bioloxía Mariña](#)
- [Regulamento de Réxime Interno \(RRI\) da Facultade de Bioloxía](#)
- RRI dos departamentos adscritos a Facultade de Bioloxía
- RRI do Máster Interuniversitario en Acuicultura
- RRI da Comisión Académica do Máster Universitario en Bioloxía Mariña
- RRI da Comisión Académica do Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: caracterización, conservación e xestión
- RRI da Comisión Académica do Máster Interuniversitario en Neurociencia

### **Desenvolvemento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC)**

No desenvolvemento do SGC interveñen tanto os órganos de goberno unipersonais (Vicedecano responsable de Calidade e Coordinadores dos Títulos) como o Equipo Decanal, as Comisións dos Títulos coordinados polo centro e a Comisión de Calidade do Centro (CCC).

As funcións de cada un dos órganos/cargos relacionadas co desenvolvemento do SGC poden consultarse no [Manual do SGC](#) e no [RRI](#) da Facultade de Bioloxía. Os órganos do SGC son os seguintes: Comisión de Calidade do Centro, Comisión do título de Grao en Bioloxía, Comisión do título do Grao en Biotecnoloxía, Comisión Académica do Máster en Neurociencia, Comisión Académica do Máster de Acuicultura, Comisión Académica do Máster de Bioloxía Mariña, e Comisión Académica do Máster Biodiversidade Terrestre. As composicións de todas estas comisións poden consultarse na páxina web da Facultade de Bioloxía, no apartado [Órganos do Sistema de Garantía da Calidade](#).

No nivel máis elevado está a Xunta de Facultade, que é o órgano colexiado de goberno da Facultade, responsable da aprobación da Memoria de Calidade así como das propostas de novos títulos e das súas modificacións.

A implantación do SGC da Facultade de Bioloxía foi [certificada](#) pola Axencia de Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG) o 25 de xuño de 2018, e o Centro recibiu a [Acreditación Institucional](#) por Resolución do *Consejo de Universidades*, dependente da *Secretaría General de Universidades do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades*, o 28 de xaneiro de 2019.

A Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía, correspondente ao curso académico 2022/2023, foi elaborada de acordo co procedemento establecido no SGC do centro (PE-02 *Revisión e mellora*). As Comisións de Título achegaron á Comisión de Calidade do centro (CCC) as súas análises do desenvolvemento e resultados dos programas formativos, así como as propostas de accións de mellora, despois da análise dos distintos informes e indicadores suministrados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) da USC e da información recollida a través dos protocolos propios da Facultade de Bioloxía. A CCC analizou estes documentos e realizou a análise do funcionamento e resultados do SGC, integrando toda esta información na presente memoria; tamén elaborou o Plan de melloras anual.

O documento final foi aprobado pola Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía o día 31 de maio de 2024, revisada pola Área de Calidade e Mellora de Procedementos da USC para a súa avaliación técnica (informe favorable con data 03/11/2024, asinado polo Adxunto á Vicerreitoría de Titulacións e

Internacionalización para a Calidade) e presentada a continuación na Xunta de Facultade celebrada o 21/11/2023, onde foi aprobada. Finalmente, deuse traslado á Comisión de Calidade delegada do Consello de Goberno da USC para a súa aprobación final. Unha vez aprobada (data ), a Memoria faise pública a través da web da Facultade.

#### 1.4.- Plan Estratéxico do Centro:

A Facultade de Bioloxía contou cun Plan Estratéxico 2017-2020 (PE), finalizado en decembro de 2020. De acordo coa resolución reitoral do 7 de outubro de 2020, a CCC celebrada o 15 de decembro de 2020 acordou estender a vixencia do PE ata 2022, seguindo o procedemento simplificado recomendado pola ACMP da USC (Prórroga do PE da Facultade de Bioloxía 2021-2022). Dita prórroga foi revisada pola ACMP o 16 de decembro de 2020, aprobada por Xunta de Facultade o 22 de xaneiro de 2021, e finalmente aprobada pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno o 3 de marzo de 2021. Dita prórroga do plan estratéxico tiña como vixencia dende o 3 de marzo de 2021 ata o 3 de marzo de 2022. En abril de 2022, na memoria de calidade 2020/21, propúxose como acción de mellora AM-01 a “Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2023-2026”. Sen embargo, en maio de 2023, momento da elaboración da Memoria de Calidade 2021/22, seguíase todavía sen Plan Estratéxico da USC, polo que a acción de mellora AM-01 tivo que ser prorrogada. Finalmente, a posta en marcha do proceso de elaboración do Plan Estratéxico (PE) da Facultade de Bioloxía para o período 2024-2026 tivo que ser iniciada pola Comisión de Calidade do Centro (CCC) o 17 de xaneiro de 2024 sen dispoñer todavía do Plan Estratéxico para o mesmo período da Universidade. A elaboración final do Plan foi aprobada pola CCC na súa reunión do 07 de marzo de 2024, e posteriormente ao informe positivo da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) deberá ser aprobada pola Xunta de Facultade de Bioloxía e finalmente pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno. Polo tanto, no curso 2022/23, segueuse a funcionar coa Prórroga do Plan Estratéxico 2021-2022.



## 2. Seguimento do Sistema de Garantía de Calidade e dos seus resultados

### Directriz 1. Política e obxectivos de calidade

**Estándar: o centro dispón dunha política e obxectivos de calidade que atenden ás necesidades e expectativas dos diferentes grupos de interese e se despregan por medio dun SGC estruturado como un proceso sistemático e cíclico que contempla os catro elementos do ciclo de mellora: planificar, desenvolver, analizar e actuar (mellorar) e inclúe mecanismos para a súa revisión e mellora continua.**

Aspectos a contemplar:

- A vixencia da Política de Calidade.
- A evolución e grao de cumprimento do Plan Estratéxico do Centro, se é o caso.
- A evolución e grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro.
- A evolución do proceso de elaboración desenvolvemento e seguimento do Plan de Melloras Anual do Centro (as accións de mellora terán un apartado específico, pero neste apartado debe valorarse se o SGC permite introducir melloras nos títulos, se se realiza correctamente o seu seguimento, se foron eficaces e conseguiron os obxectivos formulados, e se inclúen as recomendacións dos diferentes procesos de verificación, modificación, seguimento e acreditación).
- No caso de títulos interuniversitarios ou títulos que se imparten en varios centros da universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes.
- A vixencia e adecuación dos procesos, procedementos e documentación do SGC. Necesidade, se é o caso, de realizar cambios na xestión do Sistema de Garantía de Calidade.
- A adecuación e eficacia dos mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### 2.1.1.- VIXENCIA DA POLÍTICA DE CALIDADE

A [Política de Calidade da Facultade de Bioloxía](#) mantense vixente e actualizada (17 de abril de 2023). Foi proposta polo equipo decanal e aprobada pola Xunta de Facultade; dita Política de Calidade está accesible na web do centro para o coñecemento dos distintos grupos de interese e da sociedade en xeral.

A vixencia da Política de Calidade da Facultade de Bioloxía tamén se pon de evidencia a través da [Certificación da Implantación](#) do Sistema de Garantia de Calidade (SGC) de xuño de 2018 pola ACSUG, así como a [Acreditación Institucional](#) do Centro por Resolución do *Consejo de Universidades* dependente da *Secretaría General de Universidades do Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades* (resolución de 28 de xaneiro de 2019).

#### 2.1.2.- PLAN ESTRATÉXICO DO CENTRO: EVOLUCIÓN E GRAO DE CUMPRIMENTO DO

A Facultade de Bioloxía contou cun [Plan Estratéxico](#) 2017-2020 (PE), cuxa vixencia finalizou en decembro de 2020, polo que na Memoria de Calidade do curso 2018/19 xa se incluíu no Plan de Melloras do Centro como obxectivo de calidade OC-1 (Preparar a elaboración dun novo Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía debido a finalización do actual) e a acción de mellora AM-1 (Elaboración dun novo Plan Estratéxico: iniciar a discusión sobre as directrices a seguir). A proposta do equipo decanal, a CCC celebrada en xullo de 2020 fixo unha reflexión do que deberían ser as bases para a elaboración dun novo Plan Estratéxico ou para a prórroga do mesmo, á espera de que a Vicerreitoría de Calidade facilitase as directrices para a súa elaboración. Dita revisión puxo en evidencia que os obxectivos do PE continuaban a manter a súa vixencia e a guiar as accións encamiñadas á mellora continua das actividades do Centro, o que fixo posible a súa prórroga, con axustes nos que se inclúen a supresión das liñas ou obxectivos xa finalizados ou dificilmente realizables por inadecuados á realidade do Centro. Tamén evidenciou a necesidade de seguir mantendo certas liñas estratéxicas, así como incorporar novas accións que, non estando presentes no plan estratéxico actual, considérase recomendable incorporar en base á evolución das circunstancias ou a novas necesidades detectadas, procurando que estivesen aliñadas cos obxectivos da Planificación Plurianual da USC 2019-2022. Así, de acordo coa resolución reitoral do 7 de outubro de 2020, a CCC celebrada o 15 de

decembro de 2020 acordou prorrogar a vixencia do PE actual ata 2022, seguindo o procedemento simplificado recomendado pola ACMP da USC ([Prórroga do PE da Facultade de Bioloxía 2021-2022](#)). Dita prórroga foi revisada pola ACMP o 16 de decembro de 2020, aprobada por Xunta de Facultade o 22 de xaneiro de 2021, e finalmente aprobada pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno o 3 de marzo de 2021.

A prórroga do PE incluíu a misión, a visión e os valores da política de calidade da Facultade de Bioloxía. En base ao mantemento das forzas, a corrección das debilidades, a explotación das oportunidades e o afrontamento das ameazas, fórmulanse catro liñas estratéxicas centradas na calidade da docencia, calidade da investigación, o sistema de garantía de calidade (SGC) e as relacións coa sociedade. Para o desenvolvemento de cada unha das liñas estratéxicas estableceronse os obxectivos estratéxicos que se indican a continuación:

**Liña estratéxica 1. Calidade da docencia:**

- 1.1.- Mellorar as infraestruturas docentes do Centro
- 1.2.- Oferta docente de Grao e Posgrao atractiva para o estudantado
- 1.3.- Mellorar a atracción do talento (estudantes de novo ingreso)
- 1.4.- Mellorar información e xestión das prácticas externas
- 1.5.- Mellorar o rendemento dos estudantes
- 1.6.- Mellorar a formación docente dos profesores
- 1.7.- Mellorar a información sobre a inserción laboral dos egresados

**Liña estratéxica 2. Calidade da investigación:**

- 2.1.- Optimizar o uso das infraestruturas comúns de investigación
- 2.2.- Apoiar aos grupos de investigación

**Liña estratéxica. Sistema de Garantía de Calidade do Centro**

- 3.1.- Fomentar a cultura de calidade no Centro

**Liña estratéxica 4.- Relacións coa sociedade**

- 4.1.- Mellorar a nosa imaxe e as relacións coa sociedade
- 4.2.- Poñerse ao servizo da sociedade

Sen embargo, como se acaba de comentar, a prórroga do plan estratéxico tiña unha vixencia de un ano (2021-2022), dende o 3 de marzo de 2021 ata o 3 de marzo de 2022. En abril de 2022, o novo equipo decanal comezou os seus traballos, entre os cales estaba a elaboración da memoria de calidade 2020/21, na que estaba proposta como acción de mellora AM-01, "Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2023-2026". Dado que o novo Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía debería estar aliñado co Plan Estratéxico marco da USC, dende o Decanato da Facultade de Bioloxía remitiuse un correo electrónico o mércores 22 de xuño de 2022 á Área de Calidade e Mellora dos Procedementos. Nese correo se indicaba que o equipo decanal fora renovado recentemente e, entre as varias tarefas por diante, atopábase a de elaborar o novo Plan Estratéxico da Facultade, xa que o plan vixente era unha prórroga que abranguíu o período 2021-2022. Sen embargo, para elaborar dito novo Plan Estratéxico, era necesario aliñalo co novo Plan Estratéxico da USC, polo que desexábase saber a previsión temporal aproximada de aprobación deste. En resposta a dito correo, indicousenos o 30 de xuño de 2022 que o próximo Plan Estratéxico da USC estaba sendo elaborado por parte de diversos Vicerreitorados, e que a previsión era que fose aprobado polo Claustro en novembro de 2022. Sen embargo, en maio de 2023, momento da elaboración da Memoria de Calidade 2021/22, seguíase todavía sen Plan Estratéxico da USC, polo que a acción de mellora AM-01 (Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2023-2026) tivo que ser prorrogada. Como ser verá máis adiante, a posta en marcha do proceso de elaboración do Plan Estratéxico (PE) da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o período 2024-2026 foi iniciada pola Comisión de Calidade do Centro (CCC) o 17 de xaneiro de 2024 sen dispoñer todavía do Plan Estratéxico para o mesmo período da Universidade. Entre o 28/02/2024 e o 06/03/2024 fíxose a exposición pública da proposta inicial elaborada pola CCC para asegurar a participación de todos os grupos de interese, incluíndo o Comité Consultivo do Centro. (proceso PS-06, Información pública). A elaboración final do Plan foi aprobada pola CCC na súa reunión do 07 de marzo de 2024. Actualmente (maio 2024) estamos a espera de que o novo plan estratéxico sexa informado positivamente pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP), como paso previo a súa aprobación pola Xunta de Facultade de Bioloxía e finalmente pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno. Polo tanto, no curso 2022/23 segueuse a funcionar coa Prórroga do Plan Estratéxico 2021-2022.

### ***Liña estratéxica 1. Calidade da docencia:***

Como xa se comentou nas Memorias de Calidade 2020/21, 2021/22 e agora no curso 2022/23, o grao de cumprimento do plan estratéxico 2017-2020 e a súa prórroga 2020-2021 foi elevado.

#### **Obxectivo estratéxico 1.1.- Mellorar as infraestruturas docentes do Centro**

Respecto á Liña estratéxica 1 (Calidade da docencia), en primeiro lugar, fixéronse actuacións nos últimos anos en canto as infraestruturas docentes do Centro (Obxectivo estratéxico “1.1 Mellorar as infraestruturas docentes do Centro”). Así, estase a mellorar constantemente as infraestruturas do laboratorio de prácticas Nº 12, co obxectivo de mellorar as prácticas de materias do Grao en Biotecnoloxía. Nunha primeira etapa isto fíxose mediante a cesión de equipos por parte das diversas Departamentos e Áreas, e nunha segunda etapa xa nos cursos 2021/22 e 2022/23 mediante a compra de novo equipamento. Así, a Facultade de Bioloxía adquiriu en 2022 unha serie de equipamentos no marco do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a USC para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i (2022) para mellorar a dotación do laboratorio 12. Especificamente, mercouse equipamento que se están a empregar nas prácticas de materias dos cursos 3º e 4º do Grao de Biotecnoloxía como Proteómica e Metabólica, Cultivos Celulares e Enxeñaría tisular, Estrutura e enxeñaría das proteínas, Nanotecnoloxía, entre outras. Así, no curso 2021/2022 mercáronse dúas cabinas de alta seguridade biolóxica clase II así como dous sistemas de aspiración por vacío para completar o equipamento de ditas cabinas, un transiluminador, unha microcentrífuga, un aplicador de mostras para electroforeses en acetato de celulosa, e dous vórtex. Tamén se dotaron outros laboratorios con cargo ao capítulo 6. Así, mercáronse 5 microscopios CX23LED-BIU para completar a infraestrutura dos laboratorios de Microbioloxía (laboratorio 4) e de Bioquímica (laboratorio 8), 3 estereomicroscopios con pantalla dixital e cámara profesional para facilitar as prácticas no laboratorio de Fisioloxía Vexetal (Prácticas de Mellora Vexetal), 6 lupas binoculares para reemplazar parte das existentes no laboratorio de Zooloxía, e varios aparatos pequenos (2 vórtex, 1 axitador, 1 baño termostatzado) para reemplazar/completar a infraestrutura do laboratorio 8 de Bioquímica. No curso 2022/23 seguiu-se nesta liña, completando a equipación do laboratorio de Zooloxía con 5 novas lupas binoculares con sistema de iluminación LED, 1 estereomicroscopio con pantalla dixital e cámara profesional para o laboratorio de Fisioloxía Vexetal (prácticas de Mellora Vexetal) e un microondas para a biblioteca da facultade de Bioloxía para uso de alumnado, PAS e PDI.

Dentro do obxectivo estratéxico “1.1 Mellorar as infraestruturas docentes do Centro” tamén acometéronse outras melloras na infraestrutura da facultade co fin de mellorar a calidade na docencia. Así, no curso 2021/22 fíxose unha renovación dos equipos audiovisuais nalgúns aulas e de equipamento informático obsoleto co que traballaban 18 membros do PDI enmarcado dentro do programa AULADIX para a mellora e renovación de equipamento TIC obsoleto, dentro do Plan Unidigital financiado polo Ministerio de Universidades. No curso 2022/23 por parte da **área TIC** acometéronse melloras na Área Multimedia na Aula 1 (sustitución do cañón por un cañón láser), renovación de equipos informáticos das aulas 1, 2, 3 e 5, eliminación de pizarra e recolocación de cañóns das aulas de informática 1 e 2 para aumentar a área de proxección, así como a instalación nas pantallas informativas da Facultade de Bioloxía dos dispositivos players (dispositivos Raspberry) como parte do proxecto de Carteleira Dixital da USC. Dentro da **obra RAM**, fixéronse novos accesos de cobertura wifi por un importe de 2.947,68 €, melloras para o illamento térmico no laboratorio 4 (5.732,68 €), fixéronse melloras nos espazos do Decanato e Salón de Graos para mellorar a súa eficiencia enerxética mediante novas ventás, estores e vinilos protectores (37.436,99 €), impermeabilización e canalones cuberta zona Decanato (2.987,38 €), e foron pintadas as Aulas 1 e 2 de informática (588,71 €). Dentro dos **gastos do capítulo 6**, mercáronse para dotar os diferentes laboratorios 1 microscopio digital (442,73 €), 5 Microscopios (5.435,04 €), 3 unidades trinoculares con lupa+cámara digital+pantalla (6.023,39 €), 6 lupas binoculares Hereo (4.758,37 €), 2 Vortex Mixer (409,26 €), 1 axitador magnético (280,25 €), 1 baños termostatzado (103,70 €), 1 aparato aire acondicionado para o laboratorio 4 (3.247,70 €), e 1 aparato aire acondicionado para a sala de xuntas do Decanato (2.078,61 €), 1 ventilador centrífugo para Edafoloxía (3.139,95 €), e 1 ventilador centrífugo para o laboratorio 3 Cibus (2.623,37 €)

#### **Obxectivo estratéxico 1.2.- Oferta docente de Grao e Posgrao atractiva para o estudiantado**

Tamén destacan especialmente as accións encamiñadas á consecución do obxectivo estratéxico “1.2 Oferta docente de Grao e Posgrao atractiva para o estudiantado”. No curso 2019/20 reverificouse o Grao en Bioloxía (Grado en Bioloxía, 2º

ed.), incluíndo a posibilidade de que os estudantes iniciasen o seu proceso de especialización a través das denominadas mencións ou itinerarios. Estes están presentes no 4º curso do Grao, existindo dous itinerarios: Mención en Bioloxía Biosanitaria e Mención en Bioloxía Ambiental. Isto supón unha vantaxe respecto doutros títulos de Graduado/a en Bioloxía que se imparten no SUG. A 2ª Edición do Grao en Bioloxía da USC comezou a súa andaina no curso 2020-2021, coa implantación do primeiro curso, e rematou a súa implantación no curso 2023-24, polo que no curso 2022/23 entrou en funcionamento o terceiro curso.

Sen embargo, o 28 de setembro de 2021 foi publicado no Boletín Oficial del Estado (BOE) o Real Decreto 822/2021. Dito RD establece a organización das ensinanzas universitarias oficiais e o procedemento de aseguramento da súa calidade, quedando derogado o RD 1993/2007. Entre outras novidades, este RD introduciu unha modificación significativa, xa que cambiou a adscrición das cinco ramas de coñecemento aos denominados ámbitos de coñecemento. Modificou tamén a posibilidade de adoptar articulación específicas dos plans de estudo, entre as cales se atopaba a posibilidade de ter mencións no título. Sen embargo, a diferenza da situación previa, ditas mencións debían ter como mínimo, no caso dos graos, o 20% da carga de créditos totais. Para actualizar a regulación propia da USC e aliñala co RD 822/2021, o Consello de Goberno da USC (sesión do 28 de outubro, 2022) aprobou o “Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na Universidade de Santiago de Compostela” (RTOUSC). Para dar cumprimento a estas novas normas, a Vicerreitoría de Titulacións fixo unha proposta de planificación de presentación de modificacións dos plans de estudo da USC. Segundo esta proposta, tanto o Grao en Bioloxía como o Grao de Biotecnoloxía necesitan modificacións SUBSTANCIAIS.

No caso do Grao en Bioloxía estas modificacións foron realizadas no curso 2022-2023, e tiveron que ver, sobre todo, coa adscrición a un ámbito de coñecemento e coa adaptación do número de ECTS das mencións/itinerarios. Neste momento o informe provisional de avaliación da solicitude de verificación de título oficial emitido pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), con data 29 de abril de 2024, indicou unha serie de aspectos que deben ser subsanados pola Comisión de Título. De aprobarse estas modificacións substanciais, isto supón que a 3ª edición do Grao de Bioloxía implantaríase en bloque no curso 2024-25, quedando adscrito ao ámbito de coñecemento “Biología y Genética” e aumentando en dúas materias optativas a súa oferta para poder manter as dúas mencións/itinerarios e mellorar a calidade da formación.

No tocante ao Grao en Biotecnoloxía estas modificacións foron realizadas tamén no curso 2022-2023, quedando adscrito ao ámbito “Biotecnología y Bioquímica” pero perdendo as tres mencións presentes na 1ª edición do Grao ante a imposibilidade de mantelas debido as condicións impostas polo RD 822/2021 e a RTOUSC. Como no caso do Grao en Bioloxía, neste momento o informe provisional de avaliación da solicitude de verificación de título oficial emitido pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), con data 29 de abril de 2024, indicou unha serie de aspectos que deben ser subsanados pola Comisión de Título. De aprobarse estas modificacións substanciais, isto supón que a 2ª edición do Grao en Biotecnoloxía implantaríase en bloque no curso 2024-25.

O martes 29 de novembro de 2022 o Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica puxo en coñecemento da comunidade universitaria a través dun correo electrónico a declaración de intencións do Máster Universitario en Biociencias Moleculares, dependente da Facultade de Ciencias do Campus de Lugo. Con data 12 de decembro de 2022, a Facultade de Bioloxía solicitou nun escrito de alegacións e suxestións dirixido á Decana da Facultade de Ciencias que se tomase en consideración a creación dun Máster Interfacultativo en Biociencias Moleculares. A proposta foi aceptada, e o 26 de xaneiro de 2023 foi aprobada polo Consello de Goberno de 26 as declaracións de intencións para a proposta do Máster Universitario en Biociencias Moleculares no que participan as Facultades de Ciencias e Bioloxía da USC e que é coordinado pola primeira. A comisión redactora comezou os seus traballos en marzo de 2023, e en abril de 2023 remitiuse á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización a memoria do Máster en Biociencias Moleculares elaborada conforme o Anexo II do RD 822/2021, xunto co resto da documentación solicitada. O 3 de maio de 2024 a “Comisión de Evaluación de la Rama de Ciencias” da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia emitiu o “Informe provisional de evaluación de la solicitud de verificación de título oficial”. O mércores 22 de maio a Comisión do Título procedeu a aprobar a resposta ao Informe Provisional de Avaliación da Solicitude de Verificación da ACSUG e tamén a Memoria de Verificación do Máster Universitario en Biociencias Moleculares.

### Obxetivos estratéxicos 1.3.- Mellorar a atracción do talento (estudantes de novo ingreso) e 1.5.- Mellorar o rendemento dos estudantes

No curso 2018-2019 iniciáronse os estudos de Graduado/a en Biotecnoloxía (1ª ed), implantándose no curso 2021-2022 o 4º (e derradeiro) curso. Deste xeito, no curso 2022/2023 son dúas a promocións de egresados da 1ª ed do Grao en Biotecnoloxía (2018-2022 e 2019-2023). A presenza do Grao en Biotecnoloxía na Facultade, cun número reducido de 50 prazas de nova admisión cada ano, facilitou a atracción de novo alumnado cun alto rendemento académico no bacharelato e nas probas da Avaliación do Bacharelato para o Acceso a Universidade (ABAU) (*obxectivo estratéxico “1.3 Mellorar a atracción do talento (estudantes de novo ingreso)”*). Así, para o grao de Biotecnoloxía a evolución da nota media de acceso por preinscrición (panel de indicadores, indicador IN06G) foi a seguinte: 12.56 (2018/2019), 12.78 (2019/2020), 13.1 (2020/2021), 13.02 (2021/2022) e 12.93 (2022/2023). Por outro lado, o descenso a 100 prazas no Grao de Bioloxía acometido nos cursos previos, mellorou a nota media de acceso por preinscrición (panel de indicadores, indicador IN06G). Por exemplo, no caso da 1ª edición do Grao de Bioloxía isto supuso pasar de 10.8 en 2017/2018 a 11.01 en 2019/2020 (último ano da 1ª ed), unha nota que mantense na 2ª ed do Grao en Bioloxía: 11.68 (2020/2021), 11.94 (2021/2022), 11.57 (2022/2023). Isto fai ademais que a porcentaxe de alumnos/as que elixen estas titulacións como a súa 1ª opción sexa máis elevada. Así, para o curso 2022/2023, a porcentaxe de alumnos/as matriculados que seleccionaron a 2ª ed. do Grao en Bioloxía da USC como 1ª e 2ª opción foi do 68.9% e do 12.6%, respectivamente (datos do informe 2504140\_INF CIUG\_2022-2023). En canto ao Grao de Biotecnoloxía, a porcentaxe de alumnado matriculado na 1ª ed do Grao de Biotecnoloxía que seleccionou esta titulación como 1ª e 2ª opción no curso 2022/2023 foi do 87% e 11.1%, respectivamente (datos do informe 2503766\_INF CIUG\_2022-2023). En canto aos datos procedentes das enquisas do perfil de ingreso 2022/23 do alumnado dos Graos en Bioloxía e Biotecnoloxía da Facultade de Bioloxía da USC, que forman parte dos protocolos propios da facultade, a porcentaxe de alumnos/as que seleccionaron o Grao en Bioloxía da USC como primeira e segunda opción foi do 57% e do 16% respectivamente (73%), e para o Grao de Biotecnoloxía a porcentaxe de alumnado que seleccionou esta titulación como primeira e segunda opción foi do 91% e 7% respectivamente (98%). Polo tanto, como conclusión, entre un 60-70% do alumnado matriculado na 2ª ed do Grao de Bioloxía elixe esta titulación como primeira opción, e esta porcentaxe elévase ata ~ 90% no caso do alumnado do Grao en Biotecnoloxía. Isto facilita a mellora, entre outros, do rendemento do alumnado (*obxectivo estratéxico “1.5. Mellorar o rendemento dos estudantes”*) e na taxa de abandono. En relación coa mellora do rendemento dos estudantes e as taxas de abandono, no caso da 1ª edición do Grao en Bioloxía, a taxa de graduación (Porcentaxe de estudantes que finalizan a titulación nos anos establecidos no plan ou en un máis; panel de indicadores, indicador IN37G) foi mellorando nos últimos anos: 43.28 (2017/2018), 44.52 (2018/2019), 58.33 (2019/2020), 60.19 (2020/2021), 56.19 (2021/2022), 57.61 (2022/2023), acadando un valor próximo ao 60% (taxa de graduación prevista na 1ª edición do Grao); para a 2ª ed do Grao en Bioloxía o valor prevista está no 50%, pero todavía non temos datos do indicador IN37G. No caso do Grao en Biotecnoloxía, a taxa de graduación prevista situase no 60%, e o dato do indicador IN37G (panel de indicadores) para o curso 2022/2023 sitúa a taxa de graduación nun valor do 77.06%. Polo tanto, podemos concluir que estanse a acadar os obxetivos estratéxicos 1.3.- Mellorar a atracción do talento (estudantes de novo ingreso) e 1.5.- Mellorar o rendemento dos estudantes.

### Obxectivo estratéxico 1.4.- Mellorar información e xestión das prácticas externas

No curso 2022-2023 creouse o Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela. Este documento vén recoller, dun xeito unificado e ordenado cronoloxicamente, un conxunto de accións individuais que se levan realizando dende hai anos no Centro para as que existe un nexa común, e cuxo obxectivo último é o de guiar, orientar e formar de xeito máis integral ao alumnado dos distintos graos que se imparten no centro. A elaboración deste PAT constituiu unha das accións de mellora (AM-6.02) dentro do Plan de Melloras do Centro para o curso 2022-2023 que figuraba na Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía 2021-2022. As accións que integran o PAT planifícanse, desenvólvense e avalíanse segundo o proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Bioloxía. O PAT da Facultade de Bioloxía aprobouse na Comisión de Calidade do Centro (CCC) con data 17/01/2024 e posteriormente na Xunta de Facultade con data 18/01/2024. Un dos obxectivos específicos do PAT foi o de facilitar información ao alumnado sobre aspectos académicos relacionados co desenvolvemento dos plans de estudos, horarios, actividades académicas, programas existentes (ERASMUS, SICUE, titores, prácticas externas) e materias (Traballo Fin de Grao, Prácticas Externas). Máis en concreto, recolle unha sesión informativa con tipoloxía grupal a mediados-finais do mes de marzo sobre cuestións administrativas relativas ás Prácticas Externas e ao

Traballo Fin de Grao (TFG) que está enfocada ao alumnado de 3º curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía. Tamén reformouse a información contida na páxina web da Facultade de Bioloxía así como na intranet para facilitar o acceso a información sobre as prácticas externas, así como estanse continuamente a actualizar os convenios con empresas para ter unha oferta o máis variada posible.

#### Obxectivo estratéxico 1.6.- Mellorar a formación docente dos profesores

Entre o 1 de setembro de 2022 e o 31 de xullo de 2023 o profesorado da Facultade de Bioloxía recibiu 17 correos electrónicos anunciando diferentes cursos dentro do Programa de Formación e Innovación Docente (PFID) do Centro de Formación de Persoal. O indicador I6-I7 (PARTICIPACIÓN DO PDI E PAS NOS PLANS DE FORMACIÓN Facultade de Bioloxía. Curso 2022-2023) indica que para o PDI do Grao en Bioloxía a participación foi a seguinte: 11,67% (2017-2018), 16,90% (2018/2019), 37,50% (2019/2020), 34,40% (2020/2021), 15,17% (2021/2022), 17,79% (2022/2023). No caso do Grao en Bioloxía (2a ed) a participación do PDI no PFID foi do 30,48% (2020/2021), 14,42% (2021/2022) e 19,66% (2022/2023). Finalmente, no caso do Grao en Biotecnoloxía a participación do PDI que imparte este grao no PFID foi de 16,00% (2018/2019), 47,83% (2019/2020), 41,18% (2020/2021), 21,50% (2021/2022) e 30,22% (2022/2023). Como podese ver, parece apreciarse unha maior participación do profesorado do Grao de Biotecnoloxía que o profesorado do Grao en Bioloxía no PFID. En segundo lugar, esta participación aumentou durante os anos que durou a pandemia (2019/2020 e 2020/2021), como consecuencia da necesidade de adaptarse á docencia no entorno dixital. Finalmente, parece apreciarse un incremento da participación do profesorado nos dous graos no PFID no curso 2022/2023.

A maiores, dende setembro 2022 ata xullo 2023 o Decanato da Facultade de Bioloxía remitiu ao PDI (en conxunto co alumnado e PAS) unha serie de correos electrónicos informando de charlas, cursos e diferentes actividades culturais tanto nos espazos da Facultade de Bioloxía como fóra dela. A continuación descríbense unha serie de exemplos: 12/06/2023: Invitación presentación libro La vida secreta de las arañas, Prof. José Carlos Otero González; 24/04/2023 e 10/05/2023: anuncio do IV Ciclo de Conferencias AIDA FERNÁNDEZ RÍOS (Online); 18/04/2023, información relativa a Charla AS RESISTENCIAS A ANTIBIÓTICOS: INVESTIGANDO E DIVULGANDO (Salón de Graos da Facultade de Bioloxía, 2 de maio de 2023); 13/04/2023, anuncio da Charla Sogama sobre compostaxe- RES4VALOR o Martes 18 de abril as 12:00 h na Aula de Proxectos da ETSE; 11/04/2023, anuncio da Programación Primavera Cultural Campus de Santiago; 13/03/2023, anuncio da NERDNITE: Autoinmunidade - Clima que celebreuse o 29 de marzo de 2023; 30/11/2022, anuncio da activiade REGUEIFAS da Ciencia: ¿Es la dieta Vegana la mejor para el planeta? do 02/12/2022 as 19:30 na Fac. Ciencias de la Comunicación; 28/11/2022 difusión da Xornada "Matemáticas e lingua galega"; 08/11/2022, anuncio da exposición "Cajal: Esas mariposas del alma" na Facultade de Medicina do 9 de novembro ata o 9 de decembro de 2022; 07/11/2022, anuncio relacionado co ciclo OS LUNS DO ATENEO da charla «Cancros contaxiosos» por José Tubío; 10/10/2022, anuncio relacionado coa difusión do Proxecto "Minerais. Ver o Invisible" da Área de Infraestruturas de Investigación en conxunto co Museo de Historia Natural da USC; 07/10/2022, anuncio sobre o "VII Encontro sobre Intelixencia Emocional da USC". Finalmente, a Facultade de Bioloxía organizou o Curso de verán "A Bioloxía das Pequenas e Grandes Cousas", que celebreuse na Aula Magna do 19 ao 21 de xuño de 2023.

#### Obxectivo estratéxico 1.7.- Mellorar a información sobre a inserción laboral dos egresados.

Os datos máis recentes sobre inserción laboral dos/as egresados/as son os subministrados pola ACMP (Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU). Secretaría General de Universidades. Y la Tesorería General de la Seguridad Social. Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones). Sen embargo, estes datos levan tempo sin ser actualizados. En xullo de 2023 a convocatoria para o financiamento de accións de mellora de másteres oficiais da USC (2023) da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC permitiu solicitar unha acción de mellora conxunta por parte dos mestrados de Biodiversidade Terrestre, Neurociencia, Acuicultura e Bioloxía Mariña para a realización de estudos sobre os estudantes egresados. A motivación para solicitar dita acción de mellora foi a falta de comunicación cos egresados unha vez rematan os seus estudos e abandonan a USC, o que dificulta coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos e a súa situación profesional. A Acción de Mellora foi financiada con 4000 € (1000 € por mestrado), e a Empresa de Estudos Sociais de Galicia SLU (EDESGA), con NIF B70070453 e domicilio social en Avenida da Pasaxe, 15 Ent.I (15006, A Coruña) (<https://www.edesga.com/es/home/>), foi a empresa contratada para realizar dita acción. Dado que os mestrados son interuniversitarios, de conformidade co artigo 28 do REGULAMENTO (UE) 2016/679, de 27 de abril de 2016 do Parlamento Europeo e do Consello relativo á Protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus

datos persoais e á libre circulación deles, a empresa EDESGA (encargada do tratamento de datos) e as diferentes universidades (responsables do tratamento; UVigo, USC UDC) están a subscribir os correspondentes contratos; neste momento soamente resta asinar o contrato entre EDESGA e a UVigo, e finalizar o perfilado da enquisa. Esperamos ter os datos a finais de 2024.

### ***Liña estratéxica 2. Calidade da investigación:***

#### **Obxectivo estratéxico 2.1.- Optimizar o uso das infraestruturas de investigación de uso común**

No curso 2021/22 fíxose un esforzo importante no mantemento e mellora das instalacións comúns de investigación, como o acuario (que neste momento xa non é dependente da Facultade de Bioloxía) e os invernadoiros; tamén ofertáronse espazos dispoñibles no centro a distintos grupos de investigación. Sen embargo a cuestión das infraestruturas comúns de investigación na Facultade de Bioloxía segue sen estar solventada no curso 2022/23, un problema particularmente focalizado no Centro de Investigacións Biolóxicas (CIBUS) pero extensible a Facultade de Bioloxía. No caso do CIBUS, ditas infraestruturas (centrífugas, ultracentrífugas, máquinas de xeo, cámaras frías, arcóns de -80, destiladores, cabinas de fluxo laminar e seguridade biolóxica, estufas de CO<sub>2</sub>, etc) requiren unha mellora debido ao grao de envellecemento que están a experimentar pola falta de presuposto para o mantemento e reemplazamento en todos estes anos. A razón é que o CIBUS non é un centro singular de investigación, homologable a outros do Campus Vida como o CIMUS, CIQUS ou CITIUS. Ditas infraestruturas empreganse non soamente en investigación, senón tamén polos alumnado que realiza as prácticas externas e os traballos fin de grao e fin de máster na facultade, polo que a súa perda ten moitas implicacións a nivel da capacidade investigadora dos grupos da facultade, pero tamén na súa capacidade docente e de formación. Para paliar este problema, no novo Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2023-2026 incorporouse unha liña estratéxica LE 3 (Potenciar e facilitar a investigación na Facultade) que corresponde coa liña xeral 4 da programación plurianual da USC (A investigación e innovación como motor do desenvolvemento). Esta liña estratéxica LE 3 presenta un obxectivo estratéxico OE 3.1. (Reforzamento da actividade investigadora) que comprende varias accións estratéxicas que pretenden, entre outras, mellorar as infraestruturas de investigación e estudar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía, o que permitiría conseguir financiamento específico para este propósito.

#### **Obxectivo estratéxico 2.2.- Apoiar os grupos de investigación).**

Ao longo do curso 2022/2023 seguiuase a ofertar espazos dispoñibles do Centro ao persoal que actualmente ocupa instalacións no mesmo así como a áreas interfacultativas relacionadas coa Bioloxía, priorizando aos compoñentes de grupos de investigación altamente competitivos. Por outro lado, incorporouse no novo plan estratéxico 2024-26 como acción de mellora a solicitude de cambio do marco normativo e legal que permita a incorporación do alumnado nos laboratorios de investigación de forma independente ás Bolsas de Colaboración. Tamén organizáronse unhas xornadas denominadas OutonoBIOFEST do 23 ao 27 de outubro de 2023 nas que se dispuxeron mesas nos corredores da facultade onde os diferentes grupos de investigación participantes procedentes tanto da propia Facultade de Bioloxía como do CIBUS expuseron as súas liñas de investigación. Nestas mesas tamén participaron a asociación de estudantes “Bota e Bata”, o Cluster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida (BIOGA) e Galbiotec (Asociación de Biotecnólogos de Galicia en colaboración con FEBiotec, a Federación Española de Biotecnólogos). Estas mesas foron complementadas con xornadas de portas abertas nos laboratorios dos grupos de investigación tanto da facultade como do CIBUS, así visitas as instalacións do Acuario, con bastante éxito. Finalmente, no Outono Biofest organizáronse tamén charlas na Aula Magna sobre diferentes temáticas: p. ex., mesa redonda sobre o museo de Historia Natural da USC, charla sobre as estacións biolóxicas da USC, charla sobre o Colexio Oficial de Biológos de Galicia, charla “Plantando Cara ao Lume”, charla da Asociación Estudiantil “Bota e Bata”, unha charla sobre “A Carreira Investigadora” e un “Coloquio con Novas Investigadoras”, este último organizado pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Bioloxía. Moitas destas actividades foron deseñadas co fin de apoiar as actividades investigadoras e visibilizar aos grupos da Facultade de Bioloxía e do CIBUS.

### ***Liña estratéxica 3. Sistema de Garantía de Calidade do Centro***

#### **Obxectivo estratéxico 3.1.- Fomentar a cultura de calidade no Centro**

En canto ao fomento da cultura de calidade, a participación do centro no proceso de certificación institucional en 2019 fixo que se incrementara, en grande medida, o coñecemento que sobre o SGC teñen as persoas que desenvolven as súas actividades no centro (PDI, PAS e alumnado). Isto continuou nos cursos 2020/21, 2021/22 e 2022/23, e foi reforzado por toda a información dispoñible no apartado de Calidade da nova web da Facultade de Bioloxía. Nela existen diversos apartados que explican por exemplo que o Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Bioloxía foi aprobado pola Xunta de Facultade o 26/05/2010 e polo Consello de Goberno do 27/05/2010, que obtivo unha valoración global positiva pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), que a implantación do Sistema de Garantía de Calidade foi certificada pola ACSUG en 2018 ou que a Facultade de Bioloxía conta coa Acreditación Institucional outorgada polo Consello de Universidades (2019). Tamén se explicita cal é a Política de Calidade da Facultade (actualizada o 17 de abril de 2023), e se detallan os Órganos do SGC, coas súas respectivas composicións: Comisión de Calidade do Centro, Comisión do Título do Grao en Bioloxía, Comisión do Título do Grao en Biotecnoloxía, Comisión Académica do Máster en Neurociencia, Comisión Académica do Máster en Acuicultura, Comisión Académica do Máster en Bioloxía Mariña e a Comisión Académica do Máster en Biodiversidade Terrestre. Tamén se pode acceder aos diversos Indicadores de Calidade empregados nos Graos e Mestrados e a súa evolución temporal por curso e que se refiren ao ingreso, mobilidade, prácticas, recursos humanos e resultados. Asimismo, no apartado de calidade da web da Facultade de Bioloxía tamén se colgan os diversos informes e enquisas cos resultados da avaliación nos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, así como depositase toda a documentación actualizada relacionada co SGC: Manual de Procesos (actualizado en 2023), Manual do SGC (actualizado en 2023), Protocolos Propios (actualizado en 2021), a prorroga do Plan Estratéxico (2021) e o borrador do Plan Estratéxico 2024.2026, as Memorias de Calidade, etc). Non obstante, segue sendo necesario seguir traballando, sobre todo mediante a realización de distintas actividades (cursos, charlas, etc.) para mellorar o coñecementos do SGIC (procesos, procedementos e protocolos propios) entre o PDI, PAS e alumnado do Centro ou a través da mellora da participación dos distintos grupos de interese (PAS, PDI e alumnado) nas enquisas de satisfacción. Neste sentido, o Plan de Melloras 2023-2024 posúe unha acción de mellora denominada “Desenvolvemento de campañas de concienciación para a cumplimentación das enquisas” que está alineada coa Liña Estratéxica LE 1: Estudantado e comunidade universitaria e o Obxectivo Estratéxico OE 1.1.: Dinamización da facultade correspondentes ao novo Plan Estratéxico 2024-2026.

#### **Liña estratéxica 4.- Relacións coa sociedade**

A *Liña estratéxica 4 (Relacións coa Sociedade)* é a de máis difícil cumprimento, debido á escasa proxección que teñen as actividades que se realizan nos centros universitarios sobre a poboación en xeral. Non obstante, o equipo decanal do Centro, os coordinadores dos títulos e unha parte do profesorado participa no programa A Ponte da USC, mellorando a difusión das actividades docentes e investigadoras da Facultade de Bioloxía entre o profesorado e o alumnado dos distintos centros de ensino secundario de Galicia. Por outro lado, o venres 17 de febreiro de 2023 celebrouse na Facultade de Bioloxía da USC a fase presencial da XVIII Olimpíada de Bioloxía-Fase Autonómica Galega, convocada polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia -COBGA e a Asociación Olimpíada Española de Biología (OEB). Nesta actividade colaboraron a Facultade de Bioloxía da USC, así como facultades de Bioloxía e Ciencias da UVIGO e UDC (respectivamente) e a Consellería Cultura, Educación e Universidade. O fin das olimpíadas de bioloxía é fomentar os estudos relacionados coa bioloxía e promover o interese na investigación científica entre o estudantado do sistema educativo español. Na fase previa inscribíronse 44 centros (A Coruña 25, Lugo 3, Ourense 5 e Pontevedra 11) e un total de 344 alumnos/as, dos cales soamente os 100 mellores alumnos/as de 38 centros galegos foron seleccionados para a presente fase presencial na Facultade de Bioloxía. Esta fase presencial constou dunha proba teórica tipo test e probas prácticas de laboratorio e de visu, sendo un éxito de participación. Os/as tres gañadores/as da fase galega representaron á nosa comunidade na fase nacional, celebrada en Barcelona do 23 ao 26 de marzo de 2023. Con motivo do convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a Olimpíada foi homologada con 15 horas como actividade de innovación docente, xa que nela tiveron lugar dúas charlas de formación docente sobre temas de actualidade en bioloxía. A primeira titulada “Pequeñas superheróinas: bacterias que degradan plástico”, impartida pola profesora Sabela Balboa Méndez, e a segunda titulada “Vixías do medio ambiente: empregando organismos vivos para o control da contaminación”, impartida pola profesora Teresa Boquete Seoane. Ademais, estas dúas ponencias foron completadas por unha conferencia impartida polo catedrático de Xenética Gonzalo A. Álvarez Jurado, quen ofreceu unha conferencia ao profesorado e alumnado titulada “La genética en el museo del Prado”. Ademais, como xa comentamos tamén organizáronse as xornadas OutonoBIOFEST (23 ao 27 de outubro de 2023) nas que participaron asociación de estudantes como “Bota e Bata”, BIOGA, Galbiotec e diferentes grupos de investigación que



expuseron as súas liñas de investigación. Tamén houbo xornadas de portas abertas nos laboratorios dos grupos de investigación, visitas ao Acuario e diferentes charlas na Aula Magna da facultade sobre diferentes temáticas. Todas estas actividades estaban abertas.

Outro xeito de abrir a Facultade á Sociedade foi a través do curso de verán “A Bioloxía das pequenas e grandes cousas”. Este curso foi concedido pola Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da USC, con resolución definitiva do 28 de marzo de 2023, e celebrouse en 3 sesións de mañá e dúas de tarde (18 horas totais) na Facultade de Bioloxía da USC do 19 ao 21 de xuño de 2023. O curso xirou en torno a tres eixos principais: “*Bioloxía, saúde humana e concepto One Health*”, a “*Bioloxía no eido medioambiental*”, e os “*Arcos da vella en Biotecnoloxía*”, coincidindo cos intereses do alumnado das dúas mencións do Grao de Bioloxía (Mención Biosanitaria e Mención Ambiental”) e do Grao en Biotecnoloxía, pero tamén pensando nos intereses que poderían ter personas de fóra da Facultade de Bioloxía (alumnado e profesorado de outras facultades, profesorado de secundaria, persoas de fóra do ámbito do ensino, etc), xa que o curso estaba aberto a todo o mundo.

### 2.1.3.- OBXECTIVOS DE CALIDADE DO CENTRO: EVOLUCIÓN E GRAO DE CUMPRIMENTO

O Plan de Melloras da Facultade de Bioloxía cun conxunto de accións de mellora abertas para o curso 2022/2023 e que figuraba na Memoria de Calidade 2021/2022 foi deseñado segundo o *Proceso de Revisión e Mellora* (PE-02). Este plan de melloras incluía un total de 17 obxectivos de calidade (OC1-OC17) que levaba parello un número equivalente de accións de mellora. Oito de elas se correspondían coa Directriz 1 (Política e obxectivos de calidade): OC1, OC2, OC7, OC8, OC9, OC10, OC11 e OC12. Tres encaixaban na Directriz 2 (Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos): OC4, OC5 e OC13. Outras tres estaban recollidas pola Directriz 3 (Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante): OC3, OC6 e OC16. Unha acción de mellora alineabase coa Directriz 4 (Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos): OC-15. Unha acción estaba alineada coa Directriz 5 (Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos): OC-17. Ningunha acción de mellora se correspondía coa Directriz 6 (Información pública). Finalmente unha acción de mellora se correspondía con Outros Criterios (OC-14). O grao de cumprimento dos obxectivos de calidade que se presentaron no Plan de Melloras da Facultade de Bioloxía para curso 2022/23 foi razoable. Moitas das accións de mellora foron completadas, e o seguimento da eficacia das cales foi realizado pola CCC. Asimesmo, a maioría destas accións de mellora executáronse a nivel de centro, pero houbo varias de elas propostas a nivel de mestrado. A continuación análizase polo miúdo o grao de cumprimento dos obxectivos de calidade do centro:

**OC-1 (Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Bioloxía 2023-2026):** A posta en marcha do proceso de elaboración foi iniciada pola Comisión de Calidade do Centro (CCC) o 17 de xaneiro de 2024 en ausencia do Plan Estratéxico da Universidade de Santiago. Polo tanto, as liñas estratéxicas que se definen e os obxectivos que as desenvolven no PE da Facultade de Bioloxía 2024-2026 están en liña coa Programación Plurianual 2023-2026, as Liñas Xerais da Programación Plurianual 2023-2026 da USC e coa Guía para a elaboración do Plan Estratéxico de Centro 2024 – 2026, elaborada pola Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización. Entre o 28/02/2024 e o 06/03/2024 fíxose a exposición pública da proposta inicial elaborada pola CCC para asegurar a participación de todos os grupos de interese, incluíndo o Comité Consultivo do Centro (proceso PS-06, Información pública). A elaboración final do Plan foi aprobada pola CCC na súa reunión do 07 de marzo de 2024. Neste momento (maio 2024) estamos a espera de que sexa revisado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) para posteriormente ser aprobado en pola Xunta de Facultade de Bioloxía e a Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno. Polo tanto, este obxectivo de calidade está **FINALIZADO**.

**OC-2 (Deseño e implantación dun protocolo de coordinación vertical nos títulos do Grao da Facultade):**

A través dos sistemas de coordinación dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía así como nas reunións das Comisións de Título dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía estase a falar da necesidade de mellora a coordinación vertical (entre diferentes cursos) dentro dos graos, xa que a coordinación horizontal (dentro do mesmo curso) está amosando unha eficacia razoable na detección de problemas. Algunhas accións individuais téñense feito neste sentido tanto no Grao de Biotecnoloxía como no de Bioloxía. Así, en maio de 2022 creáronse dende as coordinacións do Grao en Bioloxía e Biotecnoloxía sendos arquivos on-line (en formato Word) para uso compartido, coa finalidade de que os coordinadores/as de materias no curso 2021-2022

describisen as prácticas que se impartiron en cada unha delas. Con esta acción de coordinación vertical pretendíase que todos os coordinadores/as de materia tivesen información actualizada sobre as prácticas que se estaban a desenvolver nos Graos, e así evitar, na medida do posible, duplicidades. Sen embargo, o documento soamente foi cuberto no 55% das materias (27 de 49 materias) no caso do Grao de Bioloxía, e con algo máis de éxito no caso do Grao en Biotecnoloxía. Por outro lado, na reunión da Comisión de Título do Grao en Bioloxía do 22 de marzo de 2023 o Presidente da Comisión comentou a necesidade dun sistema de coordinación vertical no Grao en Bioloxía para que os contidos das materias de primeiro se adaptasen as necesidades das materias de cursos superiores, falando de facer un programa de boas prácticas para favorecer esa maior coordinación vertical no grao. Moito máis próximo no tempo, o 17 de abril de 2024 abordouse na Comisión de Título do Grao en Bioloxía o tema do financiamento das prácticas e da necesidade de facer cuestións de coordinación vertical entre materias de cursos distintos. O motivo era o aforro en custes de prácticas de campo e evitar a eliminación de este tipo de actividades docentes tan importantes na formación do alumnado do Grao en Bioloxía. Solicitábase polo tanto vehicular prácticas entre varias materias, ven combinando prácticas dentro do mesmo curso, ou ben facendo o mesmo entre cursos distintos. O obxectivo sería manter as prácticas e que a formación do alumnado fose o máis integral posible e se beneficie dos coñecementos procedentes de profesores de diversas áreas nunha mesma práctica de campo ou ben de facer a caracterización dunha mesma zona en varias materias, de xeito que as prácticas se reforcen unhas a outras. Polo tanto, é evidente que o SGC do centro está a detectar a necesidade de ter un sistema de coordinación vertical tanto no Grao de Bioloxía como no de Biotecnoloxía. Sen embargo, non está tan claro como debe ser implementado este, polo que segue sendo necesario **PRORROGAR** este obxectivo de calidade.

### OC-3 (Análises do Grao de éxito das titulacións existentes na Facultade de Bioloxía e Comparativa con resto do estado):

Previamente a estudar a posibilidade de implantación de novas titulacións na Facultade de Bioloxía é necesario coñecer a situación en que nos atopamos e compararnos con outras facultades do Estado. Este obxectivo de calidade xa foi contemplado no curso 2021/2022, pero causas de forza maior (inundación da facultade, modificación de plans de estudo para adaptación ao RD 822), impediron levala a cabo. No curso 2022/23 o Responsable de Calidade do Centro iniciou o análise do Grao de éxito das titulacións existentes na Facultade de Bioloxía e a comparativa co resto do estado. Sen embargo, a dificultade para conseguir información actualizada e sobre todo cuantitativa en canto a diversos indicadores de calidade como taxas de abandono, taxa de avaliación, duración media dos estudos, taxa de eficiencia, taxa de éxito, taxa de graduación, taxa de rendemento, etc, ben a través da CRUE (<https://www.crue.org/publicacion/espanola-en-cifras/>), a Conferencia Española de Decanos y Decanas de Biología (<https://www.uco.es/cedb/>), o Colegio Oficial de Biólogos (<https://www.cob.es/>) ou en diversos rankings como o U-ranking de universidades (<https://www.u-ranking.es/>). Un exemplo do tipo de información que se puido obter por exemplo a través do U-ranking comparando o Grao de Bioloxía da USC, UDC e UVigo é a seguinte táboa, pero como se pode apreciar os datos soamente é proporcionada de xeito semicuantitativo (valores de 1-4).

UNIVERSIDAD	Tasa de éxito (GRADO)	Tasa de rendimiento (GRADO)	Tasa de abandono (GRADO)	Nota media de nuevos matriculados (GRADO)	Preferencia de la titulación (GRADO)	Tasa de graduación normativa (GRADO)
A Coruña	3	2	2	2	3	3
Santiago de Compostela	2	2	3	2	2	3
Vigo	2	2	1	3	2	2

Leyenda: 1 : Grupo de alto rendimiento , 2 : Grupo de rendimiento intermedio , 3 : Grupo de rendimiento reducido, 4 : Sin datos (También quiere decir que no se han podido completar la totalidad de los datos necesarios para el cálculo del indicador)

Polo tanto, a falta de información precisa fai necesaria **FINALIZAR** este obxectivo de calidade.

#### **OC-4 (Mellorar a oferta de prácticas externas para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía).**

Este obxectivo de calidade xurdiu pola baixa oferta de prácticas externas para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía no cursos 2020/21 e 2021/22. Iniciáronse contactos con empresas para aumentar o número de convenios. Deste xeito, si no curso 2020-21 había 22 convenios de PE, no curso 2022-23 estes incrementaron ata os 34. Trátase dun 55% de incremento, polo que podemos dicir que cumplíuse con creces a meta prevista de incrementar nun 10% o N° de convenios de PE. Aínda así, os resultados das enquisas de prácticas externas do Grao en Biotecnoloxía parecen seguir a indicar unha necesidade de incrementar aínda máis a oferta de prácticas externas no futuro, sobre todo aumentando a oferta no sector industrial e agroalimentario. De feito, no novo plan estratéxico 24-26, dentro da liña estratéxica LE 2: Formación e a docencia no novo contexto figura o obxectivo estratéxico OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado coa acción de mellora Acción 4: Incrementar a oferta de prácticas externas (Aumentar nun 10% o N° de convenios de prácticas externas). Polo tanto, consideramos que este obxectivo de calidade está **FINALIZADO**.

#### **OC-5 (Incrementar o número de convenios de mobilidade para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía):.**

O que se pretendía con este obxectivo de calidade era ter una oferta de mobilidade suficiente e atractiva para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía. A meta era aumentar nun 10% o N° de prazas de intercambio, tengo en conta a dificultade que existe na xeración destes convenios. No curso 2021-22 había 2 convenios de mobilidade (Nápoles e Lisboa), pero iniciáronse contactos con outras universidade para aumentar dito número e en 2023 pasaron a ser 3 coa incorporación da Universidade de Manchester. Podemos dicir que cumprimos co obxectivo, aínda que debemos de seguir a incrementar o número de convenios, sobre todo tendo en conta que figura como acción de mellora no plan estratéxico 24-26: LE 2: Formación e a docencia no novo contexto, OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado, Acción 3: Fomentar a participación do alumnado en programas de intercambio. Polo tanto, consideramos que este obxectivo de calidade está **FINALIZADO**

#### **OC-6 (Impulsar a realización de xornadas na Facultade abertas a alumnos e tamén outros colectivos compostas por charlas dos grupos de investigación que desenvolven a súa investigación na Facultade de Bioloxía):**

Detectouse a necesidade de que o alumnado coñeza as actividades investigadoras dos distintos grupos desenvolven na Facultade de Bioloxía e no CIBUS, co fin de que ampliar a súa formación e ter máis facilidades á hora de decidir o grupo onde queren facer o seu TFG ou TFM. Tamén a necesidade de visibilizar a actividade investigadora na Facultade de Bioloxía e poder xerar sinerxias entre os investigadores. A meta a conseguir con este obxectivo de calidade OC-6 era a implantación de charlas anuais impartidas por parte dos grupos de investigación da facultade e que polo menos 50 alumnos/as participen nas mesmas. Así, entre setembro de 2022 e xullo de 2023 tiveron lugar unha serie de actividades na Facultade de Bioloxía encamiñadas a visibilizar a actividade investigadora dos grupos da Facultade e do CIBUS. Así, o 10/10/2022 tivo lugar a Charla presentación do proxecto Plantando cara ó lume, presentado por Agustín Merino, Otilia Reyes e 6 alumnos de 4º de Bioloxía e unha alumna de Ciencias da Comunicación. Tamén se ofertou a visita ao laboratorio de Ecoloxía do lume, unha actividade que tivo moito éxito con mais de 50 alumnos apuntados que fixeron a visita en quendas de 5 alumnos durante 15 min ao longo de outubro e novembro. O 2/12/2022 houbo unhas xornadas de celebración do día mundial do solo 2022 co título: Os solos: orixe dos alimentos, que foron organizadas polo profesor X.L. Otero. O 24/1/2023, dentro do Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC, a Facultade colaborou coa actividade A USC Camina a Ribeira tanto na Mesa redonda sobre as titulacions de Tecnoloxía, Ciencias e Ciencias da Saude como no obradoiro e demostración titulado "Facultade de Bioloxía: Unha facultade moi diversa", na que se amosaba a actividade de varios grupos de investigación da facultade. O 15/02/2023 tivo lugar a mesa redonda "Biólogas: tres experiencias no estudo da natureza" con motivo da conmemoración do Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia. Estiveron como relatoras 2 profesoras e unha investigadora predoutoral en representación de diversos grupos de investigación da facultade. O 23/3/2023 realizouse unha xornada de portas abertas Bioloxía-Biotecnoloxía adaptadas as preferencias dos estudantes (nunha reunión previa consultouse aos alumnos que departamento/grupo de investigación querían visitar e pediúselles os grupos que recibisen a ditos/as alumnos/as). O 29/03/2023 realizouse a charla "PCL.Experiencias 2022-23", nas que os alumnos do proxecto plantando cara ao lume explicaron e debateron co público as actividades realizadas e na que oубo unha boa acollida polo público. Finalmente, como xa se comentou, organizouse o OutonoBIOFEST (23 ao 27 de outubro de 2023), unhas charlas que teñen o propósito de implantarse de xeito anual para visibilizar a actividade investigadora da Facultade de Bioloxía así como complementar a formación dos estudantes. Nestas xornadas da primeira edición dispuxéronse mesas nos corredores

da facultade onde os diferentes grupos de investigación da facultade poideron expoñer as súas liñas de investigación, tanto ao alumnado como ao profesorado. Conxuntamente, organizáronse xornadas de portas abertas nos laboratorios dos grupos de investigación tanto da facultade como do CIBUS, e organizáronse algunhas charlas na Aula Magna sobre diferentes temáticas, nalgũa das cales participaron investigadores da Facultade de Bioloxía como a mesa redonda sobre o museo de Historia Natural da USC, a charla sobre as estacións biolóxicas da USC, a charla “Plantando Cara ao Lume” ou o “Coloquio con Novas Investigadoras” (organizada esta última pola Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Bioloxía). En conclusión, consideramos que conseguimos implantar unha serie de charlas e actividades anuais destinadas a visibilizar o traballo investigador dos grupos da facultade e conseguir que un número maior de 50 alumnos/as participen nas mesmas, polo que damos por **FINALIZADO** este obxectivo de calidade.

**OC-7 (Promover o uso do galego na difusión de información relevante en distintos ámbitos e na docencia).  
FINALIZADO.**

Escaso uso do galego nas actividades do Centro, especialmente na difusión da información relevante en distintos ámbitos. Dende o Decanato estase promovendo o uso do galego facendo todas as comunicacións co alumnado, PDI e PAS neste idioma. Asimesmo, a facultade de Bioloxía participou nos seguintes eventos que tiveron o galego como idioma preferente

- 1.- Inauguración do curso 07/09/2022
- 2.- Charla Bota e Bata con Rebelión científica 22/09/2022 de 17:00-18:30
- 3.- Charla presentación do proxecto Plantando cara ó lume, 10/10/2022 de 18:00 a 19:30 Presentaron Agustín Merino, Otilia Reyes e 6 alumnos de 4º de Bioloxía (David González, Ana Seijas, Rebeca Rodiño, Roberto Mourente, Verónica Vázquez) e a alumna de Ciencias da Comunicación Iria Souto. 10 dos asistentes solicitaron incluírse no proxecto durante este curso. Tamén se ofertou a visita ao laboratorio de Ecoloxía do lume, esta actividade tivo moito éxito, mais de 50 alumnos apuntados que farán a visita en quendas de 5 alumnos durante 15min ó longo de outubro e novembro.
- 4.- Charla sobre saídas profesionais 21/10/2022 de 12 a 14h, Aula 3. 22 alumnos asistentes, 3 profesores e 3 poñentes. Os poñentes falan durante 1h e o debate e preguntas alargou-se durante 40 minutos. Os asistentes estaban moi interesados en coñecer as diferentes posibilidades de emprego que poderían obter segundo a súa especialización ou gusto. Tamén estaban moi interesados en coñecer que outra formación lle podería resultar de utilidade para acadar o emprego desexado.
- 5.- Visita a laboratorios. Experiencia piloto no laboratorio de Ecoloxía do lume. Durante a charla de PCL douselle a posibilidade ós alumnos de visitar o laboratorio de Ecoloxía do lume. Apuntáronse uns 50 alumnos, algún deles non viñeron a chala de PCL. Roberto xestionou a lista e foi distribuindo os alumnos en grupos de 5. Dende o 19/10/2022, tódolos días de 14 a 14:20 ou 14:30 un grupo. Dixémoslle que íamos pasarlle unha enquisa. Recibimos a enquisa con resultados moi favorables.
- 6.- CONCURSO DE CARTEIS PARA DIFUNDIR OLIMPIADA DE BIOLOXÍA, resolto 08/11/022
- 7.- CONCURSO DE FOTOGRAFIA E VIDEOS (San Alberto), resolto 11/11/2022. 2º premio conseguido por un alumno de Bioloxía.
- 8.- Charla Bota e Bata 15/11/2022, Estratexias na defensa do territorio. Plataforma en defensa da Serra do Galiñeiro.
- 9.- Xornadas sobre oposicións de secundaria 18/11/2022 aula 3 16:0-20:00h Asistiron 32 persoas. Houbo tres ponencias e o final un debate moi amplo sobre temas que interesaban ós participantes. A maioría dos asistentes quedaron durante as 4 horas e incluso seguiron falando cos poñentes á saída das xornadas.
- 10.- 25N difusión de enquisa. Enviouse a enquisa ós alumnos o 25 N
- 11.- BIOPOSTAIS. Lanzouse a convocatoria o día 21/11/2022. Presentáronse 5 biopostais. Unha quedou eliminada por non pertencer o autor os grupos que se requiría. Resultou ganador ao alumno: Manuel García Amado. Comunicouse o premio o día 16. O diploma recibírao o día 16 e o premio en metálico en xaneiro de 2023.
- 12.- Xornadas de celebración do día mundial do solo 2022 co título: Os solos: orixe dos alimentos. 2 decembro 2022, aula Magna, 9:30-14:00. Organizadas por X.L. Otero
- 13.- Con motivo do Día Internacional do Solo, a Biblioteca da Facultade de Bioloxía montou unha pequena exposición de libros e artigos dos primeiros traballos sobre a análise do solo en Galicia.
- 14.- 14/12/2022, 14:00-15:00. Charla presentación da convocatoria Erasmus 2023. Presentada por Concepción Lapidó e na que interveu una alumna contando a súa experiencia en Romanía.
- 15.- 21/12/2022. 13:30h. Entrega do diploma de Biopostal e pinchos de Nadal.

- 16.- 24/01/2023 USC Camiña Ribeira
- 17.- Encontros na USC 31 xaneiro, 1 e 2 de febreiro
- 18.- Charlas sobre programa ERASMUS e SICUE
- 19.- XIV Olimpíada de Xeoloxía 8 febreiro 2023
- 20.- XVIII Olimpíada de Bioloxía 17 febreiro 2023
- 21.- 15/02/2023. Mesa redonda “Biólogas: tres experiencias no estudo da natureza”, celebrada o día 15 de febreiro de 2023 na Facultade de Bioloxía, con motivo da conmemoración do Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia. Estiveron como relatoras na mesa 2 profesoras e unha investigadora predoutoral.
- 22.- 21/03/2023. Charla sobre Prácticas externas e TFGs, TFMs. 14:00h.
- 23.- 23/03/2023 Reunión SICUE. Salón de grados 14:00.
- 24.- 23/03/2023 Xornadas de portas abertas Bioloxía-Biotecnoloxía- Presentación dos grupos de investigación. Fíxose unhas xornadas de portas abertas adaptadas as preferencias dos estudantes.
- 25.- 29/03/2023, 17:00-19:00. Charla “ PCL. Experiencias 2022-23 Os alumnos de PCL explicaron e debateron co público as actividades realizadas. Houbo unha boa acollida polo público.
- 26.- 02/05/2023, 16:00-17:30h. Charla “As resistencias a antibióticos: investigando e divulgando”. Relatores: Raquel Carnero Gómez e Luis Marcos Nogales.

Consecuentemente, podemos dicir que si ben non houbo campañas directas de sensibilización no uso do galego por parte da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Bioloxía sí que incrementouse en máis dun 10% o número de actividades desenvolvidas nos que uso do galego foi preferente, polo que o obxectivo de calidade pode darse por **FINALIZADO**.

#### **OC-8 (Sensibilizar sobre cuestións de igualdade e inclusión a nivel de Facultade).**

O obxectivo de calidade OC-8 pretendía fomentar a participación da Facultade en campañas que tivesen como obxectivo promover a igualdade e/ou a inclusión nos ámbitos docentes e científicos. No curso 2022-23 tiveron lugar os seguintes eventos que de xeito indirecto trataron de visibilizar o papel da muller e as cuestións de igualdade de xénero:

- 1.- Charla presentación do proxecto Plantando cara ó lume, 10/10/2022 de 18:00 a 19:30 Tanto na organización como na asistencia houbo predominio feminino. Presentaron Agustín Merino, Otilia Reyes e 6 alumnos de 4º de Bioloxía (David González, Ana Seijas, Rebeca Rodiño, Roberto Mourente, Verónica Vázquez) e a alumna de Ciencias da Comunicación Iria Souto.
- 2.- Xornadas sobre oposicións de secundaria 18/11/2022 aula 3 16:0-20:00h. Houbo tres ponencias, dúas delas feitas por mulleres, e o final un debate moi amplo sobre temas que interesaban os/as participantes.
- 3.- 02/05/2023, 16:00-17:30h. Charla “As resistencias a antibióticos: investigando e divulgando”. Relatores: Raquel Carnero Gómez e Luis Marcos Nogales.

Tamén realizáronse accións máis directas para sensibilizar sobre cuestións de igualdade e inclusión a nivel de Facultade:

- 1.- 25N difusión de enquisa. Enviouse a enquisa ós alumnos o 25 N
- 2.- 25N pegada de carteis. Pegáronse os carteis da campaña “A violencia non sempre é física” e do Manifesto RUIGEU 2022.
- 3.- 25/11/2022. Lectura do Manifesto RUIGEU 2022
- 4.- Solicitud de fotos con perspectiva de xénero para presentar a partir do 25N.
- 5.- 15/02/2023. Mesa redonda “Biólogas: tres experiencias no estudo da natureza”, celebrada o día 15 de febreiro de 2023 na Facultade de Bioloxía, con motivo da conmemoración do Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia. Estiveron como relatoras na mesa 2 profesoras e unha investigadora predoutoral.

Consecuentemente, podemos dicir que incrementouse en máis dun 10% o número de actividades desenvolvidas relacionadas co tema de igualdade e inclusión, polo que o obxectivo de calidade pode darse por **FINALIZADO**.

#### **OC-9 (Desenvolvemento de campañas de concienciación para a cumplimentación das enquisas).**

Existe unha baixa participación tanto do alumnado como profesorado nas enquisas realizadas pola área de calidade e mellora dos procedementos. Este problema débese sobre todo a natureza online de ditas enquisas, que non fomenta a participación. Para tratar de incrementar estas porcentaxes de participación, durante o acto de benvida aos/as alumnos/as de primeiro de Bioloxía, Biotecnoloxía e do Dobre Grao de Química-Bioloxía (setembro de 2023, Aula Magna de Bioloxía) o equipo de coordinación, representado polo Coordinador de Biotecnoloxía, comentoulle aos alumnos de primeiro a existencia de ditas enquisas de satisfacción na universidade. Tamén faloulles das enquisas propias realizadas pola propia Facultade de Bioloxía (estas últimas realizadas habitualmente de xeito presencial e polo tanto cumprimentadas por un maior número de alumnos/as), e sobre todo da necesidade da súa participación. Sen embargo, cómpre realizar máis accións para incrementar as porcentaxes de participación, e non soamente entre o alumnado, senón tamén entre o profesorado, no que existe tamén unha baixa participación nas enquisas, tanto a nivel de Grao como Máster. Deste xeito, no ano 2021 foron 2 comunicacións remitidas a través do correo electrónico ao profesorado e alumnado incidindo na necesidade de participar na cumprimentación das enquisas, namentres que este número de comunicacións incrementouse a 3 tanto no ano 2022 como no 2023.

A meta do obxectivo OC-9 era incrementar nun 25% o número de formularios cubertos tanto polo alumnado como polo profesorado. Así, no caso do alumnado do Grao en Bioloxía (1ª ed.), dita participación foi do 12.14% (2019/20), 6.29% (2020/21), 3.98% (2021/22) e 5.45% (2022/23) (Indicador INF.22) (porcentaxe de incremento do 37%), e para o alumnado da 2ª ed do Grao en Bioloxía foi do 3.33% (2021/22) e do 9.18% (2022/23) (Indicador INF.22) ((porcentaxe de incremento do 176%). En canto ao alumnado do Grao en Biotecnoloxía, a porcentaxe de participación nas enquisas foi do 50% (2019/20), 20.41% (2020/21), 9.57% (2021/22) e 11.82% (2022/23) (Indicador INF.22) (porcentaxe de incremento do 24%). Polo tanto, as porcentaxes de participación seguen sendo baixas, pero salvo no caso do Grao en Biotecnoloxía conseguíuse o obxectivo do 25% de incremento.

En canto a participación do profesorado do Grao de Bioloxía nas enquisas de satisfacción coa titulación, esta foi a seguinte: 1ª edición, 23.81% (2019/20), 28.26% (2020/21), 22.03% (2021/22) e 18.18% (2022/23) (indicador INF.23; porcentaxe de incremento do -17.5%); 2ª edición, 18.18% (2020/21) 20.55% (2021/22) e 27.88% (2022/23) (indicador INF.23; porcentaxe de incremento do 36%). En canto ao PDI do Grao en Biotecnoloxía, a súa participación nas enquisas foi do 28.26% (2019/20), 36.76% (2020/21), 28.89% (2021/22) e 28.04% (2022/23) (indicador INF.23; porcentaxe de incremento do -3%). Polo tanto, os datos de mellora de participación do PDI nas enquisas de satisfacción coa docencia nos títulos non son moi positivos, polo que é necesario **PRORROGAR** este obxectivo de calidade. De feito, dende o Centro de Datos e Procesos solicitan unha participación máis activa das facultades difundindo polos medios dispoñibles no centro (taboleiros, pantallas, etc.) a importancia de contar coa colaboración de todo o profesorado e alumnado. Polo tanto, cómpre desenvolver campañas de concienciación entre o alumnado e o PDI para a cumprimentación das enquisas e realizar recordatorios continuos a través do correo electrónico para fomentar dita participación,

**OC-10 (Mellorar a comunicación cos egresados para poder coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na facultade e a súa situación profesional).**

Os datos máis recentes sobre inserción laboral dos/as egresados/as son os subministrados pola ACMP (Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIU). Secretaría General de Universidades. Y la Tesorería General de la Seguridad Social. Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones). Sen embargo, estes datos levan tempo sin ser actualizados. Polo tanto, existe unha dificultade manifesta de comunicación cos egresados unha vez rematan os seus estudos na facultade e abandonan a USC. Sumada a falta de interese por parte do alumnado, o problema principal é a perda do correo electrónico institucional, o que dificulta coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na Facultade de cara a súa situación profesional. Era evidente no curso 2022/2023 a necesidade de procurar na facultade mecanismos axeitados para manter o contacto cos egresados unha vez rematan os seus estudos na universidade a coñecer de primeira man a súa situación profesional. A situación vivida na facultade no curso 2022/23, con inundacións e reformas de espazos na Facultade, a reforma dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía pola entrada en vigor do RD822/2021, e a creación do Máster Universitario en Biociencias Moleculares, retrasou iniciar estes traballos. Sen embargo, en xullo de 2023 a convocatoria para o financiamento de accións de mellora de másteres oficiais da USC (2023) da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC permitiu solicitar unha acción de mellora conxunta por parte dos mestrados de Biodiversidade Terrestre, Neurociencia, Acuicultura e Bioloxía Mariña para a realización de estudos sobre os estudantes egresados. A Acción de Mellora foi financiada con 4000 € (1000 € por mestrado), e a Empresa de Estudos Sociais de Galicia SLU (EDESGA), con NIF B70070453 e domicilio social en Avenida da Pasaxe, 15 Ent.I (15006, A Coruña)

(<https://www.edesga.com/es/home/>), foi a empresa contratada para realizar dita acción. Dado que os mestrados son interuniversitarios, de conformidade co artigo 28 do REGULAMENTO (UE) 2016/679, de 27 de abril de 2016 do Parlamento Europeo e do Consello relativo á Protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación deles, a empresa EDESGA (encargada do tratamento de datos) e as diferentes universidades (responsables do tratamento; UVigo, USC UDC) están a subscribir os correspondentes contratos; neste momento soamente resta asinar o contrato entre EDESGA e a UVigo, e finalizar o perfilado da enquisa. Esperamos ter os datos a finais de 2024, polo que dado que o obxectivo de calidade non está acadado é necesario **PRORROGALO**.

**OC-11 (Organización de sesións informativas co alumnado dos diferentes cursos de todas as titulacións que se imparten na facultade para concienciar da importancia da súa participación nos órganos de decisión do centro).**

Nos últimos anos houbo unha escasa participación do alumnado nos órganos de xestión da facultade. Así, nas eleccións a representantes de xuntas de centro de 2021 houbo 0 candidatos/as por parte do sector do estudantando de grao e mestrado no caso da Facultade de Bioloxía, e nas eleccións a representantes de xuntas de centro de 2022 (curso 2021/22) houbo 11 candidatos. Deste xeito, a participación do alumnado nos órganos de xestión da facultade foi a seguinte:

**Órganos de goberno da Facultade:**

Comisión permanente (2 representantes de alumnos/as), Xunta de Facultade (11 representantes de alumnos/as).

**Comisións:**

Comisión de Calidade (2 representantes de alumnos/as), Comisión de Docencia (4 representantes de alumnos/as), Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamento (2 representantes de alumnos/as), Comisión de Normalización Lingüística (2 representantes de alumnos/as), Comisión de Xénero (2 representantes de alumnos/as), e Comisión de Biblioteca (0 representantes de alumnos/as)

O obxectivo de calidade OC-11 pretendía incrementar dita participación a través da organización de sesión informativas co alumnado dos diferentes cursos de todas as titulacións que se imparten na facultade para concienciar da importancia da súa participación nos órganos de decisión do centro. A meta a conseguir era incrementar nun 20% o nº de alumnos/as que participan nos órganos de decisión do centro. Finalmente, o que se fixo foi solicitar aos profesores de diferentes materias de todos os cursos dos graos de Bioloxía e Biotecnoloxía que cedesen un pouco de tempo das súas clases para que os vicedecanos poidesen falar co alumnado e tratar de concienciarlo da importancia da súa participación nos órganos de decisión do centro. Deste xeito, nas eleccións a representantes de xuntas de centro de 2023 (curso 2022/23) houbo 38 postos elixibles e 28 candidatos (cubríronse o 74% dos postos), polo que produciuse un incremento do 155% en comparación con 2022 (11→28). Deste xeito, actualmente a participación do alumnado nos órganos de xestión da facultade é como segue:

**Órganos de goberno da Facultade:**

Comisión permanente (4 representantes de alumnos/as), Xunta de Facultade (28 representantes de alumnos/as).

**Comisións:**

Comisión de Calidade (4 representantes de alumnos/as), Comisión de Docencia (4 representantes de alumnos/as), Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamento (4 representantes de alumnos/as), Comisión de Normalización Lingüística (2 representantes de alumnos/as), Comisión de Xénero (2 representantes de alumnos/as), e Comisión de Biblioteca (4 representantes de alumnos/as)

Polo tanto, dase por **FINALIZADO** este obxectivo de calidade OC-11.

**OC-12 (Estudiar a problemática do uso de transxénicos nos laboratorios de prácticas da facultade).**

A xeración ou uso de organismos transxénicos/modificados xenéticamente (OMG), ou que puideran representar riscos

biolóxicos, no caso dos TFG ou TFM deberán facerse no marco de proxectos de investigación, ser compatibles coa lexislación vixente e contar coa avalación favorable por parte dos Comités de Bioética. Sen embargo, en determinadas prácticas dos Graos de Bioloxía ou Biotecnoloxía ou do Dobre Grao en Química-Bioloxía, como por exemplo nas actividades interactivas de laboratorio realizadas por dferentes áreas como por exemplo a Área de Fisioloxía Vexetal, podería ser importante explicar cómo se xeran estes organismos ou se manipulan. Polo tanto, era necesario que desde a facultade de Bioloxía se estudiasse a problemática de empregar organismos transxénicos nos laboratorios de prácticas da Facultade e as restricións lexislativas existentes, e tratar de legalizar para toda a Facultade de Bioloxía o seu uso rexistrando os espazos/laboratorio onde se poderían empregar. Sen embargo, a situación vivida na facultade no curso 2022/23, con inundacións e reformas de espazos na Facultade, a reforma dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía pola entrada en vigor do RD822/2021, e a creación do Máster Universitario en Biociencias Moleculares, fixo imposible cumprir este obxectivo de calidade por segundo ano consecutivo. Polo tanto, dase por **FINALIZADO**,

**OC-13 (Modificación do regulamento de TFG do Grao de Bioloxía e do Grao de Biotecnoloxía co fin de clarificar/precisar máis as cuestións relativas ao formato das memorias e a presentación do TFG).**

No curso 2022-23 tivéronse en conta algúns dos comentarios realizados polos alumnos/as nas enquisas de TFG (protocolos propios, enquisa do TFG 2021-22). Estas suxestións do alumnado eran referentes á preparación e presentación das memorias dos TFG e unha maior claridade no regulamento. En base a estas suxestións, modificáronse os regulamentos de TFG do Grao de Bioloxía e do Grao en Biotecnoloxía co fin de clarificar/precisar máis as cuestións relativas ao formato das memorias e a presentación do TFG. Así, tratouse de mellorar o regulamento do TFG e deseñouse un modelo de TFG onde se indicou, de xeito máis claro, cuestións que xeraban dúbidas entre os alumnos/as, como por exemplo o formato da portada e pes de figura, o número de páxinas do TFG (si se inclúe ou non a portada e o índice, si se permite incrementar dicho número, etc), o entreliaño, os links a materiais adicionais, o formato dos títulos e encabezados de bloques, etc. A modificación dos regulamentos do TFG do Grao de Bioloxía e do Grao de Biotecnoloxía foi aprobado pola Xunta de Facultade o 13 de abril de 2023, e ratificado polo Consello de Goberno do 28 de abril de 2023. Consecuentemente, dase por **FINALIZADO** este obxectivo de calidade OC-13.

**OC-14 (Deseño e implantación dun curso de verán organizado e ofertado na facultade).**

Solicitouse o curso de verán “A Bioloxía das pequenas e grandes cousas”. O curso foi concedido pola Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da USC, con resolución definitiva do 28 de marzo de 2023, e celebrouse en 3 sesións de mañá e dúas de tarde (18 horas totais) na Facultade de Bioloxía da USC do 19 ao 21 de xuño de 2023. O curso xirou en torno a tres eixos principais: “*Bioloxía, saúde humana e concepto One Health*”, a “*Bioloxía no eido medioambiental*”, e os “*Arcos da vella en Biotecnoloxía*”, coincidindo cos intereses do alumnado das dúas mencións do Grao de Bioloxía (Mención Biosanitaria e Mención Ambiental”) e do Grao en Biotecnoloxía, pero tamén pensando nos intereses que poderían ter persoas de fóra da Facultade de Bioloxía (alumnado e profesorado de outras facultades, profesorado de secundaria, persoas de fóra do ámbito do ensino, etc), xa que o curso estaba aberto a todo o mundo. No curso 2023/24 concedeuse a segunda edición deste curso de verán, que celebrarase os días 11, 12 e 13 de xuño de 2024. Polo tanto, podemos dar por **FINALIZADO** este obxectivo de calidade.

**OC-15 (Renovación dos equipos de coordinadores nos másteres impartidos na Facultade).**

Este obxectivo de calidade foi proposto a instancia do equipo de coordinación do Máster Interuniversitario en Acuicultura. O problema era que non se producía a suficiente dinamización á hora de renovar os equipos de coordinación dos másteres. Tralos sucesivos fracasos de todas as iniciativas promovidas polo actual equipo directivo do máster, a Vicerreitoría de Titulación encargoulle a resolución do problema o equipo decanal da Facultade de Bioloxía. O 27-09-2023 o Coordinador Xeral do Máster, o profesor Carlos Pereira Dopazo, e a Coordinadora Académica do Máster, a profesora Isabel Bandín, que levaban 16 e 10 anos respectivamente no cargo, dimitiron dos seus postos en carta dirixida a María José López Couso, Vicerreitora de Titulacións e Internacionalización, e Jesús López Romalde, Decano da Facultade de Bioloxía. Finalmente, desde a Facultade de Bioloxía promovéronse os mecanismos necesarios para que se produxese a renovación do equipo de coordinación do Máster Universitario en Acuicultura. Actualmente o Coordinador Académico do título é o profesor Jesus Lamas Fernandez (<https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias/master-universitario-acuicultura>), e a Coordinadora



Xeral do mestrado é a profesora Isabel Bandín. Consecuentemente, dase por **FINALIZADO** este obxectivo de calidade

**OC-16 (Organizar conferencias para complementar a formación teórica impartida no Máster Universitario en Acuicultura)**

Tratábase de complementar a formación teórica do alumnado do Máster Universitario en Acuicultura e incrementar nun 10% o número de conferencias organizadas. Deste xeito, en xullo de 2023 a convocatoria para o financiamento de accións de mellora de másteres oficiais da USC (2023) da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC permitiu solicitar unha acción de mellora AM-2 (Conferencias relacionadas cos contidos curriculares do máster) encamiñada a financiar unha conferencia para o curso 2023/24 sobre "Acuarioloxía en centros públicos" impartida pola bióloga responsable do Bioparc Acuario de Xixón. O custe desta acción de mellora (desprazamento, aloxamento, manutención e pago conferenciante. Total: 420 €) permitiu a súa realización. Consecuentemente, dase por **FINALIZADO** este obxectivo de calidade

**OC-17 (Conseguir unha dotación económica para as actividades docentes dos másteres que requiren desprazamento dos alumnos, non vinculadas as prácticas de campo)**

En xullo de 2023 a convocatoria para o financiamento de accións de mellora de másteres oficiais da USC (2023) da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC permitiu solicitar unha acción de mellora AM-1 encamiñada a acometer prácticas relacionadas cos contidos curriculares en espazos situados fóra do centro docente. Esta financiación foi concedida e serviu para cubrir o custe dos desprazamentos as instalacións das universidades de A Coruña e Vigo (co-participantes no máster) para a realización das prácticas das seguintes materias: Materia "Introdución a acuicultura": Desprazamento de 10 alumnos. Traxecto Santiago-Vigo (i/v) tren e autobús urbano para chegar ao CUVI: 259,8 €. Materia "Biología dos animais acuícolas cultivables": Desprazamento de 10 alumnos. Traxecto Santiago-Vigo (i/v) tren e autobús urbano para chegar ao campus da UVI: 259,8 €. Materia: "Biología das algas cultivables": Desprazamento de 10 alumnos. Traxecto Santiago-A Coruña (i/v) tren e autobús urbano para chegar ao campus da UDC: 178€. Total: 697,6 €. As prácticas nos centros nos que están os laboratorios dos profesores das materias son obrigatorias no máster e polo tanto a financiación dos desprazamentos dos alumnos/as é esencial para o bo funcionamento deste.

Por outro lado, este tipo de actividades están tendo continuidade no tempo. Así, no curso 2023/24 estase a solicitar a través do financiamento de accións de mellora de másteres oficiais da USC (2024) da Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización da USC dúas accións de mellora no mesmo sentido. A acción de mellora AM-1 financiaría desprazamentos a instalacións das universidades de A Coruña e Vigo (co-participantes no máster) para a realización das seguintes prácticas: 386.4 de 400 € - Xenética aplicada á acuicultura. Desprazamento de 10 alumnos. Traxecto Santiago-A Coruña (i/v) tren e autobús urbano para chegar ao campus da UDC: 178 €- Patoloxía en acuicultura. Desprazamento de 10 alumnos. Traxecto Santiago-Lugo (i/v) autobús interurbano e urbano para chegar ao campus de Lugo: 208,4 €. Por outro lado, a acción de mellora AM-2 financiaría unha visita a unha piscifactoría de salmónidos na materia Cultivo de peixes. De financiarse, cubriríase con ela o pago do desprazamento de 10 alumnos en vehículo particular (financiamento solicitado de 106 euros). NOTA: Quedarían sen financiar as seguintes actividades do Máster en Acuicultura no curso 2024/2025: - Introdución a acuicultura: Desprazamento de 10 alumnos. Traxecto Santiago-Vigo (i/v) tren e autobús urbano para chegar ao CUVI: 259,8 €- Biología dos animais acuícolas cultivables: Desprazamento de 10 alumnos. Traxecto Santiago-Vigo (i/v) tren e autobús urbano para chegar ao campus da UVI: 259,8 €- Biología das algas cultivables: Desprazamento de 10 alumnos. Traxecto Santiago-A Coruña (i/v) tren e autobús urbano para chegar ao campus da UDC: 178 €- Fisioloxía dos animais acuícolas cultivables: Desprazamento de 10 alumnos. Traxecto Santiago-Vigo (i/v) tren e autobús urbano para chegar ao campus da UVI. Dous días: 519,6 €.

Consecuentemente, dase por **FINALIZADO** tamén este obxectivo de calidade.

**A continuación inclúese un RESUMO sobre o estado de execución do Plan de Melloras a Nivel Centro:**

- **OC-1/AM-1 Descrición:** Elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Biología 2023-2026. **Estado:** EXECUTADO E FINALIZADO. **Comentario:** Neste momento (maio 2024) estamos a espera que sexa revisado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) para posteriormente ser aprobado en pola Xunta de Facultade de Biología e a Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno.

- **OC-2/AM-2 Descrición:** Deseño e implantación dun protocolo de coordinación vertical nos títulos do Grao da Facultade. **Estado:** PARCIALMENTE ACOMETIDO (PRORROGAR). **Comentario:** Esta acción de mellora será substituída por unha nova, máis xeral, que incluírá a mellora dos Protocolos Propios do SGC da Facultade de Bioloxía e tamén unha mellora da coordinación vertical nos graos de Bioloxía e Biotecnoloxía.
- **OC-3/AM-3 Descrición:** Análises do Grao de éxito das titulacións existentes na Facultade de Bioloxía e Comparativa con resto do estado. **Estado:** FINALIZADO.
- **OC-4/AM-4 Descrición:** Mellorar a oferta de prácticas externas para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía. **Estado:** EXECUTADO E FINALIZADO.
- **OC-5/AM-5 Descrición:** Incrementar o número de convenios de mobilidade para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía. **Estado:** EXECUTADO E FINALIZADO.
- **OC-6/AM-6 Descrición:** Impulsar a realización de xornadas na Facultade abertas a alumnos e tamén outros colectivos compostas por charlas dos grupos de investigación que desenvolven a súa investigación na Facultade de Bioloxía. **Estado:** EXECUTADO E FINALIZADO.
- **OC-7/AM-7 Descrición:** Promover o uso do galego na difusión de información relevante en distintos ámbitos e na docencia. **Estado:** EXECUTADO E FINALIZADO.
- **OC-8/AM-8 Descrición:** Sensibilizar sobre cuestións de igualdade e inclusión a nivel de Facultade. **Estado:** EXECUTADO E FINALIZADO.
- **OC-9/AM-9 Descrición:** Desenvolvemento de campañas de concienciación para a cumplimentación das enquisas. **Estado:** EXECUTADO E PARCIALMENTE CONSEGUIDO (PRORROGAR).
- **OC-10/AM-10 Descrición:** Mellorar a comunicación cos egresados para poder coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na facultade e a súa situación profesional. **Estado:** EXECUTADO E PARCIALMENTE CONSEGUIDO (PRORROGAR).
- **OC-11/AM-11 Descrición:** Organización de sesións informativas cón alumnado dos diferentes cursos de todas as titulacións que se imparten na facultade para concienciar da importancia da súa participación nos órganos de decisión do centro. **Estado:** EXECUTADO e FINALIZADO
- **OC-12/AM-12 Descrición:** Estudiar a problemática do uso de transxénicos nos laboratorios de prácticas da facultade. **Estado:** FINALIZADO.
- **OC-13/AM-13 Descrición:** Modificación do regulamento de TFG do Grao de Bioloxía e do Grao de Biotecnoloxía cón fin de clarificar/precisar máis as cuestións relativas ao formato das memorias e a presentación do TFG. **Estado:** EXECUTADO E FINALIZADO.
- **OC-14/AM-14 Descrición:** Deseño e implantación dun curso de verán organizado e ofertado na facultade. **Estado:** EXECUTADO E FINALIZADO.

- **OC-15/AM-15 Descrición:** Renovación dos equipos de coordinadores nos másteres impartidos na Facultade. **Estado:** EXECUTADO e FINALIZADO.
- **OC-16/AM-16 Descrición:** Organizar conferencias para complementar a formación teórica impartida no Máster Universitario en Acuicultura. **Estado:** EXECUTADO E FINALIZADO.
- **OC-17/AM-17 Descrición:** Conseguir unha dotación económica para as actividades docentes dos másteres que requiren desprazamento dos alumnos, non vinculadas ás prácticas de campo. **Estado:** EXECUTADO E FINALIZADO.

En resumo, foron 17 obxectivos de calidade/accions de mellora, das cales foron parcialmente executadas e deben ser prorrogadas 3 (OC-2/AM-2, OC-9/AM-9 e OC-10/AM-10) e 14 obxectivos de calidade/accions de mellora finalizados (OC-1/AM-1, OC-3/AM-3, OC4/AM-4, OC-5/AM-5, OC.6/AM-6, OC-7/AM-7, OC-8/AM-8, OC-11/AM-11, OC-12/AM-12, OC-13/AM-13, OC-14/AM-14, OC-15/AM-15, OC-16/AM-16 e OC-17/AM-17). Tendo en conta que destes últimos soamente un deles (OC-12/AM-12) non puido iniciarse e tivo que pecharse, isto da lugar a un 76.5% dos obxectivos de calidade executados e finalizados, e soamente un 17.6% parcialmente executados e que necesitan ser prorrogados o curso 2023-24.

#### 2.1.4.- PLAN DE MELLORAS ANUAL DO CENTRO (PMAC): EVOLUCIÓN DO PROCESO DE ELABORACIÓN, DESENVOLVEMENTO E SEGUIMENTO

O [SGC da Facultade de Bioloxía](#) conta cun proceso estratéxico de *Revisión e Mellora* (PE-02) que permite establecer, revisar e/ou actualizar a política de calidade, os obxectivos de calidade do plan de melloras anual, o funcionamento do Sistema de Garantía de Calidade (SGC), así como os resultados dos programas formativos que están no ámbito do SGC da Facultade de Bioloxía. No desenvolvemento deste proceso é fundamental o traballo das comisións de título, que de acordo co proceso clave *Análise de resultados e mellora dos programas* (PC-05), analizan os indicadores e trasladan á CCC as áreas de mellora detectadas e as propostas de accións a adoptar.

A CCC, unha vez analizado o funcionamento global do SGC e revisadas as accións de mellora propostas polas comisións dos diferentes programas impartidos no centro, elabora o Plan de Melloras Anual, que recolle os obxectivos de calidade, as accións de mellora, responsables, prazos, recursos e, en xeral, toda a información necesaria para a correcta planificación.

#### 2.1.5.- COORDINACIÓN DAS TITULACIÓNS INTERUNIVERSITARIAS E INTERCENTROS

O sistema de coordinación é eficaz no caso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, pero existen problemas nas titulacións interuniversitarias, como pode ser no caso dos mestrados compartidos polas tres universidades e coordinados tanto pola USC (Máster Universitarios de Acuicultura, Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre e Máster Universitario de Neurociencia) como pola UVigo (Máster Universitario en Bioloxía Mariña). Se ben ditos mestrados están coordinados desde as respectivas comisións académicas nas facultades na USC e na UVigo, existen cuestións como a homoxeneidade no formato das enquisas dos grupos de interese, a dificultade na obtención de datos globais dos títulos (número de alumnos total matriculados, taxas de éxito, .....), a falta de homoxeneidade nas datas de preinscripción, datas de matrícula, datas para realizar cambios na matrícula, periodos de lectura de traballos fin de máster, e periodos de apertura e peche de actas, etc, que dificultan acadar unha maior eficiencia e calidade e sobrepasan a capacidade de actuación das facultades. Esta falta de unificación institucional xeran confusión e disconformidade no alumnado matriculado en cada unha das universidades, e se ben esta é unha petición persistente aos membros dos equipos reitorais e vanse apreciando certas melloras, estes seguen a supoñer unha dificultade adicional para acadar unha maior eficiencia na coordinación. Polo tanto, en canto aos resultados estes non aplican no curso referenciado pola memoria.

## 2.1.6.- SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE (SGC): VIXENCIA E ADECUACIÓN DOS PROCESOS, PROCEDEMENTOS E DOCUMENTACIÓN

O Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Bioloxía inclúe a metodoloxía necesaria para propiciar a mellora continua do centro, permitindo obter a información necesaria para analizar o funcionamento dos títulos que se imparten no centro, detectando debilidades na implantación dos mesmos e posibilitando deste xeito a formulación de accións de mellora. Desta maneira, a consecución dos obxectivos da política de calidade baséase no proceso sistemático e cíclico de Planificar (*plan*), hacer (*do*), verificar (*check*) e actuar (*act*): Ciclo PDCA ou ciclo de Deming. Para poder facer isto os procesos, procedementos e documentación do SGC da Facultade de Bioloxía deben estar adecuadamente actualizados. Isto se cumpre xa que, como se indicou en apartados anteriores, a súa implantación foi certificada pola ACSUG en xuño de 2018. Pero ademais, no curso 2019/2020 deixouse de elaborar o “Informe de autoavaliación de materias” debido a dificultade na obtención dos datos, e tamén se adaptou o Protocolo “Enquisa das materias” á nova situación da pandemia, modificando algún dos ítems da enquisa e realizándoa a través da plataforma MS Forms. No curso 2020/2021 o protocolo “Enquisa das materias” seguiu a realizar ben de xeito virtual a través da plataforma MS-Teams ou ben de xeito presencial nos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía. Ademais no Plan de Melloras da memoria 2019/2020 propuxéronse tres accións de mellora (AM-2 Revisión e modificación ou supresión do Protocolo do SGC “Informe de autoavaliación de materias”, AM-3 Incluir, como Protocolo do SGC a “Enquisa sobre o desenvolvemento do TFG” e AM-4 Actualizar o Manual do SGC para incluír os informes correspondentes aos Protocolos do SGC do Grao en Biotecnoloxía) para manter actualizado o SGC da Facultade de Bioloxía (OC-2). Ademais, durante o curso 2020/21 fixéronse algúns cambios no Manual do Sistema de Garantía de Calidade no relativo á actualización e mellora dos Protocolos (PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades –Apartado 5 indicadores) por parte da CCC (28/04/2021), que foron posteriormente aprobados pola Xunta de Facultade o 12/05/2021 e a Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno (24/05/2021). Tamén se efectuara unha actualización importante do Manual de Procesos, en concreto nos procesos PE-02 Revisión e mellora, PC-03 Apoio a estudantes, PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas, PS-01 Xestión dos recursos humanos e PS-04 Satisfacción, expectativas e necesidades (Actualización e mellora dos Protocolos (Apartado 5 – indicadores propios do centro)).

No curso 2021/22 o Protocolo “Enquisa das materias” voltouse a realizar de xeito presencial para mellorar a recollida de información. Ademais, o Plan de Melloras para o curso 2021/22 presentaba unha acción **AM-02 (Revisión dos Protocolos e do Manual do SGC)** deseñada para revisar tanto os Protocolos Propios como o Manual do SGC da Facultade de Bioloxía e que será prorrogada. O 30 de xuño de 2021 aprobouse unha modificación dos manuais institucionais de calidade e de procesos, que elevou o número de procesos institucionais de 8 a 12. Isto exisiu unha actualización tanto do Manual de Procesos coma do Manual do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Bioloxía. Esta actualización acometeuse en abril de 2023, e foi aprobada pola Comisión de Calidade do 19 de abril de 2023, a Comisión Permanente da Xunta de Facultade do 20 de abril de 2023, e pola Comisión Delegada do Consello de Goberno de Planificación e Calidade (CdCG-CeP) o 24 de abril de 2023.

No curso 2022/23 segue a estar pendente a revisión dos Protocolos de Informes, Métodos e Enquisas de Centro, cuxa segunda versión foi aprobada pola CCC o 28 de abril de 2021. Entre outros, estes protocolos propios do SGC da Facultade de Bioloxía inclúen: A) “Enquisa de Materias”: Este apartado debe ser actualizado para incluír tamén a enquisa para as materias do Grao en Biotecnoloxía, xa que actualmente soamente figura a do Grao en Bioloxía; B) “Informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente”, que debe ser actualizado para incluír as materias do Grao en Biotecnoloxía; C) “Informe de asignaturas suspensas polas que os alumnos non defenden o Traballo Fin de Grao”, que tamén debe actualizarse para facer referencia as materias do Grao en Biotecnoloxía; D) “Informe de abandono de estudos”, que é necesario mellorar para que mencione tamén aos/as alumnos/as do Grao en Biotecnoloxía, aínda que a primeira promoción do título foi a do curso 2021/22; E) “Enquisa sobre o desenvolvemento do TFG”, que reflicte as competencias transversais do Grao en Bioloxía, pero non as do Grao en Biotecnoloxía. Ademais, compre engadir nos Protocolos Propios os “Informes de prácticas externas”, tanto dos estudantes como dos titores, xa que están sendo realizados tamén como parte do SGC da Facultade.

Por outro lado, o 3 de outubro de 2023 tivo lugar a visita a visita da Comisión de Avaliación da Axencia para a Calidade do

Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) en relación coa renovación do certificado de implantación de sistemas de garantía de calidade (PROGRAMA FIDES AUDIT). Dita Comisión de Avaliación estaba formada pola Presidenta Gloria Zaballa Pérez (Universidad de Deusto), polo académico Juan José Tarí (Universidad de Alicante), pola profesional-auditora Marta González Moldes (Trillium Consultores), polo estudante Daniel Escobar Ortega (Universidad de A Coruña) e pola secretaria M<sup>a</sup> Dolores Castro Pais (Técnica ACSUG). A reunión transcurriu co seguinte programa:

DÍA	HORARIO	ACTIVIDAD
3 de octubre de 2023	09.00-09.30	Reunión interna de la Comisión de Evaluación
	09.30-10.15	Reunión con el Equipo Directivo (Presentación de avances en la implantación del SGC desde la última certificación, de no más de 10 minutos)
	10.15-10.45	Reunión interna de la Comisión de Evaluación
	10.45-12.15	Reunión con la Comisión de Calidad del Centro
	12.15-12.45	Reunión interna de la Comisión de Evaluación
	12.45-13.00	Informe oral con la Comisión de Garantía de Calidad y el Equipo Directivo

A dita visita programada para o 3 de outubro asistiron por parte do equipo Decanal o Decano Jesús López Romalde, a Vicedecana Otilia Reyes Ferreira, o Vicedecano Francisco Javier Salgado Castro e o Secretario: Román Vilas Peteiro, e por parte da Comisión de Calidade do Centro o Decano Jesús López Romalde, o Secretario Román Vilas Peteiro, o Responsable de Calidade do Centro e Coordinador do Grao en Bioloxía Francisco Javier Salgado Castro, o Coordinador do Grao en Biotecnoloxía: Javier Sampedro Jiménez, o Coordinador Máster Máster Universitario en Bioloxía Mariña: Jesús Domínguez Conde, o Coordinador Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión José Ángel Fernández Escribano, o Coordinador Máster Universitario en Acuicultura: Carlos Pereira Dopazo, o Coordinador Máster Universitario en Neurociencia: Miguel Ángel Rodríguez Díaz, a Responsable da Unidade de xestión da Facultade de Bioloxía Concepción Lapido Silva, e a Estudante María Bernández García. Tamén estivo presente o Adxunto para Calidade Antonio Mosquera González. Aínda que estamos todavía á espera das conclusións definitivas da Comisión de Avaliación, tanto nas reunións previas como sobre todo no informe oral apuntáronse unha serie de conclusións provisionais en relación a varios temas:

**A) Necesidade de ter un Plan Estratéxico para a Facultade de Bioloxía.** Como xa se comentou, a AM-1 do Plan de Melloras do Centro 2022-23 (Memoria de Calidade 2021/22) consistía na elaboración do Plan Estratéxico 2024-26. A posta en marcha do proceso de elaboración do Plan Estratéxico (PE) da Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o período 2024-2026 foi iniciada pola Comisión de Calidade do Centro (CCC) o 17 de xaneiro de 2024 sen dispoñer todavía do Plan Estratéxico para o mesmo período da Universidade. Entre o 28/02/2024 e o 06/03/2024 fíxose a exposición pública da proposta inicial elaborada pola CCC para asegurar a participación de todos os grupos de interese, incluíndo o Comité Consultivo do Centro. (proceso PS-06, Información pública). A elaboración final do Plan foi aprobada pola CCC na súa reunión do 07 de marzo de 2024. Actualmente (maio 2024) estamos a espera de que o novo plan estratéxico sexa informado positivamente pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP), como paso previo a súa aprobación pola Xunta de Facultade de Bioloxía e finalmente pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno.

**B) Actualizar o manual de Procesos do SGC para adaptalo á realidade do Centro.** Por exemplo, incorporando os protocolos propios e facelos parte do SGC. Deste xeito asociaríanse os protocolos propios a procesos concretos dentro do Manual de Procesos. Suxiren ademais que os protocolos propios sexan ampliados aos mestrados. Esta suxerencia foi incorporada na Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 N° LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC, que a súa vez é a orixe dunha das accións de mellora do plan de melloras 2023/24 que figura ao final desta memoria de calidad (Actualización dos documentos do SGC do Centro) e que pretende actualizar o documento de protocolos propios do SGC do Centro para incorporar as modificacións feitas estes anos e actualizar o Manual de Procesos do SGC para incorporar os protocolos propios.

### C) Trazabilidade

- **C1.- Das accións de mellora en relación ao diagnóstico de problemas:** Clarificar o diagnóstico dos problemas na memoria de calidade e emisión de conclusións, de xeito que se estableza un vínculo entre os problemas detectados e os obxectivos de calidade/accións de mellora do Plan de Melloras que tratan de solucionarlos. É dicir, é necesario indicar de xeito máis claro cal é a orixe das accións de mellora, de xeito que se peche o vínculo entre a recollida de información/identificacións dos problemas, as actuacións para solucionarlos e a verificación de que ditas accións tiveron éxito.

- **C2.- Das accións de mellora coas liñas e obxectivos estratéxicos do PE.** Así, a modo de exemplo, comentan que a acción de mellora AM-10 do Plan de Melloras do Centro 2022/23, que pretende mellorar a comunicación cos egresados para poder coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na Facultade e a súa situación profesional, non se corresponde con ningunha das catro liñas estratéxicas da prórroga do PE 2021-2022.

**D) Mellorar o tema da cuantificación das metas a acadar na descripción das accións de mellora**

**E) Non existen procesos de auditoría interna implantados**

**F) Ausencia de procesos institucionais na web da universidade (non existe link)**

**G) Participación de egresados e sociedade na Comisión de Calidade do Centro**

**H) Reunión final de curso cos alumnos dos mestrados.** Sería de xeito análogo a como se fai no Máster Universitario de Acuicultura.

**I) Implementar accións de mellora para aumentar a participación do profesorado no PFID**

### 2.1.7.- ANÁLISE DA SATISFACCIÓN. ADECUACIÓN E EFICACIA DOS MECANISMOS DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN DE SATISFACCIÓN, QUEIXAS, RECLAMACIÓN, SUXESTIÓN, NECESIDADES E EXPECTATIVAS DOS GRUPOS DE INTERESE.

A recollida sistemática de información relativa á satisfacción, expectativas e necesidades dos grupos de interese é realizada segundo o proceso institucional da USC *Satisfacción, expectativas e necesidades* (PI-08), e subministrada aos centros pola ACMP. O centro complementa esta información mediante a aplicación de enquisas propias desenvolvidas segundo o proceso de soporte *Satisfacción, expectativas e necesidades* (PS-04) e os Protocolos do SGC da Facultade de Biología. Concretamente, para o alumnado dos Graos de Biología, Grao de Biotecnología e do Dobre Grao de Química-Biología realízase a enquisa de perfil de ingreso e de percepción sobre o desenvolvemento das materias. Toda esta información é analizada pola CCC e, xunto coa derivada dos resultados dos programas formativos e a procedente das queixas, reclamacións e suxestións, conforma a base sobre a que se realiza o seguimento do SGC e dos programas formativos.

Neste momento considérase que os aspectos sobre os que se recaba información mediante enquisas é suficiente, pero o que require unha atención especial é a consecución duns niveis de participación significativos entre os diferentes grupos de

interese, especialmente o alumnado e o PDI. Como xa se comentou previamente na memoria, esta participación é baixa, especialmente coas enquisas ealizadas de xeito electrónico, polo que cómpre tomar medidas correctoras. Ademais, en canto as enquisas de satisfacción coa docencia do alumnado, no curso 2019/20 e, debido a pandemia, os formularios das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida que realizaba tanto a Area de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP) como os equipos de coordinación da Facultade de Bioloxía (enquisas propias do centro) foron modificados para adaptalos aos cambios introducidos na docencia e na avaliación derivada da crise da COVID-19 e o decreto 463/2020 polo que se declarou o estado de alarma. Estes cambios, no caso das enquisas da ACMP persistieron no curso 2020/21, pero non así no caso das enquisas propias do centro. No curso 2021/22 e 2022/23, trala normalización da situación causada pola crise da COVID-19, todas as enquisas teñen o formato habitual.

### 2.1.7.1.- Reclamacións, queixas e/ou suxestións tramitadas na facultade de Bioloxía

#### *Nivel de graos*

Por outra banda, o SGC do centro conta co protocolo de soporte *Xestión das incidencias (SQR) (PS-05)* que establece a sistemática para rexistrar, xestionar e analizar as posibles incidencias (suxestións, queixas e reclamacións) que se presenten no centro. No curso 2022/23 foron presentadas a través do Valedor da Comunidade Universitaria as seguintes queixas e reclamacións en relación ao Grao de Biotecnoloxía:

- **Queixa 1:** 3 de maio de 2023. Exp. nº.: Q 2304/02. **Descrición:** Escrito presentado por un alumno do Grao en Biotecnoloxía motivado pola actitude do profesor coordinador da materia “Transferencia de Materia” durante o proceso de docencia e avaliación. **Acción realizada:** Tentouse contactar có profesor en numerosas ocasións tanto a través de chamadas telefónicas como a través de correos electrónicos, de maneira totalmente infrutuosa. Enviáronse entón correos electrónicos con acuse de recibo, o último con data de 14 de xullo, recibindo confirmación de lectura o día 18 dese mesmo mes. Pese a esta confirmación, o profesor seguiu sen porse en contacto co decanato. Dada a falta de resposta, enviouse por correo electrónico o extracto do informe feito pola Secretaría Xeral da USC clarificando a imposibilidade de minorar a cualificación inicial nunha materia salvo no caso de erro material (escrito remitido polo Valedor da Comunidade Universitario con data 22 de maio de 2023). O 3 de outubro de 2023 remitiuse un escrito de contestación ao Valedor da Comunidade Universitaria onde se lle transmitía que se fixeran todas estas accións paa solucionar o problema, así como que dado que o profesor xubilábase ao remate do curso 2022/23, pasando ao encargo da materia a outros profesores do mesmo Departamento, dábase por zanzada a queixa.
- **Queixa 2:** 11 de xullo de 2023. Exp. nº.: Q 2307/02. **Descrición:** Escrito presentado por unha representación de 25 alumnos do Grao en Biotecnoloxía motivado pola docencia e avaliación da materia de 3º curso “Estructura e Enxeñaría das proteínas”. **Acción realizada:** O 17 de xullo tivo lugar unha reunión no despacho do Decano na Facultade de Bioloxía na que participaron o propio Decano, o Vicedecano de Calidade e profesor encargado da materia. Nesa reunión deuse coñecemento ao profesor do contido do escrito, así como das solicitudes específicas dos representantes do alumnado da materia, tratando de escoitar a versión do docente e buscar solucións para que non se volvesen a repetir os problemas. O 26 de xullo de 2023 remitiuse un escrito de contestación ao Valedor da Comunidade Universitaria onde se lle transmitía os resultados de dita reunión do equipo decanal con docente da materia.

#### *Nivel de mestrado*

A nivel xeral, houbo moitas protestas ante os coordinadores polo cambio nas condicións para o reembolso dos desprazamentos de prácticas de campo, coa prohibición de financiación dos gastos en vehículo propio. O ter que utilizar transporte público alonga considerablemente o tempo adicado ao desprazamento. Se embargo, no curso 2022/23 non

houbo de xeito concreto queixas por escrito por parte do alumnado dos Másteres Universitarios de Biodiversidade Terrestre, Acuicultura e Neurociencia. Sen embargo, en canto ao Máster Interuniversitario de Bioloxía Mariña, os estudantes presentaron o 18 de xaneiro de 2023 unha queixa formal no Decanato de Bioloxía:

**Queixa 1:** 18 de xaneiro de 2023. **Descripción:** Queixa acerca das condicións xerais nas que se está impartindo a titulación en relación sobre todo aos sistemas audiovisuais de comunicación que non permiten seguir as clases axeitadamente polos problemas que presentaban, o tempo da duracións das clases, ou os cambios continuos de aula de docencia. **Acción realizada:** O 23 de xaneiro de 2023 o Decano da Facultade de Bioloxía contestou por escrito dirixido ao alumnado do Máster Interuniversitario en Bioloxía Mariña indicando que sentía os problemas técnicos que afectaban ás condicións nas que se está a impartir a titulación dende o inicio do curso académico, que estabase a tratar de solventar as dificultades técnicas, que ditos problemas non eran atribuíbles nin ao Coordinador do Máster (a quen se puxo en coñecemento da queixa) nin aos seus docentes, que os técnicos informáticos das tres universidades tratarían de darlle unha solución ao tema da comunicación para que as clases se poidesen desenvolver con normalidade, e que desafortunadamente nese momento non se podía asignar unha aula concreta ao máster debido ao limitado número de aulas dispoñibles, pero que tentariase que o alumnado do máster non tivese que cambiar de aula e que os sistemas de comunicación audiovisual funcionasen axeitadamente no futuro.

#### 2.1.7.2.- Recursos, reclamacións, queixas e/ou suxestións tramitados pola Oficina de Análise de Reclamacións (OAR)

A meirande parte dos recursos, reclamacións, queixas e/ou suxestións son tramitadas directamente pola Oficina de Análise de Reclamacións (OAR), segundo o protocolo institucional *Xestión das incidencias (SQR) (PI-07)*, e non chegan ao centro, xa que non teñen que ver directamente coa xestión directamente encomendada á Facultade. Toda esta información sobre recursos e reclamacións pode ser consultada nas memorias da OAR, a última das cales é a [Memoria da OAR do curso 2020/21](#). En canto aos **recursos**, nesa memoria figuran 3 recursos resoltos por Centro (2020/2021), 2 recursos estimados no proceso PXA7 por centro (2020/2021) e 2 reclamacións nos procesos de xestión académica por Centro (2020/2021). En total foron presentados 13 recursos por centro na Facultade de Bioloxía, dos cales 12 se corresponden ao Grao de Bioloxía (Admisión, 1; Recoñecemento de Estudos, 2; Recoñecementos ERASMUS/SICUE, 9) e 1 ao Máster Universitario en Neurociencia (Recoñecemento de Estudos). Dos 12 do Grao en Bioloxía, 2 foron desestimados e 10 estimados, namentres que o presentado no Máster Universitario de Neurociencia foi parcialmente estimado. En relación as **reclamacións**, 4 se corresponden coa Facultade de Bioloxía, das cales 2 se produciron no Grao de Bioloxía (1 por devolución de prezos e 1 por temas de matrícula) o outras 2 no Máster Univ. en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión (as 2 relacionadas coas Prácticas/Estadías de Plano de Estudos). Das 2 de Bioloxía unha foi estimada e outra desestimada, e en canto as do Máster de Biodiversidade Terrestre todas foron desestimadas. **Non existen memorias da OAR para o curso 2021/22 e 2022/23.**



## Directriz 2. Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos

**Estándar: O centro ten implantados procedementos para o deseño, a aprobación a revisión periódica dos seus programas formativos (verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación dos títulos oficiais), e se procede da súa extinción. Estas revisións deben conducir á mellora continua de todos os títulos.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados co deseño, a revisión, a mellora e, se procede, a extinción (garantías do alumnado en caso de que se produza a extinción ou suspensión dunha titulación e facelo público) dos programas formativos.
- Análise das accións desenvolvidas sobre o deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos
  - cumprimento do incluído nas memorias verificadas para facilitar a implantación de modificacións no seu caso e atender ao ciclo de garantía externa das titulacións, en canto a seguimento e renovación da acreditación se refire:
  - cumprimento de guías docentes;
  - procedementos de coordinación,
  - análise do perfil real de ingreso/egreso,
  - análise de que os titulados acadan os resultados de aprendizaxe previstos na memoria.
  - Información sobre satisfacción, necesidades e expectativas, queixas e suxestións dos grupos de interese relativos ao conxunto da titulación (os relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe analízanse na Directriz 3).

### 2.1.- ADECUACIÓN DE PROCEDEMENTOS

O deseño, revisión, mellora e, se procede, extinción dos títulos impartidos na Facultade de Bioloxía realízase de acordo co proceso institucional PI-01 *Deseño, modificación e extinción de programas*, do Manual de Procesos Institucionais do SGC da USC. Os plans de estudos implantáronse de acordo ás memorias de verificación dos títulos, e todos os títulos que participaron en procesos de renovación da acreditación obtiveron informe favorable, polo que podemos considerar que o desenvolvemento do proceso é o adecuado.

O [SGC da Facultade de Bioloxía](#) conta cun proceso estratéxico PE-02, *Revisión e Mellora* que facilita o seguimento anual dos distintos títulos. As Comisións de Título son as encargadas de analizar o desenvolvemento dos programas formativos e a execución das accións de mellora vinculadas aos mesmos; concretamente fan o seguimento da adecuación das actividades formativas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación ao descrito nas memorias verificadas, analizan os perfís de ingreso/egreso, os mecanismos e actividades de coordinación e os resultados de aprendizaxe. Os informes destes seguimentos trasládanse á CCC, que os revisa e analiza, e aproba as accións de mellora derivadas.

Todas as actividades das Comisións de Título e da CCC quedan recollidas nas actas das súas reunións.

O sistema é eficaz no caso dos Graos e Másteres da USC, pero existen problemas nas titulacións interuniversitarias, como pode ser no caso da Facultade de Bioloxía o Máster Universitarios de Acuicultura (USC, UDC, UVIGO), o Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión (USC; UDC, UVIGO), o Máster Universitario de Neurociencia (USC, UDC, UVIGO), ou o Máster Universitario en Bioloxía Mariña (USC, UDC, UVIGO). Así, en relación coa adecuación e eficacia dous mecanismos de recollida de información de satisfacción, queixas, reclamacións, suxestións, necesidades e expectativas dos grupos de interese, aínda que nos últimos anos estase a facer un esforzo dende as oficinas de calidade de cada unha das universidades participantes no título co establecemento de ditos mecanismos, estes son insuficientes. Algo que facilitaría, tanto á coordinación do título como á comisión académica ou a análise/ interpretación dos resultados, sería a homoxeneidade no formato das enquisas dos grupos de interese, e facilitar datos globais do título (número de alumnos total

matriculados, taxas de éxito, .....), co fin de acadar unha maior eficiencia e calidade. Tamén sería importante que diversos aspectos relacionados co desenvolvemento do título (datas de preinscripción, datas de matrícula, datas para realizar cambios na matrícula, períodos de lectura de traballos fin de máster, e períodos de apertura e peche de actas, ...) fosen o máis homoxéneos posible; os vicerreitorados con competencia en cada unha das universidades terían que valorar a necesidade de unificar diversos aspectos relacionados co desenvolvemento dos títulos. Polo xeral, a falta de unificación institucional nos aspectos mencionados anteriormente xeran confusión no alumnado matriculado en cada unha das universidades. Esta é unha petición que se ten feito de maneira reiterada e insistente dende a Facultade cada vez que temos a oportunidade de tratar o tema cos membros dos equipos reitorais, e imos apreciando certos cambios na dirección correcta, aínda que sexan máis lentos do que cremos convinte para acadar unha maior eficiencia na coordinación.

## 2.2.- ANÁLISE DAS ACCIÓNS DESENVOLVIDAS SOBRE O DESEÑO, REVISIÓN PERIÓDICA E MELLORA NOS PROGRAMAS FORMATIVOS IMPARTIDOS NA FACULTADE DE BIOLOXÍA NO CURSO 2022/23

A finalización do estado de emerxencia sanitaria o 21 de outubro de 2021 (Resolución do 21 de outubro de 2021 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se daba publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 21 de outubro de 2021 polo que se declarou a finalización da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia) supuso a volta á normalidade coa supresión de medidas no ámbito docente e a volta á máxima presencialidade (Resolución Reitoral do 29 de outubro de 2021 pola que se modifican as medidas fronte á COVID-19 para o curso 2021-2022). Polo tanto, a partir do curso 2021/22 a docencia impartese en situación de normalidade.

### 2.2.1.- Grao en Bioloxía (GB; primeira e segunda edición)

#### Plan de estudos e modificacións non substanciais

O plan de estudos correspondente a primeira edición do Grao en Bioloxía (2501101-Grao en Bioloxía) levouse a cabo de acordo á memoria de verificación do título, que renovou a súa acreditación en xuño de 2017, pero soamente para os cursos segundo, terceiro e cuarto, xa que en maio de 2020 acreditouse a segunda edición do Grao en Bioloxía (2504140-Grao en Bioloxía (2ª ed). Isto significou que en setembro de 2020 comezou a implantarse este novo Grao en Bioloxía, que rematará dito proceso de implantación no curso 2023/2024, momento no cal desaparecerá a primeira edición do Grao en Bioloxía. Isto supón que no curso 2022/2023 o primeiro, segundo e terceiro curso correspondéronse á 2ª edición do Grao en Bioloxía, namentres que restante corresponde á 1ª edición do Grao de Bioloxía.

Durante o curso 2022-2023 non houbo modificacións non substanciais no plan de estudos da segunda edición do Grao de Bioloxía.

#### Cumprimento das guías docentes

Seguindo o proceso clave PC-02 *Planificación das ensinanzas*, as Guías Docentes das distintas materias son elaboradas polo profesorado encargado da súa docencia e revisadas polos coordinadores/as de curso e de título e aprobadas pola Comisión de Título e a Xunta de Facultade. No caso da 1ª edición do Grao en Bioloxía o indicador IN46G (satisfacción do alumnado coa docencia recibida) tivo a seguinte evolución nos últimos anos: 3.92 (2017/18), 4.01 (2018/19), 4.06 (2019/20), 3.97 (2020/21), 4.1 (2021/22) e 3.97 (2022/23). No caso da 2ª edición do Grao de Bioloxía, estes foron os resultados para o mesmo indicador: 4.04 (2020/21), 4.06 (2021/22) e 4.17 (2022/23). Concluimos que cun valor promedio en todos estes anos de 4.03 sobre 5 puntos o nivel de satisfacción do alumnado coa docencia no Grao de Bioloxía é notable. Este nivel de satisfacción explícase en parte polo nivel de cumprimento das programacións docentes, que tamén foi elevado, tal e como indican os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF.13) que realiza a ACMP. Así na enquisa o ítem "*Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?*" ten un valor de 4.28 sobre 5 puntos para a 1ª edición do Grao en Bioloxía (aínda que a participación tan só do 5.29%), e ten un valor de 4.53 sobre 5 puntos para a 2ª edición do Grao en Bioloxía (cunha participación do 16.67%). Concluimos polo tanto que o cumprimento das programacións docentes é elevado.

#### Procedementos de coordinación

Os procedementos de coordinación están perfectamente establecidos (PC-04 *Desenvolvemento das ensinanzas*). Os/as

coordinadores/as dos distintos cursos, xunto co/a coordinador/a do grao, teñen un papel activo na planificación e seguimento das actividades docentes. Os coordinadores realizan a enquisa de percepción sobre o desenvolvemento da docencia das materias (Protocolo do SGC do centro) no primeiro e segundo semestre do ano. O bo funcionamento dos procedementos de coordinación queda reflectido ademais nos resultados dos informes das enquisas realizadas ao profesorado. Así, na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF.14; participación 43,16%) o ítem “a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?” presenta unha evolución de 3.94 (curso 2021/22) a 3.84 (2022/23) (sobre 5 puntos) para a 1ª edición do Grao (4316% participación), e de 3.97 (2021/22) a 3.69 (2022/23) (sobre 5 puntos) para a 2ª edición (44.34% de participación); polo tanto, aínda que as valoracións non son malas, sí que apreciase un descenso na satisfacción do PDI cos sistemas de coordinación no Grao de Biología que cómpre prestarlle atención. Ademais, na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF.23) do curso 2022/2023 (participación 18.18% na 1ª ed, e do 27.88% na 2ª ed) o ítem “as e os docentes estamos coordinados na organización do título?” presentaron os seguintes valores (sobre 5 puntos) para o 2020/21 (1ª ed: 3.88; 2ª ed: 4.57), non habendo datos para o curso 2022/23.

No curso 2022-2023 produciuse un cambio no equipo de coordinadores que afectoulle a primeiro e cuarto curso, de tal xeito que os coordinadores pasaron a ser os seguintes:

- Francisco Javier Salgado Castro. Coordinador do Grao e responsable de calidade
- Jesús Aboal Viñas. Coordinador 1.º Curso
- Guillermo Covelo Artos. Coordinador 2.º Curso
- Ana Otero Casal. Coordinadora 3.º Curso
- Luís Miguel Serrano Pérez Coordinador 4.º Curso

Dentro dos Protocolos Propios do SGC do Centro figura a enquisa das materias. Estas enquisas pásanse dúas veces ao longo do curso académico (unha para cada semestre), e son adaptadas para as materias de cada un dos catro cursos . A información recollida por estas 8 enquisas foi analizada polo equipo de coordinadores do Grao en Biología e resumida en dous informes (informe do primeiro semestre 2022/2023 e informe do segundo semestre 2022/2023) que foron aprobados secuencialmente pola Comisión de Título (27/09/2023) e a Comisión de Calidade (27/09/2023).

#### **Primeiro semestre:**

- **Primeiro curso:** Recolléronse 31 enquisas do grupo A e 26 do grupo B. En Matemáticas detectáronse pequenos problemas relativos a titorías e contidos de prácticas. En relación con esta materia o alumnado solicita sobre todo unha maior aplicación de conceptos matemáticos ao ámbito da Biología e reducir o uso de MATLAB e substituílo por R. En canto a Xeología, as enquisas indican pequenos problemas relativos ao contido de seminarios, en que é necesario mellorar a percepción do alumnado da importancia da Xeología para a Biología, pequenas diferencias no xeito de impartir nos grupos A e B, a diferente percepción de alumnos e profesores sobre a cantidade de contidos teóricos introducidos en seminarios e a necesidade de coordinar mellor a progresión das clases expositivas cos seminarios que se imparten. En canto a Biología da Célula, as enquisas poñen en evidencia problemas coas titorías. Tamén constátanse queixas en relación ao nivel de esforzo e traballo persoal que supón esta materia para o alumnado e o paradoxo de que se ben é unha materia na que os alumnos indican que se repiten contidos de bacharelato, ao mesmo tempo tamén se queixan de contidos complexos. En relación a Fundamentos de Biología Animal e Vexetal, detectáronse algúns problemas en titorías e seminarios e sobre todo queixas relativas a parte impartida pola área de Botánica, como por exemplo unha elevada carga de traballo persoal/esforzo, queixas polo falta de tempo para identificación das mostras no exame de visu da parte vexetal (unha crítica coa que non está de acordo o profesorado da área de Botánica) ou carga teórica excesiva. Como aspecto positivo, os alumnos agradecen a introdución de cuestións evolutivas na materia. Tamén piden exames parciais (algo que se acordou en anos previos non facer no Grao de Biología) e tamén un maior número de prácticas de campo. Para rematar o primeiro semestre de primeiro, en Química para Biología o alumnado detecta solapamentos con outras materias, disonancias entre o nivel impartido e o esixido nos exames, algunhas dificultades no mesmo exame, e unha elevada carga de traballo/esforzo.

- **Segundo curso.** Recolléronse N=37 enquisas no grupo A e n=44 enquisas no grupo B. Detectáronse problemas de horarios e sobrecarga de horas presenciais seguidas que lles resta aos estudantes tempo para facer traballos e estudar, unha necesidade de mellorar as prácticas e acompasalas mellor coas clases expositivas, máis saídas de campo, e solicitude por parte dos alumnos de exames parciais para algunhas materias (Xenética I, Bioloxía do Desenvolvemento, Zooloxía II). En canto aos comentarios para cada materia, no caso de Bioloxía do Desenvolvemento houbo algunha queixa polo exame e polo sistema de avaliación (porque as diferentes partes das que consta a avaliación se avalían ao mesmo tempo) e tamén que a materia supón un elevado esforzo para o alumnado. En relación a Botánica I houbo algúns comentarios en relación as clases expositivas, seminarios, prácticas e o exame. Os alumnos consideran tamén que deberían ter máis prácticas de campo e menos de laboratorio. En canto a Zooloxía I, o alumnado pide unha mellora nos seminarios e máis sincronización entre a teoría e as prácticas; tamén notou diferenzas de avaliación e na memoria de prácticas nos grupos A e B. As queixas recibidas na materia de Bioquímica II son variadas e teñen que ver, entre outras, coas clases expositivas (temario denso e memorístico, solapamentos), prácticas (solicitan melloras nestas), avaliación (elevada esixencia, formato do exame, dificultade para acadar unha boa nota) e nivel de esforzo/dedicación. En canto a Xenética I, detéctanse certos solapamentos con Xenética II (o cal considera normal o Coordinador do Grao e outros membros da Comisión de Título) e sobre todo a mellora das prácticas. O alumnado pide un maior presuposto para as prácticas de Xenética I (e de outras materias), facer máis prácticas e reducir o tempo dedicado as prácticas actuais (que consideran moi simples e con pouca utilidade, como por exemplo o tema do cariotipo ou a práctica con grans de millo - aínda que os cálculos posteriores sonlles máis interesantes) e aumentar o número de prácticas.
- **Terceiro curso:** Recolléronse neste caso un número moi pequeno de enquisas (n= 15 grupo A, n= 23 grupo B). En relación con Fisioloxía Vexetal I destaca a mellora substancial nesta materia, unha mellora que parece deberse ao cambio de exame (que pasou a ser tipo test). Os/as alumnos/as solicitan coñecer as notas detalladas de avaliación continua antes do exame. En canto a Bioloxía Molecular, esta materia recibe en terceiro (2ª edición do Grao) varias críticas, como un temario demasiado extenso e criterios de corrección do exame pouco claros e moi estritos. En relación con Microbioloxía II, as valoracións melloraron e non houbo problemas salientables. En Ecoloxía I o alumnado tivo dificultades nos seminarios avaliados por falta de tempos e de explicacións previas teórico-prácticas. O profesor da Área de Ecoloxía considera que os exercicios avaliados propostos durante os seminarios son problemas, os cales plantexan dificultades ao alumnado porque implican procesos de razoamento, o cal ao alumnado non lle gusta. Pasando a Xenética Evolutiva, os alumnos solicitan materiais de apoio máis completos e tamén que non lle ven demasiada utilidade as prácticas. Finalmente, os profesores e a coordinadora deste curso se queixaron da baixa asistencia a clase dos alumnos, da falta de uso das titorías e de estar mais preocupados pola nota que por aprender.
- **Cuarto curso:** En canto ao cuarto curso, recolléronse 49 enquisas (non se separaron en grupo A e B). En xeral non houbo grandes problemas. As materias peor valoradas foron Bioloxía Molecular (2,3/3 puntos) e Neurobioloxía (2,3/3 puntos), que son as materias con maior número de alumnos; podería deberse, comenta, a carga de traballo nestas materias. As materias mellor valoradas foron Parasitoloxía (2,75/3 puntos) e Bioloxía Vexetal e Conservación (2,7/3 puntos), que curiosamente viñan a ser a peor valoradas no curso precedente 2021/22. Esta grande mellora pode deberse a cambios na docencia (propiciados polos informes de coordinación) ou cambios no profesorado. Houbo queixas por parte do alumnado sobre a carga de traballo e o número excesivo de materias optativas (piden menos materias optativas e maior profundidade en cada unha delas). Tamén piden unha maior duración das prácticas, retrasar as saídas de campo (especialmente as de Edafoloxía), non usar a aula Magna para dar clase (falta de enchufes e baixa temperatura na aula) e prácticas externas remuneradas. No caso do informe de cuarto non houbo reunión nin con os representantes de alumnos (non había representantes) nin tampouco cos coordinadores de materia.

### Segundo semestre

- **Primeiro curso:** Recolléronse 53 enquisas do grupo A e 46 do grupo B, o que supón un maior número de enquisas en comparación co primeiro semestre (supón un 80% dos alumnos matriculados aproximadamente). En canto a Bioestatística, detectáronse probelas en titorías, de aprendizaxe con R e para entender ao profesorado pola linguaxe matemática; con todo, a materia ten unha alta valoración. En Bioloxía de Tecidos e Órganos, a valoración é elevada; o alumnado queixouse sobre todo da elevada carga de traballo, pero agradecen os exames parciais. En canto a Biofísica, os alumnos agradecen os seminarios, e en xeral o grao de satisfacción é alto nesta materia, pero détéctanse problemas coas titorías. En canto a Bioquímica I, os alumnos queixáronse das titorías, da avaliación e do que proporciona a materia en canto á mellora da súa formación. Tamén lles supón un elevado esforzo, e pensan que debería de haber unha maior coordinación entre seminarios e teoría. Finalmene, Caracterización do Medio Físico é unha materia cun elevado grao de satisfacción e sen problemas.
- **Segundo curso:** O número de enquisas foi de 38 no grupo A e 46 no grupo B. De xeito xeral, as queixas dos alumnos centráronse na carga de traballo, especialmente concentrada nas últimas semanas do semestre. Tamén nos horarios de clase, especialmente por solapamentos de interactivas por cambios nos calendarios oficiais que fixeron algunhas materias como por exemplo Fisioloxía Animal. En concreto, reducíronse os grupos de prácticas de 6 a 4 en Fisioloxía Animal (pasaron de módulo de prácticas a módulo de seminario), algo do que estaba informado o Decanato, o que xunto con deficiencias na comunicación destes cambios aos alumnos e os solapamentos concomitantes que se produciron entre as prácticas de Fisioloxía e as de outras materias, creoulle problemas ao alumnado. Por outro lado, os alumnos de segundo tamén solicitaron máis prácticas de campo e laboratorio, pero menos seminarioa. Pensan que hai poucas prácticas e non lle ven demasiada calidade/utilidade as que teñen. En contraposición, queixanse de demasiada interactividade, e tamén de exceso de teoría en materias como Zooloxía II e Botánica II. Finalmente, outro tema que comentan os alumnos é o da nota mínima no exame para sumar a avaliación continua. Entrando xa de cheo nas materias de segundo, o problema principal foi Bioxeoquímica, unha materia na que se detectaron diferencias entre grupos pero que é impartida polo mesmo profesorado no grupo A e B. En concreto, o problema foi o sistema de avaliación da materia. Os alumnos pensan que a idea do xeito de avaliar por traballos foi boa, e que ten aspectos positivos e que se aprende, pero mala a implantación do sistema, especialmente polo nivel de esixencia na avaliación dos traballos, os criterios de avaliación, a bibliografía, o nivel de dedicación esixido, as diferencias de corrección entre profesores, os criterios cambiantes ao longo dos diferentes traballos, e a pouca aceptación por parte dos profesores da materia ás críticas que facían os alumnos (segundo estes). Estas críticas foron contestadas no informe de coordinación polo profesorado da materia, que non estaba para nada de acordo con elas. Para o próximo curso os profesorado da materia manterá o mesmo sistema de avaliación, pero introducindo algunhas correccións. Entre os problemas que os profesores detectaron está o tema da redacción de traballos, o manexo e citación correcta de fontes bibliográficas e a pouca aceptación por parte do alumnado das notas dos traballos avaliados por rúbrica. Tamén houbo queixas do alumnado en relación ao elevado nivel de esixencia na corrección do exame e que o formato do exame comunicado ao alumnado mudou con respecto ao formato final que se fixo. Isto último foi tamén refutado polo profesorado da materia, que indicou que o tipo de exame foi notificado a través do campus virtual a todos os alumnos: tipo test e preguntas cortas. En canto a Botánica II, o Coordinador de Bioloxía comenta que detectáronse problemas coas clases expositivas, prácticas e saídas de campo. Por exemplo, comentan o aprazamento que houbo nas prácticas dalgúns grupos e solicitan máis saídas, un guión previo de apoio as prácticas (porque lles resulta moi difícil escoitar todo o que di o profesor no campo e polo tanto identificar as especies), que o profesor respecte os 5 min de fin e de comezo de clase, e que se mellore a comunicación das notas. En relación con Zooloxía II, destacan as queixas sobre os exames diferentes nos grupos A e B e a solicitude de que se melloren os espécimes das prácticas. Tamén os comentarios por parte do alumnado de que no grupo B no deu tempo a impartir todo o temario. Sen embargo, en xeral o alumnado ten moi boas opinións sobre esta materia, e gustoulles especialmente a visita ao museo de Historia Natural. No relativo a Fisioloxía Animal, as queixas do alumnado viñeron pola amplitude do temario, o esforzo que supón a materia, o problema coa complexidade das explicacións nas

expositivas, os solapamentos con Bioquímica II, que a materia está moi centrada en humanos e en patoloxías, os cambios de horarios nos seminarios, e o formato das prácticas en sesións de ordenador. En canto a Xenética II, houbo problemas de seguimento das clases expositivas por parte dos alumnos por problemas cos micrófonos nas aulas, de solapamento con outras materias, e de esforzo que supón a materia.

- **Terceiro curso:** Novamente houbo un número reducido de enquisas neste curso (19 enquisas no grupo A e 20 enquisas no B). Destacan as queixas do alumnado sobre a mala distribución de horarios (con ocios mortos entre seminarios e prácticas) e que non se está a respectar o tema dos 5 minutos ao rematar e comezar as clases; tamén solicita o alumnado cambiar clases maxistras dos venres ao mércores. En canto ao profesorado, este puxo en cuestión a validez da pregunta 7 sobre avaliación, xa que no momento en que se pasan as enquisas do segundo semestre moitos exames aínda non tiveron lugar. Por ese motivo suxírense facer a enquisa no curso seguinte, aínda que o problema sería o cuarto curso. Outro tema que comenta o profesorado, coincidente co primeiro semestre, foi a baixa asistencia a clase dos alumnos, que relacionan con a baixa motivación destes así como coa presenza de apuntamentos non autorizados de varias materias na rede. En Fisioloxía Vexetal II non se detectaron problemas no curso 2022-23, e a valoración foi boa, o mesmo que en Microbioloxía II, que non houbo incidencias e as prácticas foron moi ben valoradas polos estudantes. Con respecto a Fisioloxía Animal Comparada, houbo dificultades co exame de prácticas polo tema da baixa formación en ANOVA dos estudantes. O alumnado tamén solicita ter a súa disposición as diapositivas anotadas que se empregan nas clases. En canto a Ecoloxía II, o comentario principal por parte dos estudantes foi que a práctica de medición de árbores xa se fixera en Ecoloxía I. Finalmente, en relación con Antropoloxía Biolóxica, houbo problemas polos cambios no calendario por cancelación de clases e a petición por parte do alumnado de que os profesores suban á aula virtual o material de apoio ao rematar as clases.
- **Cuarto curso:** Recolléronse 33 enquisas no grupo A e 36 no B. Destaca sobre todo o elevado esforzo que supón a materia de Bioquímica Clínica e Patoloxía Molecular para o alumnado, namentres que o menor esforzo se corresponde coa materia de Biotecnoloxía Vexetal. Tamén que as materias mellor valoradas son Xeobotánica (2.77/3 puntos) e curiosamente Bioquímica Clínica e Patoloxía Molecular (2.7/3 puntos). Houbo poucos comentarios neste semestre en cuarto, destacando unha demanda de maior información sobre os formatos dos exames, queixas sobre a coincidencia das datas de entrega dos traballos co período de exames, ou que as datas de algunhas interactivas de laboratorio estaban situadas demasiado preto destas últimas. Sobre todo houbo comentarios sobre a materia de Proxectos en relación coa excesiva porcentaxe da nota do exame na avaliación final (o alumnado considera incluso que nesta materia sería máis axeitado unha avaliación por traballos) e un maior enfoque da materia cara a Bioloxía. Non houbo reunión con representantes dos alumnos neste semestre (porque non había representantes de alumnado) nin tampouco cos coordinadores de materia.

### Análise do perfil real de ingreso/egreso

En relación ao perfil de ingreso, o Grao de Bioloxía ten un bo nivel de demanda. Dende a súa implantación sempre se cubriron a totalidade das prazas ofertadas, polo que consideramos que está actualizado e mantén a súa relevancia. O perfil de ingreso do alumnado que accede ao Grao de Bioloxía é adecuado, tal e como se pon de manifesto ao analizar os datos dos indicadores que suministra a ACMP e os resultados da enquisa levada a cabo dende o centro (protocolo do SIG da Facultade de Bioloxía).

No curso 2022-2023 a Facultade de Bioloxía ofertou 100 prazas para cursar a 2ª edición do Grao de Bioloxía, as que hai que surmarlles as 20 correspondentes ao Dobre Grao Química-Bioloxía; as 100 prazas ofertadas para o Grao de Bioloxía foron cubertas (INF CIUG\_2022-2023), namentres que se ofertaron 0 prazas no primeiro, segundo e terceiro curso do Grao en Bioloxía (1ª ed). Para as 100 prazas ofertadas no primeiro curso da 2ª edición do Grao en Bioloxía houbo 944 solicitudes (algo máis que as 914 do curso anterior), das cales 144 foron admitidas e finalmente 103 se matricularon. O 61% do alumnado matriculado na

2ª edición do Grao en Bioloxía foron mulleres, segundo consta nos datos da CIUG (INF CIUG\_2022-2023). A maioría do alumnado matriculado procede da cota xeral (97% do Bacharelato e 3% de FP) e examinouse da proba de avaliación para o acceso á universidade (ABAU); un 0% procede da cota dos/das deportistas e <1% da cota dos/as discapacitados/as. A nota media de acceso por preinscrición do Grao en Bioloxía foi de 11,57 no curso 2022/23 (IN06G). Tendo en conta a evolución da nota media de acceso por preinscrición nos últimos anos na 1ª (2015/2016, 10,01; 2016/2017, 10,60; 2017/2018, 10,80; 2018/2019, 10,98; 2019/2020, 11,01) e na 2ª edición do Grao (2020/21, 11,68; 2021/22, 11,94; 2022/23, 11,57) está claro que seguiu unha clara tendencia a alza desde o curso 2015/2016, pero que en 2022/2023 produciuse unha redución de dita nota. A porcentaxe de alumnos/as matriculados que seleccionaron o Grao en Bioloxía da USC como primeira opción foi do 68,9%, e como segunda opción do 12,6% (INF CIUG\_2022-2023). Estes datos apoian a adecuación do perfil de ingreso do alumnado que accede ao Grao de Bioloxía. Finalmente, sinalar que a maioría do alumnado matriculado pola cota xeral no Grao de Bioloxía no curso 2022/2023 procede de España (97%), e máis en concreto de Galicia (98,9%). Dentro de Galicia, a maioría dos 98 alumnos/as matriculados procede da provincia de A Coruña (48,9%), seguido das provincias de Pontevedra (27,5%), Lugo (13,3%) e Ourense (10,2%) (INF CIUG\_2021-2022).

Ao inicio de cada curso académico a Facultade de Bioloxía organiza un acto de acollida para o alumnado de primeiro curso, no que se realiza unha enquisa de perfil de ingreso. No curso 2022/23 celebrouse o acto de acollida o día 13 de setembro de 2023. O alumnado foi informado do interese que ten a recollida desta información para os procesos de calidade e mellora. Na devandita enquisa consultóuselles sobre a nota de acceso, as materias que cursaran no bacharelato, as materias das que se examinarán na proba xeral e na específica e as cualificacións obtidas, así como a orde de prelación dos grados nos que solicitaron o ingreso e as universidades correspondentes. A enquisa foi contestada por 107 alumnos/as de novo ingreso no Grado de Bioloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía polo que a podemos considerar representativa. Os resultados máis salientables dos datos aportados polos alumnos resúmense a continuación.

En relación aos resultados da enquisa relativos á procedencia académica do alumnado do Grao en Bioloxía e as materias cursadas no bacharelato, das materias de 1º curso de bacharelato, o 92% cursou Bioloxía e Xeoloxía, o 95 % Física e Química e o 91% Matemáticas I. Respecto ás materias de 2º curso de bacharelato o 97% cursara Bioloxía, o 96% Matemáticas II o 100% Química, o 38% Ciencias da Terra e do Medio Ambiente e tan so un 22% Xeoloxía e o 27% Física.

No caso do alumnado do Dobre Grao Química-Bioloxía, o 90% cursou Matemáticas I, Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía en 1º curso de bacharelato. Respecto ás materias de 2º curso, todos os alumnos/as cursaran Matemáticas II e Bioloxía, o 90% Química, mentres que a porcentaxe do alumnado que cursou Xeoloxía (10%), Física (30%) e Ciencias da Terra e do Medio Ambiente (40%) foi moito mais baixa.

En canto as Probas de acceso a Universidade (Ingreso) e as materias elixidas e rendemento nas mesmas os resultados da enquisa realizada ao alumnado que accedeu ao Grao en Bioloxía indican que a maioría examinouse de Matemáticas (92%), Bioloxía (81%) e Química (74%), e so o 10% o fixo de Xeoloxía e o 7% de Física. Os mellores rendementos foron para Bioloxía, Matemáticas e Química (medianas de 8 puntos sobre 10 nas tres materias); en Xeoloxía e Física os rendementos están un pouco por debaixo (medianas de 7 puntos sobre 10, en ambas materias. Os primeiros cuartís sitúanse por riba de 6,4 puntos en todas as materias, sendo de 7 en Bioloxía e Matemáticas. Moi poucos alumnos/as suspenderon os exames: 3 alumnos/as suspenderon Bioloxía e 3 Química, o que representa o 3% e o 3% dos que se examinaron de Bioloxía e Química respectivamente. Para o alumnado que accedeu ao Dobre Grao Bioloxía-Química, os resultados son similares ao dos/as alumnos/as do Grao de Bioloxía. Neste caso, o 100% dos enquisados examináronse de Matemáticas e de Química, o 90% de Bioloxía, e o 10% de Física. No alumnado do Dobre Grao os mellores rendementos foron para Matemáticas (mediana de 9,4 puntos sobre 10), Bioloxía, e Química (medianas superiores a 8.4 puntos sobre 10). A mediana da cualificación de Física é de 6,8 puntos (sobre 10) respectivamente. O primeiro cuartil situouse por riba de 6,8 puntos, destacando os valores de Matemáticas, Bioloxía e Química que son superiores a 8 puntos (9, 8 e 7,2 puntos, respectivamente). Todos os alumnos/as superaron as probas das que se examinaron. Comparando o perfil do alumnado do Grao de Bioloxía e do Dobre Grao en Bioloxía-Química, destacan os mellores resultados académicos nas probas de Matemáticas, Bioloxía e Química da ABAU do alumnado do Dobre Grao. Pódese concluír que o alumnado que accede ao Grao en Bioloxía e ao Dobre Grao Bioloxía-Química que se imparten na Facultade de Bioloxía cursou maioritariamente as materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas I, Bioloxía, Química e Matemáticas II. Isto plásmase na elección das materias das que se examinan na ABAU que adoitan ser Bioloxía, Química e Matemáticas, nas que aproban mais do 97% e presentan una notas cuxo valor da mediana corresponde a unha cualificación de notable salvo

excepcións. Un 10% dos/as alumnos/as que acceden ao Grao en Bioloxía pode presentar carencias formativas en Bioloxía.

No tocante á nota de acceso da ABAU, o 50% do alumnado do Grao en Bioloxía que contestou a enquisa ten unha nota de acceso ao Grao en Bioloxía da USC maior ou igual a 11,6 puntos sobre 14 (entre 11,62 e 13,86), sendo os valores da media e da mediana de 11,71 e 11,6 puntos respectivamente. O rendimento nas probas da ABAU do alumnado do Dobre Grao é superior ao do alumnado do Grao en Bioloxía; todos teñen unha nota superior a 11,69 sobre 14 (entre 11,69 e 12,83), cunha media de 12,36 e unha mediana de 12,24 puntos. Pódese concluír que o alumnado que accede ao Grao en Bioloxía e ao Dobre Grao Bioloxía-Química que se imparten na Facultade de Bioloxía é un alumnado con notas de acceso de notable.

No relativo aos datos recollidos na enquisa propia do centro sobre a elección de Grao e Universidade, para o curso 2022/2023, a porcentaxe de alumnos/as que seleccionaron o Grao en Bioloxía da USC como primeira e segunda opción foi do 57% e do 16% respectivamente. En cambio, o 70% do alumnado que accedeu ao Dobre Grao Bioloxía-Química indicou que esta titulación era a súa primeira opción e o 10% que era a segunda opción. Pódese concluír que a maioría dos/as alumnos/as que cursa estudos do Grao en Bioloxía e do Dobre Grao Bioloxía-Química na Facultade de Bioloxía da USC, seleccionaron estes estudos como a súa primeira opción.

En relación aos egresados, a taxa de transición de estudantes de grao a máster (IN52) era do 38,3% para o curso 2019/20, o que melloraba en máis de 13 puntos porcentuais a do curso 2018/19. Respecto aos alumnos/as egresados/as no curso 2019/20, 2020/21, 2021/22 e 2022/23, non se dispón de dita información, xa que o indicador IN52 non está presente no informe denominado panel de indicadores (P.Ind\_2022-23). Sen embargo, os datos da enquisa de satisfacción de egresados/as do segundo semestre (2501101\_INF.09\_2ºS\_2022-2023; participación: 8,97%; homes 42.86%, mulleres 57.14%) indican en resposta á pregunta “Cal é a túa situación profesional actual?” que un teñen un contrato en prácticas o 14.29% dos estudantes, namentres que a maioría (85.71%) estudia un mestrado. En relación á pregunta “Continúas os teus estudos na USC? un 42.86% responde que sí, e un 57.14% que non. En resposta a pregunta “Canto tempo levas no teu traballo actual?” un 33.3% leva menos de 3 meses, un 33.33% entre 3 e 6 meses, e un 33.33% entre 6 e 9 meses; o 100% dos egresados que están a traballar indicaron que tardaron menos de 3 meses en atopar o traballo, e un 33.33% dos egresados que contestaron a enquisa buscou traballo relacionado co Grao de Bioloxía; de feito, en resposta a pregunta “En que medida dirías que o teu traballo está relacionado coa titulación cursada?” o alumnado egresado que contestou a enquisas deu unha valoración de 5 sobre 5 puntos, cando a valoración promedio na USC para esta pregunta foi de 3.62 sobre 5 puntos. Finalmente, o 50% do alumnado egresado recomendaría a USC a alguén que quixera cursar o Grao de Bioloxía.

Dende o Centro podemos acceder á información dos/as egresados/as que cursan estudos de máster na USC. No curso 2022/2023 completaron a súa formación realizando un máster na USC 43 graduados en Bioloxía pola USC. Estes/as alumnos/as cursaron os seguintes másteres:

- [P1073V01] Máster Universitario en Acuicultura (3ª Ed) - 2023/2024: 4
- [P1171V01] Máster Universitario en Bioloxía Mariña - 2023/2024: 1
- [P1221V01] Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias - 2023/2024: 1
- [P2012V01] Máster Universitario en Neurociencia (2ª ed) - 2023/2024: 2
- [P2062V02] Máster Universitario en Investigación Biomédica (3ªed) - 2023/2024: 7
- [P1241V01] Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión - 2023/2024: 6
- [P2082V01] Máster Universitario en Condicionantes Xenéticos, Nutricionais e Ambientais do Crecemento e Desenvolvemento NUTRENVIGEN G+D Factors - 2023/2024: 2
- [P2201V01] Máster Universitario en Xenómica e Xenética - 2023/2024: 4
- [P2221V01] Máster Universitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía - 2023/2024: 1
- [P3241V21] Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas. Especialidade Ciencias Experimentais, Matemáticas, e Tecnoloxía e Informática (Campus Santiago) - 2023/2024: 11



- [P3271V01] Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas. Especialidade Ciencias Experimentais, Matemáticas, e Tecnoloxía e Informática: Ciencias Experimentais (Campus Lugo) - 2023/2024: 4

Polo tanto, os principais mestrados da USC que cursan os egresados do Grao en Bioloxía son o Máster Universitario de Profesorado, o Máster Universitario en Investigación Biomédica e o Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre.

Os estudos sobre empregabilidade son difíciles de obter e escasos. Os datos máis recentes sobre inserción laboral dos/as egresados/as suministrados pola ACMP (Fonte: Sistema Integrado de Información Universitaria (SIIU). Secretaría General de Universidades. Y la Tesorería General de la Seguridad Social. Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones) presentan a afiliación a seguridades social dos egresados da cohorte 2017/18 nos catro anos seguintes a finalización dos estudos (é dicir, 2018/19, 2019/20, 2020/21 e 2021/22). Concretamente, dos 109 graduados en Bioloxía pola USC no curso 2017/18, 12,84% estaban afiliados á seguridade social un ano despois de egresar (marzo de 2019), 46,79 % dous anos despois de egresar (marzo de 2020), 65,14% tres anos despois de egresar (marzo de 2021) e 71,56% catro anos despois de egresar (Marzo de 2022) (indicador EIL-SIIU\_2022-2023). Ademais, a evolución da taxa de afiliación a seguridade social aos 2 anos dos egresados do Grao en Bioloxía parece ser positiva, sendo a seguinte: 25% (cohorte 2012/13), 33,82% (cohorte 2013/14), 34,94% (cohorte 2014/15), 44,64% (cohorte 2015/16), 41,89% (cohorte 2016/17), 46,79% (cohorte 2017/18). En canto a porcentaxe de autónomos, dos 109 graduados en Bioloxía pola USC no curso 2017/18, o 5,88% o eran dous anos despois de egresar (marzo de 2020), 5,63% tres anos despois de egresar (marzo de 2021) e 3,85% catro anos despois de egresar (Marzo de 2022) (indicador EIL-SIIU\_2022-2023). En canto a porcentaxe de indefinidos, dos 109 graduados en Bioloxía pola USC no curso 2017/18, o 24,32 % o eran dous anos despois de egresar (marzo de 2020), 31,91 % tres anos despois de egresar (marzo de 2021) e 50 % catro anos despois de egresar (Marzo de 2022) (indicador EIL-SIIU\_2022-2023).

Ademais, a ACSUG publica periodicamente os resultados da Enquisa de Inserción Laboral dos Titulados do SUG (indicador EIL\_ACSUG\_2020-2021 insercion laboral SUG). Os últimos datos correspondentes á situación dos egresados do Grao en Bioloxía da USC no curso 2013/14 indican que o 73,68% deles traballaba en agosto de 2017, valor superior aos correspondentes aos egresados dos Graos en Bioloxía das Universidades de A Coruña (60,87%) e Vigo (46,43%), así como aos valores da media para egresados dos graos en ciencias, tanto da USC (67,8%) como do SUG (66%). A enquisa tamén indicaba que mais da metade (55,26%) continuaban a realizar estudos universitarios, maioritariamente de doutoramento (71,34%); e que o 18,42% estaba preparando oposicións. Respecto ao traballo, a maioría estaban contratados por conta allea (96,43%) e eran eventuais (48,15%) ou estaban disfrutando dunha bolsa (33,3%), cun salario neto mensual de 979,63 euros. A maioría dos egresados que traballaban desenvolvían funcións de nivel universitario (67,86%) e, ademais, no 89,47% dos casos eran específicas da titulación. Finalmente indicar que, segundo os datos da enquisa da ACSUG, a satisfacción dos egresados coa titulación, o centro e a universidade era moi elevada, xa que o 90,91% deles indicaban que volvería a cursar o Grao en Bioloxía na Facultade de Bioloxía da USC.

### Resultados das materias

O SGC da Facultade de Bioloxía conta cun protocolo propio (“Informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente”) para a detección de materias que, de forma recorrente, presentan baixas taxas de superación, funcionando este como un sistema de alerta que permite ter a información necesaria para poder corrixir as desviacións que presentan algunhas materias, respecto das porcentaxes de superación das materias do grao. Seguindo este protocolo, se unha materia obtivera valores de superación inferiores ao percentil do 20% (acumulativo de todas as materias dende que se empezou a impartir a titulación) durante dous cursos consecutivos, entraría na denominada alarma temperá. Nestes casos, o profesorado e o departamento responsable da docencia son informados, e se lles solicita que apliquen medidas para corrixir as desviacións detectadas (revisar e analizar a planificación, metodoloxía e sistemas de avaliación docente), para garantir que o alumnado alcance os resultado da aprendizaxe esperados.

No curso 2022/23 tanto a docencia expositiva como as clases interactivas de seminario, prácticas (laboratorio, campo, informática) e titorías desenvolvéronse sen ningún tipo de problema e de xeito presencial. Tamén se realizou de xeito presencial o proceso de avaliación. Dado que no curso 2020/21 comezou a implantarse a 2ª edición do Grado de Bioloxía, no curso 2022/23 xa están implantados os tres primeiros cursos, ao mesmo tempo que estase a extinguir a 1ª edición (da que soamente queda o

cuarto curso). Nos resultados xerais analizaranse os datos das materias da primeira edición do grao con dereito a docencia.

En canto aos datos xerais, a media (ponderada polo número de créditos) de alumnos/as que superan en cada convocatoria (incluíndo as dúas oportunidades) as materias do grao de Bioloxía 1ª edición das que se matriculan foi, dende o inicio dos estudos, do 73,6%. Esta media variou desde o curso 2009/10 ata o 2022/23 da seguinte forma: 60,8% (2009/10), 60,3% (2010/11), 60,6% (2011/12), 69,5% (2012/13), 69,5% (2013/14), 70,2% (2014/15), 69,3% (2015/16), 74,7% (2016/17), 75,9% (2017/18), 77,2% (2018/19), 90,6% (2019/2020), 78,6% (2020/21), 82,3% (2021/2022) e 89% (2022/2023). É significativo que acadouse no curso 2022/2023 un valor moi próximo ao obtido no momento da pandemia (2019/2020). De todos os xeitos, os valores desta serie hai que interpretalos con cautela. En primeiro lugar porque os tres primeiros cursos coinciden coa implantación de primeiro (2009/10), primeiro/segundo (2010/11), e primeiro/segundo/terceiro, mentres que a partir do curso 2012/13 se corresponde coa implantación dos catro cursos do Grao. A partir do curso 2012/13 a porcentaxe de superación global dos catro cursos (media ponderada) mantense estable ao redor do 70% ata o curso 2015/2016, momento no cal comeza a producirse nos cursos académicos sucesivos (2016/17, 2017/18, 2018/19, 2020/21 e 2021/22) un importante incremento, tomando valores entre o 75% e o 90,6%. Sen embargo, hai que facer algunhas precisións. Así, entre os cursos 2016/17 e 2019/20, este proceso parece deberse a unha mellora nos resultados das materias, especialmente en primeiro e terceiro. O valor tan elevado do curso 2019/2020 (90,6%) está relacionado coa pandemia, que obrigou a que a docencia do segundo semestre e o proceso de avaliación foran telemáticos. Ademais, no caso do curso 2020/21 (78,6%) temos que considerar que xa non se imparte o primeiro curso debido ao proceso de extinción da primeira edición do Grao en Bioloxía, no curso 2021/2022 soamente estaban funcionando 3º e 4º, e no curso 2022/2023 soamente 4º. Polo tanto, a mellora dos resultados globais, especialmente en 2021/2022 e 2022/2023, coincide coas mellores porcentaxes de superación que hai nos últimos cursos polo xeral. De feito, os valores da porcentaxe de superación son estables nos tres primeiros cursos, aumentado de forma moi clara ao empezar a impartirse cuarto, debido que neste último curso (que contén algunhas materias obrigatorias pero todas as optativas e o TFG) as porcentaxes de superación das materias son maiores (1º, 67%; 2º, 69%; 3º, 71%; 4º, 87%).

Se aumentamos o nivel de detalle podemos observar o promedio das porcentaxes de superación das materias para cada curso (primeiro, segundo, terceiro, cuarto) e curso académico (desde 2009/10 a 2022/23) da 1ª edición do Grao en Bioloxía. As porcentaxes de superación no curso académico 2019/20 son moi superiores que nos restantes cursos académicos, coincidindo con momento da pandemia. Ademais, 4º curso é claramente o máis estable en todos os cursos académicos, presentando unha menor dispersión e sempre con porcentaxes de superación superiores aos das materias de 1º, 2º e 3º. Tamén merece a pena destacar o progresivo aumento das porcentaxes de superación desde 2009/2010 ata 2022/2023 nos 3 primeiros cursos.

A continuación aumentamos de novo o nivel de detalle, analizando a porcentaxe de alumnos/as que superan unha determinada materia en cada un dos cursos académicos e agrupando os datos por curso. Calculouse, para o total das materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu, o percentil inferior do 10 e 20% da porcentaxe de alumnos que superan as materias. Estes percentís tiveron os valores do 54% para a  $p=0.1$  e do 60% para a  $p=0.2$ . En canto a primeiro, os datos corresponden ao período 2009/10 – 2019/20, xa que é un curso en extinción no que o alumnado matriculado non ten dereito a docencia dende o curso 2020/21, polo que non hai comentarios neste curso. De xeito similar, os datos amosados de segundo curso corresponden ao período 2010/11 – 2020/21, xa que é un curso en extinción no que o alumnado matriculado non ten dereito a docencia dende o curso 2021/22, polo que tampouca hai comentarios. En canto aos datos de terceiro curso corresponden ao período 2011/12 – 2021/22, xa que é un curso en extinción no que o alumnado matriculado non ten dereito a docencia dende o curso 2022/23. Para finalizar, os resultados do cuarto curso da 1ª edición do Grao en Bioloxía corresponden ao período 2012/13 – 2022/23, e que polo tanto a partir de 2023/24 o alumnado matriculado na 1ª edición do Grao en Bioloxía non terá dereito a docencia. Destaca sobre todo a mellora dos resultados da materia obrigatoria de cuarto Bioloxía Molecular. No curso 2020/2021 dita materia tivo unha moi baixa taxa de superación (54%), que a situou como a única materia do grao por debaixo do percentil do 10%, descendendo 36 puntos porcentuais respecto da do 2019/20, e tendo un valor de taxa de superación menor que a media de todos os cursos impartidos (57%). Sen embargo, nos cursos 2021/22 e 2022/23 esta materia mellorou os seus resultados (68% e 67%), e situouse por enriba do percentil 20% (60%). Con respecto as outras materias obrigatorias (Ecoloxía III e Redacción e Execución de Proxectos), TFG e as optativas máis relacionadas co medio natural, estas seguen a presentar taxas de superación elevadas, non apreciándose diferencias importantes entre os resultados dos cursos 2020/21, 2021/22 e 2022/23. No caso das restantes materias optativas, que se corresponden con aquelas que teñen uns contidos en xeral máis biosanitarios, as taxas de superación son elevadas tamén nestas materias optativas e non se detecta ningún problema. Como conclusión, de forma xeral, no curso 2022/23, non se detectaron problemas nas taxas de superación das materias

obrigatorias e optativas de cuarto da primeira edición do Grao en Bioloxía..Finalmente, na información subministrada pola ACMP (INF 17 - Informe de taxa de éxito das materias do plan de estudos), destacan con taxas de éxito <70% no curso 2022/23 G1021226 - Botánica II: Plantas Vasculares, G1021227 - Zooloxía II, G1021228 - Bioquímica II, G1021229 - Xenética II, G1021230 – Bioxeoquímica, G1021324 - Ecoloxía I G1021325 - Xenética Evolutiva, G1021326 - Fisioloxía Vexetal II: Fisioloxía do Desenvolvemento, G1021327 - Fisioloxía Animal Comparada, G1021328 - Microbioloxía II: Diversidade Microbiana e Microbioloxía Aplicada e G1021329 - Ecoloxía II,

En canto aos resultados xerais da 2ª edición do Grao en Bioloxía, a media (ponderada polo número de créditos) de alumnos/as que superan en cada convocatoria (incluíndo as dúas oportunidades) as materias do grao de Bioloxía 2ª edición das que se matriculan foi, dende o inicio dos estudos, do 78,4 %. Esta media variou desde o curso 2020/21 ata o 2022/23 da seguinte forma: 74,7% (2020/21), 80,3% (2021/2022) e 76,3% (2022/2023). Os valores desta serie hai que interpretalos con cautela, xa que os tres primeiros cursos coinciden coa implantación de primeiro (2020/21), primeiro/segundo (2021/22), e primeiro/segundo/terceiro (2022/23), de xeito que non temos datos aínda correspondentes a implantación dos catro cursos da 2ª ed do Grao. Se aumentamos o nivel de detalle podemos observar o promedio das porcentaxes de superación das materias para cada curso (primeiro, segundo, terceiro) e curso académico (desde 2020/21 a 2022/23) da 2ª edición do Grao en Bioloxía, cun un aumento progresivo das porcentaxes de superación desde o curso 2020/2021 ata o curso 2022/2023 nos 3 primeiros cursos (73% → 82% → 83%), en consonancia co acontecido na 1ª ed do Grao en Bioloxía.

En canto aos resultados por curso na 2ª ed do Grao en Bioloxía, no curso 2020/21 comezou a impartirse a 2ª edición do Grao en Bioloxía; como a implantación é gradual, no curso académico 2022/23 soamente estaban en funcionamento as materias de 1º, 2º e 3º curso. Calculouse, para o total das materias do grao e para todos os cursos académicos nos que se impartiu, o percentil inferior do 10 e 20% da porcentaxe de alumnos que superan as materias. Estes percentís tiveron os valores do 57% para a p=0.1 e do 71% para a p=0.2 no curso 2022/2023. En **primeiro curso** a media de alumnos/as matriculados/as que superaron as materias do primeiro curso foi do 75% no curso 2020/21, do 73% no curso 2021/22, e do 70% no curso 2022/23. Un 70% das materias presentaron porcentaxes de superación no curso 2022/23 superiores ao PC 20%. Sen embargo, Bioloxía da Célula (59%) obtivo unha taxa de superación por debaixo do percentil do 20%, namentres que Bioloxía dos tecidos e órganos (50%) e Bioquímica I (51%) tiveron taxas de superación por debaixo do percentil do 10%. Ademais, estas dúas últimas materias levan tendo baixos resultados tres anos consecutivos. Advírtese ademais nos tres anos de percorrido da 2º ed do Grao un lixeiro descenso no promedio das porcentaxes de superación de todas as materias do primeiro curso (75% no 2020/21 → 73% no 2021/22 → 70% no 2022/23) que cómpre prestarlle atención. En **segundo curso** a media de alumnos/as matriculados/as que superaron as materias do segundo curso foi do 76% no curso 2022/23; polo tanto, lonxe dos valores do percentil do 20% (71%) e do percentil do 10% (57%) ese curso académico; de feito, soamente unha materia tivo un resultado inferior a ditos valores, como se pode ver na Táboa 9: Bioquímica II (46%). As materias que presentaron os mellores resultados académicos no curso 2022/23, con porcentaxes de superación iguais ao 90%, foron Botánica I e Zooloxía I; sen embargo, do mesmo xeito que en primeiro, advírtese un descenso no promedio das porcentaxes de superación en todas as materias do segundo curso (88% no 2021/22 → 76% no 2022/23) que compre prestarlle atención. Finalmente, o curso académico 2022/23 foi o primeiro de implantación do **3º curso** da 2ª ed do Grao en Bioloxía. A media de alumnos/as matriculados/as que superaron as materias do terceiro curso foi do 83%. Soamente unha materia (Xenética Evolutiva; 69%) tivo unha porcentaxe de superación inferior ao percentil do 20% (PC20% curso 2022/23, 71%). Polo tanto, a modo de conclusión, podemos dicir que no curso 2022/23 soamente se detectaron problemas nas taxas de superación das materias da 2ª ed do Grao en Bioloxía seguintes: “Bioloxía dos Tecidos e Órganos” (primeiro), “Bioquímica I: Biomoléculas e Enzimoloxía” (primeiro), Bioquímica II (segundo) e Xenética Evolutiva (terceiro).

De acordo co criterio incluído no SGC da Facultade de Bioloxía, que funciona a modo de alarma temperá, deberá prestarse atención sobre aquelas materias que, durante dous anos consecutivos, amosen valores de porcentaxes de superación inferiores ao percentil do 20% para todas as materias desde que se empezou a impartir a titulación. Este sistema de alarma temperá foi elaborado para poder corrixir as desviacións dalgunhas materias respecto das porcentaxes de superación do total das materias correspondentes ao Grao. No curso 2022/23 soamente compren dito criterio as materias “Bioloxía dos Tecidos e Órganos” e “Bioquímica I: Biomoléculas e Enzimoloxía”, con taxas de superación por debaixo do percentil do 20% tres anos consecutivos. Polo tanto, dende a Comisión de Calidade procedeuse a avisar aos Departamentos/Áreas correspondentes para tomen as

medidas oportunas para mellorar as porcentaxes de superación destas dúas materias. Isto é importante, porque as baixas porcentaxes de superación de algunhas das materias (Biología dos tecidos e Órganos e de Bioquímica I: Biomoléculas e Enzimoloxía) do Grao en Biología 2ª edición nos cursos 2020/21, 2021/22 e 2022/23 van a afectar aos valores das distintas taxas (“taxa de graduación”, “taxas de avaliación”, “taxas de rendemento”, ...) coas que se avalían os títulos, polo que cómpre tomar medidas que permitan unha mellora dos resultados.

Por outra banda, por decisión da Comisión de Título e da Comisión de Calidade, neste curso non se examináron as diferenzas, entre grupos de clases expositivas, da porcentaxe de alumnos/as non presentados e das cualificacións na acta conxunta (tendo en consideración as dúas oportunidades), para as materias impartidas no curso 2022/23. Esta análise realizábase en cursos precedentes seguindo o protocolo “Informe de diferenzas do rendemento académico entre grupos da mesma materia”, dentro do SGC da Facultade de Biología da USC. Sen embargo, aínda que en anos precedentes estábanse a detectar diferenzas significativas entre grupos nas distribucións das cualificacións en certas materias de diferentes cursos, o feito de que algunhas eran impartidas polo mesmo profesorado e outras por distinto, as diferenzas nas notas non podían ser atribuídas a ningún factor concreto. Polo tanto, en vista dos resultados deste informe dos anos anteriores e dado que detéctase unha alta variabilidade dos resultados sen un patrón regular que permita tomar decisións concretas decidiuse eliminar dito “Informe de diferenzas do rendemento académico entre grupos da mesma materia”, o que existe actualizar os informes propios SGC da Facultade de Biología da USC.

## Resultados do título

No caso da 1ª ed do Grao en Biología, os valores da **taxa de rendemento** (indicador IN34G: relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios en que se matricularon; 76.66 %) e **taxa de éxito** (indicador IN35G: relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios que superaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron; 87.37 %) melloraron con respecto a os valores dos cursos previos: 2020/21 (75.31% e 82.81%, respectivamente) e 2021/22 (75.36% e 84.39% respectivamente) (**Táboa 2**). En cambio, a **taxa de avaliación** (indicador IN36G: relación porcentual entre o número total de créditos ordinarios aos que se presentaron os estudantes e o número total de créditos ordinarios matriculados; 87.74 %) foi algo inferior á do curso 2020/21 (90.95 %) e 2021/22 (89.31%) (**Táboa 2**). Polo tanto, salvando o repunte destes indicadores no curso 2019/20 pola situación xerada polos mecanismos de avaliación adoitados durante a pandemia da COVID19, podemos dicir que os resultados destes indicadores (IN34G, IN35G, IN36G) seguen a ser bos (**Táboa 2**), probablemente debido ao maior rendemento do alumnado que accede ao título. En canto a **taxa de graduación** (indicador IN37G: relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou nun ano académico máis, e a súa cohorte de ingreso), se ben no curso 2020/21 superárase por primeira vez (60,19%) a taxa prevista na memoria da 1ª edición do grao (60%) (**Táboa 2**), no 2021/22 este valor volveu a reducirse lixeiramente (56,19%) pero no curso 2022/23 volveu a elevarse novamente (57.61%) (**Táboa 2**), aínda que segue a ser lixeiramente inferior á taxa prevista no título.

En canto a **taxa de abandono durante o primeiro curso** da 1ª ed do Grao en Biología (indicador IN40G: relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de ingreso matriculados no título no curso académico X, que non se matricularon nos cursos X+1 e X+2, e o número total de estudantes desa cohorte de entrada que accederon no curso académico X), esta descendeu notablemente en relación co curso 2021/2022, acadando o valor menor da serie histórica desde 2013/14 (9,52%; táboa 2), pero non existe dato para o curso 2022/23. En canto a taxa de abandono do RD 1393/2007 (indicador IN41G: relación porcentual entre os estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior) no curso 2021/22 reduciuse en comparación co curso 2021/2022 (**Táboa 2**), pero en 2022/23 volveu a incrementarse, presentando un valor lixeiramente superior (21,74% ) ao previsto na memoria do grao (20%). En relación coa duración media dos estudos da primeira edición do Grao en Biología (indicador IN38G: duración media -en anos- na que os estudantes tardan en superar os créditos correspondentes ao plan de estudos), este sufriu un novo descenso ata os 4,81 anos en 2022/23. No relativo á **taxa de rendemento** (IN34G), **taxa de éxito** (IN35G), e **taxa de avaliación** (IN36G) na 2ª ed do Grao en Biología, estas tamén se presentan na **táboa 2** para os cursos 2020/21, 2021/22 e 2022/23. Neste caso, parece existir un empeoramento na taxa de rendemento (IN34G), taxa de éxito (IN35G) e Taxa de avaliación (IN37G). Dado que o cuarto curso todavía se impranta no curso 2023/24, non se dispoñen de datos relativos aos indicadores IN37G (taxa

de graduación), IN38G (Duración media dos estudos), IN40G (Taxa de abandono durante o primeiro curso) e IN41G (Taxa de abandono RD 1393/2007).

Estes datos sobre o abandono real proporcionados pola ACMP son complementados coa análise máis pomenorizada realizada no informe de abandono 2022/23 (Protocolo do SGC). Desde o curso 2014/15 realízase dito informe, co que se tenta ter datos sobre as causas dos abandonos a través dun seguimento do alumnado. Desta forma, sabendo cal é o seu destino tralo abandono, poderemos especular sobre cal é a causa. Cando se realiza un cambio de expediente a outro centro da USC, a aplicación Xescampus permite identificar a natureza dese traslado. Nestes casos, o traslado de expediente compútase como cambio de estudos na USC a outros graos. En ocasións indícase que existe un traslado de expediente a outra universidade, pero non se ten información sobre a universidade ou o grao de destino. Por último, unha serie de alumnos/as desaparecen sen que se poida solicitar maior información; estes son consignados como abandonos. Para tentar reducir a taxa de abandono, no SGC inclúese o protocolo “Método de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do grao”.

Dende o curso 2010/2011, no que na taxa de abandono calculada polo centro estaba situada no 35%, esta taxa foise reducindo gradualmente ata o curso 2019/20, momento no que parece que está volvendo a incrementarse: 2010/11 (35%), 2011/12 (24%), 2012/13 (27%), 2013/14 (20%), 2014/15 (24%), 2015/16 (16%), 2016/17 (21%), 2017/18 (22%), 2018/19 (20%), 2019/20 (17,1%), 2020/21 (20,0%), 2021/22 (26,7%). Por outro lado, existe unha gran variabilidade entre o número de alumnos que abandonan cada ano o Grao en Bioloxía (datos do centro); dito número se sitúa entre 17 e 39 alumnos/as e foise reducindo desde o curso 2012/13 ata acadar un número de 19 alumnos no curso 2020/21; sen embargo, desde o curso 2019/20 parece que está volvendo a incrementarse o número de alumnos/as que abandonan (2019/20, 19 alumnos/as; 2020/21, 20 alumnos/as; 2021/22, 27 alumnos/as). Isto está en consonancia cas porcentaxes de abandono calculadas polo centro, que no curso 2021/22 sitúase no 26.7%. Polo tanto, está a superar por moito o valor do <15% previsto na memoria da titulación. Sen embargo, as taxas de abandono no primeiro curso calculados polo noso centro tenden a ser superiores as proporcionadas pola ACMP (IN40G); en concreto, para o curso 2021/22 existe bastante disparidade: 26.7% (Centro) fronte a 9.52% (1ª ed)/4% (2ª ed) IN40G/ACMP. En canto as taxas de abandono proporcionadas pola ACMP (Táboa 2), estas tamén foron elevadas nos primeiros anos trala implantación do Grao en Bioloxía, reducíndose ata acadar, nos cursos 2019/20 e 2020/21, os valores de 17.1 e 15.2 (taxa de abandono primeiro curso; IN40G) e 18.3 e 21.3 (taxa de abandono segundo o RD1393/2007), respectivamente. No curso 2021/22 o indicador IN40G foi de 9.52% (1ª ed)/4%(2ª ed), e o indicador IN41G foi do 21% (1ª ed grado; non existe para a 2ª ed). Tendo en conta que os valores das taxas de abandono previstas na memoria actual do título (2ª edición) son <15% (primeiro ano) e <20% (RD1393/2007), pódese dicir que de acordo cos indicadores proporcionados pola ACMP estase a cumprir o primeiro dos obxectivos (taxa de abandono no primeiro ano <15%) e moi preto no caso da taxa de abandono segundo o RD1393/2007 (<20%). En conclusión, as taxas de abandono proporcionadas pola Área de Calidade e Mellora dos Procedemento sufriron unha mellora importante dende o comezo do Grao en Bioloxía, o cal pode deberse ao nivel de esixencia na nota de corte do alumnado e a boa porcentaxe de estudantes que solicitan o acceso ao grao como primeira opción. Sen embargo, dada a disparidade entre os datos de taxa de abandono no primeiro ano calculada polo centro e a taxa de abandono no primeiro ano proporcionada pola ACMP, e dado que o valor de taxa de abandono RD1393/2007 está lixeiramente por enriba do límite previsto pola memoria (<20%), dende o Sistema de Garantía de Calidade do Centro débese seguir traballando para reducir dita taxas.

Dos diferentes graos da USC aos que se marcha o alumnado do Grao en Bioloxía, destacan os diferentes englobados nas Ciencias e Ciencias da Saúde (entre 3 e 18 alumnos/as). En todos estes anos o alumnado que abandonou o Grao en Bioloxía matriculouse sobre todo en Graos en Ciencias da Saúde na USC, como Enfermería (n=25), Medicina (n=20), Psicoloxía (n=15), Veterinaria (n=14), Farmacia (n=9), Odontoloxía (n=6), Óptica e Optometría (n=3), Nutrición Humana e Dietética (n=2), ou Química (n=1; curso 2020/21). Dentro da nosa facultade, algúns/algúns alumnos/as movéronse aos Graos de Biotecnoloxía (n=4) ou a segunda edición do Grao en Bioloxía (n=2), que comezou a implantarse no curso 2020/21, polo que estes alumnos/as realmente non fixeron un cambio de grao.

Dentro do alumnado que deixa o Grao en Bioloxía estase a producir unha certa tendencia ao incremento da porcentaxe de aqueles/as alumnos/as que se decantan por Graos de Ciencias ou de Ciencias da Saúde dende o curso 2014/2015, superando incluso nos últimos anos aos abandonos, que están a ter unha tendencia xeral ao descenso dende o curso 2014/15 ata 2021/22. Un 37% dos/as alumnos/as no curso 2020-21 ou un 27% no global (dende 2009/10 ata 2021/22) abandonan o Grao en Bioloxía para cursar graos incluídos en Ciencias ou Ciencias da Saúde. Este abandono pode deberse a que escollen estes graos como primeira opción e, en canto son admitidos, abandonan o Grao en Bioloxía. Este traslado a Ciencias e Ciencias da Saúde teríamolo

que considerar como inevitable e por tanto un factor que sempre repercutirá negativamente na taxa de graduación. É dicir, cun 9.52% (1ª ed) e 4% (2ª ed) (IN40G) ou 26.7% (cálculo do centro) de taxa de abandonos no primeiro curso, dos cales ~ 27% en promedio vanse inevitablemente a Graos en Ciencias ou Ciencias da Saúde e sen embargo unha tendencia xeral ao descenso na porcentaxe de abandonos dende o curso 2014/15 ata 2021/22, mellorar as taxas de abandono no primeiro ano e de graduación (que actualmente na 2ª edición do Grao en Bioloxía están previstas, respectivamente, en <15% e >50%), parece difícil de conseguir polo menos na taxa de abandono no primeiro ano. Por outro lado, non se observa ningún patrón nos cambios operados a outros graos dentro da USC, como poden ser os de Lingua e Literatura Inglesa, Políticas, Administración e Dirección Empresas ou Mestre en Educación Primaria. Tamén merece a pena destacar a estabilidade nos últimos cursos académicos da taxa de traslados de expedientes fóra da USC, e a nula porcentaxe de intercambios e situacións que encaixan no epígrafe “outras causas”.

En conclusión, as taxas de abandono previstas na memoria da 2ª edición do Grao en Bioloxía son <15% (primeiro ano) e <20% (RD1393/2007). En canto a primeira, a taxa de abandono 1º curso (%) calculada polo centro para o curso 2021/22 ten un valor superior ao 15% (26,7%), namentres que as taxas de abandono 1º curso (%) proporcionadas pola ACMP (P. Ind; IN40G) en 2021/22 (1ª ed.) e en 2022/23 (2ª ed.) foron do 9,52% e 4%, respectivamente, inferiores polo tanto ao 15%. Pola súa parte, as taxas de abandono RD1393/2007 para a 1ª ed. do Grao en Bioloxía nos cursos 2021/22 e 2022/23 foron do do 20.95% e 21.74%, respectivamente, e polo tanto lixeiramente por enriba do 20% previsto. Pódese dicir así que de acordo cos indicadores proporcionados pola ACMP estase a cumprir o primeiro dos obxectivos (taxa de abandono no primeiro ano <15%) e moi preto no caso da taxa de abandono segundo o RD1393/2007 (<20%)

En aplicación do protocolo “Método de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do grao” a ACMP, unha vez finalizado o primeiro semestre, envía ao centro a información do alumnado que podería estar en risco potencial de abandono por non ter contidos superados nin recoñecidos nese primeiro semestre de docencia (INF 20 - Informe de abandono potencial Estudiantes sen contidos superados nin recoñecidos no primeiro semestre de docencia). No curso aparecen na lista de abandono potencial 9 alumnos/as na 1ª edición do Grao en Bioloxía (2501101) e 38 alumnos/as na 2ª edición do Grao en Bioloxía (2504140) debido a estar matriculados de 1-6 materias pero non ter contidos superados nin recoñecidos no primeiro semestre de 2023/24.

**Táboa 2.** Evolución dos valores das taxas de rendemento, éxito, avaliación, graduación, abandono (1º curso, e RD 1393/2007), así como a duración media dos estudos para o Grao en Bioloxía. Fonte da información: ACPM

	2013/14	2014/15	2015/16	2016/17	2017/18	2018/19	2019/20	2020/21	2021/22	2022/23
Taxa de rendemento (%) IN34G	67,5	68,5	67,4	72,74	72,4	74,5	89,7	75,3 (1ª ed) 75,77 (2ª ed)	75,36 (1ª ed) 78,65 (2ª ed)	76,66 (1ª ed) 73,6 (2ª ed)
Taxa de éxito (%) IN35G	76,6	76,2	76,9	80,6	80,9	82,5	94,2	82,81 (1ª ed) 84,69 (2ª ed)	84,39 (1ª ed) 84,91 (2ª ed)	87,37 (1ª ed) 81,66 (2ª ed)
Taxa de avaliación (%) IN36G	88,1	90	87,6	89,4	89,5	90,3	95,2	90,95 (1ª ed) 89,47 (2ª ed)	89,31 (1ª ed) 92,63 (2ª ed)	87,74 (1ª ed) 90,09 (2ª ed)
Taxa de graduación (%) IN37G	35,5	39,0	45,4	43,6	43,3	44,5	58,3	60,19 (1ª ed)	56,19 (1ª ed)	57,61 (1ª ed)
Taxa de abandono no 1º curso (%) IN40G	19,9	15	16,4	12,3	12,5	14,8	17,1	15,22 (1ª ed)	9,52 (1ª ed)	0 (1ª ed) 4 (2ª ed)
Taxa de abandono	20,6	38,4	27,0	28,6	20,9	23,3	18,3	21,30 (1ª ed)	20,95 (1ª ed)	21,74 (1ª ed)

RD 1393/2007										
Duración media dos estudos (anos) IN38G	4,3	4,8	4,8	5,1	5,1	5,2	5,3	5 (1ª ed)	4,99 (1ª ed)	4,81 (1ª ed)

Como acabamos de dicir, a taxa de graduación non acadou o valor mínimo previsto na memoria (60%), aínda que está preto. Esta desviación da previsión inicial foi indicada no seu momento no “INFORME PROVISIONAL DE EVALUACIÓN PARA LA RENOVACIÓN DE LA ACREDITACIÓN”. Seguindo as recomendacións do mencionado informe abordouse un estudo tendente a identificar as causas subxacentes a esta baixa taxa de graduación e a elevada duración media dos estudos. Isto levounos a facer unha análise detallada das causas que poden incidir nelas, e á inclusión do Protocolo “Informe das materias suspensas polas que os alumnos/as non defenden o Traballo de Fin de Grao (TFG)” no SGC do Centro. A finalización dos estudos a marca a defensa do TFG, para o cal é necesario ter superados todos os créditos necesarios para a obtención do título (agás os correspondentes ao propio traballo). Deste xeito, é interesante coñecer cales son as materias cuxa dificultade na súa superación atrasa a defensa do TFG, alongando a finalización dos estudos, diminuíndo a taxa de graduación e aumentando a duración media dos estudos. Obviamente o problema é máis complexo, e no mesmo incide tamén a porcentaxe de alumnos/as que superan cada materia, xa que o número de alumnos que chegan a matricularse do TFG no ano que lles corresponde é baixo. No curso 2022/23, o número de alumnos que repetiron o TFG foi de 41. Destes, 10 só estaban matriculados do TFG e 37 tiñan menos de 5 materias (<24 créditos) acompañantes. O número de alumnos que se matricularon no TFG no curso anterior (2021/22) foi de 145. Desta forma os 41 alumnos representaban o 28 % respecto dos matriculados o ano anterior. Catorce destes 41 alumnos/as repetiron cunha única materia (34%), 9 deles (64,3%) con Bioloxía Molecular, 2 con Xenética Evolutiva (14,3%), 1 con Fisioloxía Vexetal I (7,1%), 1 con Fisioloxía Vexetal II (7,1%), e 1 con Biotecnoloxía Vexetal (7,1%). Cinco alumnos/as repetiron con 2 materias (12%; 3 con Bioloxía Molecular e con 3 Fisioloxía Vexetal I), 3 alumnos/as con 3 materias (3 con Fisioloxía Vexetal I, 2 con Bioloxía Molecular e 2 con Xenética Evolutiva) e 5 alumnos/as con 4 materias (4 con Bioloxía Molecular, 3 con Xenética Evolutiva, 2 con Edafoloxía e 2 con Enxeñería Xenética). Desta forma pódese concluír que a materia que supón o maior problema para que os alumnos poidan defender o TFG é Bioloxía Molecular, e por tanto os suspensos nesta materia poden constituír un importante freo para mellorar a taxa de graduación. Esta materia ten unha porcentaxe de superación da materia que é, respecto doutras do Grao en Bioloxía, baixo, pero non é o menor. Parece ser que o problema é ter que cursar en cuarto curso de grao unha materia como Bioloxía Molecular, cunha porcentaxe tan baixa de alumnos que a superan, xa que teñen exclusivamente dúas oportunidades para superala. No curso 2022-23 implantouse por primeira vez o terceiro curso da segunda edición do Grao en Bioloxía, que contempla cursar esta materia no 3º curso en vez de en 4º. Polo tanto, pensamos que esta medida pode contribuír no futuro a solucionar o problema do alumnado que non pode defender o seu TFG debido a ter suspensa esta materia. Pola contra, a media da porcentaxe de alumnos que superan as materias de cuarto é superior ao 85%, o que facilita, salvo excepcións, que os alumnos poidan defender o TFG no ano que cursan cuarto curso.

### 2.2.2.- Grao en Biotecnoloxía (GBT)

#### Plan de estudos e modificacións non substanciais

O plan de estudo do Grao de Biotecnoloxía estase a implantar de acordo á memoria de verificación do título (actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, ...) e os pequenos axustes que se van realizando recóllense no apartado de modificacións do plan de estudos na Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía. A titulación comezou a impartirse no curso 2018/19 e, como a implantación fíxose gradualmente, no curso 2021/2022 rematouse esta coa aparición dun cuarto curso onde estaban presentes materias optativas transversais ou vinculadas ás mencións de Biotecnoloxía Sanitaria, Biotecnoloxía Industrial, ou Biotecnoloxía Agroalimentaria, as prácticas externas e o traballo fin de grao. Durante o curso 2022-2022 non houbo modificacións non substanciais no plan de estudos da 1ª edición do Grao de Biotecnoloxía.

#### Cumprimento das guías docentes

O desenvolvemento das actividades formativas das materias recóllense nas Guías Docentes, onde se indican os obxectivos, contidos, bibliografía (básica e complementaria), competencias, metodoloxía do ensino, sistema de avaliación, tempo de estudo e traballo persoal e recomendacións para o estudo. As Guías Docentes son elaboradas polo profesorado encargado da súa

docencia, revisadas polos coordinadores/as de curso e de título, e aprobadas pola Comisión de Título e a Xunta de Facultade (proceso clave PC-02 Planificación das ensinanzas do SGC). O indicador IN46G (satisfacción do alumnado coa docencia recibida) amosa unha valoración media sobre 5 puntos de 3.85 (2018/19), 3.99 (2019/20), 3.93 (2020/21) 4.27 (2021/22) e 4.17 (2022/23), o que supón unha pequena redución en relación á valoración no curso anterior, aínda que segue sendo alta. Por outro lado, o grao de cumprimento das programacións docentes tamén foi elevado, tal e como indican os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida que realiza a ACMP (indicador INF13). Así, nesa enquisa o ítem “*Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?*” ten unha valoración de 4.40 (2021/22) e 4.46 (2022/23) sobre 5 puntos, e o ítem “*Os contidos desenvólvense de acordo co cronograma temporal da materia?*” ten un valor de 4,33 (2021/22) e 4.36 (2022/23) sobre 5 puntos (participación: 35.68% e 47.06%, respectivamente). Concluimos polo tanto que o grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida e o cumpimento das programacións docentes é elevado.

### Procedementos de coordinación

No curso 2022-2023 non produciuse ningún cambio no equipo de coordinadores, de tal xeito que os coordinadores foron os seguintes:

- Javier Sampedro Jiménez. Coordinador do Grao
- Manuel Noia Guldrís. Coordinador 1º Curso
- Cristina Díaz Jullien. Coordinadora 2º Curso
- Enrique Roca Bordello. Coordinador 3º Curso
- Sabela Balboa Méndez. Coordinadora 4º Curso

Os procedementos de coordinación están establecidos no SGC (PC-04 Desenvolvemento das ensinanzas). No centro estanse a facer esforzos importantes no establecemento dos procedementos de coordinación tanto horizontáis como verticais e no seu cumprimento, e os resultados das enquisas son bos; así, na enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida (INF.14; participación 48.89% en 2021/22 e 48.60% no 2022/23) o ítem “*A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?*” ten unha valoración de 4,17 (2021/22) e 3.97 (2022/23) (sobre 5 puntos). Por outro lado, na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF.23; participación 28,04%) o ítem “*as e os docentes estamos coordinados na organización do título?*” presentou un valor de de 4.17 sobre 5 puntos no curso 2022/23, polo que podemos concluir que os docentes están satisfeitos cos procedementos de coordinación no Grao de Biotecnoloxía.

Dentro dos Protocolos Propios do SGC do Centro figura a enquisa das materias. Estas enquisas pásanse dúas veces ao longo do curso académico (unha para cada semestre), e son adaptadas para as materias de cada un dos catro cursos . A información recollida por estas 8 enquisas foi analizada polo equipo de coordinadores do Grao en Biotecnoloxía e resumida en dous informes (informe do primeiro semestre 2022/2023 e informe do segundo semestre 2022/2023) que foron aprobados secuencialmente pola Comisión de Título (27/09/2023) e a Comisión de Calidade (27/09/2023). A continuación preséntase un resumo dos principais resultados.

**Primeiro cuatrimestre:** Os índices de superación na primeira convocatoria melloraron no primeiro curso, mantivéronse no segundo curso, aínda que con importantes cambios nalgunhas materias, e descendieron lixeiramente no terceiro e cuarto (Figura 1). Posiblemente o alumnado de primeiro curso comezou a carreira con máis motivación e/ou con mellores hábitos de estudo que os do curso anterior, observándose unha maior asistencia ás clases expositivas. En segundo curso obsérvase unha diminución da asistencia. Entre as materias básicas de primeiro curso, Matemáticas volve ser considerada pouco útil polo alumnado para a súa formación, pero obsérvase unha clara mellora en Física que podería estar relacionada cun cambio de profesorado e de metodoloxía. En segundo lugar, prodúcese un descenso da utilidade percibida da materia de Bioquímica I por parte do alumnado que coincide cunha baixada do índice de superación, que podería estar relacionada cun cambio na metodoloxía do exame. Aumenta an cambio a utilidade percibida da materia TFTC e tamén o índice de superación, que se podería explicar por cambios na metodoloxía, aínda que o calendario de exames tamén puido influír. En Microbioloxía II tamén se observa un cambio na distribución das cualificacións, que pode deberse en parte a un cambio no tipo de exame. En terceiro curso obsérvase que, en xeral, o alumnado é máis crítico en todas as materias, con queixas relacionadas con horarios, acumulación de tarefas ou falta de utilidade dalgunhas actividades. Neste curso impartíuse por segunda vez o cuarto curso do Grao en Biotecnoloxía e en xeral observouse unha mellora na percepción do alumnado a excepción da materia de Economía e



Dirección de Empresas na que se produciu un cambio de profesorado. que provocou un aumento do nivel de esixencia que lle pareceu excesivo ao alumnado, o que tamén se reflicte nos resultados.






Figura 1. Porcentaxe de superación en primeira convocatoria nos cursos 2021-2022 (azul) e 2022-2023 (laranxa).


**Segundo cuatrimestre:** Este ano graduáronse 49 alumnos, 45 deles da segunda promoción e 4 da primeira. Cos datos dos primeiros cinco anos de implantación podemos observar a traxectoria media do alumnado (Figura 2). Obsérvase unha taxa de abandono importante no primeiro ano, pero o abandono é case cero nos anos seguintes. A taxa de abandono no primeiro curso do curso 2022-2023 reduciuse de forma significativa con respecto ao curso anterior, o que podería indicar que os estudantes accederon á titulación cunha vocación máis clara (Figura 3). Con todo, no curso 22-23 observouse un elevado número de estudantes que cancelaron a súa matrícula e non se rexistraron como abandonos. A menor taxa de abandono, xunto cos axustes no calendario de exames, podería explicar o maior rendemento observado nas materias de primeiro curso (Figura 4). É posible que os estudantes que comezaron a carreira no curso 22-23 teñan tamén mellores hábitos de estudo que os que ingresaron no curso anterior. Os que entraron no curso 21-22 están agora en segundo, e neste curso hai unha lixeira baixada de rendemento que podería estar relacionada coa baixa asistencia ás clases. No terceiro e cuarto ano tamén se observa unha lixeira redución, pero a taxa de rendemento mantense en valores moi elevados. Neste curso impartíuse por segunda vez o cuarto curso do Grao en Biotecnoloxía. A opinión do alumnado sobre as materias mellorou con respecto ao curso pasado e recibíronse menos queixas. En canto ao número de alumnos matriculados nas distintas materias optativas, obsérvase un maior equilibrio (Figura 5). O 52% dos titulados obtivo a mención Sanitaria, o 25% a Agroalimentaria e o 2% a Industrial. O ano anterior a distribución foi do 65% para a Sanitaria e do 11% para a Agroalimentaria. En canto ás opinións do alumnado, obsérvase que na maioría dos casos aprecian a formación recibida nas distintas materias. En varios casos, os profesores reconsiderarán algunhas actividades que os alumnos consideran pouco útiles. Noutros casos analizaranse posibles solapamentos, redundancias ou desequilibrios. A coordinación consultará cal é o número de exposicións orais ao longo da titulación, que poderían reducirse para abordar outro tipo de actividades. Unha das cuestións que se repiten nos distintos cursos é a limitada utilidade das titorías, aínda que un cambio na redacción da pregunta para incluír distintos tipos de titorías reduciu o número de respostas "Non procede". Na reforma do grao en aprobación reduciuse o número de horas dedicadas a estas actividades. Outra observación que se repite nos diferentes cursos son os problemas de calendario e a acumulación de tarefas ao final do cuatrimestre. Neste curso realizáronse cambios para adiantar actividades nalgúns cuatrimestres, pero a coordinación considera que estes cambios poderían estenderse a outros cuatrimestres. Tamén pode ser interesante explorar a realización dos exames de segunda oportunidade do segundo cuatrimestre antes que os do primeiro cuatrimestre. Por outra banda, o alumnado solicita máis información sobre o TFG e as distintas modalidades de prácticas.




**Figura 2. Traxectoria dos estudantes.** En vermello indicanse os abandonos, en azul a continuación de estudos e en verde a graduación.



**Figura 3. Taxa de abandono en primeiro ano.**



**Figura 4. Porcentaxe de superación por materias.** As barras grises correspóndense aos resultados do curso anterior.



**Figura 5. Porcentaxe de matriculados nas distintas optativas.** Os cores indican as optativas asociadas á mención Biosanitaria (vermello), Industrial (azul), Agroalimentaria (verde) ou transversais (negro). En gris móstranse os resultados do curso anterior.

Por outro lado, no curso 2021/2022 graduouse a primeira promoción do Grao en Biotecnoloxía. Dos 37 graduados 24 recibiron a Mención en Biotecnoloxía Sanitaria (65%) e 4 (11%) a Mención en Biotecnoloxía Agroalimentaria. En setembro de 2022 fíxose unha enquisa propia do equipo de coordinación do Grao en Biotecnoloxía á que contestaron 25 dos graduados (68%) dos que 23 (92%) continuaban os seus estudos e 2 estaban considerando as súas opcións. Entre os graduados que continuaba os seus estudos, un estaba preparando a oposición BIR e 22 estudiaban en programas de máster. Dentro dos graduados en programas de máster, 8 (36%) continuaba estudando na USC, 8 (36%) o facían en programas de máster doutras universidades e outros 6 (27%) estudiaban no estranxeiro, tal como se pode ver na **Táboa 3**.

**Táboa 3. Programas de mestrado nos que se matricularon os egresados do Grao en Biotecnoloxía (promoción 2021/2022).**

Máster	Graduados
Máster en Investigación Biomédica (USC)	4
Máster en Bioloxía Molecular e Microbioloxía (Lund)	3
Máster en Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos (USC)	2
Máster en nanociencia e nanotecnoloxía (USC)	1
Máster en Neurociencia (USC)	1
Máster en gestión de la calidad y seguridad alimentaria (UPV)	1
Máster en Viroloxía (UCM)	1
Máster en Bioinformática (VIU)	1
Máster en Aproximacións Moleculares en Ciencias de la Salud (UV)	1
Master en Medicina regenerativa e terapias avanzadas (CEU)	1
Máster en Calidad y Seguridad Alimentaria (UPV/EHU)	1
Máster en Medicina Regenerativa (CEU)	1
Máster Universitario en Microbioloxía Aplicada (UAB)	1
Nanomed Erasmus Mundus Joint Master Degree (Paris-Cité)	1

<b>Master of Science program in "Immunobiology: from molecules to integrative systems" (Bonn)</b>	1
<b>MSc Biomedical sciences (Radboud)</b>	1

\*Fonte: Enquisa propia do equipo de coordinación do Grao en Biotecnoloxía

### Análise do perfil real de ingreso/egreso

Como xa sucedera nos cursos previos, ao ser unha titulación con elevada demanda nas universidades españolas e recente no SUG, as solicitudes foron numerosas. No curso 2022/23 presentáronse un total de 737 solicitudes (720 correspondentes a cota xeral -alumnos/as procedentes do bacharelato e de formación profesional) para cubrir as 50 prazas ofertadas (datos da Comisión Interuniversitaria de Galicia; INF.CIUG Curso 2022-23). Dos/as 54 alumnos/as que finalmente accederon ao grao, 51 (94.4%) procederon da cota xeral e os 3 restantes (5.6 %) entraron pola cota de discapacitados; dentro dos estudantes que entraron pola cota xeral, o 98% (50) procedían do Bacharelato e superaron as probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU); soamente o 2% (1 alumno/a) do alumnado procedeu de Formación Profesional (INF.CIUG 2022-23).

A nota de corte da cota xeral (INF.CIUG) en 2022/23 foi 11.930, namentres que a nota media de acceso por preinscrición (indicador IN06G; panel de indicadores; INF.CIUG 2022-23, Nota de admisión dos alumnos matriculados, bacharelato) para o Grao de Biotecnoloxía foi 12.93. De feito, este último indicador evolucionou nos últimos anos do seguinte xeito: 12.56 (2018/19) 12.78 (2019/20) 13.1 (2020/21) 13.02 (2021/22) 12.93 (2022/23). No curso 2021/22 un 60% dos estudantes foron mulleres, e no curso 2022/23 este % dos estudantes pasou a ser o 75% (cota xeral). A maioría dos estudantes da cota xeral (50 de 51; 98 %) procedían de Galicia, dos cales 23 da provincia de A Coruña (46 %), 4 de Lugo (0.08 %), 6 de Ourense (12 %), e 17 de Pontevedra (34 %).

Ao inicio de cada curso académico a Facultade de Bioloxía organiza un acto de acollida para o alumnado de primeiro curso, na que se realizaba a enquisa de perfil de ingreso (Protocolo do SGC). No curso 2022/23 celebrouse o acto de acollida (Data: 7 de setembro. Horario: 12:00 a 13:35. Lugar: Aula Magna de Bioloxía), polo que realizouse a habitual enquisa de perfil de ingreso entre o alumnado, que foi informado do interese que ten a recollida desta información para os procesos de calidade e mellora. Na devandita enquisa consultóuselles sobre a nota de acceso, as materias que cursaran no bacharelato, as materias das que se examinaran na proba xeral e na específica e as cualificacións obtidas, así como a orde de prelación dos grados nos que solicitaron o ingreso e as universidades correspondentes. A enquisa foi contestada por 46 alumnos/as de novo ingreso do Grao de Biotecnoloxía, polo que a consideramos representativa (75%). Os resultados máis destacables dos datos aportados polos alumnos/as resúmense a continuación. A gran maioría do alumnado procede do Bacharelato (LOMCE) de Ciencias e superaron as probas de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU). No curso 2022/23, o 4,9% do alumnado accedeu por validación de estudos estranxeiros, o 1,6% restante procedeu doutros graos. Ningún alumno accedeu ó grao de Biotecnoloxía dende a Formación profesional. Deste xeito, de acordo cos datos propios da Facultade de Bioloxía, no curso 2022-2023 a Facultade de Bioloxía ofertou 50 prazas para cursar o Grao de Biotecnoloxía pero o número de alumnos/as de novo ingreso foi de 61. En canto á procedencia académica deste alumnado e as materias cursadas no bacharelato, o alumnado que accedeu ao Grao en Biotecnoloxía cursou maioritariamente Matemáticas I (91%), Física Química (98%) e Bioloxía e Xeoloxía (98%) en 1º curso de bacharelato. En 2º curso, todo o alumnado cursou Matemáticas II, o 98% Bioloxía e o 98% Química. As porcentaxes de alumnos/as que cursaron Ciencias da Terra e do Medio Ambiente, Xeoloxía e Física foron bastante menores: 22, 4 e 37% respectivamente. En relación coas probas de acceso a Universidade (Ingreso) e as materias elixidas e rendemento nas mesmas, os resultados da enquisa indican que o alumnado que accede ao Grao de Biotecnoloxía examinouse maioritariamente de Matemáticas (96%), Química (89%) e Bioloxía (89%). So o 20% elixiu examinarse de Física. Todos os/as alumnos/as que accederon ao Grao de Biotecnoloxía superaron Matemáticas, Bioloxía e Física. Os resultados foron moi bos en todas as materias. Respecto ás cualificacións dos exames das distintas disciplinas, as medianas foron todas iguais ou superiores a 8 puntos sobre 10. Destacan os elevados valores das medianas en Bioloxía, Matemáticas e Química (9 puntos sobre 10). Pódese concluír que o alumnado que accede ao Grao en Biotecnoloxía que se imparte na Facultade de Bioloxía cursou maioritariamente as materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Matemáticas I, Bioloxía, Química e Matemáticas II. Isto plásmase na elección das materias das que se examinan na ABAU, que adoitan ser Bioloxía, Química e Matemáticas, nas que aproban a maioría do alumnado e presentan unhas notas cuxo valor da mediana corresponde a unha cualificación de sobresáinte en Bioloxía, Física e Química e sobresáinte alto (mediana de 10 puntos) en Matemáticas. En canto a nota de acceso da ABAU, a enquisa propia de perfil de ingreso indica que as notas de acceso do alumnado de Biotecnoloxía foron moi elevadas; na maioría do alumnado foron superiores a 12 puntos sobre 14, con media de 13 e mediana de 12.9 puntos. A nota mais baixa foi 11.1 e a mais alta 13.7. As

notas do curso 2022/23 incrementáronse case en 1 punto respecto ao curso 2021/22. Pódese concluír que o alumnado que accede ao grao que se imparte na Facultade de Biología é un alumnado con notas de acceso de notable e sobresáinte. En relación á elección de Grao e universidade, a porcentaxe de alumnado que seleccionou o Grao en Biotecnoloxía da USC como primeira e segunda opción foi do 91% e 7%, respectivamente. No mesmo sentido, o informe INF.CIUG tamén resalta que o 87,0% dos matriculados elixiron o Grao de Biotecnoloxía como a súa primeira opción, e o 11,1% como a súa segunda opción, o cal coincide cos datos que temos a través da nosa propia enquisa de perfil de ingreso. Por outro lado, o indicador IN10G (Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas) aporta unhas porcentaxes moi similares nos últimos anos: 86.0 (2018/19), 100.0 (2019/20), 90.0 (2020/21), 92.0 (2021/22), 94 (2022/23). Pódese concluír que a maioría dos/as alumnos/as que cursan o grao de Biotecnoloxía na Facultade de Biología da USC seleccionaron estes estudos como a súa primeira opción. Polo tanto, estes resultados no seu conxunto evidencian o adecuado perfil de ingreso e a boa formación que presenta o alumnado que accedeu ao Grao en Biotecnoloxía no curso 2022/23.

Dende o Centro podemos acceder á información dos/as egresados/as que cursan estudos de máster na USC, o cal complementa a información proporcionada pola enquisa realizada desde Coordinación do Grao en Biotecnoloxía. No curso 2022/2023 completaron a súa formación realizando un máster na USC 14 graduados en Biotecnoloxía pola USC. Estes/as alumnos/as cursaron os seguintes másteres:

- [P1073V01] Máster Universitario en Acuicultura (3ª Ed) - 2023/2024: 1
- [P1221V01] Máster Universitario en Innovación en Nutrición, Seguridade e Tecnoloxía Alimentarias - 2023/2024: 2
- [P2062V02] Máster Universitario en Investigación Biomédica (3ªed) - 2023/2024: 3
- [P1241V01] Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión - 2023/2024: 0
- [P2201V01] Máster Universitario en Xenómica e Xenética - 2023/2024: 3
- [P2221V01] Máster Universitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía - 2023/2024: 3
- [P3241V21] Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas. Especialidade Ciencias Experimentais, Matemáticas, e Tecnoloxía e Informática (Campus Santiago) - 2023/2024: 2

Polo tanto, os principais mestrados da USC que cursan os egresados do Grao en Biotecnoloxía son o Máster Universitario en Investigación Biomédica, o Máster Universitario en Xenómica e o Máster Universitario en Nanociencia e Nanotecnoloxía.

Aínda que para analizar o perfil de egreso temos que esperar unha serie de anos despois de concluído no curso 2021/22 a implantación de todos os cursos da titulación, os datos máis recentes sobre inserción laboral dos/as egresados/as universitarios (informe "[Inserción laboral de los egresados universitarios Curso 2013-14 \(análisis hasta 2018\)](#)" -Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, 2019) indican que o 66% dos Graduados/as en Biotecnoloxía no curso 2013/14 e nas distintas universidades españolas están traballando catro anos despois; ademais, o 77,8 % traballan como titulados universitarios.

### Resultados das materias

O SGC da Facultade de Biología conta cun protocolo propio ("Informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente") para a detección de materias que, de forma recorrente, presentan baixas taxas de superación, funcionando este como un sistema de alerta que permite ter a información necesaria para poder corrixir as desviacións que presentan algunhas materias, respecto das porcentaxes de superación das materias do grao. Seguindo este protocolo, se unha materia obtivera valores de superación inferiores ao percentil do 20% (acumulativo de todas as materias dende que se empezou a impartir a titulación) durante dous cursos consecutivos, entraría na denominada alarma temperá. Nestes casos, o profesorado e o departamento responsable da docencia son informados, e se lles solicita que apliquen medidas para corrixir as desviacións detectadas (revisar e analizar a planificación, metodoloxía e sistemas de avaliación docente), para garantir que o alumnado alcance os resultado da aprendizaxe esperados.

En canto aos resultados xerais no devandito informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente, a media (ponderada polo número de créditos) de alumnos/as que superan en cada convocatoria (incluíndo as dúas oportunidades) as materias do grao de Biotecnoloxía foi, dende o inicio dos estudos, do 92%, o que é unha media moi alta . Esta media variou desde o curso

académico 2018/19 (momento da implantación do Grao en Biotecnoloxía) ata o 2022/23 do seguinte xeito: 84% (2018/19), 95% (2019/2020), 92% (2020/21), 92% (2021/2022), e 93% (2022/2023). Non obstante, os valores desta serie hai que interpretalos con cautela. En primeiro lugar porque os tres primeiros cursos coinciden coa implantación de primeiro (2018/19), primeiro/segundo (2019/20), e primeiro/segundo/terceiro (2020/21), mentres que a partir do curso 2021/22 correspóndese coa implantación dos catro cursos do Grao en Biotecnoloxía. Por outro lado, o valor algo máis elevado do curso 2019/2020 (95%) estivo relacionado coa pandemia, que obrigou a que a docencia do segundo semestre e o proceso de avaliación foran telemáticas. Finalmente, a media de alumnos/as matriculados/as que superan en cada convocatoria (incluíndo as dúas oportunidades) as materias do Grao das que se matriculan foi do 93 % no curso 2022/23, e esta media é moi similar á dos cursos anteriores 2020/2021 (92%) e 2021/2022 (92%). Polo tanto, concluimos que os resultados da taxa de superación das materias no Grao en Biotecnoloxía é moi alta e estable, o cal concorda coa alta nota de acceso a estes estudos.

Se aumentamos o nivel de detalle podemos observar a media das porcentaxes de superación das materias para cada curso (primeiro, segundo, terceiro, cuarto) e curso académico (desde 2018/19 a 2022/23) da 1ª edición do Grao en Biotecnoloxía; estes valores promedio nas materias de primeiro e segundo son inferiores aos dos restantes cursos académicos. En relación cos resultados do curso 2022/23 (implantación completa do Grao en Biotecnoloxía), os resultados promedio das materias amosan novamente unha progresión positiva a medida que se suceden os cursos: primeiro (86%), segundo (92%), terceiro (97%), e cuarto (100%). Como veremos, este ven a coincidir coa presenza dun conxunto de materias en segundo e especialmente en primeiro nos que os/as alumnos/as teñen máis dificultades para superalas. Finalmente, despois dunha progresiva caída na taxa de superación promedio no primeiro curso debido a presenza dun número de materias con resultados por debaixo do percentil do 10% (ver máis adiante), este valor recuperouse novamente para acadar un 86% (un valor practicamente coincidente co PC20%, 85-86%).

Se aumentamos aínda máis o nivel de detalle podemos analizar a porcentaxe de alumnos/as que superan unha determinada materia en cada un dos cursos académicos e agrupar os resultados por curso do grao. Ademais, calculouse, para o total das materias do grao e todos os cursos académicos nos que o grao foi impartido, o percentil inferior do 10 e 20% da porcentaxe de alumnos que superan as materias. Estes percentís tiveron os valores do 81% para a  $p=0.1$  e do 86% para a  $p=0.2$  no curso 2022/23. Así, a media de alumnos/as matriculados/as que superaron as materias do **primeiro curso** foi do 86% no curso 2022/23, un valor menor que en outros cursos como se verá xa que unha materia presenta un porcentaxe de superación < PC20% (Matemáticas) e dúas por debaixo do PC 10%: Bioloxía do Desenvolvemento e dos Tecidos e Órganos; Fundamentos dos Procesos Biolóxicos. En relación a esta última, os datos indican que esta materia leva tres anos consecutivos por debaixo do percentil do 10%. Sen embargo, os datos indican que no curso 2022-2023 a materia soamente tivo 5 alumnos, polo que a porcentaxe de superación correcta parece corresponderse con “Fundamentos de enxeñaría de bioprocesos”, que é a nova denominación da materia; esta última ten unha porcentaxe de superación do 95%. Polo tanto, os problemas en primeiro parecen centrarse en Matemáticas (dous anos consecutivos <PC20%) e sobre Bioloxía do Desenvolvemento e dos Tecidos e Órganos (2 anos consecutivos <PC10%). En relación co segundo curso, os resultados da maioría das materias durante o curso académico 2022/23 son mellores que os de primeiro, xa que excepto en Bioquímica II (74%; <PC10% 81%), Xenética I (85%; <PC20% 86%), Fisioloxía Vexetal I (82%; <PC20% 86%), e Enxeñaría Xenética (84%; <PC20% 86%), as porcentaxes de superación son iguais ou superiores ao 86%. O problema máis importante parece atoparse en Bioquímica II, cunha porcentaxe de superación <PC 10% nos últimos tres cursos (2020/21, 77%; 2021/22, 77%; e 2022/23, 74%), uns resultados que afástanse bastante dos de outras materias do grao. En canto aos resultados das materias de terceiro curso, estes son excelentes, situándose entre o 88% (Biotecnoloxía Vexetal) e o 100% (Transferencia de Materia e Biotecnoloxía de Alimentos); todos superiores aos valores dos percentís do 10% (81%) e do 20% (86%), cun valor promedio do 96%. Finalmente, os resultados do cuarto curso da 1ª edición do Grao en Biotecnoloxía son do 100% en todas as materias, salvo tres (Economía e Xestión de Empresas, 98%; Vacinas e aplicacións biotecnolóxicas dos virus, 97%; Biotecnoloxía Mariña e Acuicultura, 98%). Como conclusión, de forma xeral no curso 2022/23 non se detectaron problemas nas taxas de superación das materias de terceiro e cuarto da 1ª edición do Grao en Biotecnoloxía. Sen embargo, no 1º curso parecen existir algúns problemas na taxa de superación das materias Matemáticas (3 cursos consecutivos por debaixo do percentil do 20%) e sobre todo Bioloxía do Desenvolvemento (dous anos consecutivos por debaixo do percentil do 10%, aínda que no curso 2022-2023 mellorou do 65% ao 80%). En canto ao segundo curso, a materia Bioquímica II presentou unha porcentaxe de superación por debaixo do percentil do 10% nos últimos tres cursos académicos (2020/21, 2021/22 e 2022/23).

A información proporcionada pola enquisa de centro é complementada pola información subministrada pola ACMP, que indicou

que no curso 2022/23 todas as materias do Grao en Biotecnoloxía presentaron:

- Taxas de éxito (INF 17) superiores ao 80%, salvo G1051203 - Bioquímica II (79,59%)
- Taxas de rendemento (INF 18) superiores ao 75%, salvo G1051121 - Fundamentos de procesos biolóxicos (60%) e G1051203 - Bioquímica II (73,58%)
- Taxas de avaliación (INF 19) superiores ao 85%, salvo G1051121 - Fundamentos de procesos biolóxicos (60%).

Polo tanto, os resultados das materias do título son moi bos, sen ben de acordo co criterio incluído no SGC da Facultade de Bioloxía, que funciona a modo de alarma temperá, deberá prestarse atención sobre aquelas materias que, durante dous anos consecutivos, amosen valores de porcentaxes de superación inferiores ao percentil do 20% para todas as materias desde que se empezou a impartir a titulación. Este sistema de alarma temperá foi elaborado para poder corrixir as desviacións dalgunhas materias respecto das porcentaxes de superación do total das materias correspondentes ao Grao. No curso 2022/23 activouse o sistema de alarma temperá para as materias Matemáticas (1º; < PC20%) e sobre todo Bioloxía do Desenvolvemento (1º; < PC10%) e Bioquímica II (2º; < PC10%), polo que os Departamentos deben ser avisados desta problemática para que se tomen medidas conducentes a corrixir esta situación. A razón é que as baixas porcentaxes de superación de algunhas das materias de primeiro e segundo van a afectar aos valores das distintas taxas (“taxa de graduación”, “taxas de avaliación”, “taxas de rendemento”, ...) coas que se avalían os títulos, polo que cómpre tomar medidas que permitan unha mellora dos resultados. Sen embargo, nunha recente Comisión do Grao en Biotecnoloxía (17 de abril de 2024), que tiña como un dos puntos da orde do día a aprobación de informes propios del SGC curso 2022-2023, decidiuse que era necesario modificar o sistema de alerta temperá nos protocolos propios do SGC da Facultade de Bioloxía, porque a maioría das materias do grao teñen valores moi altos de porcentaxes de superación e o emprego do sistema dos percentís xera uns valores de corte do 86% para  $p=0.2$  o que implica que materias como por exemplo Bioquímica II en segundo curso, cunha porcentaxe de superación <PC 10% nos últimos tres cursos (2020/21, 77%; 2021/22, 77%; e 2022/23, 74%) e polo tanto cuns resultados que afástanse dos de outras materias do grao, en realidade ten porcentaxes de superación que realmente non son baixos. Polo tanto, a Comisión do Grao en Biotecnoloxía decidiu reformar este sistema de alarma temperá -probablemente cun mecanismo de dobre comprobación-, algo que seguramente se faça en paralelo para o Grao de Bioloxía, o cal implicará unha modificación adicional dos protocolos propios do SGC da Facultade de Bioloxía.

### Resultados do título

Os valores da taxa de rendemento (IN34G), taxa de éxito (IN35G) e taxa de avaliación (IN36G) que figuran no panel de indicadores (P.Ind\_2022-23 ) estes foron do 92.84%, 95.68% e 97.04% respectivamente, valores que melloran os do curso 2021/22 e están por encima da media dos graos da USC e dos previstos na memoria do grao. Estas taxas son bastante estables, xa que a súa evolución nos últimos anos é a seguinte: Taxa de rendemento (IN34G), 83.6 (2018/19), 93.91 (2019/20), 91.04 (2020/21), 91.79 (2021/22) e 92.84 (2022/23); taxa de éxito (IN35G), 90.09 (2018/19), 97.06 (2019/20), 94.19 (2020/21), 95.49 (2021/22) e 95.68% (2022/23); e taxa de avaliación (IN36G), 92.8 (2018/19) 96.75 (2019/20) 96.65 (2020/21), 96.12 (2021/22) e 97.04 (2022/23).

Non obstante, na análise dos resultados, hai unha cuestión sobre a cal temos que estar alerta, e é a relacionada coa taxa de abandono do alumnado. Así, en aplicación do protocolo “Método de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos do grao” a ACMP, unha vez finalizado o primeiro semestre, envía ao centro a información do alumnado que podería estar en risco potencial de abandono por non ter contidos superados nin recoñecidos nese primeiro semestre de docencia (INF 20 - Informe de abandono potencial Estudiantes sen contidos superados nin recoñecidos no primeiro semestre de docencia). No curso aparecen na lista de abandono potencial 9 alumnos/as na 1ª edición do Grao en Biotecnoloxía (2503766) debido a estar matriculados de 2-6 materias pero non ten contidos superados nin recoñecidos no primeiro semestre de 2023/24.

En canto a Taxa de Abandono real calculada polo SGIC da Facultade de Bioloxía (Protocolos Propios), dez dos/as cincuenta alumnos/as (20%) que comezaron os estudos no curso 2018/2019 non están matriculados de ningunha materia do grao no curso 2020/21; entre eles inclúense dous dos alumnos/as en risco potencial de abandono do curso 2018/19. Por outro lado, seis dos cincuenta e sete alumnos/as que comezaron os estudos no curso 2019/20 (10,5%) non están matriculados no grao no curso 2020/21 e 2021/22. Cunha porcentaxe similar (12%), seis dos cincuenta alumnos/as matriculados no grao no curso 2020/21 non están matriculados no curso 2021/22 e 2022/23. Finalmente, nove dos cincuenta e dous alumnos/as matriculados no grao no

curso 2021/22 (17,3%) non están matriculados nos cursos 2022/23 e 2023/24. Como pódese apreciar, tras unha primeira cohorte (2018/19) cunha taxa de abandono calculada do 20% este valor reduciuse en varios cohortes (19-20 e 20-21) que comezaron os seus estudos nunha situación de pandemia, a cal, lonxe de aumentar estes valores, asociouse cunha redución da taxa de abandono calculada. En cambio, na última das cohortes estudadas (2021/22) parece que empeza a apreciarse unha tendencia a alza no valor da taxa de abandono. En canto á taxa de abandono 1º curso (%) ACMP (P. Ind; IN40G) da primeira cohorte (*porcentaxe entre os/as estudantes da cohorte de novo ingreso 18-19 que non se matricularon no título nos cursos 19-20 e 20-21 e o número total de estudantes da cohorte que accederon ao título no curso 18-19*), esta situouse nun 20,83%, un valor moi similar que a taxa de abandono 1º curso (%) calculada polo Centro para o curso 18-19 (20%). Esta taxa de abandono (IN40G) da ACMP pasou deste 20,83% no curso 20-21 a un 7,41% no curso 21-22, o que coincide coa tendencia da taxa de abandono 1º curso (%) calculada polo Centro (20% 18-19 → 10,5% 19-20). Como xa comentouse, no curso 21-22 non existen datos sobre a Taxa de abandono RD1393/2007 (%) (ACMP; P. Ind; IN41G; a porcentaxe entre os/as estudantes dunha cohorte de novo ingreso que deberon obter o título no ano académico anterior e que non se matricularon nin nese curso académico nin no anterior), xa que a primeira cohorte egresou precisamente neste curso. Aínda que se intenta facer un seguimento individualizado do destino do alumnado, nalgúns casos isto non é posible. Cando se realiza un cambio de expediente a outro centro da USC, a aplicación permite identificar cal foi; nestes casos o traslado de expediente compútase como cambio de estudos a outros graos da USC. Tamén nos permite coñecer se houbo un traslado de expediente a outra universidade, pero non se ten información sobre a identidade da universidade ou do grao de destino. Por último, unha serie de alumnos/as desaparecen sen que se poida solicitar maior información, e estes consígnanse como abandonos. Do alumnado das catro cohortes (2018/19, 2019/20, 2020/21 e 2021/22) que deixaron o grao en Biotecnoloxía por diferentes motivos, aproximadamente un 50% (15 de 31) matriculouse en diferentes graos englobados nas titulacións de Ciencias ou Ciencias da Saúde (40% en Medicina, 33,3% en Enfermería, 20% en Psicoloxía e 6,7% en Odontoloxía). En conclusión, a taxa de abandono RD1393/2007 prevista na memoria da 1ª edición do Grao en Biotecnoloxía se estimaba nun 20%. A Taxa de abandono do RD1393/2007 (%) proporcionada pola ACMP (P. Ind; IN41G) do curso 2022/23 foi do 22,92% (lixeiramente por enriba do valor previsto). En canto a taxa de abandono 1º curso (%), as calculadas polo centro para as catro cohortes (18/19→19/20→20/21→21/22) foron menores ou iguais ao 20%, namentres que a proporcionada pola ACMP (P. Ind; IN40G) aparece cun valor do 10,64% no 2022/23. Polo tanto, parece que estamos preto de cumprir a taxa de abandono prevista ( $\leq 20\%$ ) no Grao de Biotecnoloxía.

### 2.2.3.- Máster Universitario en Acuicultura

O plan de estudos do Máster de Acuicultura aplícase segundo indica a memoria do título actualizada cada ano para axustarse á realizade dos recursos humanos e materiais. O curso 2022-23 desenvolveuse sen incidentes máis alá dos relativos a fallos técnicos (da rede o dalgún equipo de videoconferencia) que foron moi esporádicos e se solucionaron con celeridade. Realizáronse tódalas actividades programadas, tanto de docencia teórica como práctica, na universidade e en empresas, así como as visitas programadas nas guías docentes.

#### Cumprimento das guías docentes

Como se indica no apartado anterior, durante o curso 2022-23 realizáronse as actividades programadas nas guías docentes, sen que houbera alteracións relevantes da docencia.

#### Procedementos de coordinación

A coordinación aos diferentes niveis levouse a cabo seguindo os procedementos indicados na Guía da Titulación:

*Coordinador de materia.*- En cada materia existe un coordinador docente(un dos profesores, , ou algún membro da Comisión de Coordinación (no caso de que non haxa docentes universitarios), que se. encarga de supervisar o seguimento da guía docente, o reparto de actividades entre os profesores da materia, a impartición da docencia e a atención aos alumnos. A distribución de coordinadores para cada materia n do curso 22-23 pode atoparse nas guías docentes dispoñibles na web do máster: [https://www.usc.gal/gl/titulacions/masters\\_oficiais/master-acuicultura/informacion/guias-materias.html](https://www.usc.gal/gl/titulacions/masters_oficiais/master-acuicultura/informacion/guias-materias.html)

*Comisións Académicas.*- En cada Universidade existe unha Comisión Académica (ou Comisión de Título, segundo fora nomeada en cada universidade), formada maioritariamente por profesores do Máster na Universidade correspondente, que forma parte constituínte da Comisión Académica Interuniversitaria, que ten como misión velar pola correcta impartición da docencia segundo



Cráterios de Calidade dos centros responsables das universidades (ver máis adiante). Á composición destas comisión en cada unha das 3 universidades aparece reflectida na web do máster: [https://www.usc.gal/gl/titulacions/masters\\_oficiais/master-acuicultura/informacion/comisions.html](https://www.usc.gal/gl/titulacions/masters_oficiais/master-acuicultura/informacion/comisions.html)

*Comisión Académica (ou de Coordinación) Interuniversitaria.*- Co fin de garantir o axeitado funcionamento do máster en todos os sentidos e asegurar a igualdade dos niveis de calidade entre as 3 universidades, existe unha comisión de coordinación interuniversitaria, cuxa composición precisa figura no Convenio Interuniversitario, estando representados profesores e alumnos do Máster, así como xestores e responsables de calidade. A composición desta comisión móstrase na web propia do máster: [https://www.usc.gal/gl/titulacions/masters\\_oficiais/master-acuicultura/informacion/comisions.html](https://www.usc.gal/gl/titulacions/masters_oficiais/master-acuicultura/informacion/comisions.html)

*Comisión Permanente.*- Esta comisión encárgase de garantir a coordinación co profesorado non universitario e asegurar a correcta impartición dunha docencia de calidade nos centros non universitarios, (ver web propia: [https://www.usc.gal/gl/titulacions/masters\\_oficiais/master-acuicultura/informacion/comisions.html](https://www.usc.gal/gl/titulacions/masters_oficiais/master-acuicultura/informacion/comisions.html))

*Comisión horizontal.*- Todos os centros universitarios implicados na docencia do Máster (Facultades de Bioloxía das universidades de Vigo e Santiago, e Fac de Ciencias da universidade de A Coruña) contan cun Sistema de Garantía de Calidade, con procedementos específicos para a coordinación da actividade docente:

USC: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-biologia/calidade/organos-sistema-garantia-calidade>

UDC: [https://www.udc.es/es/utc/sqc/centros/f\\_ciencias/index.html](https://www.udc.es/es/utc/sqc/centros/f_ciencias/index.html)

UVigo: <http://biologia.uvigo.es/gl/calidade/comision-de-calidade/>

Para finalizar, aínda que como xa se indicou existe unha Comisión Interuniversitaria composta por 12 membros, 4 de cada universidade, coa finalidade de asegurar a perfecta coordinación entre as tres sedes, as dificultades de resolución rápida a través dun órgano colexiado tan numeroso levaron a creación da Comisión Permanente.. Esta comisión, composta polos 3 coordinadores académicos (un de cada universidade) e o coordinador xeral interuniversitario, reúne mensualmente, de xeito non programado cada vez que xurde un asunto que resolver. Ademais, faise una reunión presencial anual, que serve para por en común as experiencias tidas en cada caso, e suxerir medidas de mellora. Esta organización compensa a falta de coordinación entre os vicerreitorados e servizos relacionados co funcionamento e a calidade dos másteres, o que ocasiona problemas que se teñen que corrixir dende a Comisión Permanente para asegurar a calidade do máster.

### **Análise do perfil real de ingreso/titulados**

A evolución do número de alumnos e a súa procedencia no máster dende o curso 2009/20 ata 2022/23 móstrase na **Figura 6**. No curso 22-23, os 28 alumnos de primeira matrícula procederon dos graos de Bioloxía (66,6%), Ciencias do Mar (14,8%), Veterinaria (14,8%), Enxeñaría Forestal (3,7%). O 85 % obtiveron a titulación de acceso ao máster en universidades españolas (55% no SUG e o 30% noutras universidades do territorio nacional). Ademais, matriculáronse 4 estudantes procedentes de universidades extranxeiras, incluídos 1 chileno, un iraquí, 1 italiado e 1 ecuatoriano. Os alumnos do segundo curso finalizaron todos o máster dentro do curso, independentemente do seu perfil orixinal.




Figura 6.- Procedencia do alumnado do máster

A continuación amósase tamén a evolución da tasa de ingreso neste máster (Figura 7)




Figura 7.- Ratio de eficiencia no Máster en Acuicultura

### Resultados das materias

Nos resultados da seguinte táboa (Táboa 4) se presentan as notas en cada materia e a nota media dos alumnos



**Resultados do título**

Na seguinte taboa (**Táboa 5**) móstranse as taxas de rendemento, , de éxito de eficiencia, de abandono e tempo medio de graduación do Máster Universitario de Acuicultura.

**Táboa 5. Resultados do Máster en Acuicultura avaliadas segundo as taxas de rendemento, taxas de éxito, taxas de eficiencia, taxas de abandono e tempo medio de graduación**

nº EC'TS cursados	nº EC'TS aprob junio	nº EC'TS present jun	nº EC'TS aprob jul	nº EC'TS present jul	nº EC'TS suspensos ju	Tasa de Rendim Jun	Tasa de Rendim Jul	Tasa Éxito Junio	Tasa Éxito Julio	Tasa evaluación cursc
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0	100	100,0	100,0
60,00	54,00	57,00	6,00	6,00		90,0	100,0	94,7	95,2	95,2
57,00						0,0	0,0	####	####	####
42,00						0,0	0,0	####	####	####
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0			100,0
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0			100,0
60,00	57,00	60,00				95,0	95,0			100,0
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
63,00	60,00	63,00				95,2	95,2	95,2	95,2	100,0
582,00	471,00	480,00	6,00	6,00	0,00	80,9	82,0	98,1	98,1	119,8
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
60,00	57,00	60,00				95,0	95,0	95,0	95,0	100,0
60,00	57,00	60,00				95,0	95,0	95,0	95,0	100,0
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0			100,0
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
600,00	594,00	600,00	0,00	0,00	0,00	99,0	99,0	99	99,0	100,0
63,00	60,00	63,00				95,2	95,2	95,2	95,2	100,0
60,00	60,00	60,00				####	####	####	####	####
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
60,00	60,00	60,00				####	####	####	####	####
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
60,00	60,00	60,00				100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
60,00	51,00	60,00				85,0	85,0	85,0	85,0	100,0
423,00	411,00	423,00	0,00	0,00	0,00	97,2	97,2	97,2	97,2	100,0
605,00	1476,0	1503,0	6,00	####	####	92,0	92,3	98,2	####	####

## 2.2.4.- Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión

O plan de estudos do Máster en Biodiversidade Terrestre (MBio) implantouse no curso 2018-19 seguindo a memoria de verificación do título, polo que, de momento, non houbo cambios salientables respecto as actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación previstos. Respecto a los datos concretos, só se dispón da información correspondente os estudantes matriculados na USC (menos do 40% do total) polo que a información obtida debe analizarse con precaución (tendo en conta ademais que o porcentaxe de participación foi reducido; próximo o 15% para a enquisa sobre a docencia recibida e en torno o 5% para a da titulación); ademais, por primeira vez, hai resultados das enquisas dos egresados. En termos xerais, o grado de satisfacción é elevado; a enquisa de satisfacción respecto á docencia recibida acada un valor medio de 4,56 sobre 5, mentres que a satisfacción respecto á titulación obtén un valor algo máis baixo (4,11 sobre 5). En ambos casos os valores obtidos son moi similares os do curso 2021-22. Polo que se refire os egresados, responderon a enquisa o 50% dos contactados, mostrando un nivel de satisfacción tamén elevado o alcanzar un valor de 4.

Polo que respecta á docencia recibida, todas as puntuacións superan o valor de 4, correspondendo as máis altas as preguntas "(O/A docente) Cumpre co programa e plan de traballo previsto" e "(O/A docente) Mellorou o meu nivel de partida na materia" nas que se acada un valor de 4,89. Por outra banda, o valor máis baixo (4,11) obtívose na pregunta "O/A docente organiza ben as clases e explica con claridade facilitando a comprensión da materia". Ademais cabe destacar que a resposta a cuestión "Globalmente estou satisfeito co/coa profesor/a da materia" obtivéronse valores superiores a 4,4. Por outra banda, á valoración da titulación obtivo un valor medio algo inferior (4,11) pero que coincide coa do curso anterior. Neste caso a mellor puntuación (5) corresponden a varias preguntas: "A atención prestada polos PAS", "A orientación profesional e laboral recibida", "Os recursos educativos son adecuados" e "As infraestruturas e materiais son adecuados". Polo contrario a valoración máis baixa (1) corresponde a "A oferta de prácticas externas é atractiva?", o que coincide cos resultados do curso 2021-22.

O tratarse dun título interuniversitario os procedementos de coordinación teñen unha grande importancia, mais se cabe tendo en conta que a docencia do máster repártese por igual nos tres centros implicados (Facultades de Bioloxía na USC e UVIGO e Facultade de Ciencias na UDC). O longo do pasado curso o Coordinador Xeral do Máster (que é o mesmo tempo o Coordinador na USC) mantivo numerosas reunións, tanto virtuais coma presenciais, cos Coordinadores do máster na UDC e na UVIGO, a fin de lograr o mellor funcionamento posible das actividades docentes, avaliándose case en tempo real a correcta implantación da titulación. Por outra banda, a Comisión Académica Interuniversitaria e as Comisións Académicas en cada facultade mantiveron diversas reunións o longo de todo o curso.

A pesares do esforzo feito para garantir a adecuada coordinación, a percepción da mesma polos estudantes e o profesorado, cando foi posible obter información ó respecto, mostrou pequenas diferenzas respecto a visión da titulación (puntuación media de 4,11 para o estudantado e de 4,3 para o profesorado). Polo que se refire o PDI (que tivo unha taxa de resposta superior o 60%), a pregunta coa puntuación máis baixa (4,00) foi "O alumno se implica na titulación", mentres que a maior (4,65) foi para "A atención prestada polo persoal de apoio e servizos". Ademais, debe destacarse que o profesorado valorou todas as preguntas incluídas no cuestionario con valores superiores a 4. No caso do alumnado a enquisa da USC non inclúe cuestións relativas á coordinación pero interpretando que a pregunta "En xeral, considero que a titulación está ben organizada" dalgunha maneira pode asimilarse á coordinación, se acada unha puntuación de 2 que é inferior á dos cursos 2021-22 e 2020-21 (3,33 e 3,35, respectivamente). Dende a coordinación do máster prestarase atención a evolución do valor de este item en cursos futuros a fin de avaliar se esta baixa puntuación é algo circunstancial ou, a diferenza de cursos anteriores, apareceron problemas que deban ser corrixidos.

En referencia o resultados das materias, e tal e como era previsible nuns estudos de máster, hai que destacar que case non houbo suspensos en ningunha delas obténdose, en xeral, cualificacións moi boas. Polo que respecta os resultados globais do título, a análise conxunta dos resultados obtidos por todo o alumnado ofrece unhas taxas de Rendemento, Éxito, Avaliación e Graduación superiores al 96%, mentres que a de Abandono foi 0..

Por último, a información dispoñible sobre o perfil de ingreso do estudantado non é completa (non hai datos dispoñibles nin da UDC ni da UVigo) pero para o resto dos matriculados no primeiro curso (10 na USC; taxa de ocupación do 100%) compróbase

que o 80% accedeu cunha titulación de Grado en Bioloxía (que era o perfil o que estaba dirixido principalmente o máster; 5 titulados na USC, 2 na Universidade de Salamanca e 1 na Universidade Illes Balears), incorporándose tamén 1 graduado en Xeografía e Medio Ambiente da Universidade de Lima (Perú) e 1 licenciado en Bioloxía pola Universidade de Querétaro (México). A nota media de acceso por preinscrición foi 8.02 que é a máxima dende la implantación do título de modo que o 100% do novo alumnado o fixo cunha nota superior a 6. Polo que se refire a súa, no curso 2022-23 houbo un estudante procedente de Perú e outro de México, e ademais un 30% do alumnado accedeu o máster con titulación de grado españolas pero de fora do Sistema Universitario Galego. Finalmente, e sen ter de novo en conta os datos dos alumnos da UDC e UVigo, o 50% do total eran graduados na USC.

### 2.2.5.- Máster Universitario en Neurociencia

O plan de estudos do Máster de Neurociencia desenvolveuse de acordo ao descrito na memoria de verificación do título. As actividades formativas, as metodoloxías docentes e os sistemas de avaliación empregados nas materias do primeiro e segundo semestre desenvóléronse seguindo o descrito na memoria do título.

O grao de cumprimento das programacións docentes, foi elevado tal e como indican os resultados da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida que realiza a ACMP, en relación co item “Cumpre co programa e o plan de traballo previsto? a valoración do alumnado foi de 4,55 sobre 5, e en resposta ao item “Os contidos desenvolveronse de acordo co cronograma temporal da materia o alumnado valorou cun 4.64 este item. Na USC a valoración global do alumnado coa docencia recibida foi elevada (4,25 sobre 5) igual que na UVI onde o grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado tamén foi moi elevado (4,84 sobre 5).

Por outra parte, no informe das enquisas da USC referidas ao grao de satisfacción do PDI coa docencia impartida todos os ítems referidos a aspectos académicos do título obtiveron valores iguais ou superiores a 4 (1-5), por outra parte, o item relacionado co grao de satisfacción co material e servizos de apoio á docencia existentes na Universidade tivo unha valoración elevada (4,29 sobre 5). Tamén na UVI o grao de satisfacción do profesorado cos recursos materiais e servizos foi elevado (4,73 sobre 5). Na USC, a valoración global do profesorado coa docencia impartida foi moi satisfactoria (4,58 sobre 5), así como, a do alumnado coa docencia recibida (4,25 sobre 5).

Actualmente, o máster segue mantendo os mesmos sistemas de coordinación. Conta cunha coordinación horizontal, que recae nos coordinadores das materias; os cales son os responsables da coordinación entre os distintos profesores que imparten unha mesma materia, Tamén conta cunha coordinación vertical, que recae nos coordinadores do título de cada unha das universidades participantes e na Comisión Académica do Título, integrada por profesores das 3 universidades. Os docentes do título, como se reflexa no Informe do grao de satisfacción do PDI da USC coa docencia impartida e coa titulación, consideran que a coordinación entre as distintas materias e boa (4,48 sobre 5), así como no item “As e os docentes estamos coordinados na organización do título (4,08 sobre 5).

O profesorado está moi satisfeito coa titulación (unha valoración global de 4,29 sobre 5 na USC, e 4,76 sobre 5 na UVI). Por outra parte, na UVI o grao de satisfacción do alumnado foi elevado (4,11 sobre 5), sen embargo, na USC o grao de satisfacción global do alumnado coa titulación descendeu con respecto ao curso anterior (3 sobre 5, fronte a un 4,75 no curso anterior), e mostra valores similares aos dos cursos 2019/20 e 2020/21: Este descenso débese a que determinados ítems da enquisa obtiveron unha puntuación moi baixa, como por exemplo: “A carga de traballo está ben distribuída” (1,5 sobre 5, este mesmo ítem foi valorado cun 5 sobre 5 no curso anterior); “a titulación está equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos” (2,00 sobre 5); “En xeral, considero que a titulación está ben organizada (1,0 sobre 5, no curso anterior foi valorado cun 4 sobre 5); e por último, “A oferta de prácticas e atractiva” (2,5 sobre 5). De manterse no seguinte curso estas valoracións, será necesario facer unha análise/reflexión de porque ditos ítems obteñen unha valoración tan diferente duns cursos a outros. Ademais, nalgúns dos ítems a interpretación da valoración é difícil, como por exemplo no ítem “A oferta de prácticas e atractiva” xa que non está claro se o alumnado refírese as prácticas que se desenvolven nalgúns das materias, ou refírese a oferta de prácticas externas, xa que hai que ter en conta, que este máster como se recolle na memoria do título non oferta prácticas. Por outra parte, o grao de satisfacción do alumnado da UVI coa planificación e desenvolvemento das ensinanzas foi elevado (3,83 sobre 5).

Ao ser un título interuniversitario, o coordinador xeral do título (USC) como en cursos anteriores mantivo unha comunicación directa cos coordinadores da UDC e UVI a través de distintos medios (reunións virtuais, correo electrónico, teléfono) co fin de

solventar todas as cuestións que poidan xurdir en relación co correcto desenvolvemento do título. Por outro lado, a comisión académica interuniversitaria do título mantivo diversas reunións virtuais para atender todos aqueles aspectos relacionados co adecuado desenvolvemento do título (solicitudes de recoñecemento de estudos, tribunais de TFM,...).

No curso 2022-23 ofertáronse 40 prazas: (20 na USC, 10 na UDC e 10 na UVI). No curso 2022/23, matricularonse un total de 29 alumnos, dos cales 19 matricularonse na USC, 4 na UDC e 6 na UVI. Dos matriculados na USC, 16 alumnos foron de novo ingreso, e a taxa de ocupación (80% na USC) foi superior a do curso anterior (60%). Na UVI houbo 6 alumnos matriculados de novo ingreso por preinscripción.

Os datos da prescrición na USC como nos cursos anteriores reflexan unha demanda elevada, en concreto, no curso 2022-23 prescribíronse 93 alumnos, dos cales matricularonse 18 (16 nacionais e 2 extranxeiros). A nota media de acceso por prescrición na USC foi 7,45, e na UVI 7,475, similar a de cursos anteriores. En relación con perfil do alumnado matriculado na USC a maior parte dos alumnos proceden dos graos en Bioloxía ou Psicoloxía; en concreto, nos 16 alumnos de novo ingreso matriculados na USC, 3 son titulados en Psicoloxía, 4 en Bioloxía, 1 en Enfermería, 1 en Bioquímica, 1 en Biotecnoloxía, 1 en Química, e 1 en Filosofía. Na UVI dos 6 alumnos, 2 son titulados en Bioloxía, 3 en Medicina, e 1 en Psicoloxía.

Na USC a porcentaxe de estudantes matriculados que obtiveron o seu título de grao na USC foi 36,84%. Na USC a porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados foi dun 21,06% e a súa procedencia foi Argentina, Brasil, Chile e Pakistan. A porcentaxe de estudantes nacionais de fora de Galicia sobre matriculados na USC foi 10,53% lixeiramente superior a do curso anterior (9,52%), dos 19 alumnos matriculados, 13 alumnos proceden de Galicia, 1 de Asturias, e 1 de Canarias.

En relación cos diversos indicadores do título:

- A taxa de éxito foi dun 100% na USC e dun 99% na UVI.
- A taxa de éxito (USC) en todas as materias do título foi dun 100%, e na UVI 98,6%
- A taxa de graduación (USC) no curso 2022/23 foi dun 66,67%, inferior a do curso 2021/22 (80%).
- A taxa de abandono (RD1397/2007) na USC foi dun 25%, superior a do curso anterior (10%), o cal pode estar relacionado co feito de que dos alumnos matriculados na USC, un deles tivo que abandonar o master a mediados do primeiro cuatrimestre xa que empezou a traballar, e dous deles aínda que constan como matriculados non asistiron nin cursaron ningunha das materias do título. Na UVI a taxa de abandono foi dun 11,11%.

En xeral, aínda que os indicadores son algo inferiores aos establecidos na memoria do título, consideramos que mostran unhas valores satisfactorios.

### Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado

**Estándar: o centro ten implantados procedementos para garantir que as accións que emprende ao impartir as súas titulacións teñen como finalidade fundamental favorecer a aprendizaxe do alumnado, así como permitirles tomar un papel activo no deseño e desenvolvemento do proceso de aprendizaxe, e que a avaliación do alumnado reflicte este enfoque.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no alumnado:
  - Aplicación de normativas predefinidas que cobren todo o ciclo de vida do alumnado (admisión, progresión, recoñecemento e certificación).
  - Admisión do alumnado (acción de captación).
  - Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación, se procede.
  - Orientación académica (plan de acción tutorial) e profesional.
  - Mobilidade.
  - Metodoloxía de ensinanza e avaliación da aprendizaxe (adaptación a necesidades específicas de Aprendizaxe)
  - Avaliación da aprendizaxe
  - Prácticas externas.
  - Traballos fin de grao/máster (asignación, supervisión, avaliación).
  - Resultados da aprendizaxe nas materias do título.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### 3.1.- Normativas

A USC conta con normativas de xestión académica para regular os procesos formativos, tanto a nivel de **grao** como de **máster**; así como dun **regulamento** actualizado para a súa tramitación.

As memorias dos títulos impartidos na Facultade de Bioloxía inclúen, para asegurar a obxectividade, información e transparencia, todas as normas, descrições, instrucións, etc. que se indican nos diversos apartados.

Outra normativa xeral de interese para a comunidade do Centro, especialmente para o alumnado, pode atoparse no [repositorio documental da normativa referida ao alumnado](#). Este repositorio contén toda a normativa referida a **dereitos** (p. ex., Estatuto do Estudantado da USC aprobado polo Claustro Universitario do 28 de novembro de 2019, Normativa de permanencia e modificacións, Normativa de Avaliación do Rendemento dos Estudantes e de Revisión de Cualificacións e modificacións, norma de asistencia a clase nas ensinanzas adaptadas ao EEES e modificacións), **titulacións** (p. ex., Regulamento das titulacións oficiais de grao e mestrado universitario e do procedemento de aseguramento da súa calidade na USC e modificacións; normativa sobre programas de dobre grao e simultaneidade de estudos, etc), **admisión** (p. ex., normativa sobre ABAU, deportistas de alto nivel/DAN, traslados, requisitos de idioma para o acceso de estranxeiros, etc), **matrícula** (p. ex., Resolución Reitoral do 30-06-2020 pola que se publica a Convocatoria Xeral de Matrícula. Curso académico 2020-2021), **mobilidad** (p. ex., o Acordo do Consello de Goberno do 26-10-2012 polo que se aproba o Regulamento de intercambios de Estudiantes e as modificacións posteriores), **visitantes** (p. ex., Acordo do Consello de Goberno do 13-11-2003 polo que se aproba a normativa sobre alumnos visitantes), **expediente académico e recoñecemento** (p. ex., normativa sobre valoración de expedientes, a normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao EEES e as súas modificacións, recoñecemento de estudos de Formación Profesional,



recoñecementos da experiencia profesional, recoñecemento en réxime de intercambio, ou o Acordo do Consello de Goberno do 29-07-2015 polo que se aproba o Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Santiago de Compostela), **Traballos Fin de Grao e Fin de Máster** (p. ex., o Acordo do Consello de Goberno do 10-03-2016 polo que se aproba o regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela, ou a Resolución Reitoral do 19-01-2021 pola que se autoriza a defensa ante titor ou titora dos traballos de fin de grao no curso 2020-2021), **premios e mencións** (p. ex., Regulamento de concesión dos premios extraordinarios de grao e máster da USC e modificacións, ou Acordo do Consello de Goberno do 12-06-2017 polo que se aproba o Regulamento de Estudos de Doutoramento) e **outra normativa de xestión académica** (p. ex., a referida ao repositorio Minerva: <https://minerva.usc.es> )

A Facultade de Bioloxía tamén conta con normativa propia (desenvolvida segundo as directrices da USC) directamente relacionada cos procesos de ensino/aprendizaxe que se desenvolven no Centro, como por exemplo [os regulamentos sobre os TFGs](#) dos Graos en Bioloxía e Biotecnoloxía.

Ademáis, os procesos clave (PC-01 *Análise do perfil de ingreso e captación*, PC-02 *Planificación das ensinanzas*, PC-03 *Apoio aos estudantes*, PC-04 *Desenvolvemento das ensinanzas* e PC-05 *Análise de resultados e mellora dos programas*) e os protocolos do SGC (p. ex., enquisa propia de perfil de ingreso ao grao, enquisa sobre o desenvolvemento da docencia das materias, informe sobre materias con baixa taxa de superación recorrente, informe de materias suspensas polas que os/as alumnos/as non defenden o TFG, informe de abandono, enquisa de satisfacción co TFG, informe de prácticas externas, etc) están deseñados para garantir o desenvolvemento das ensinanzas nos títulos impartidos e, xunto cos indicadores de satisfacción, facilitan o seguimento dos títulos e do Centro.

A información sobre os distintos procesos que permiten garantir a aprendizaxe e a avaliación do alumnado actualízase continuamente e ponse a disposición dos distintos usuarios na web da [Facultade de Bioloxía](#) no caso dos Graos en Bioloxía e Biotecnoloxía, e nas webs propias para os títulos de Máster: Máster Universitario en Acuicultura (<https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias/master-universitario-acuicultura/web-propia>); <https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias/master-universitario-acuicultura>), Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre (<https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias/master-universitario-biodiversidad-terrestre-caracterizacion-conservacion-gestion>); <https://www.usc.gal/gl/estudios/masteres/ciencias/master-universitario-biodiversidade-terrestre-caracterizacion-conservacion-xestion/web-propia>), Máster Universitario en Bioloxía Mariña (<https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias/master-universitario-biologia-marina>); <http://masterbiologiamarina.uvigo.es/gl/>) e Máster Universitario en Neurociencia (<https://www.usc.gal/es/estudios/masteres/ciencias-salud/master-universitario-neurociencia>).

## 3.2.- Garantía de aprendizaxe, ensinanza e avaliación nas diferentes titulacións

### 3.2.1.- Grao en Bioloxía (GB)

#### Admisión do alumnado

Os procesos e os criterios de admisión do alumnado no Grao son os xerais para o sistema universitario público. Dende o inicio dos estudos do Grao en Bioloxía a demanda do alumnado é moi superior ás prazas ofertadas, polo que estas sempre se cobren. A oferta de prazas diminuíuse nos últimos cursos para axustala á realidade, xa que as análises realizadas amosaban unha elevada oferta no SUG para a demanda na sociedade deste tipo de titulados; este descenso parece que está a mellorar o rendemento do alumnado de 1º curso. Nos cursos 2021/21, 2021/2022 e 2022/23 xa non se ofertaron prazas (indicador IN01G) na primeira edición do Grao en Bioloxía, sendo polo tanto a matrícula de novo ingreso por preinscripción (indicador IN04G) de 0 prazas tamén. En cambio, no caso da segunda edición do Grao en Bioloxía o número de prazas ofertadas (indicador IN01G) no primeiro curso 2022/23 foi de 100, aos que hai que engadirles 20 alumnos/as do Dobre Grao Química e Bioloxía. A matrícula de novo ingreso por preinscripción no caso da 2ª ed do Grao en Bioloxía (IN04G) foi de 103. A matrícula de acceso (IN03G) foi de 1 persoa na 1ª ed do Grao e de 132 alumnos/as na 2ª ed do Grao. O número de estudantes matriculados nun curso académico (sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade *incoming*), que inclúe o alumnado de todos os cursos que se imparten no Grao de Bioloxía (2ª edición) (indicador IN02G; matrícula global) foi de 296 en 2022/23, aos que lle hai que sumar os 180 matriculados na 1ª edición do Grao de Bioloxía

para dar un número total de 476 estudantes. As porcentaxes de estudantes estranxeiros sobre matriculados (indicador IN08G) e a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (indicador IN09G) son baixas (IN08G: 0% 1ª ed /0,68% 2ª ed; IN09G: 5% 1ªed /5,41% 2ª ed) e mantéñense en valores similarmente baixos nos últimos cursos.

### Aplicación de normativas predefinidas

A normativa de permanencia e a de transferencia e recoñecemento de créditos, establecidas pola USC, aplícase correctamente.

- Na **1ª ed do Grao en Bioloxía**, no curso 2022/23, recoñecéronse como créditos da titulación a adquisición de competencias transversais a seguintes: Coñecemento de idiomas (28 alumnos/as); realización de cursos de verán (10 alumnos/as); actividades deportivas (4 alumnos/a); programas de extensión cultural (1 alumno/a); actividades de participación social (7 alumnos/as); curso de competencias en información nivel básico (19 alumnos/as); curso de competencias en información nivel avanzado (28 alumnos/as); curso en habilidades comunicativas (3 alumnos/as); representante do alumnado en departamentos/institutos/xuntas de centro (2 alumnos/as).
- Na **2ª edición do Grao en Bioloxía**, no curso 2022/23, recoñecéronse como créditos da titulación a adquisición de competencias transversais a seguintes: Coñecemento de idiomas (21 alumnos/as); realización de cursos de verán (6 alumnos/as); curso de competencias en información nivel básico (46 alumnos/as); curso de competencias en información nivel avanzado (11 alumnos/as); curso en habilidades comunicativas (1 alumno/a); actividades de sensibilización e formación (1 alumno/a); coro universitario e espazo de cámara (2 alumnos/as).
- No **dobre Grao de Química-Bioloxía**, no curso 2022/23, recoñecéronse como créditos da titulación a adquisición de competencias transversais a seguintes: Escola Oficial de Idiomas. Certificado de Nivel Avanzado C1/Inglés (1 alumno/a); diploma FCE (First Certificate in English) (2 alumnos/as); actividades deportivas (1 alumno/a); programas de extensión cultural (1 alumno/a); actividades de participación social (1 alumno/a); curso de competencias en información nivel básico (6 alumnos/as), curso de competencias en información nivel avanzado (13 alumnos/as), Reactiva a túa Química/Ciclo de Conferencias (1 alumno/a), Universidade de Verán 2019: Cambio Climático. As Cinco Fases do Duelo (1 alumno/a), Club de Debate Compostela 2022 (1 alumno/a),

### Complementos formativos, curso de adaptación ou de nivelación

Dende o curso 2017/18 impartíase unha materia de nivelación en Química, coa intención de mellorar o rendemento do alumnado con deficiencias de formación nesta materia, pero dita materia de nivelación en Química xa no se imparte no curso 2022/23.

### Orientación académica

Como xa se comentou, o 7 de setembro de 2022 (12:00 a 13:35) celebrouse na Aula Magna da Facultade de Bioloxía un acto de benvida conxunto para os/as alumnos/as de primeiro de Bioloxía, Biotecnoloxía e do Dobre Grao de Química-Bioloxía. Nese acto participaron D. Jesús Ángel López Romalde, quen presentou o equipo decanal e Información académica relevante para os estudantes, os Coordinadores do Grao de Biotecnoloxía (D. Javier Sampedro Jiménez) e Bioloxía (D. Francisco Javier Salgado Castro), que presentaron os equipos de coordinación e explicaron as funcións destes equipos e a importancia das enquisas realizadas no centro, a Xestora de centro Dª Mª Concepción Lapidó Silva, quen proporcionou aos estudantes información administrativa de especial interese así como outra contida na web da facultade, o Director da Biblioteca da Facultade de Bioloxía, D. Xosé Anxo Doval Rey, quen presentou os distintos servizos da biblioteca así como os diferentes cursos de formación que se fan nela, Dª Celia Pinaque Parrado, quen presentou aos alumnos as funcións do persoal del Punto de Atención, Información e Servizos (PAIS), os representantes de alumnos en Bioloxía e Biotecnoloxía, os representantes da organización de estudantes Bota e Bata, Dª Katerina Vlasakova, quen falou dos cursos de idiomas que se imparten no Centro de Linguas Modernas (CLM) da USC, o Delegado de deportes da USC D. Javier Rico Díaz, quen presentou as actividades deportivas e culturais na USC no curso 2022-23, e finalmente a Vicerreitora de Estudantes e

Cultura, D<sup>a</sup> Pilar Murias Fernández, quen pechou o acto. Este evento complementou os organizados desde a Vicerreitoría de Estudantes e Cultura no mes de setembro ([xornadas de inicio de curso](#); 13, 14 e 15 de setembro de 2022).

Para o alumnado de cursos superiores, especialmente de 2º e 3º, realízanse reunións informativas sobre:

- **Programas de mobilidade:**

- **Charla presentación da convocatoria Erasmus 2023:** Celebrouse o 14/12/2022, de 14:00-15:00 na Facultade de Bioloxía, e nela participou a Xestora Académica, Concepción Lapido Silva, quen fixo a presentación, e a Coordinadora dos Programas de mobilidade, a Vicedecana Otilia Reyes Ferreira. Tamén participou unha alumna, quen contou a súa experiencia en Romanía. A esta reunión asistiron uns 30 alumnos/as, que mostraron un grande interese e como consecuencia xerouse certo debate sobre os programas de mobilidade.
- **Charlas sobre programa SICUE 2023:** Celebrouse o 23/03/2023 no salón de graos da facultade as 14:00. Asistiron unhas 30 alumnos/as.

- **Programa de prácticas externas e TFG:**

- **A charla sobre o programa de prácticas externas e TFG:** Celebrouse o 21/03/2023 na aula 2 da Facultade de Bioloxía as 14:00h na Aula 2, completándose o aforo da aula e asistindo unhas 20 persoas de pe. Nesta charla participaron a xestora académica do Centro, Concepción Lapido Silva, e a Vicedecana Otilia Reyes Ferreira. Fixéronse moitas preguntas e recolleuse o interese de algúns estudantes en visitar os laboratorios para informarse de temas de investigación
- **Xornadas de portas abertas Bioloxía-Biotecnoloxía.** O 23/03/2023 celebrouse unha presentación dos grupos de investigación da Facultade de Bioloxía e do centro de investigación asociado (CIBUS). Na reunión consultouse aos/as alumnos/as que departamento/grupo de investigación querían visitar de cara a posibles prácticas externas ou TFGs. Posteriormente pedíuselles por correo electrónico os grupos que reciben aos alumnos, de xeito que se fixeron unhas xornadas de portas abertas adaptadas as preferencias dos estudantes.

- **Outras charlas sobre orientación académica ou laboral realizadas na Facultade no curso 2022/23:**

- **Charla Bota e Bota con Rebelión científica.** Realizada o 22/09/2022 de 17:00-18:30 (Aula Magna, 6 asistentes).
- **Charla presentación do proxecto Plantando cara ó lume (PCL).** Realizada o 10/10/2022 de 18:00 a 19:30 (Aula 1, 27 asistentes). Presentaron Agustín Merino, Otilia Reyes e 6 alumnos de 4º de Bioloxía (David González, Ana Seijas, Rebeca Rodiño, Roberto Mourente, Verónica Vázquez) e a alumna de Ciencias da Comunicación Iria Souto. Dez dos asistentes solicitaron incluírse no proxecto durante este curso.
- **Visita a laboratorios.** Experiencia piloto no laboratorio de Ecoloxía do lume. Durante a charla de PCL do 10/10/2022 deuse a oportunidade ós alumnos de visitar o laboratorio de Ecoloxía do lume. Apuntáronse uns 50 alumnos; algún de eles non viñeron a charla inicial de PCL. Xestionouse o listado de alumnado e se foron distribuindo os alumnos en grupos de 5 persoas. As visitas comenzaron o 19/10/2022, tódolos días de 14 a 14:20 ou 14:30. Viñeron aproximadamente 25 alumnos. Pasouse unha enquisa para valorar esta experiencia formativa, con resultados moi favorables.
- **Charla sobre saídas profesionais.** Organizada en colaboración co Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) o 21/10/2022 de 12 a 14h, na Aula 3. Asistiron 22 alumnos asistentes, 3 profesores (Jesús, Fran e eu) e 3 poñentes. Os ponentes faláron durante 1h sobre a o Biólogo Interno Residente (BIR) e carreira como biólogo nos hospitais, así como a xeración dunha empresa centrada no eido ambiental. O debate e preguntas alargou-se durante 40 minutos. Os asistentes mostráronse moi interesados.

- **Concurso de carteis para difundir a Olimpíada de Bioloxía.** Concurso resolto o 08/11/2022
- **Concurso de fotografía e videos relacionados coa festividade de San Alberto.** Concurso resolto o 11/11/2022. O 2º premio foi conseguido por un alumno da Facultade de Bioloxía.
- **Charla da asociación estudiantil “Bota e Bata”** “Estratexias na defensa do territorio”. Tivo lugar o 15/11/2022 e nela participou a plataforma en defensa da Serra do Galiñeiro.
- **Xornadas sobre oposicións de secundaria.** Organizadas polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia en colaboración coa Facultade de Bioloxía. Tiveron lugar o 18/11/2022 na aula 3 da Facultade de Bioloxía pola tarde (16:0-20:00 h) Asistiron 32 persoas. Houbo tres ponencias e o final un debate moi amplo sobre temas que interesaban ós participantes. A maioría dos asistentes quedaron durante as 4 horas e incluso seguiron falando cos ponentes á saída das xornadas.
- **Concurso Biopostais.** Lanzouse a convocatoria o día 21 de novembro. Presentáronse 5 biopostais. Unha quedou eliminada por non pertencer o autor os grupos que se requiría. Resultou ganador ao alumno: Manuel García Amado. Comunicouse o premio o día 16. O diploma recibíao o día 16 e o premio en metálico en xaneiro de 2023.
- **Xornadas de celebración do día mundial do solo 2022 có título “Os solos: orixe dos alimentos”.** Xornadas organizadas por X.L. Otero que se celebraron o 2 decembro de 2022 na aula Magna, 9:30-14:00. Asistiron 30 persoas. Con motivo do Día Internacional do Solo, a Biblioteca da Facultade de Bioloxía montou tamén unha pequena exposición de libros e artigos dos primeiros traballos sobre a análise do solo en Galicia.
- **Charla “Cómo mejorar tus notas sin sufrir”.** Celebrada o 14/12/2022 de 19:00-20:15. Foi impartida por Óscar Martínez Pérez (alumno de dobre grado de Bioloxía-Química) e Aarón Morales (Coach Profesional). A charla centrose en presentar as vantaxes da meditación para a superación persoal. O final, en 20 min, se fixo un exercicio práctico de relaxación, meditación e liberación de tensión dirixida polos dous poñentes. Asistiron 23 alumnos/as.
- **Mesa redonda “Biólogos: tres experiencias no estudo da natureza”,** celebrada o día 15 de febreiro de 2023 na Facultade de Bioloxía, con motivo da conmemoración do Día Internacional da Muller e da Nena na Ciencia. Estiveron como relatoras na mesa 2 profesoras e unha investigadora predoutoral.
- **Xornada de portas abertas Bioloxía-Biotecnoloxía adaptadas as preferencias dos estudantes.** 23/3/2023. Nunha reunión previa consultouse aos alumnos que departamento/grupo de investigación querían visitar e pedíuselles os grupos que recibisen a ditos/as alumnos/as.
- **Charla “Plantando Cara ao Lume (PLC). Experiencias 2022-23”.** Celebrouse o 29/03/2023 en horario de 17:00-19:00 na Facultade de Bioloxía. Asistiron uns 20 alumnos. Os alumnos de PCL explicaron e debateron co público as actividades realizadas. Houbo unha boa acollida polo público.
- **Charla “As resistencias a antibióticos: investigando e divulgando”.** Celebrada o 02/05/2023 de 16:00-17:30h na Facultade de Bioloxía. Os relatores foron Raquel Carnero Gómez e Luis Marcos Nogales.

## Programas de mobilidade

**Mobilidade entrante:** Como xa se comentou o número de alumnos/as recibidos a través dos distintos programas de mobilidade é baixo. A maioría do alumnado matriculado pola cota xeral na 2ª ed do Grao de Bioloxía procede de España (99 de 102 alumnos/as; 97% ), e máis en concreto de Galicia (98 de 99 alumnos/as; 99 % no curso 2022/2023); soamente 3 alumnos/as procederon do estranxeiro (países da Unión Europea ou con acordo). Dentro de Galicia, a maioría procede da provincia de A Coruña (48/98; 49%), seguido das provincias de Pontevedra (27/98; 27.6%), Lugo (13/98; 13.3%) e Ourense (10/98; 10.2%); unicamente 1 alumno/a procedeu dunha comunidade distinta á galega (INF CIUG 2022-2023). De feito, a “Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados” (indicador IN09G) na 2ª edición do Grao en Bioloxía foi do 4,95% (2020/21), 5,76% (2021/22) e 5.41 % (2022/23), e a “Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados” (indicador IN18G 2022/23) foi soamente do 0.99% (2020/21), 1.05% (2021/22) e 1.01% (2022/23). Este mesmo indicador IN18G ten os seguintes valores no caso da 1ª edición do Grao en Bioloxía: 3,26% (2016/17), 2,31% (2017/18), 2,87% (2018/19), 1,75% (2019/20), 0,95% (2020/21), 2,69% (2021/22), 2.22% (2022/23). O indicador INF 03 - Procedencia-Destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade sinala que no caso da 1ª ed do Grao en Bioloxía no ano académico 2022/23 participaron no programa SICUE (mobilidade entrante)

4 estudantes; para a 2ª ed do Grao en Bioloxía no ano académico 2022/23 participaron no programa SICUE (mobilidade entrante) 3 estudantes. Concluimos polo tanto que a mobilidade entrante tanto do resto do estado como procedente de outros países da Unión Europea no Grao de Bioloxía é moi baixa e debería ser potenciada.

**Mobilidade saínte:** En canto a mobilidade saínte, o indicador IN17G “Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados” do panel de indicadores (P.Ind\_2022-23) arroxaba uns valores novamente baixos do 2% en 2017/18 no caso da 1ª edición do Grao en Bioloxía, pero non existen datos deste indicador para a mobilidade saínte nin na 1ª nin na 2ª ed do Grao en Bioloxía no 2022/23. Sen embargo, o indicador INF 03 - Procedencia-Destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade indica para o curso 2022/23 que hai 3 estudantes da 1ª ed do Grao en Bioloxía que participaron no programa ERASMUS, e 2 no SICUE (tendo en conta IN02G Matrícula global = 180,  $5/180 = 2.8\%$ ), namentres que para a 2ª ed do Grao en Bioloxía houbo 8 estudantes que participaron no programa ERASMUS, pero ningún no SICUE (tendo en conta que IN02G Matrícula global = 296,  $8/296 = 2.7\%$ ).

**Comparativa:** Si comparamos cos datos existentes de mobilidade entrante e saínte doutros Graos a nivel estatal ([Datos y Cifras del Sistema Universitario Español](#); Publicación 2022-2023) o Grao en Bioloxía da USC presenta unha mobilidade saínte que é incluso máis baixa que a existente nos graos en Galicia (6.6% no curso 2020/21; Taxa de mobilidade nacional -cambio de CCAA- dos estudantes universitarios matriculados en Grao en universidades presenciais). Similarmente, o mesmo informe indica que a presenza de alumnos extranxeiros é máis reducida en comunidades como Asturias, Extremadura, Galicia e País Vasco en cursos de Grado (por debaixo do 3%), o que explica unha mobilidade saínte do 2.7-2.8% no Grao de Bioloxía. Polo tanto, as taxas de mobilidade saínte no Grao de Bioloxía están alineadas coas da comunidade galega, pero as da mobilidade entrante son incluso menores que as de Galicia. De feito, presenta unha mobilidade entrante (1-2%) similar a de outros títulos da USC impartidos noutras facultades no curso 2022/23 (IN18G, mobilidade entrante; datos extraídos das páxinas web das diversas facultades, da área de calidade), salvo o Grao en Enxeñería Química:

- Grao en Farmacia USC: 1,93%
- Grao en Medicina USC: 2,6%
- Grao en Química USC: 1,6%
- Grao en Física USC: 2,16 %
- Grao en Matemáticas USC: 1,56%
- Grao en Enxeñería Química: 5.59 %

Para tentar mellorar a participación do estudantado nos programas de mobilidade estanse facendo esforzos en incrementar a información ofrecida ao alumnado coa convocatoria de reunións informativas sobre as opcións, destinos e as condicións da mobilidade saínte, as cales forman xa parte do [Plan de Acción Titorial da Facultade de Bioloxía](#).

### Metodoloxía de ensinanza

A metodoloxía da ensinanza adecúase ao perfil e necesidades do alumnado. A docencia no Grao en Bioloxía comezou no escenario de normalidade no curso 2022/2023. Toda a docencia expositiva fíxose de xeito presencial segundo o horario previsto. Tamén se realizaron presencialmente o resto das actividades docentes (interactivas), como seminarios, prácticas (laboratorio, informática e campo) e titorías. Os informes resultantes da aplicación dos protocolos do SGC elaborados e aprobados na Comisión de Título, tal e como se indicou na Directriz 2, así o indican. Ademais, as guías docentes das materias inclúen a metodoloxía de ensino-aprendizaxe e a avaliación das competencias (básicas, transversais e específicas). Non obstante, existen cousas a mellorar na titulación, como está a indicar a enquisa de satisfacción dos estudantes coa titulación elaborada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (INF.22, “Satisfacción do alumnado coa titulación”). Así, para a 1ª edición do Grao en Bioloxía a valoración global no curso 2022/23 é de 2,7 sobre 5 puntos, sendo necesario mellorar (valores menores de 2,5 puntos sobre 5) a atención prestada polo persoal de administración e servizos, a carga de traballo, o equilibrio de contidos teóricos e prácticos ou a organización. Sen embargo, hai que ter en conta tamén na interpretación destes datos a baixa participación do alumnado nesta enquisa (5,45%) e o feito de se trata dun grao en extinción. De feito, no caso da 2ª edición do Grao en Bioloxía, a valoración global é algo máis alta

(2,87 sobre 5 puntos) así como a participación (9,18%), pero é necesario mellorar (valores inferiores a 2.5 sobre 5 puntos) a orientación profesional e laboral realizada no centro, os horarios, a distribución da carga de traballo e a organización.

### Avaliación da aprendizaxe

No Grao en Bioloxía os mecanismos de avaliación da aprendizaxe teñen en consideración dous aspectos fundamentais. Por un lado, a inclusión das competencias (transversais e específicas) e o seu sistema de avaliación nas guías docentes das distintas materias. Por outro, a avaliación da adquisición de competencias que fan os titores externos do programa de prácticas externas (enquisa propia do centro) e tamén a que fan os titores do TFG (informe do titor). Tamén se recollen datos dos alumnos/as egresados/as (enquisa aos/as egresados/as -ACMP) sobre a súa satisfacción coa titulación.

Os resultados das **enquisas realizadas aos titores externos dos programas de prácticas externas** sobre a adquisición de competencias indican una elevada adquisición das mesmas por parte do alumnado (**Figura 8A**). Así, realizouse unha enquisa entre os titores externos das prácticas, valorándose un total de 15 ítems:

- Asistencia e puntualidade
- Respecto polas normas
- Motivación e interese no traballo
- Capacidade de aprendizaxe
- Procura de información axeitada e actual
- Iniciativa e toma de decisión
- Planificación e organización do traballo
- Traballo en equipo e cooperación
- Adaptabilidade a situacións e solución de problemas
- Creatividade
- Coñecemento das técnicas ou procedementos para o traballo
- Manexo de ferramentas (maquinaria, aplicacións informáticas, etc)
- Seguridade persoal e autoconfianza
- Comunicación oral
- Comunicación escrita.

O número de enquisas recollidas dos titores externos no curso 2022/23 foi de 77, cunha valoración moi alta (9,4 sobre 10 puntos) que se mantén así dende 2018/19 (9,2) ata o curso 2021/22 (9,3). Este número de enquisas recollidas dos titores externos foi en todos os anos sensiblemente superior ao número de enquisas dos estudantes. A valoración que fan das prácticas externas os titores (9,2 sobre 10 puntos) é alta, e mantívose así dende 2018/19 (9,2) ata o curso 2022/23 (9,4). Soamente un pequeno número de enquisas (<15%) tiveron unha valoración por debaixo do percentil do 10%: 2018/19, 12 de 112 enquisas; 2019/20, 14 de 96 enquisas; 2020/21, 4 de 99 enquisas; 2021/22, 8 de 86 enquisas; 2022/23, 6 de 77 enquisas. En canto aos dous ítems da enquisa mellor valorados se situaron a “asistencia e puntualidade” e o “respecto polas normas”, e os dous peores a “iniciativa e toma de decisións” así como o “coñecemento das técnicas ou procedementos para o traballo”. Os titores externos tamén deixaron unha serie de comentarios no apartado de observacións da enquisa. A meirande parte destes comentarios foron moi positivos e amosaban unha grande satisfacción coas prácticas externas, en consonancia cos resultados da enquisa. Sen embargo, houbo tamén algúns comentarios que se indican a continuación, porque poden axudar a identificar puntos febles na formación en competencias do alumnado do Grao en Bioloxía. Estes comentarios fan referencia a competencias non valoradas (non se valoraron certas competencias porque as tarefas foron moi acotadas e non houbo momento axeitado para desenvolver esta competencia ou tempo suficiente), problemas en comunicación escrita e oral, actitude do alumnado, pouco contacto do alumnado con ferramentas bioinformáticas, falta de iniciativa á hora de formular preguntas ou ter algo máis de curiosidade sobre a finalidade do traballo a desenvolver.


Os resultados das **enquisas realizadas aos titores do TFG** sobre a adquisición de competencias indican una elevada

adquisición das mesmas por parte do alumnado (**Figura 8B**). En dita enquisa se valoraron un total de 11 items.


- Capacidade de análise e síntesis.
- Capacidade para o razoamento e a argumentación.
- Capacidade para traballar en grupo e abarcar situacións problemáticas de xeito colectivo.
- Capacidade para obter información axeitada, diversa e actualizada.
- Capacidade para elaborar e presentar un texto organizado e comprensible.
- Capacidade para realizar unha exposición en público de xeito claro, conciso e coherente.
- Compromiso de veracidade da información que se lle ofrece aos demais.
- Habilidade no uso de TICs.
- Utilización de información bibliográfica e de Internet.
- Utilización de información en lingua estranxeira.
- Capacidade para resolver problemas mediante a aplicación integrada dos seus coñecementos.

O número de enquisas recollidas dos titores de TFG foi de 82. Os resultados conxuntos dos TFGs experimentais e bibliográficos indican que os titores opinan que a adquisición de competencias por parte do alumnado é alta (4.62 sobre 5 puntos). A única excepción é a capacidade para elaborar e presentar un texto, cunha puntuación de 4,35, seguida de a capacidade de razoamento/argumentación (4,46), análise e síntese (4,46), e resolución de problemas (4,56) (esta última coincidente co sinalado polo alumnado). Cando se analizaron os comentarios realizados polos titores de TFG (apartado de observacións da enquisa), practicamente a totalidade foron positivos. Algúns titores, non obstante, si apuntaron algúns problemas. Por exemplo, o pouco espazo de tempo para poder facer as correccións dos TFGs pola tardanza en entregar o manuscrito por parte do alumnado, a necesidade de mellorar a capacidade de argumentación e análise do alumnado, as dificultades que teñen algúns estudantes para plasmar os resultados de forma escrita (con sucesivas e necesarias revisións do texto co fin de mellorar a redacción das memorias), os problemas que ten o alumnado para discutir os resultados e facer unha contraposición de ideas cos resultados de outros/as investigadores/as, as carencias a hora de procurar referencias bibliográficas axeitadas, a organización da información/estruturación dos TFGs, ou a falta de profundidade nas ideas expostas no traballo. Estes problemas parecen concentrarse sobre todo nos traballos bibliográficos. En conclusión, parece que detéctanse algúns problemas a hora de elaborar e presentar un texto escrito estruturado e nas capacidades de razoamento/argumentación, análise e síntese, e resolución de problemas; estes problemas parecen concentrarse sobre todo nos traballos bibliográficos.

A)



B)





**Figura 8.- Resultados das enquisas realizadas aos titores de prácticas externas (A) e aos titores dos TFGs (B) sobre a adquisición de competencias por parte do alumnado do Grao de Bioloxía no curso 2022/2023.** No caso da enquisa dos titores das prácticas externas (A) se indica o valor medio para cada unha das 15 preguntas da enquisa en cada curso académico (2018/19 a 2022/23), así como o promedio de valoración para cada pregunta das 15 preguntas englobando todos os anos (media). No caso da enquisa dos titores dos TFGs (B) se indica o valor medio para cada unha das 11 preguntas da enquisa no curso académico 2022/23.

En canto ao grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (informe de indicadores da ACMP, indicador IN42G), no curso 2022/2023 este valor foi de 2.72 sobre 5 (1ª ed Grao; non existe para a 2ª ed). Este dato pódese comparar cos do Informe de Satisfacción xeral dos/as egresados/as de titulacións de Grao (INF.09) do 2º semestre (taxa participación 8,97%) do curso 2021-2022. Neste informe INF.09 o alumnado valorou positivamente a súa titulación (3,29 sobre 5 no G. Bioloxía; 3.45 no global das titulacións) e a formación teórica (3,86 sobre 5 no G. Bioloxía; 3.80 no global das titulacións), pero en moita menor medida a formación práctica (2.14 sobre 5 no G. Bioloxía; 2.65 no global das titulacións). Respecto ás competencias adquiridas polos egresados da USC (INF.09), estas foron as puntuacións: “*capacidade de análise*” (3,29 sobre 5; 3.67 no global), “*traballo en equipo*” (3.43 sobre 5; 3.35 no global), “*capacidade de planificación, coordinación e organización*” (3 sobre 5; 3.30 no global) e “*creatividade*” (1.86 sobre 5; 2.56 no global). En conclusión, a valoración do Grao de Bioloxía ten marxe de mellora, e para elo deberase reforzar a formación práctica e aquelas metodoloxías docentes que favorezan a creatividade

### Prácticas externas

A Facultade de Bioloxía mantén convenios con empresas e organismos públicos para a realización de Prácticas Externas, que é unha materia obrigatoria no Grao en Bioloxía e supón o primeiro contacto do alumnado coa práctica profesional. No curso 2022/2023 cursaron a materia 49 alumnos/as en distintos centros: ARENA (1), AKUNATURA (2), Área sanitaria de Vigo (1), Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos (1), CiBUS (Centro de Investigacións Biolóxicas), Área de Bioloxía Celular (1), Cigalmar (1), CIMUS (8), Complejo Hospitalario Universitario De Santiago de Compostela (1), Cultigar (1), Fundación Paideia Galiza (1), Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía/Laboratorio de Parasitoloxía (1), DPTO. BIOLOXÍA FUNCIONAL (ECOLOXÍA) (1), EqualSea lab/CRETUS (1), Fundación Matrix (1), Grupo ECOTOX (1), Idis (10), IAG (1), Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (1), Misión Biolóxica de Galicia (3), Museo de Historia Natural (3), NATUWA (1), O Enredo do Abelleiro (3), SERGAS CHUF-ARQUITECTO MARCIDE (1), Sociedade Galega de Historia Natural (1), empresa sin identificar (1).

O alumnado tamén tivo a posibilidade de cursar Prácticas externas optativas, e 8 alumnos/as cursaron dita materia: CIMUS (2), Instituto de Acuicultura da Universidade de Santiago de Compostela (1), Departamento de Bioloxía Funcional. Área Ecoloxía (USC) (1), Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular (USC) (1), GRAPHENE SYNTHETIC FEEDSTOCK, S.L. (1), INSTITUTO POLICLINICO LA ROSALEDA S.A. (2).

Asimesmo, o alumnado tamén tivo a posibilidade de cursar Prácticas Extracurriculares a través do Consello Social, 7 alumnos/as no caso da primeira ed. do Grao en Bioloxía (CHUS, Frinsa del Noroeste S.A, Graphene Synthetic Feedstock, CIMUS, GI Biotecnoloxía, Universidade de Aveiro, Milhulloa S,A Coop Galega) e 3 alumnos/as no caso da 2ª ed do Grao en Bioloxía (2 en Akunatura e 1 no CIMUS).

O SGC da Facultade de Bioloxía conta cunha serie de protocolos propios e realiza unha serie de enquisas entre as cales se atopan as enquisas realizadas para avaliar a opinión dos/as alumnos/as e dos/as titores/as externos/as sobre o desenvolvemento das prácticas externas do Grao en Bioloxía e para a detección de problemas que, de forma recorrente, se poidan presentar nelas. O mecanismo funciona como unha especie de sistema de alerta que permite ter a información necesaria para poder corrixir as desviacións que presentan algunhas das prácticas respecto das valoracións do conxunto de prácticas externas que se están a realizar no grao. Seguindo este protocolo, se unha práctica obtivera puntuacións inferiores ao percentil do 10% (acumulativo de todas as prácticas dende que se empezou a impartir a titulación) durante dous cursos consecutivos, entraría na denominada alarma temperá. Nestes casos, se lles transmite a empresa correspondente a existencia destes problemas para que apliquen medidas para corrixilos e garantir que o grao de satisfacción mellore e alumnado alcance os niveis de aprendizaxe esperados.

Dado que as prácticas externas cúrsanse no cuarto curso, tanto as do curso 2021/22 como as do curso 2022-23 seguen a corresponderse aínda coa 1ª edición do Grao en Bioloxía. O número de enquisas totais desde o curso 2018/19 é de 298. O número de enquisas recollidas en cada curso académico foi moi variable, e o menor número de enquisas coincide co curso 2019/20 (n=37), relacionado coa pandemia da COVID19. A media da satisfacción xeral dos alumnos coas prácticas externas é alta (4,6 sobre 5 puntos). Os valores do percentil 10% foron incrementándose ao longo dos diferentes cursos desde o 3,4 (2018/19) ata o 4 (2022/23), probablemente por un efecto acumulativo dos datos e a alta valoración por parte dos alumnos das prácticas externas. No curso académico 2018/19 sete entidades/empresas tiveron unha valoración por debaixo do percentil 10%, no curso 2019/20 foron tres entidades/empresas, no curso 2020/21 foron catro entidades/empresas, no curso 2021/22 foron seis entidades/empresas, e no curso 2022/23 foron soamente dúas entidades/empresas, o que supón o menor número da serie. Os aspectos máis valoradas polos estudantes foron o apoio recibido pola entidade/empresa, a integración nela do alumnado, e a adquisición/mellora das competencias profesionais, e a menos valorada a relación co titor externo. O alumnado tamén tiña a oportunidade de deixar comentarios no apartado de observacións da enquisa. A maior parte destes comentarios foron positivos e amosaban satisfacción coas prácticas externas, en consonancia cos resultados da enquisa. Sen embargo, no curso 2022/23 houbo algunhas pequenas queixas en relación co persoal do centro (ausencia de titorización por parte do titor externo, aínda que son atendidos/as por outro persoal do propio centro), que as veces o persoal do centro ten moita carga de traballo e non lles pode prestar atención, ou a tipoloxía das actividades durante as prácticas (actividades un pouco repetitivas como cuestións de inventariado e catalogación). Sen embargo, aínda que houbo algunha queixa no curso 2022/23 ningunha das prácticas realizadas nas diferentes entidades/empresas cumpriu o criterio das baixas valoracións dous anos seguidos, polo que non se activou o sistema de alarma temperá no curso 2022/23.

Os programas de prácticas externas están moi ben valorados, tanto polo alumnado como polos titores profesionais e académicos. A satisfacción dos estudantes coas prácticas externas é moi elevada dende a súa implantación no curso 2013/14; así o indican os resultados das enquisas realizadas pola ACMP da USC (2015/2016, 4.35; 2016/2017, 4.48; 2017/2018, 4.53; 2018/2019, 4.52; 2019/2020, sen dato; 2020/2021, 4.64; 2021/22, sen dato; 2022/23, 4.26) (Panel de indicadores, indicador IN19G). Por outro lado, as enquisas tamén amosan unha alta satisfacción dos/as titores/as externos/profesionais e académicos cos programas de prácticas. Así, o valor do indicador IN20G (“Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas”) tivo a seguinte evolución nestes anos (sobre 5 puntos): 4.13 (2016/17), 4.11 (2017/18), 4.04 (2018/19), sen dato (2019/20), sen dato (2020/21), 4.75 (2021/22), 4.34 (2022/23). Pola súa parte, a valoración dos/as titores/as académicos (indicador IN21G “Satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas” foi a seguinte: 4.33 (2016/17), 4.21 (2017/18), 4.3 (2018/19), sen dato (2019/20), 4.33 (2020/21), sen dato (2021/22) e sen dato (2022/23). Para a 2ª ed do Grao en Bioloxía soamente hai datos para o indicador IN20G (Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas): 3.88.

### Traballos Fin de Grao (TFGs)

Os procedementos relacionados coa asignación, supervisión e avaliación dos TFG están perfectamente establecidos. No curso 2020/2021, seguindo directrices para a organización da docencia e da avaliación (Consello de Goberno do 22 de abril de 2020 e Instrucións 3/2020 e 4/2020 da Secretaría Xeral da USC), se adoptaran distintas [medidas para facilitar a realización e finalización do TFG en condicións de pandemia](#), entre as que estaba a posibilidade de transformar os traballos experimentais en bibliográficos (acordo da Comisión de Traballos Fin de Grao do 26 de marzo de 2020) e incluír a posibilidade de ser avaliados polo/a Titor/a –puntuación máxima 9 puntos (acordos Comisión Permanente do 4 e 12 de maio de 2020). No curso 2021/22 voltouse a normalidade, polo que no curso 2022/23 todos os TFGs foron avaliados por un tribunal formado por tres membros do PDI.

No curso 2022/23 defendéronse 85 TFGs no Grao de Bioloxía, que abranguen as distintas áreas de coñecemento implicadas na docencia de Bioloxía. Os traballos obtiveron boas cualificacións, non habendo suspensos: 5 matrículas de honra (5.9 %), 39 sobresaíntes (45.9 %), 38 notables (44.7 %) e 3 aprobados (3.5 %). A estes TFGs se suman os 15 defendidos no contexto do Dobre Grao de Química-Bioloxía, que obtiveron incluso mellores cualificacións, non habendo nin aprobados nin suspensos: 7 sobresaíntes (46.7 %), 8 notables (53.3%).

## Resultados da aprendizaxe

O título que se analiza, segundo o informe de renovación da acreditación (xullo de 2017), ten como puntos fortes presentar contidos actualizados e coordinados con títulos similares a nivel nacional e internacional e que o alumnado está ben preparado, especialmente na súa formación teórica; isto indica que o título cumpre os requisitos do programa formativo.

Un bo xeito de valorar os resultados de aprendizaxe do título é fixarse nas cualificacións dos TFGs, xa que nel se poñen en práctica moitos dos coñecementos e competencias/habilidades/destrezas adquiridas ao longo do grao. Así, no 2022/23 a taxa de éxito da materia G1021425 - Traballo fin de grao (1ª ed Grao de Bioloxía) é do 100% (INF 17 - Informe de taxa de éxito das materias do plan de estudos), e o 96.5 % do alumnado da 1ª ed do Grao en Bioloxía que presentou o TFG obtivo unha cualificación de notable ou superior, o que indica que finaliza o título cunha boa formación.

Outro xeito de valorar os resultados da aprendizaxe é a través da enquisa de satisfacción co TFG que realizou o alumnado do Grao de Bioloxía no curso 2022/23 (enquisa propia do SGC do centro). No curso 2022/23 cubriron dita enquisa 83 alumnos/as dos 85 estudantes do Grao en Bioloxía que defenderon o TFG nas convocatorias de febreiro, xullo e setembro, o que supón un 97,6%. Deste alumnado que contestou, 36 (43,4%) realizaron un traballo bibliográfico, namentres que 44 (53,0%) fixo un traballo experimental; de 3 alumnos do Grao en Bioloxía non se teñen datos sobre a natureza do seu traballo fin de grao na enquisa. Finalmente, 1 alumno/a estudou o Dobre Grao de Química-Bioloxía e presentou un traballo de investigación. O interesante en relación cos resultados de aprendizaxe e as competencias/habilidades/destrezas desenvolvidas polos estudantes é que dita enquisa indica que haberá que reforzar a a capacidade de traballar en grupo, realizar exposicións públicas, manexo de TICs, e a capacidade para resolución de problemas, pero que a adquisición do resto das competencias transversales é boa.

A boa adquisición de competencias polos alumnos se ve tamén reflectido nas enquisas dos titores/as externos dos programas de prácticas externas (comentado en apartados anteriores). Asemade, tamén observase nos resultados da enquisa realizada aos egresados/as da USC no segundo semestre e nos datos de inserción laboral dispoñibles (INF09\_2ºS\_2022-2023) (Participación de alumnos do Grao en Bioloxía do 8,97%; non hai datos do 1º semestre). Así, os datos deste informe indican que o alumnado valora positivamente a súa titulación (3,29 sobre 5 no G. Bioloxía; 3,45 no global das titulacións) e a formación teórica (3,86 sobre 5 no G. Bioloxía; 3,80 no global das titulacións), pero detecta problemas na súa formación práctica (2,14 sobre 5 no G. Bioloxía; 2,65 no global das titulacións). Respecto ás competencias adquiridas polos egresados (INF.09), o “traballo en equipo” (3,43 sobre 5; 3,35 no global) e a “capacidade de análise” (3,29 sobre 5; 3,67 no global) foron as competencias mellor valoradas, namentres que a “capacidade de planificación, coordinación e organización” (3 sobre 5; 3,30 no global) e sobre todo a “creatividade” (1,86 sobre 5; 2,56 no global) foron as competencias que recibiron unha puntuación máis baixa. En conclusión, deberase reforzar a formación práctica no Grao en Bioloxía así como aquelas metodoloxías docentes e actividades que potencien a capacidade de planificación, coordinación e organización así como a creatividade. Tanto as prácticas externas como o TFG poden ser dúas materias axeitadas para acometer esta acción.

## Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida e do profesorado coa docencia impartida é moi alta, tal e como indican os resultados da enquisa realizada pola ACMP (indicador INF.13; “Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida”). Así, a valoración global do alumnado do curso 2022/2023 da 1ª ed do G. Bioloxía foi de 3.97 (sobre 5), cunha participación na enquisa de soamento o 5.29%; no caso do alumnado da 2ª ed do Grao en Bioloxía foi algo mellor (4,17 sobre 5; participación do 16,67% do alumnado matriculado). En consoancia con esta valoración, todos os ítems da enquisa presentan puntuacións superiores a 3.5 (sobre 5) en ambas edicións do grao. O ítem peor valorado polos alumnos da 1ª edición do G. Bioloxía foi O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma? (3.53), e o mellor valorado “O/A docente explica a programación da materia e os criterios de avaliación?” (4.56) No caso da enquisa da 2ª edición do Grao en Bioloxía o ítem peor valorado foi “O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?” (3.77), e o mellor valorado “Cumpre co programa e o plan de traballo previsto?” (4.53). En conclusión, o alumnado do Grao en Bioloxía está a indicar que o grao de cumprimento da planificación docente e a explicación desta e dos criterios de avaliación é elevado, ao mesmo tempo que o PDI debería potenciar actividades que favorezan a aprendizaxe

autónoma.

No caso do profesorado, na enquisa de satisfacción coa docencia impartida (P.Ind\_2022-23; indicador IN47G) a valoración global é de 4.27 (sobre 5) para a 1ª ed do G. Bioloxía, e de 4,21 (sobre 5) para a 2ª ed do G. Bioloxía. Cando se analiza a información máis detenidamente (INF.14), vese que tanto na 1ª ed como na 2ª ed do G. Bioloxía o 100% dos 19 ítems presentan valoracións  $\geq 3,3$  (sobre 5) puntos. O ítem peor valorado tanto na 1ª como na 2ª ed do G Bioloxía foi “O meu alumnado participa crítica e activamente no desenvolvemento das clases?” (3.35 e 3.30 sobre 5 puntos, respectivamente), e o mellor valorado “Manteño un trato correcto cos estudantes?” (4.95 en ambas edición sobre 5 puntos). Podemos concluir así que o principal problema que atopan os profesores á hora de impartir docencia é a participación activa do alumnado en clase, ao que súmase a falta de asistencia do alumnado as clases. De feito, o tema da baixa asistencia do alumnado foi comentado na reunión ordinaria da Comisión de Título do Grao en Bioloxía celebrada o 27 de setembro de 2023 (ver acta), atribuíndoo á baixa motivación destes así como coa presenza de apuntamentos non autorizados de varias materias na rede. De feito, no indicador INF.13 “Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida” preguntábase ao alumnado si “O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos?”, tendo en conta que este feito podería favorecer a asistencia dos alumnado ás aulas. Sen embargo, non existe unha pregunta directa no sentido de si o “alumno está asistindo regularmente as clases”, unha cuestión interesante porque daríalle máis validez aos resultados da propia enquisa.

En relación coa enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (indicador INF.22\_2022\_2023), a valoración global do Grao en Bioloxía foi de 2.70 sobre 5 puntos para a 1ª ed (participación do 5.45%) e do 2.87 sobre 5 (participación do 9.18%) para a 2ª ed. Destacan sobre todo, as baixas valoracións por parte do alumnado da 1ª ed do G. Bioloxía dos ítems que fan referencia ao equilibrio entre os contidos teóricos e prácticos na titulación (1.67 sobre 5) e a distribución da carga de traballo (1.67 sobre 5). No caso da 2ª ed do G. Bioloxía resalta como o ítem peor valorado polo alumnado “A carga de traballo está ben distribuída?” (1.83 sobre 5 puntos). En canto aos que obtiveron a maior puntuación, para a 1ª ed estes foron “Cal é a túa valoración dos trámites de matriculación?” (3.5/5 puntos), “Valora a orientación profesional e laboral recibida no teu centro” (3.5/5 puntos) e “O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?” (3.5/5 puntos). No tocante á 2ª ed do Grao en Bioloxía, os ítems con notas máis altas foron “Cal é a túa valoración dos trámites de matriculación?” (4.06/5 puntos) e “O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?” (3.83/5 puntos).

Respecto a enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación (INF.23), os resultados dos informes presentan unha boa valoración global e mellor participación que no caso do alumnado: 1ª ed 3,87 sobre 5, participación do 18.18%; 2ª ed 4.13 sobre 5, participación do 27,88%. O valor de todos os ítems foi sempre  $\geq 3.1$  sobre 5 nas dúas enquisas (1ª e 2ª ed). O ítem peor valorado polo PDI foi na 1ª ed “O alumnado implícase na titulación?” (3.17/5 puntos), e na 2ª ed “O alumnado acode con regularidade ás clases?” (3.41/5 puntos), o que está en consonancia co que acabamos de comentar máis arriba. En canto ao ítem mellor valorado na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación, na 1ª ed foi “O campus virtual facilita a miña labor docente?” (4.67/5 puntos), e na 2ª ed foi novamente “O campus virtual facilita a miña labor docente?” (4.72/5 puntos). A boa valoración do campus virtual parece ser algo común a PDI e alumnado.

No tocante aos problemas detectados en relación ao Traballo Fin de Grao, os resultados da enquisa de TFG (protocolos propios do SGC da Facultade de Bioloxía), detectáronse algúns. En primeiro lugar con algunhas preguntas da propia enquisa (p. ex., non é posible avaliar o papel do cotitor), polo que o alumnado parece experimentar algunhas dificultades á hora de contestala. Ademais, os traballos bibliográficos parecen xerar máis dificultades entre o alumnado. O papel do/a titor/a no desenvolvemento do TFG é valorado positivamente, namentres que as cuestións administrativas e/ou académicas teñen unha valoración inferior: Atención/información proporcionada sobre o TFG polo persoal administrativo e o coordinador de TFG, problemas á hora de facer a solicitude de defensa do TFG pola secretaria virtual, primeiro prazo de defensa na terceira semana de xullo por incompatibilidade no acceso aos mestrados que non sexan da USC. En relación ao papel do alumno/a no desenvolvemento do TFG, segue a repetirse o tema do axuste do TFG ao número de ECTS, tanto nos experimentais como nos bibliográficos. Asemade, no curso 2022-23 tivéronse en conta algúns dos comentarios feitos polos/as alumnos/as no apartado de observacións da enquisa de TFG. Así, tratouse de mellorar o regulamento do TFG en Bioloxía e deseñouse un modelo de TFG onde se indicou, de xeito máis claro, cuestións que xeraban dúbidas entre os alumnos/as, como por exemplo o formato da portada e pes de figura, o número de páxinas do TFG (si se inclúe ou non a portada e o índice, si se permite incrementar dicho número, etc), o entrelíñado, os links a materiais adicionais, o formato

dos títulos e encabezados de bloques, etc. Dado que levou tempo facer estes cambios e aprobar o novo regulamento de TFG, así como crear o modelo de TFG, isto xerou novamente críticas por parte do alumnado. Así, segundo algúns alumnos/as o modelo de TFG que se proporcionou chegou demasiado tarde e parecía estar demasiado orientado aos TFGs de tipo experimental (ambos teñen a mesma estrutura, xa que está fixada no regulamento de TFG do Grao en Bioloxía). Tamén houbo queixas polo cambio de normativa 2 meses antes da defensa do TFG, o cal é matizable, xa que ditos cambios no regulamento soamente fixéronse para matizar algunhas cuestións formais por solicitude dos propios alumnos. O límite de 20 páxinas (A4) é constantemente unha queixa por parte do alumnado, especialmente no caso dos TFGs experimentais, se ben neste momento estanse a permitir ata 3 páxinas adicionais ao final do traballo en forma de material suplementario, que consistirá en imaxes/gráficas, esquemas ou táboas adicionais acompañadas de pés de figuras ou pequenos textos explicativos. Esperamos que este pequeno aumento solucione polo menos algo do problema. Sen embargo, considerase unha competencia importante dun investigador o saber transmitir ideas complexas dun xeito claro e breve, de modo que un límite de 20 páxinas (sen contar a portada e o índice) nun TFG parece razoable.

O alumnado tamén tiña a oportunidade de deixar comentarios no apartado de observacións da enquisa de prácticas externas do Grao en Bioloxía. No curso 2022/23 houbo algunhas pequenas queixas en relación co persoal do centro (ausencia de titorización por parte do titor externo, aínda que son atendidos/as por outro persoal do propio centro), que as veces o persoal do centro ten moita carga de traballo e non lles pode prestar atención, ou a tipoloxía das actividades durante as prácticas (actividades un pouco repetitivas como cuestións de inventariado e catalogación). Sen embargo, ningunha das prácticas realizadas nas diferentes entidades/empresas cumpriu o criterio das baixas valoracións dous anos seguidos, polo que non se activou o sistema de alarma temperá no curso 2022/23.

Como acabase de mencionar, houbo queixas da enquisa do TFG en relación á pouca formación que se lles da no Grao de Bioloxía para acometer traballos similares. Por elo, o alumnado demanda charlas para informar sobre o proceso de elaboración dun TFG (especialmente o bibliográfico) e sobre como realizar correctamente a defensa pública. Nese sentido, o novo Plan de Acción Titorial (PAT) da Facultade de Bioloxía, que xurdiu a raíz do obxectivo de calidade OC-6 e da acción de mellora AM-6 (tarefa AM-6.02) do plan de melloras do centro 2022/23 (Memoria de calidade 2020/21) e que foi recentemente aprobado pola Xunta de Facultade (18 xaneiro 2024), recolle varias sesións informativas en relación co TFG. A primeira, que xa se estaba a realizar en anos previos, céntrase sobre cuestións administrativas relativas ás Prácticas Externas e ao Traballo Fin de Grao (TFG). Dita sesión está destinada ao alumnado do terceiro curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, ten lugar a mediados-finais de marzo, e esperamos solucione o descontento coas cuestións administrativas. Pero ademáis, o PAT contempla a realización dunha sesión informativa adicional na que se fala especificamente do modelo de TFG e se dan consellos para a elaboración/redacción dos TFGs, especialmente os bibliográficos. Esta sesión pretende reforzar os resultados da aprendizaxe do alumnado do último curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía, ten unha tipoloxía grupal, e está prevista para a segunda metade de setembro.

Os datos que acabamos de presentar deberíanos facer reflexionar para intentar mellorar os resultados, aínda que algúns son aspectos difíciles de abordar. Respecto ao equilibrio entre os contidos teóricos e prácticos e a carga de traballo, isto é dificilmente solventable cando os recursos destinados as prácticas (tanto de laboratorio como de campo) son escasos, sofren recortes continuos, e a infraestrutura dos laboratorios -tanto de docencia como de investigación- está envellecida/obsoleta e necesita inversión. É un feito incuestionable, ademáis, que a capacidade investigadora da nosa facultade veuse mermada nos últimos tempos, cunha redución de persoal e grupos de investigación en todos os ámbitos (molecular e ambiental), forzada por unha desigualdade manifesta de oportunidades que merma a biodiversidade do ecosistema investigador dentro da USC. Iso impacta moi negativamente na calidade das prácticas e da docencia teórico-práctica. Quizáis o exemplo máis claro de cómo a docencia e investigación se retroalimentan e da nula financiación das prácticas son os Traballos Fin de Grao e de Mestrado, que fai que moitos grupos xa non poidan ofrecer TFGs/TFMs experimentais ao alumnado. Polo tanto, podemos estar implementando melloras continuas ao través do ciclo PDCA, identificando estupendamente os problemas e planificando xeitos de mellorar a situación. Sen embargo, a constante merma en recursos humanos e de infraestruturas bota por terra calquer tipo de planificación que se poida deseñar, e invalida totalmente o ciclo Deming.

Por outra banda, nas titulacións con elevada carga práctica, procesos de avaliación continua (nos que se combinan traballos

e exames) e número elevado de alumnos dificulta notablemente facer una distribución equilibrada da carga de traballo xa que, entre outras, hai limitacións nas infraestruturas (número de laboratorios do centro e ocupación dos mesmos). En canto ao tema da baixa participación dos distintos sectores (profesorado, alumnado, egresados) nas enquisas oficiais realizadas pola USC, especialmente na de satisfacción coa titulación, está claro que é necesario desenvolver estratexias que permitan aumentar a participación nas mesmas. Dende a Vicerreitoría de Calidade deberíase mellorar o proceso de recollida de información; pensamos que sería efectivo, por exemplo, o desenvolvemento de aplicacións para telefonía móbil, ou voltar ao sistema de enquisas presenciais de antano, de moito máis éxito. Finalmente, respecto ás queixas do alumnado en relación ao proceso ensino/aprendizaxe, as máis habituais que se repiten nos distintos cursos, e das que queda constancia nos informes de coordinación propios do SGC do centro, son as relacionadas coa elevada carga de traballo e a distribución temporal do mesmo, corroborando os resultados das enquisas da ACMP. A maioría do alumnado do Grao en Bioloxía indica que a carga de traballo é excesiva en función do número de créditos para a maioría das materias; ademais, esta concéntrase en curtos períodos de tempo.

### 3.2.2.- Grao en Biotecnoloxía (GBT)

#### Admisión do alumnado

No Grao en Biotecnoloxía non se aplican criterios de admisión específicos, máis aló dos indicados pola lexislación vixente. A información xeral sobre o acceso á titulación está accesible na web da USC. A demanda do alumnado foi moi superior ás prazas ofertadas, polo que se cubriron todas. No curso 2022/23 ofertáronse 50 prazas (indicador IN01G), sendo a matrícula de novo ingreso por preinscripción (indicador IN04G) de 54 prazas. A matrícula total (indicador IN02G) no Grao de Biotecnoloxía foi de 201 alumnos/as no curso 2022/2023, xa que foi o segundo ano no que se impartiu docencia en todos os cursos da titulación. As porcentaxes de estudantes estranxeiros sobre matriculados (indicador IN08G) e a porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados (indicador IN09G) foron 1.49% e 2.49% respectivamente, polo que son baixas. De feito, presenta unha mobilidade entrante (1-2%) similar a de outros títulos da USC impartidos noutras facultades no curso 2022/23 (IN18G, mobilidade entrante; datos extraídos das páxinas web das diversas facultades, da área de calidade).

#### Aplicación de normativas predefinidas

A normativa de permanencia e a de transferencia e recoñecemento de créditos, establecidas pola USC, aplícase correctamente. No Grao en Biotecnoloxía, no curso 2022/23, recoñecéronse como créditos da titulación a adquisición de competencias transversais a seguintes: Coñecemento de idiomas (34 alumnos/as); realización de cursos de verán (11 alumnos/as); actividades deportivas (5 alumnos/a); actividades culturais (2 alumnos/as); actividades de participación social (1 alumnos/as); curso de competencias en información nivel básico (24 alumnos/as), curso de competencias en información nivel avanzado (22 alumnos/as), curso en habilidades comunicativas (1 alumnos/as), MicroMundo/Small World Initiative Crowdsourcing para o Descubrimento de Antibióticos Mediante Aprendizaxe Integrandos Diversos Niveis Educativos (Biotecnoloxía) (7 alumnos/as) e Club de Debate Compostela 2022 (1 alumno/a).

#### Complementos formativos, cursos de adaptación ou de nivelación

Non existen para o Grao de Biotecnoloxía

#### Orientación académica

Como xa se comentou, o 7 de setembro de 2022 celebrouse na Aula Magna da Facultade de Bioloxía un acto de benvida conxunto para os/as alumnos/as de primeiro de Bioloxía, Biotecnoloxía e do Dobre Grao de Química-Bioloxía. Nese acto participaron o Decano da facultade, D. Jesús Ángel López Romalde, quen presentou o equipo decanal e Información académica relevante para os estudantes, os Coordinadores do Grao de Biotecnoloxía (D. Javier Sampedro Jiménez) e Bioloxía (D. Francisco Javier Salgado Castro), que presentaron os equipos de coordinación e explicaron as funcións destes equipos e a importancia das enquisas realizadas no centro, a Xestora de centro D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Concepción Lapido Silva, quen proporcionará aos estudantes información administrativa de especial interese así como outra contida na web da facultade, Director da Biblioteca da Facultade de Bioloxía, D. Xosé Anxo Doval Rey, quen presentou os distintos servizos da biblioteca

así como os diferentes cursos de formación que se fan nela, D<sup>a</sup> Celia Pinaque Parrado, quen presentou aos alumnos as funcións do persoal del Punto de Atención, Información e Servizos (PAIS) explicou, os representantes de alumnos en Bioloxía e Biotecnoloxía, os representantes da organización de estudantes Bota e Bata, D<sup>a</sup> Katerina Vlasakova, quen falou dos cursos de idiomas que se imparten no Centro de Linguas Modernas (CLM) da USC, o Delegado de deportes da USC D. Javier Rico Díaz, quen presentou as actividades deportivas e culturais na USC no curso 2022-23, e finalmente a Vicerreitora de Estudantes e Cultura, D<sup>a</sup> Pilar Murias Fernández, quen pechou o acto. Este acto complementou os organizados desde a Vicerreitoría de Estudantes e Cultura no mes de setembro ([xornadas de inicio de curso](#); 13, 14 e 15 de setembro de 2022. Por outro lado, os coordinadores de 1<sup>o</sup>, 2<sup>o</sup>, 3<sup>o</sup> e 4<sup>o</sup> curso e o Coordinador do Grao en Biotecnoloxía estiveron constantemente a disposición do alumnado para recoller as súas dúbidas e/ou suxerencias e por se fose necesario axustar algunhas cuestións no desenvolvemento das ensinanzas; dita información está incluída nos informes de coordinación. Para o alumnado de cursos superiores, especialmente de 2<sup>o</sup> e 3<sup>o</sup>, realizáronse reunións informativas sobre:

- **Programas de mobilidade:**

- **Charla presentación da convocatoria Erasmus 2023:** Celebrouse o 14/12/2022, de 14:00-15:00 na Facultade de Bioloxía, e nela participou a Xestora Académica, Concepción Lapidó Silva, quen fixo a presentación, e a Coordinadora dos Programas de mobilidade, a Vicedecana Otilia Reyes Ferreira. Tamén participou unha alumna, quen contou a súa experiencia en Romanía. A esta reunión asistiron uns 30 alumnos/as, que mostraron un grande interese e como consecuencia xerouse certo debate sobre os programas de mobilidade.
- **Charlas sobre programa SICUE 2023:** Celebrouse o 23/03/2023 no salón de graos da facultade as 14:00. Asistiron unhas 30 alumnos/as.

- **Programa de prácticas externas e TFG:**

- **A charla sobre o programa de prácticas externas e TFG:** Celebrouse o 21/03/2023 na aula 2 da Facultade de Bioloxía as 14:00h na Aula 2, completándose o aforo da aula e asistindo unhas 20 persoas de pe. Nesa charla participaron a xestora académica do Centro, Concepción Lapidó Silva, e a Vicedecana Otilia Reyes Ferreira. Se fixeron moitas preguntas e se recolleu o interese de algúns estudantes en visitar os laboratorios para informarse de temas de investigación
- **Xornadas de portas abertas Bioloxía-Biotecnoloxía.** O 23/03/2023 celebrouse unha presentación dos grupos de investigación da Facultade de Bioloxía e do centro de investigación asociado (CIBUS). Na reunión consultouse aos/as alumnos/as que departamento/grupo de investigación querían visitar de cara a posibles prácticas externas ou TFGs. Posteriormente pedíuselles por correo electrónico os grupos que recibisen aos alumnos, de xeito que se fixeron unhas xornadas de portas abertas adaptadas as preferencias dos estudantes.

- **Outras charlas sobre orientación académica ou laboral realizadas na Facultade no curso 2021/22:**

- **Concurso Biopostais.** Lanzouse a convocatoria o día 21 de novembro para elixir a biopostal coa que felicitar o Nadal na Facultade de Bioloxía. Presentáronse 5 biopostais e resultou ganador o alumno Manuel García Amado. Comunicouse o premio o día 16/12/2022.
- **Charla “Cómo mejorar tus notas sin sufrir”.** Celebrada o 14/12/2022 de 19:00-20:15. Foi impartida por Óscar Martínez Pérez (alumno de dobre grado de Bioloxía-Química) e Aarón Morales (Coach Profesional). A charla centrose en presentar as vantaxes da meditación para a superación persoal. O final, en 20 min, se fixo un exercicio práctico de relaxación, meditación e liberación de tensión dirixida polos dous poñentes. Asistiron 23 alumnos/as.

- **Charla “As resistencias a antibióticos: investigando e divulgando”.** Celebrada o 02/05/2023 de 16:00-17:30h na Facultade de Bioloxía. Os relatores foron Raquel Carnero Gómez e Luis Marcos Nogales.

### Programas de mobilidade

**Mobilidade entrante:** Como acabamos de comentar máis arriba, o número de alumnos/as recibidos a través dos distintos programas de mobilidade é baixo. Todo o alumnado matriculado pola cota xeral no Grao de Biotecnoloxía (51) procede de España, e máis en concreto de Galicia (50 dos 51 alumnos/as: 98 % no curso 2022/2023). Dentro de Galicia, a maioría é da provincia de A Coruña (23/50; 46%), seguido das provincias de Pontevedra (17/50; 34%), Ourense (6/50; 12%) e Lugo (4/50; 8%) (INF CIUG\_2022\_2023), tendo unha procedencia similar ao alumnado do Grao de Bioloxía. Como acábese de comentar, no curso 2022/2023 ningún alumno/a procedente da cota xeral matriculado/a no 1º curso do Grao en Biotecnoloxía foi estranxeiro/a (INF CIUG\_2022-2023), e dos/as 51 alumnos/as de nacionalidade española matriculados pola coa xeral soamente 1 (2%) procedeu de fóra de Galicia (INF CIUG\_2022-2023). De feito, a “*Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados*” (indicador IN09G) do Grao en Biotecnoloxía foi: 2.05% (2020/21), 3.14% (2021/22) e 2.49% (2022/23). En canto á “*Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados*” (indicador IN18G), esta foi soamente do 1.37% (2020/21), 3.14% (2021/22) e 1.99% (2022/23).

**Mobilidade saínte:** En canto a mobilidade saínte, o indicador IN17G “*Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados*” do panel de indicadores (P.Ind\_2022-23), non existen datos no caso do Grao en Biotecnoloxía. Sen embargo, o indicador INF 03 - Procedencia-Destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade indica que para o curso 2022/23 houbo 2 estudantes que participaron no programa ERASMUS, e 4 no SICUE, o ue fai un total de 6 alumnos/as de mobilidade saínte dende o Grao de Biotecnoloxía; tendo en conta IN02G Matrícula global = 201, isto fai que a mobilidade saínte sexa do 3% (6/201\*100).

**Comparativa:** Si comparamos cos datos existentes de mobilidade entrante e saínte doutros Graos a nivel estatal ([Datos y Cifras del Sistema Universitario Español](#); Publicación 2022-2023) o Grao en Biotecnoloxía da USC presenta unha mobilidade saínte (3%) máis baixa que a do valor promedio dos graos en Galicia (6.6% no curso 2020/21; Taxa de mobilidade nacional -cambio de CCAA- dos estudantes universitarios matriculados en Grao en universidades presenciais). Similarmente, o mesmo informe indica que a presenza de alumnos extranxeiros é máis reducida en comunidades como Asturias, Extremadura, Galicia e País Vasco en cursos de Grado (por debaixo do 3%), o que explica unha mobilidade saínte do 3% no Grao de Biotecnoloxía. Polo tanto, as taxas de mobilidade saínte no Grao de Bioloxía están alineadas coas da comunidade galega. En cambio, as da mobilidade entrante son incluso menores que as de Galicia. De feito, presenta unha mobilidade entrante (2%) similar a de outros títulos da USC impartidos noutras facultades no curso 2022/23 (IN18G, mobilidade entrante; datos extraídos das páxinas web das diversas facultades, da área de calidade), salvo o Grao en Enxeñería Química:

- Grao en Farmacia USC: 1,93%
- Grao en Medicina USC: 2,6%
- Grao en Química USC: 1,6%
- Grao en Física USC: 2,16 %
- Grao en Matemáticas USC: 1,56%
- Grao en Enxeñería Química: 5.59 %

Para tentar mellorar a participación do estudantado nos programas de mobilidade estanse facendo esforzos en incrementar a información ofrecida ao alumnado coa convocatoria de reunións informativas sobre as opcións, destinos e as condicións da mobilidade saínte, as cales forman xa parte do [Plan de Acción Tutorial da Facultade de Bioloxía](#)

### Metodoloxía de ensinanza

A metodoloxía da ensinanza adecúase ao perfil e necesidades do alumnado. A docencia no Grao en Biotecnoloxía comezou no escenario de normalidade no curso 2022/2023. Toda a docencia expositiva fíxose de xeito presencial segundo o horario



previsto. Tamén se realizaron presencialmente o resto das actividades docentes (interactivas), como seminarios, prácticas (laboratorio, informática e campo) e titorías. Os informes resultantes da aplicación dos protocolos do SGC elaborados e aprobados na Comisión de Título, tal e como se indicou na Directriz 2, así o indican. Ademais, as guías docentes das materias inclúen a metodoloxía de ensino-aprendizaxe e a avaliación das competencias (básicas, transversais e específicas). Non obstante, existen cousas a mellorar na titulación, como está a indicar a enquisa de satisfacción dos estudantes coa titulación elaborada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (INF.22, “*Satisfacción do alumnado coa titulación*”). Así, para a o Grao en Biotecnoloxía a valoración global é de 2.83 sobre 5 puntos (participación 11.82%), sendo necesario mellorar (valores menores de 2,5 puntos sobre 5) a distribución temporal da carga de traballo ao longo do curso (1.77), horarios (1.77), e organización da titulación (1.92). Aínda que hai que ter en conta tamén na interpretación destes datos a baixa participación do alumnado nesta enquisa, a valoración da cuestión dos horarios no Grao de Biotecnoloxía experimentou un claro e gradual empeoramento nos últimos anos: 3.48 (2019/20), 2.80 (2020/21), 2.27 (2021/22) e 1.77 (2022/23). O [informe propio de coordinación do curso 2022/23](#) reflectese este problema, especialmente en terceiro, onde o alumnado sinala o mal deseño dos horarios, con horas non agrupadas, incompatibilidades, cambios nos horarios non comunicados aos alumnos, confusións cos horarios, ocos con horas mortas ao principio do semestre e en cambio demasiada carga de traballo ao final deste. Como o mesmo informe indica, este tipo de problemas tratáronse de corrixir desde o Decanato para o curso 2023/24 e sobre todo 2024/25, cunha serie de accións como adiantar clases expositivas e algúns seminarios ou que poida haber 3 horas de teoría por semana nas materias que teñen máis carga docente de clases expositivas e intentar aliviar a carga docente xeral ao final do cuadrimestre movendo algunhas prácticas.

### Avaliación da aprendizaxe

No Grao en Biotecnoloxía os mecanismos de avaliación da aprendizaxe teñen en consideración dous aspectos fundamentais. Por un lado, a inclusión das competencias (transversais e específicas) e o seu sistema de avaliación nas guías docentes das distintas materias. Por outro, a avaliación da adquisición de competencias que fan os titores externos do programa de prácticas externas (enquisa propia do centro) e tamén a que fan os titores do TFG (informe do titor). Tamén se recollen datos dos alumnos/as egresados/as (enquisa aos/as egresados/as -ACMP) sobre a súa satisfacción coa titulación.

Os resultados das **enquisas realizadas aos titores externos dos programas de prácticas externas** sobre a adquisición de competencias indican una elevada adquisición das mesmas por parte do alumnado. Así, realizouse unha enquisa entre os titores externos das prácticas, valorándose un total de 15 ítems (**Figura 9A**)

- Asistencia e puntualidade
- Respeto polas normas
- Motivación e interese no traballo
- Capacidade de aprendizaxe
- Procura de información axeitada e actual
- Iniciativa e toma de decisión
- Planificación e organización do traballo
- Traballo en equipo e cooperación
- Adaptabilidade a situacións e solución de problemas
- Creatividade
- Coñecemento das técnicas ou procedementos para o traballo
- Manexo de ferramentas (maquinaria, aplicacións informáticas, etc)
- Seguridade persoal e autoconfianza
- Comunicación oral
- Comunicación escrita.

O número de enquisas recollidas dos titores externos foi de 46. A valoración que fixeron das prácticas externas os titores foi moi alto (9,6 sobre 10 puntos). Soamente un pequeno número de enquisas (10) tiveron unha valoración por debaixo do


percentil do 10% (9,1) no curso 2021/2022, e ese número foi aínda menor no curso 2022/2023 (3 enquisas). En canto aos ítems que están consistentemente mellor valorados situáronse a “asistencia e puntualidade” (9,8), o “respecto polas normas” (9,9) e o “traballo en equipo e cooperación” (9,8). En contraposición, os ítems consistentemente peor valorados foron a “búsqueda de información axeitada e actual” (9,4), “iniciativa e toma de decisións” (9,4), “creatividade” (9,4), e “coñecemento de técnicas e procedementos para o traballo” (9,4) (**Figura 9A**). Os titores externos tamén deixaron unha serie comentarios no apartado de observacións da enquisa. A práctica totalidade parte destes comentarios foron moi positivos e amosaban unha grande satisfacción coas prácticas externas, en consonancia cos resultados da enquisa. Sen embargo, no curso 2021/2022 un dos titores fixo un comentario que coincide cos resultados da enquisa, xa que se refire a que un aspecto a mellorar do estudante é a iniciativa á hora de formular preguntas e ter algo máis de curiosidade sobre a finalidade do traballo, sobre o valor ou a finalidade do traballo que se está a desenvolver. Nos comentarios feitos polos titores no curso 2022/2023 non houbo ningún que indicase aspectos a mellorar, aínda que como xa se indicou 3 enquisas tiveron un valor medio inferior ao do percentil 10% (pero en ningún destes 3 casos os titores deixaron comentarios).

Os resultados das **enquisas realizadas aos titores do TFG** sobre a adquisición de competencias indican una elevada adquisición das mesmas por parte do alumnado. En dita enquisa se valoraron un total de 10 ítems (**Figura 9B**):

- Pensar de forma integrada e abordar os problemas desde diferentes perspectivas.
- Buscar, procesar, analizar e sintetizar información procedente de diversas fontes.
- Organizar e planificar o seu traballo
- Interpretar resultados experimentais e identificar elementos consistentes e inconsistentes
- Traballar en equipo
- Razoar criticamente
- Manter un compromiso ético
- Adaptación a novas situacións (resiliencia).
- Liderado e dirección de equipos
- Iniciativa e espírito emprendedor

O número de enquisas recollidas dos titores de TFG foi de 46. A valoración que fixeron os titores de TFG foi tamén moi alta ( $\geq 4,5$  sobre 5 puntos) (**Figura 9B**). Os resultados conxuntos dos TFGs experimentais e bibliográficos indican que a adquisición de competencias por parte do alumnado é moi alta. Cando se analizaron os comentarios realizados polos titores de TFG (apartado de observacións da enquisa), practicamente a totalidade foron moi positivos, en consonancia coas elevadas cualificacións obtidas para cada competencia analizada. Algúns titores, non obstante, si apuntaron algúns problemas. Por exemplo, nalgúns casos os titores atoparon problemas en competencias como a procura de información, síntese, estruturación do traballo, redacción da memoria, discusión de resultados, elaboración de conclusións, planificación a curto prazo, minuciosidade na elaboración de reportes de datos, abordaxe de problemas (integrar coñecementos e mostrar iniciativa), etc, que nalgúns casos segundo os titores son propias da etapa académica temperá do alumnado.

A)



B)



**Figura 9.- Resultados das enquisas realizadas aos titores de prácticas externas (A) e aos titores dos TFGs (B) sobre adquisición de competencias por parte do alumnado no curso 2022/2023.** No caso da enquisa dos titores das prácticas externas (A) se indica o valor medio para cada unha das 15 preguntas da enquisa en cada curso académico (2018/19 a 2022/23), así como o promedio de valoración para cada pregunta das 15 preguntas englobando todos os anos (media). No caso da enquisa dos titores dos TFGs (B) se indica o valor medio para cada unha das 11 preguntas da enquisa no curso académico 2022/23.

#### Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación (informe de indicadores da ACMP, indicador IN42G):

Este indicador tivo un valor de 3.39 no curso 2020/21 e de 3.32 no curso 2021/22 (sobre 5 puntos), pero no existen datos para os curso 2022/23. Non obstante, estes datos poñen de manifesto una relativa boa satisfacción coa titulación dos egresados, aínda que con marxe de melora. Se comparamos cos datos do Informe de Satisfacción xeral do/as egresados/as de titulacións de Grao (INF.09) do 2º semestre (taxa participación 13.89%) do curso 2022-2023, o alumnado do Grao en Biotecnoloxía valorou moi positivamente a súa titulación (4.20 sobre 5 puntos), unha media superior á valoración global promedio dos títulos na USC (3.45 sobre 5 puntos); non hai datos de do informe INF.09 para o primeiro semestre como noutros anos. Neste informe INF 09 do segundo semestre os items mellor valorados foron: “*En que medida dirías que o teu traballo está relacionado coa titulación cursada? (Só no caso de estar traballando)*” (4.5/5 puntos), “*En que medida cres que a túa titulación che resulta útil para o mercado laboral?*” (4.25/5 puntos) e a “*Formación teórica*” (4/5 puntos). En cambio, o item peor valorado foi a “*Formación práctica*” (3/5 puntos), aínda que obtivo un valor superior a media da USC (2.65/5 puntos). Respecto ás competencias adquiridas polos egresados da USC (INF.09 2S), estas foron as as puntuacións: “*capacidade de análise*” (4 sobre 5), “*traballo en equipo*” (4.4 sobre 5), “*capacidade de planificación, coordinación e organización*” (3.60 sobre 5) e “*creatividade*” (3.4 sobre 5). En conclusión, a satisfacción xeral dos egresados coa titulación é elevada, pero cómpre mellorar as prácticas da titulación así como potenciar as competencias de capacidade de planificación, coordinación, organización e creatividade.

#### Prácticas externas

A Facultade de Bioloxía mantén convenios con empresas e organismos públicos para a realización de Prácticas Externas, que é unha materia obrigatoria no Grao en Biotecnoloxía e supón o primeiro contacto do alumnado coa práctica profesional. No curso 2022/2023 cursaron a materia 29 alumnos/as en distintos centros, especialmente do ámbito biomédico, como o CIMUS e o IDIS: Centro Tecnolóxico da Carne (1), CIBUS (1; Dpto. de Microbioloxía e Parasitoloxía), CIMUS (11), CIQUS (1), Compañía Española de Algas Marinas S.A. (CEAMSA) (1), Departamento de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía (2), DEPT. MICROBIOLOXÍA DO HOSPITAL CLÍNICO DE SANTIAGO (1), Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (1), IDIS (6), LABORATORIO INTERNACIONAL DE NANOTECNOLOGÍA (INL) (2) e Misión Biológica de Galicia

Sede Santiago de Compostela/CSIC (2). Os alumnos tamén tiveron a posibilidade de cursar Prácticas Extracurriculares a través do Consello Social, pero non Prácticas Externas Optativas. Así, 10 foron os alumnos/as que cursaron Prácticas Extracurriculares do Consello Social no seguintes centros: 8 no CIMUS, 1 en LONZA e 1 no INL.

Os programas de prácticas externas están moi ben valorados, tanto polo alumnado como polos titores profesionais e académicos. Así, en relación cos datos de satisfacción dos estudantes coas prácticas externas procedentes da ACMP, o indicador INF06\_2022-2023 ten unha valoración de 4.03 sobre 5 puntos. En canto ao indicador INF07\_2022-2023, que valora o grao de satisfacción dos titores externos coas prácticas externas (Taxa de participación: 25,58%) ten unha valoración > 4 sobre 5 puntos en todos os items; máis aínda, un 81.82% dos titores externos contrataría ao estudante e u 100% volvería a ofertar esta praza de prácticas, e soamente botaron en falta algúns coñecementos especializados (fisioloxía vexetal e cardiovascular), capacidade para realizar cálculos e mellor formación práctica. Finalmente, o indicador INF08\_2022-2023, que valora o grao de satisfacción dos titores académicos coas prácticas externas, ten unha valoración media de 4.39 sobre 5 puntos, e a pregunta “A organización e o desenvolvemento xeral do programa de prácticas é axeitada?” é valorada con 4.67 sobre 5 puntos.

Por outro lado, o SGC da Facultade de Bioloxía conta cunha serie de protocolos propios e realiza unha serie de enquisas entre as cales se atopan as enquisas realizadas para avaliar a opinión dos/as alumnos/as e dos/as titores/as externos/as sobre o desenvolvemento das prácticas externas do Grao en Biotecnoloxía e para a detección de problemas que, de forma recorrente, se poidan presentar nelas. O mecanismo funciona como unha especie de sistema de alerta que permite ter a información necesaria para poder corrixir as desviacións que presentan algunhas das prácticas respecto das valoracións do conxunto de prácticas externas que se están a realizar no grao. Seguindo este protocolo, se unha práctica obtivera puntuacións inferiores ao percentil do 10% (acumulativo de todas as prácticas dende que se empezou a impartir a titulación) durante dous cursos consecutivos, entraría na denominada alarma temperá. Nestes casos, se lles transmite a empresa correspondente a existencia destes problemas para que apliquen medidas para corrixilos e garantir que o grao de satisfacción mellore e alumnado alcance os niveis de aprendizaxe esperados.

O número de enquisas totais recollidas para avaliar a **opinión dos/as alumnos/as sobre o desenvolvemento das prácticas externas** do Grao en Biotecnoloxía foi de 50. A media da satisfacción xeral coas prácticas externas é alta (4.6 en 2021/22 e 4.7 en 2022/23, sobre 5 puntos). No curso académico 2021/22 dúas entidades/empresas tiveron unha valoración por debaixo do percentil do 10% (4.0). No curso 2021/22 os apartados da enquisa mellor valorados foron a integración do alumnado na entidade/empresa e o grao de relación das tarefas encomendadas coa titulación, e as peor valoradas a relación do alumnado co titor externo e adquisición/mellora de competencias profesionais. No curso académico 2022/23 ningunha entidade/empresa tivo unha valoración por debaixo dese percentil do 10% (4.0). No curso 2022/23 o apartado da enquisa mellor valorado foi novamente a integración do alumnado na entidade/empresa. O resto de items tiveron tamén unha elevada valoración (4.8). O alumnado tamén tiña a oportunidade de deixar comentarios no apartado de observacións da enquisa. A meirande parte destes comentarios foron moi positivos e amosaban unha elevada satisfacción coas prácticas externas realizadas, en consonancia cos resultados da enquisa. Sen embargo, houbo algunhas queixas, que se resumen nos seguintes epígrafes: Período de realización das prácticas externas/organización coincidente con baixa actividade na empresa, pouca duración das prácticas e tipoloxía das labores desenvolvida. De xeito paralelo, realizouse unha enquisa entre os titores externos das prácticas como acabamos de mencionar (**Figura 9A**), con resultados moi positivos.

### Traballos Fin de Grao (TFG)

Os procedementos relacionados coa asignación, supervisión e avaliación dos TFG están perfectamente establecidos. No curso 2022/23 todos os TFGs foron avaliados por un tribunal formado por tres membros do PDI. Defendéronse 48 TFGs no Grao de Biotecnoloxía, que abranguen as distintas áreas de coñecemento implicadas na docencia do título. Os traballos obtiveron boas cualificacións: 2 matrículas de honra [MH] (4.2 %), 35 sobresaíntes (72.9 %) e 11 notables (22.9 %).

### Resultados da aprendizaxe

Os resultados nas cualificacións das materias no curso 2022/2023, que xa foron comentados na Directriz 2, indican que o alumnado obtivo uns bos resultados da aprendizaxe, o que nos fai ser optimistas respecto á evolución do título unha vez completada a implantación.

Outro xeito de valorar os resultados de aprendizaxe do título é fixarse nas cualificacións dos TFGs, xa que nel pónense en práctica moitos dos coñecementos e competencias/habilidades/destrezas adquiridas ao longo do grao. Así, no curso 2022/23 a taxa de éxito do TFG foi do 100% (INF 17 - Informe de taxa de éxito das materias do plan de estudos) e 46 dos 48 alumnos/as (96 %) do Grao en Biotecnoloxía que presentou o TFG no curso 2022-23 obtivo unha cualificación de notable ou superior, o que indica que o alumnado finalizou o título cunha boa formación.

Tamén se pode apreciar nas valoracións que sobre as competencias adquiridas polo alumnado realizan os propios alumnos na enquisa de satisfacción co TFG no curso 2022/2023 (enquisa propia do SGC do centro). A enquisa de TFG do Grao en Biotecnoloxía (n=48; 81,21% con TFGs experimentais) é anónima e está estruturada en catro bloques, un dos cales é a adquisición de competencias transversais durante a realización do mesmo (bloque 4). Segundo dita enquisa a maioría das competencias transversais son traballadas (Pensar de forma integrada e abordar os problemas desde diferentes perspectivas; Buscar, procesar, analizar e sintetizar información procedente de diversas fontes; Organizar e planificar o seu traballo; Interpretar resultados experimentais e identificar elementos consistentes e inconsistentes; Razoar criticamente; Adaptación a novas situacións (resiliencia); Iniciativa e espírito emprendedor), pero tres de elas (traballo en equipo, liderado, compromiso ético) son pouco traballadas no TFG e deberán ser potenciadas noutras materias.

Por outro lado e como xa dixemos, en relación a enquisa sobre a adquisición de competencias transversais por parte do alumnado do Grao de Biotecnoloxía cuberta polos titores, os resultados indican que esta adquisición de competencias (e polo tanto o grao de satisfacción dos titores de TFG) é moi alta, polo que podemos dicir que os nosos alumnos/as teñen un bo nivel de preparación durante a carreira (boa adquisición dos resultados de aprendizaxe).

A boa adquisición de competencias polos alumnos vese tamén reflectido nas enquisas dos titores/as externos dos programas de prácticas externas (comentado en apartados anteriores). Asemade, tamén se observa nos resultados da enquisa realizada aos egresados/as do Grao en Biotecnoloxía do segundo semestre (Participación: 13,89%) e nos datos de inserción laboral dispoñibles (INF09\_2022-2023). Así, a formación teórica (4/5 puntos) e en competencias como a capacidade de análise (4/5 puntos), traballo en equipo (4.4/5 puntos) é axeitada, pero a formación práctica (3/5 puntos), a capacidade de planificación/coordinación/organización (3.6/5 puntos) e a creatividade (3.4/5 puntos) deben mellorar. Ademais, a satisfacción xeral coa titulación (4.2/5 puntos) é moi boa, sobre todo se a comparamos coa media dos títulos (3.45/5 puntos) ou da propia USC (3.40/5 puntos). De feito, o 100% dos egresados recomendaría a USC como universidade para cursar o grao de Biotecnoloxía (INF09\_2S\_2022-2023). Concluimos polo tanto que o

### **Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe**

No Grao de Biotecnoloxía a participación do alumnado na enquisa de satisfacción coa docencia recibida (INF.13) foi do 47.06%, algo maior que no curso precedente (35,68%). En canto á participación do profesorado na enquisa de satisfacción coa docencia impartida (INF.14), esta foi do 48.60%. Os informes das enquisas de satisfacción do alumnado e do profesorado coa docencia (recibida e impartida, respectivamente) indican que en ambos colectivos o grao de satisfacción é alto: 4,17 para o alumnado (INF-13), e de 4,41 para o profesorado (INF.14), en ambos casos sobre 5 puntos.

No caso do alumnado (INF.13), no curso 2022/2023 todos os ítems presentaron puntuacións superiores a 4,0 na enquisa, salvo dous: “O/A docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma?” (3.96/5 puntos) e “O/A docente fai que a asistencia a clase sexa proveitosa para a comprensión dos contidos?” (3.96/5 puntos). Na enquisa do profesorado (INF.14) todos os ítems tiveron valoracións superiores a 4 salvo un: “A coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título é adecuada?” (3.97). Polo tanto, en base a estas evidencias, o grao de satisfacción co Grao de Biotecnoloxía é alta tanto pola parte do alumnado como do profesorado.

Respecto as **enquisas de coordinación (protocolos propios do SGC do centro)** do primeiro semestre do curso 2022/23, o alumnado de primeiro curso comezou a carreira con máis motivación e/ou con mellores hábitos de estudo que os do curso

anterior, observándose unha maior asistencia ás clases expositivas. En segundo curso obsérvase unha diminución da asistencia. Entre as materias básicas de primeiro curso, Matemáticas volve ser considerada pouco útil polo alumnado para a súa formación, pero obsérvase unha clara mellora en Física que podería estar relacionada cun cambio de profesorado e de metodoloxía. En segundo lugar, produciuse un descenso da utilidade percibida da materia de Bioquímica I por parte do alumnado que coincide cunha baixada do índice de superación; aumentou en cambio a utilidade percibida da materia TFTC. En terceiro curso obsérvase que, en xeral, o alumnado é máis crítico en todas as materias, con queixas relacionadas con horarios, acumulación de tarefas ou falta de utilidade dalgúns actividades. Neste curso impartiuse por segunda vez o cuarto curso do Grao en Biotecnoloxía e en xeral observouse unha mellora na percepción do alumnado. A única excepción é a materia de Economía e Dirección de Empresas, na que se produciu un cambio de profesorado que provocou un aumento do nivel de esixencia excesivo segundo o alumnado.

Respecto as enquisas de coordinación do segundo semestre do curso 2022/23, a opinión do alumnado sobre as materias mellorou con respecto ao curso pasado e recibíronse menos queixas. Obsérvase que na maioría dos casos aprecian a formación recibida nas distintas materias. En varios casos, os profesores reconsiderarán algunhas actividades que os alumnos consideran pouco útiles. Noutros casos analizaranse posibles solapamentos, redundancias ou desequilibrios. A coordinación consultará cal é o número de exposicións orais ao longo da titulación, que poderían reducirse para abordar outro tipo de actividades. Unha das cuestións que se repiten nos distintos cursos é a limitada utilidade das titorías; na reforma do grao en aprobación (2ª edición) reduciuse o número de horas dedicadas a estas actividades. Outra observación que se repite nos diferentes cursos son os problemas de calendario e acumulación de tarefas ao final do cuadrimestre. Neste curso realizáronse cambios para adiantar actividades nalgúns cuadrimestres, pero a coordinación considera que estes cambios poderían estenderse a outros cuadrimestre. Tamén pode ser interesante explorar a realización dos exames de segunda oportunidade do segundo cuadrimestre antes que os do primeiro cuadrimestre. Por outra banda, o alumnado solicita máis información sobre o TFG e as distintas modalidades de prácticas.

En canto ao **Traballo Fin de Grao (TFG)**, a enquisa de TFG do Grao en Biotecnoloxía é anónima e está estruturada en catro bloques. En cada un deles se recolle a opinión do alumnado sobre distintos aspectos, como son: A) o papel do/a titor/a no desenvolvemento do TFG; B) a satisfacción coas cuestións administrativas e/ou académicas; C) o papel do alumno/a no desenvolvemento do TFG; e D) a adquisición de competencias transversais durante a realización do mesmo. O coñecemento desta información é moi relevante, xa que permitirá recoñecer dificultades, si existiran, e buscar solucións as mesmas cando sexa posible.

Como en 2021-22, os resultados da enquisa 2022-23 non amosan grandes problemas. Aínda que enquisas do TFG non son obrigatorias (tal e como algún alumno/a indica no apartado de observacións) si recoméndase que a cubran, o que se traduciu nun gran número de enquisas recollidas no curso 2022-23 (n=48). O 81,21% das enquisas foron cubertas por alumnado de TFGs experimentais.

En canto ao papel do/a titor/a no desenvolvemento do TFG (bloque 1), este foi valorado en xeral moi positivamente. Soamente un estudante indicou no apartado observacións que podería haber problemas de falta de titorización nalgún caso. De feito, algunha das preguntas do primeiro apartado da enquisa (recursos instrumentais/económicos e grao de acompañamento) tiveron unha baixa puntuación no caso dos TFGs bibliográficos. Isto pode ser porque o alumnado percibiu que esas preguntas teñen máis que ver con TFGs experimentais, e non tanto cos bibliográficos, ou ben porque houbo algún tipo de problema de titorización nalgún caso.

En canto ao bloque 2 da enquisa (cuestións administrativas e/ou académicas), parece haber máis problemas. Así, repítese a necesidade de mellorar a información sobre a oferta de TFGs e a súa diversidade temática ou a proporcionada ben a través da web ou polo persoal administrativo/coordinador de TFGs; tamén mencionan os estudantes a necesidade de especificar mellor na web quen é o coordinador de TFGs. Tamén parece que houbo algún problema na secretaría virtual cando o alumnado fixo a solicitude de defensa do TFG. Neste último caso cómpre destacar que é importante que o alumnado faga a solicitude de defensa con tempo, e non no último día e momento, xa que iso facilitaríala que o persoal administrativo poida axudar aos/as alumnos/as. Por outro lado, o Plan de Acción Titorial (PAT), recentemente aprobado pola Xunta de Facultade (18 xaneiro 2024), contempla a realización dunha sesión informativa sobre cuestións administrativas relativa ao TFG (e tamén ás Prácticas Externas). Esperamos que dita sesión, planificada para mediados-finais de marzo e destinada

para o alumnado de 3º de Bioloxía e Biotecnoloxía, poida solucionar estes desaxustes. Por outro lado, hai unha queixa algo máis preocupante en canto á metodoloxía de elección de TFG, no sentido de que fomenta a competitividade entre o alumnado, así como que faltan opcións de TFG correspondentes a Biotecnoloxía Agroalimentaria ou Industrial. Tratarase de buscar solucións a estes dous temas.

En relación ao papel do alumno/a no desenvolvemento do TFG (bloque 3 da enquisa), segue a repetirse o tema do axuste do TFG ao Nº de ECTS, sobre todo nos experimentais, aínda que o grao de satisfacción do alumnado co TFG realizado é moi alto en xeral. Resaltar os comentarios no sentido de aumentar o Nº de ECTS do TFG para reflectir o esforzo real que supón. Tamén suxíren reservar un semestre dedicado exclusivamente ao TFG (e as prácticas curriculares) ou engadir medio ano ao Grao de Biotecnoloxía, o cal neste momento non é posible por diversos motivos. Segundo os alumnos, o obxectivo destes cambios sería poderlle sacar máis proveito as materias optativas así como á experiencia de realizar un proxecto de investigación. Sen embargo, entendendo que a adquisición de habilidades e competencias prácticas é moi importante na formación dun biotecnólogo, o certo é que a 1ª edición do Grao de Biotecnoloxía presenta nos seus 4 cursos (240 ECTS totais) un total de 31,5 ECTS optativos, un TFG de 15 ECTS e 1 Práctica Externa obrigatoria de 4.5 ECTS. Polo tanto, a percepción que o alumnado ten sobre o Nº insuficiente de ECTS do TFG non coincide coa realidade; outra cousa é si ese Nº de 15 ECTS reflicte a realidade. O TFG non é comparable a unha tese, artigo científico ou proxecto de investigación, polo que é importante que os obxectivos sexan realistas e enmárcense nos 15 ECTS, cousa que podería non producirse nalgúns casos. Ademais, incrementar dito Nº de ECTS sería a costa de renunciar á diversidade da valiosa formación proporcionada polas materias optativas, algo que non parece recomendable. En calquera caso, o tema da carga de traballo en 4º debido a confluencia das materias obrigatorias e optativas, prácticas externas e TFG, especialmente nos últimos meses do 2º semestre, é algo recorrente que necesitará dunha análise máis polo miúdo.

En canto as competencias traballadas (bloque 4 da enquisa), tres de elas (traballo en equipo, liderado, compromiso ético) son pouco traballadas no TFG e deberán ser potenciadas noutras materias. Asemade, no curso 2022-23 tivéronse en conta algúns dos comentarios dos/as alumnos/as nas enquisas do curso previo. Así, tratouse de mellorar o regulamento do TFG e deseñouse un modelo. Desafortunadamente, houbo algunhas queixas. Por exemplo, algúns alumnos/as indicaron o “cambio de normativa” tivo lugar nos meses de maio-xuño. Sen embargo, isto é moi matizable, xa que ditos cambios no regulamento soamente fixéronse para aclarar algunhas cuestións formais que xa estaban presentes no anterior regulamento e que xeraban dúbidas. Fíxose ademais por solicitude dos propios alumnos, e non houbo cambios reais, simplemente clarificacións.

O límite de 20 páxinas (A4) é outra queixa constante por parte do alumnado (especialmente nos experimentais), tanto no curso 2021-22 como no 2022-23. Este solicita sempre un maior Nº de páxinas, ou que a bibliografía non conte no límite das 20 páxinas. Non obstante, as modificacións realizadas na normativa do TFG permitiron ata 3 páxinas adicionais ao final do traballo en forma de material suplementario para engadir imaxes/gráficas, esquemas ou táboas adicionais acompañadas de pés de figuras ou pequenos textos explicativos. Esperabamos que este aumento solucionase algo do problema, xunto cos entreliaños máis pequenos nos pes de figura ou que a portada e o índice non contasen no límite de 20 páxinas; sen embargo, isto non parece que sexa suficiente segundo o alumnado. Non obstante, é importante sinalar que unha competencia importante dun investigador é saber transmitir ideas complexas dun xeito claro e breve, de modo que un límite de 20 páxinas (sen contar a portada e o índice e o material suplementario) para un TFG de 15 ECTS segue parecendo razoable, a pesar das observacións feitas polo alumnado en relación aos 6 ECTS do TFG da 1ª ed do Grao de Bioloxía e os 15 ECTS da 1ª ed do Grao de Biotecnoloxía. Neste momento (curso 2023-24), na 2ª ed do Grao en Bioloxía o TFG pasou a ter 12 ECTS, polo que as diferenzas con Biotecnoloxía soamente son de 3 ECTS, o que non xustificaría xa unha lonxitude de TFG moito maior.

En relación ao modelo de TFG, este serviu para indicar de xeito máis claro o formato da portada e pes de figura, o Nº de páxinas do TFG (si se inclúe ou non a portada e o índice, si se permite incrementar dicho Nº, etc), o entreliaño, os materiais adicionais, o formato dos títulos e encabezados de bloques, etc. Tamén déronse pautas sobre o que deben ser os contidos de introdución, obxectivos, material e métodos, resultados-discusión e conclusións. Tentarase que o modelo sexa máis preciso no futuro; por exemplo, indicando si o comezo dos diferentes apartados necesitan ou non saltos de páxina, ou os formatos de bibliografía permitidos. Sen embargo, resulta curioso que os alumnos coñezan o formato APA pero non Harvard ou Vancouver. O novo PAT presenta tamén unha sesión informativa no que se fala do modelo de TFG e se dan consellos



para a súa elaboración. Esta sesión está destinada ao alumnado de 4º dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía e está prevista para a segunda metade de setembro. Tamén presenta outra sesión orientada a alumnos de 3º para proporcionar información sobre as liñas de investigación dos grupos de investigación das diferentes áreas que esperamos axude ao alumnado a decidir a temática do seu TFG.

Dado que levou tempo aprobar o novo regulamento de TFG e crear sobre todo o modelo de TFG, isto xerou novamente críticas por parte do alumnado. Así, segundo este o modelo de TFG que se proporcionou chegou demasiado tarde, unha crítica aceptable. Actualmente o alumnado xa dispón desde principio do curso 2023-24 o modelo de TFG, polo que este problema non debería presentarse novamente. Por outro lado, como acabase de comentar, no modelo de TFG proporcionouse unha clarificación do que debe ser un TFG, especialmente diferenciando o que debe incluírse nos apartados de introdución, material e métodos, resultados-discusión e conclusións. Isto foi particularmente importante no caso dos TFGs bibliográficos, dado que o alumnado non parece ter claro como deben realizarse estes, o que provocou que algúns alumnos tivesen que reescribir os seus traballos. Sen embargo, estes consellos non formaban parte da normativa de TFG, senón do modelo de TFG proporcionado, como unha “guía de elaboración do TFG” que pretendía complementar a función tutorial, especialmente para o caso dos bibliográficos.

Como xa se mencionou, o alumnado tamén tiña a oportunidade de deixar comentarios no apartado de observacións da enquisa de prácticas externas. No curso 2022/23 houbo algunhas queixas relacionadas con período de realización das prácticas externas/organización coincidente con baixa actividade na empresa, pouca duración das prácticas e a tipoloxía das labores desenvolvida.

### 3.2.3.- Máster Universitario en Acuicultura

#### Admisión do alumnado

No curso 2022-2023 cubríronse 28 das 30 prazas ofertadas, aínda que a demanda inicial foi moi superior á matrícula (ver Tasa Teórica na taboa 6). A causa desta diferenza neste curso foi ben queos alumnos foron admitidos noutros másteres de acuicultura que estaban no seu lugar de residencia o máis preto do mesmo ou ben que decidiron matricularse nun máster diferente.

**Taboa 6.** Número de matriculados no Máster de Acuicultura

Curso	nº Mat	Global		
		Teórico	Real	Eficiencia
8-9	29	1,67	0,58	0,97
9-10	28	1,23	0,76	0,93
10-11	20	1,30	0,51	0,67
11-12	24	1,57	0,51	0,80
12-13	25	1,73	0,48	0,83
13-14	31	1,83	0,56	1,03
14-15	26	1,53	0,57	0,87
15-16	27	1,63	0,55	0,90
16-17	16	1,43	0,37	0,53
17-18	29	1,93	0,50	0,97
18-19	25	2,23	0,37	0,83
19-20	15	1,27	0,39	0,50
20-21	26	1,90	0,46	0,87
21-22	21	2,67	0,26	0,70
22-23	29	3,17	0,29	0,93

### **Aplicación de normativas predefinidas**

Aplícanse as da Facultade de Bioloxía

### **Complementos formativos**

Non hai neste máster

### **Orientación académica**

Segundo o estipulado na Guía da titulación con antelación ao inicio das actividades académicas, levouse a cabo unha reunión informativa conxunta para todos os alumnos matriculados nas distintas sedes utilizando os sistemas de videoconferencia. Nesta reunión ademais de darlles a benvinda e coñecer a procedencia dos diferentes estudantes, explicouse a organización e o funcionamento do máster (facendo especial fincapé nas peculiaridades da docencia por videoconferencia), así como onde consultar toda a información necesaria, os recursos a disposición dos alumnos, etc.

Para os alumnos de fora da C.A. de Galicia é de especial importancia o labor dos servizos de información que existen en cada unha das universidades do SUG, para buscar aloxamentos e servizos, e no caso dos dos alumnos estranxeiros o dos departamentos de relacións internacionais

Por último, e de acordo co Plan de Acción Titorial, a cada alumno se lle asignou un titor (labor que de momento están a desempeñar os coordinadores de cada sede) que como asesor ao longo do desenvolvemento do Máster para axudalo a resolver as diferentes cuestións de índole académico que poidan xurdir e que poderá dirixilo a outros servizos universitarios que fagan posibles a súa integración plena na vida universitaria.

### **Resultados da aprendizaxe**

Como xa se indicou arriba, as notas medias superaron o 6.5 e chegaron a 9.5. Como os alumnos non responderon á petición de cubrir os formularios de satisfacción da docencia do máster, non podemos saber si consideran cumpridas as expectativas de chegar a adquirir as competencias esperadas.

### **Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos ao proceso de ensino/aprendizaxe**

Aínda que non se cubriron os formularios propios do máster, na reunión anual celebrada ó finalizar o curso con todos os alumnos xurdiron queixas, con respecto a carga lectiva do primeiro semestre, e en especial con respecto as materias “Bioloxía das algas” e “Fisioloxía dos animais acuáticos cultivables”. Ademais, os alumnos da USC mostraron o seu malestar polo suposto trato de favor aos alumnos da UVI na avaliación dos seminarios da materia “Alimentación e Nutrición”.

### **TFM e prácticas en empresa**

A maioría dos alumnos do segundo curso, elixiron Prácticas en empresa para o módulo de TFM e escolleron plantas de piscicultura, agás 1 que escolleu unha empresa de cultivo de macroalgas. Con respecto o resto dos alumnos: unha alumna da USC matriculouse nas dúas materias prácticas en empresa e iniciación a investigación, e fixo prácticas nunha piscifactoria irlandesa e a o traballo de investigación no departamento de Anatomía Patolóxica; unha alumna da UdC fixo iniciación a investigación no Centro Interdisciplinar de Química e Bioloxía (CICA) e unha alumna da UVI escolleu a opción de proxecto novidoso. A maioría dos alumnos acadaron nesta materia cualificacións iguais ou superiores a nove, cualificacións que se repetiron na materia TFM.

### **Coordinación**

Aínda que os datos de demanda e matrícula mostráronse nun apartado previo gustaríanos destacar que, ó longo dos 17 anos pasados dende o primeiro curso impartido do Máster de Acuicultura, tense avanzado na coordinación das datas de preinscripción e matrícula. Sen embargo, debería traballarse para acadar un calendario único que evitase matrículas en

determinadas sedes únicamente en función dos prazos de matrícula e non dos verdadeiros intereses dos alumnos.

### 3.2.4.- Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

O MBio tivo un excelente nivel de demanda no seu quinto curso tras a implantación pois se cubriron as 30 prazas ofertadas. A pesares de que no curso 2022-23 non houbo prazas vacantes, en cursos anteriores deuse o caso de que quedaban vacantes sen cubrir nunha universidade e, o mesmo tempo, quedaban alumnos en lista de espera noutras das universidades implicadas no título. Este problema ten relación con feito da dificultade de coordinación nos títulos interuniversitarios relacionadas con diferenzas en calendarios, procesos e criterios. É necesario que a través dos organismos competentes (p.e. Consellería de Educación, ACSUG, etc.) se apliquen medidas que faciliten o funcionamento deste tipo de titulacións, sobre todo a nivel administrativo.

O MBio realiza unha sesión inicial de benvinda xeral os alumnos no primeiro día de clase empregando videoconferencia na que participan o coordinador do mesmo e os coordinadores en cada unha dos centros participantes. Na sesión trátáronse en detalle, entre outros, os seguintes aspectos: presentación de: 1) a Comisión Académica do Máster e coordinadores da UVIGO, a USC e a UDC, 2) obxectivos e estrutura do mesmo, 3) todo o relacionado co plan de estudos e a programación docente (estrutura, guías docentes, horarios e calendarios), 4) posibles saídas profesionais, 5) Prácticas Externas e Traballo Fin de Máster, 6) normativas, servizos administrativos, salas de estudo, informática, biblioteca, centros, servizos telemáticos e plataformas de docencia, 7) o uso da web do Máster e do espazo virtual de teledocencia, e 8) o Plan de Acción Titorial (PAT). O PAT contempla, por unha banda, a asignación dun titor a cada estudante que actúa como orientador, tanto académico como profesional, e que ademais será o Titor Académico cando o estudante faga as súas Prácticas Externas.

Por outra banda, no ámbito do PAT realizáronse cinco sesións de orientación en grupo en cada centro, tres convocadas especificamente e dous delas aproveitando a realización de exames de materias obrigatorias (nalgúns casos as reunións realizáronse de forma non presencial mediante o uso da ferramenta MS Teams). Tamén realizáronse sesións de tutorización individual, tanto presenciais como por correo electrónico e/ou MS Teams. Os coordinadores do máster en cada universidade atenderon numerosas consultas, tanto de forma presencial nos seus despachos coma de forma non presencial. O resto de reunións, ben individuais ou en grupo, realizáronse a demanda dos estudantes.

No curso 2022-23 foi o cuarto ano no que se impartiron materias do segundo curso polo que, de momento, as correspondentes guías docentes non sufriron modificacións. É previsible que, á vista de cómo funcionen tanto a metodoloxía ensino-aprendizaxe como a avaliación das competencias, estas guías sexan axustadas nos seguintes cursos a fin de mellorar a docencia de cada materia. Polo que se refire o tamaño dos grupos das clases expositivas e interactivas, dada a matrícula do máster, para as materias obrigatorias foi de un máximo de 30 alumnos nas expositivas e 14 nas interactivas (as tres universidades aceptaron dividir en dous o grupo expositivo debido a dificultade de impartir clases interactivas con 29 estudantes). No caso das materias optativas non houbo unha na que se matriculasen todos os alumnos do máster, aínda que no caso de “Bioloxía e métodos de estudo de vertebrados” case a cursou a totalidade do alumnado (25 estudantes); no resto das materias se alcanzaron matrículas moi variables ata un mínimo de 4 (en “Xeodiversidade”).

A avaliación do proceso de aprendizaxe do estudantado pode facerse por medio do sistema de avaliación incluído en cada guía docente (que é específico para as competencias contempladas nas mesmas) e por medio da avaliación de competencias que fan os Titores Externos das PE, os titores do TFM e a futura enquisa que se enviará os alumnos que vaian obtendo o título no futuro.

Finalmente, aínda que xa se indicou na sección correspondente a Directriz 2, en xeral o alumnado mostra un grado de satisfacción xeral moi bo, pois é 4,11 sobre 5 para os matriculados na USC (non se dispón de datos da UDC nin da UVigo), obténdose ademais, para o grado de satisfacción coa docencia recibida, unha cualificación algo maior (cerca do 4,6 sobre 5). O igual que aconteceu no curso anterior, na USC a taxa de resposta foi bastante baixa (15%) en liña cas correspondentes os cursos 2021-22, 2019-20 e 2018-19. A vista desta baixa participación do alumnado, desde a coordinación do título trátase, cando se abra o período de realización das enquisas, en insistir ó alumnado na importancia de participar no proceso co fin de mellorar en todos aqueles aspectos nos que se detecten problemas.

Polo que respecta a satisfacción do profesorado coa docencia impartida, a puntuación obtida nas enquisas mostra un valor

de 4,5 algo superior o manifestado polo estudiantado. En calquera caso, debe terse en conta que estes datos non corresponden os estudantes matriculados nas tres universidades e sería imprescindible que dende a Consellería de Educación ou a propia ACSUG se articulen procedementos, calendarios e mecanismos comúns que faciliten a labor de coordinación nos títulos interuniversitarios así como o acceso sinxelo os datos de calidade das participantes.

### 3.2.5.- Máster Universitario en Neurociencia

No curso 2022-23 ofertáronse 40 prazas: (20 na USC, 10 na UDC e 10 na UVI). No curso 2022-23 matriculáronse 29 alumnos, dos cales 19 matricularonse na USC, 4 na UDC e 6 na UVI. Os datos da prescrición na USC como nos curso anteriores reflexan unha demanda elevada, en concreto, no curso 2022-23 prescribíronse 93 alumnos, dos cales matricularonse 18 (16 nacionais e 2 extranxeiros).

Como se reflexa na enquisa de satisfacción do profesorado da USC, este considera que a calidade docente da titulación e moi boa (4.31 sobre 5), que a titulación e equilibrada nos seus contidos teóricos e prácticos (3.69 sobre 5), e por último, considera que o alumnado recibe unha formación en competencias profesionais axeitadas (4.23 sobre 5).

Por outra parte o alumnado da USC os ítems: "o docente propón actividades que favorecen a miña aprendizaxe autónoma" o valoraron cun 3.91; e o ítem "o docente mellorou a meu nivel de partida en relación a materia" tivo unha valoración alta, 4.00.

Como en cursos anteriores, antes de comezar o máster, realizouse unha presentación do título ao alumnado matriculado por parte dos coordinadores, pero como o prazo de matrícula nas tres universidades é moi amplo, unha parte do alumnado non asiste á xornada de presentación por matricularse con posterioridade á súa realización. Neste caso os alumnos contan cos coordinadores do títulos para resolver calquera duda que poida xurdir.

O sistema de asignación, supervisión, así como a oferta dos TFM foi similar o do curso anterior. En relación co TFM o alumnado da USC valorou coa seguinte puntuación os seguintes ítems "A xestión de TFM é axeitada" (2 sobre 5, mentras que no curso anterior obtivo unha valoración de 4 sobre 5) e "A oferta dos TFM é interesante" (2.5 sobre 5, mentras que no curso anterior foi de 5 sobre 5). É complicado facer unha valoración das puntuacións obtidas, xa que o sistema de asignación, supervisión, e a oferta de TFM no curso 2022/23 foi a mesma que nos cursos anteriores.

Por outra parte, os docentes están moi satisfeitos coa titorización dos TFM (4.65 sobre 5).

A adquisición das competencias por parte dos alumnosponse de manifesto durante a defensa dos Traballos Fin de Máster, na que os alumnos mostran un alto grao de competencia e coñecementos. Ademais o titores dos Traballo Fin de Máster emiten un informe no cal valoran cunha puntuación (sendo 1 o mínimo e 5 o máximo) o grao de consecución dunha serie de competencias transversais recollidas na memoria do Título, mencionar que practicamente todas as valoracións están entre 4 e 5 nas tres universidades.

#### Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garanten a mellora da calidade do persoal académico e de apoio á docencia (capacitación, competencia e cualificación)**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal académico:
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Tipoloxía do profesorado que imparte docencia nos distintos niveis da titulación (por exemplo, primeiro curso, docencia teórica versus práctica, materias optativas, supervisión de traballos finais, etc.), distinguindo entre titulacións de grao e máster.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal académico relativos ao contorno de traballo.
  - Formación do profesorado e mobilidade.
  - Actividade investigadora.
  - Detección de necesidades de persoal académico.
  
- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade do persoal de apoio
  - Mantemento, cando menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación.
  - Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia.
  - Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.
  - Detección de necesidades de persoal de apoio á docencia

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

#### **4.1.- Persoal académico (suficiencia e adecuación, tipoloxía, indicadores de satisfacción, queixas e suxestións, formación, mobilidade, actividade investigadora e detección de necesidades de persoal académico)**

O nivel de suficiencia e adecuación do cadro de profesorado que imparte docencia nas titulacións oficiais adscritas á Facultade de Bioloxía é bo, tal e como indican os informes externos de reverificación das titulacións de grao e máster que participaron nese proceso, así como a verificación de dous títulos novos. Non obstante, o descenso no número de profesores que se ven dando nos últimos cursos, sobre todo debido a xubilacións, está provocando que nalgúns áreas de coñecemento a dedicación docente do profesorado sexa moi elevada, estando no límite das súas capacidades docentes. De feito, durante a elaboración da memoria da 3ª edición do Grao en Bioloxía, que tivo que ser reformado como consecuencia do RD822/21 de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e de procedemento do aseguramento da súa calidade, as fichas do apartado "Detalle del profesorado asignado al título por áreas de conocimiento" indicaban que a maior parte das áreas presentaban suficiente profesorado altamente especializado e formado para impartir as materias do Grao en Bioloxía, pero algunhas áreas, como por exemplo Fisioloxía Vegetal (ECTS a impartir/ECTS dispoñibles: 16.5/13.3), Xenética (ECTS a impartir/ECTS dispoñibles: 20.25/11.3) ou Zooloxía (ECTS a impartir/ECTS dispoñibles: 24/-11.1), presentan un déficit moi puntual. Polo tanto, compre recordar a necesidade de incrementar o profesorado, non só a curto prazo nestas áreas xa deficitarias na actualidade, senón tamén a medio prazo en todas as áreas de coñecemento, xa que a media de idade do profesorado que imparte docencia nas distintas titulacións do centro é elevada. É necesario tamén subliñar que as áreas de coñecemento que participan na docencia do Centro teñen

capacidade de captación e formación de profesorado universitario, como así o indica a participación na docencia de contratados posdoutorais de distintos programas (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Marie Curie e outros programas do Ministerio e da Xunta de Galicia) e predoutorais (Ministerio e Xunta de Galicia). Sen embargo, este proceso de incorporación de novo profesorado é lento, o que dificulta compensar o descenso causado polas xubilacións. Polo tanto, en concordancia co noso obxectivo de mellorar a calidade da docencia, o centro apoia as solicitudes de PDI realizadas polos departamentos que son os que teñen o encargo do desenvolvemento da docencia. Sen embargo, cómpre subliñar que o establecemento do plan de contratación para dotarse de profesorado suficiente é dependente do Servicio de Planificación de Personal Docente e Investigador da USC, que ten encomendadas a avaliación das necesidades de persoal docente e investigador, a elaboración e mantemento da relación de postos de traballo e a xestión integrada dos diferentes procedementos de selección e provisión de postos de persoal docente e investigador, tanto funcionario como contratado. A continuación farase unha análise polo miúdo nos diferentes graos e mestrados do persoal académico.

#### 4.1.1.- Grao en Bioloxía (GB)

A cualificación docente e investigadora do persoal académico responsable da docencia do título é boa, cun perfil adecuado. Segundo os datos subministrados polo indicador E.15 *Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado 2022/2023*, dependente da ACMP, o Grao en Bioloxía contou no curso 2022/2023 cun total de 33 docentes na 1ª edición (debido a que é un Grao en extinción) e 97 docentes na 2ª edición. Tendo en conta os datos subministrados para a primeira edición do G. Bioloxía, 9 dos profesores foron catedráticos (27.27%), 10 foron titulares (30,3%), 3 foron contratados doutores (9,09%), 1 foi profesor axudante doutor LOU (3.03%), 2 foron profesores asociados LOU (6,06%), 1 foi posdoutorais da Xunta de Galicia (3,03%), 2 foron predoutorais do Ministerio (6,06%), 2 foron predoutorais da Xunta (6,06%), 2 foron Investigadores/as Distinguidos/as (6,06%) e 1 foi profesor interino/a de substitución (3,03%).

Para a 2ª ed do G. Bioloxía, no curso 2022/23 20 dos personas do PDI foron catedráticos (20.62 %), 25 foron titulares (25.77 %), 10 foron contratados doutores (10.31 %), 1 foi profesor axudante doutor LOU (1.03 %), 4 foron posdoutorais da Xunta de Galicia (4.12 %), 3 foron posdoutorais (outros) (3.09 %), 9 foron predoutorais do Ministerio (9.28 %), 6 foron predoutoral da Xunta (6.19 %), 3 foron predoutorais USC (3.09 %), 2 foron predoutorais doutoramento industrial (2.06 %), 1 foi Investigador/a Programa Juan de la Cierva (1.03 %), 1 foi Investigador/a Sara Borrell (1.03%), 1 foi investigador/a JIN (1.03%), 1 foi Investigador/a do Programa Marie Curie (1.03 %), 1 foi Investigadores/as do programa Ramón y Cajal (3.09 %), 2 foron investigadores/as distinguidos/as (2.06 %), 4 foi investigador/a posdoutoral USC Campus Terra (1.03 %) e 4 foron profesores/as interinos/as de substitución (4.12 %) (indicador E.15 Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado 2022/2023, ACMP).

A porcentaxe de profesorado funcionario sobre o PDI total foi do 72.83 % na 1ª ed. do Grao en Bioloxía no curso 2022-2023 (indicador IN26G, panel de indicadores), un indicador que tivo a seguinte evolución: 78.63 (2016/17), 75.89 (2017/18), 73.58 (2018/19), 78.18 (2019/20), 73.63 (2020/21), 69.57 (2021/22) e 72.83 (2022/23). No caso da 2ª ed. do Grao de Bioloxía, a porcentaxe de profesorado funcionario sobre o PDI total foi do 77.94 % no curso 2022-2023 (indicador IN26G, panel de indicadores), un indicador que sufriu a seguinte evolución: 73.08 % (2020/21), 72.6 % (2021-22), 77.94 % (2022-23). Polo tanto, estes profesores/as pertencen a moi diversas áreas de coñecemento, o que evidencia o seu carácter multidisciplinar, e tamén teñen unha elevada experiencia docente e investigadora, como demostra o número total de quinquenios e sexenios (Táboa 7).

**Táboa 7.** Número de profesores/as e experiencia docente <sup>(1)</sup> número de quinquenios) e investigadora <sup>(2)</sup> número de sexenios) do profesorado das distintas áreas de coñecemento que impartiron docencia na 1ª e 2ª edición do Grao en Bioloxía no curso 2022/23. Só poden solicitar quinquenios e sexenios os catedráticos/as de universidade, os profesores/as titulares de universidade e os profesores/as contratados/as doutores/as. A información contida en dita táboa procede do indicador E.15, proporcionado pola ACMP; dita información non é completa.

#### GRAO EN BIOLOXÍA

Área de coñecemento	Nº prof. (1ª/2ª ed)	Experiencia docente <sup>(1)</sup> (1ª/2ª ed)	Experiencia investigadora <sup>(2)</sup> (1ª/2ª ed)
Análise Matemática	2/2	10/4	5/4
Antropoloxía Física	0/2	-/10	-/5
Bioloxía Celular	0/13	-/24	-/20
Bioquímica e Bioloxía Molecular	5/8	18/33	7/20
Botánica	1/7	0/29	0/16
Ecoloxía	3/10	6/15	5/15
Edafoloxía e Química Agrícola	1/11	6/31	5/25
Estatística e Investigación Operativa	0/4	-/12	-/3
Física Aplicada	0/3	-/10	-/6
Fisioloxía	2/9	6/23	6/25
Fisioloxía Vexetal	4/4	16/17	13/13
Matemática Aplicada	0/1	-/6	-/1
Microbioloxía	4/6	22/12	18/12
Parasitoloxía	1/0	6/-	6/-
Proxectos de Enxeñaría	3/0	3/-	2/-
Química Orgánica	0/5	-/6	-/5
Xenética	5/7	10/21	10/18
Zooloxía	2/5	12/27	7/18
<b>TOTAL</b>	<b>33/97</b>	<b>115/280</b>	<b>84/206</b>

#### 4.1.2.- Grao en Biotecnoloxía (GBT)

No curso 2023/2024, na docencia do Grao en Biotecnoloxía participaron un total de 100 profesores/as (indicador E.15 Plan de ordenación docente: información sobre o profesorado curso 2022/2023, ACMP). Destes profesores, 19 foron catedráticos (19 %), 31 profesores titulares (31 %), 12 profesores contratados doutores (12 %), 8 profesores axudantes doutores (8 %), 2 profesores/as asociados de Universidade/LOU (2 %), 4 investigadores del programa Ramón y Cajal (4 %), 1 investigador JIN (1 %), 3 investigadores/as distinguidos/as (3 %), 4 contratados posdoutoral da Xunta (4 %), 6 contratados predoutorais do Ministerio (6 %), 4 contratados predoutorais da Xunta de Galicia (4 %), 5 predoutorais USC (5 %), e 1 investigador/a Sara Borrell (1 %). Este profesorado pertence a 29 áreas de coñecemento (Táboa 8) e o 64.77 % é funcionario (panel de indicadores, IN26G "Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total"), evolucionando nos últimos anos do seguinte xeito: 67.74 % (2019/20), 68.63 % (2020/21), 63.29 % (2021/22), 64.77 % (2022/23). Polo tanto, podemos concluir que a porcentaxe de profesorado funcionario no Grao de Biotecnoloxía é elevado e un indicativo da súa experiencia investigadora e docente. Isto tamén pode verse na **Táboa 8**, onde se inclúe o número de profesores/as das distintas áreas de coñecemento e a súa experiencia docente e investigadora.

**Táboa 8.** Número de profesores/as e experiencia docente docente <sup>(1)</sup> número de quinquenios) e investigadora <sup>(2)</sup> número de sexenios) do profesorado das distintas áreas de coñecemento que impartiron docencia no Grao en Biotecnoloxía no curso 2022/23. Só poden solicitar quinquenios e sexenios os catedráticos/as de universidade, os profesores/as titulares de universidade e os profesores/as contratados/as doutores/as. Fonte da información: ACMP.

**GRAO EN BIOTECNOLOXÍA**

Área	Nº prof.	Experiencia docente <sup>(1)</sup>	Experiencia investigadora <sup>(2)</sup>
Álgebra	1	6	1
Anatomía e Embrioloxía Humana	3	9	10
Bioloxía Celular	9	16	13
Bioquímica e Bioloxía Molecular	11	39	25
Dereito Mercantil	1	5	4
Economía Financieira e Contabilidade	1	0	0
Edafoloxía e Química Agrícola	1	4	3
Enxeñaría Química	12	37	36
Estatística e Investigación Operativa	3	7	0
Farmacía e Tecnoloxía Farmacéutica	3	8	8
Farmacoloxía	2	3	4
Filosofía Moral	1	0	1
Física Aplicada	3	4	2
Física da Materia Condensada	1	1	3
Fisioloxía	6	31	27
Fisioloxía Vexetal	2	4	4
Medicina	1	3	4
Medicina Preventiva e Saúde Pública	1	6	4
Microbioloxía	7	16	14
Óptica	1	5	4
Parasitoloxía	1	6	5
Produción Vexetal	4	19	10
Proxectos de Enxeñaría	1	0	0
Química Analítica	3	18	13
Química Física	1	5	4
Química Orgánica	8	8	7
Tecnoloxía de Alimentos	2	9	9
Xenética	7	16	12
Xeometría e Topoloxía	3	12	9
<b>TOTAL</b>	<b>100</b>	<b>297</b>	<b>236</b>



#### 4.1.3.- Máster Universitario en Acuicultura

##### Número de docentes e experiencia docente/investigadora dos profesores/as do mestrado

Na docencia do curso 22/23 participaron un total de 56 docentes: 42 profesores universitarios (12 da USC, 9 da UDC e 17 da UVI) e 14 non universitarios. Con respecto as categorías do profesorado universitario 12 son catedráticos (28,6%), 25 titulares (59,5%) e 5 profesores contratados doutores (11,9%). Os profesores non universitarios son doutores na súa maioría. Todo o profesorado foi elixido en base ao seu CV, para asegurar que cada materia estea impartida polos mellores profesionais. Entre o profesorado universitario hai un alto nivel de experiencia docente, cun total de 191 quinquenios (media de 4,3) e científica, cun total de 153 sexenios (media de 3,5). A mediados de curso, como é o habitual, analizáronse as necesidades de persoal para o seguinte ano. O profesorado sempre se selecciona en base á súa demostrada e actualizada experiencia na temática da materia a impartir (**Táboa 9**).

**Táboa 9.- Participación e Experiencia Docente e Investigadora dos Profesores Universitarios do Máster de Acuicultura**

		Quinq	Sexs		Cats	Tit	PCD	Total
<b>UDC</b>	total	45	34	<i>nº</i>	3	6	0	9
	media	5,0	3,4	%	33,3	66,7	0	
<b>UVigo</b>	total	64	55	<i>nº</i>	6	9	2	17
	media	3,8	3,2	%	35,3	52,9	11,8	
<b>USC</b>	total	82	67	<i>nº</i>	3	11	4	18
	media	4,6	3,7	%	16,7	61,1	22,2	
<b>Total</b>	total	191	153		12	26	6	44
	media	4,3	3,5		27,3	59,1	13,6	

##### Persoal de apoio no Máster de Acuicultura

O desenvolvemento desde master implica a xestión dun alto número de desprazamentos de prácticas, coordinación de profesorado e centros non universitarios, así como interlocución con empresas nacionais e internacionais e realización de convenios coas mesmas (para as prácticas en empresa dos alumnos). Todo isto carrea unha alta carga de tarefas administrativas e de xestión que deben levar a cabo os coordinadores. Aínda que se conta coa axuda dos xestores/as académicos de centro nas respectivas sedes esta axuda é insuficiente porque os xestores ocúpanse de tódalas titulacións do centro. Polo tanto desde o equipo de coordinación do máster, reclamamos desde fai tempo poder contar con algún tipo de persoal de apoio adicado exclusivamente a xestión dos másteres

#### 4.1.4.- Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

No curso 2022-23 participaron 69 profesores na docencia do MBio, 24 da USC, 22 da UDC e 23 da UVigo. Estes profesores inclúen 7 investigadores posdoutorais (financiados pola Xunta de Galicia ou polo Ministerio) e 1 investigador Ramón y Cajal. Todo o profesorado é Doutor/a e mais do 60% funcionario; o total de quinquenios recoñecidos é de 277 e o de sexenios 199, o que fai que, si se dividen estes números entre os profesores que ten dereito a solicitalos (p.e. Profesores Contratados Doutores, Titulares de Universidade, etc.), a media é de 4,54 quinquenios e 3,26 sexenios por profesor. Por categorías, o 9% son contratados posdoutorais, 1% contratos Ramón y Cajal, 1% Axudantes Doutores, 26% Profesores Contratados Doutores, 42% Titulares de Universidade, 19% Catedráticos e o resto corresponde a outras figuras de profesorado (incluíndo profesionais que foron adscritos como Área Externa).

#### 4.1.5.- Máster Universitario en Neurociencia

No curso 2022/23 participaron 49 profesores (36 da USC, 7 da UDC, 6 na UVI). No profesorado da USC se inclúe: 1 Investigador distinguido, 1 Investigador Ramón y Cajal, 3 Profesionais de área externa, 4 Profesores/as asociados da LOU, 7 Catedráticos/as de Universidade, 1 Profesor/a axudante doutor LOU, 4 Profesores/as Contratado Doutor e 15 Profesores/as Titular de Universidade. No profesorado da UVI se inclúe: 1 Investigador Ramón e Cajal, 4 Profesores/as Titulares de Universidade e 1 Profesional de área externa. No profesorado da UDC se inclúe: 3 Catedráticos/as de Universidade, 3 Profesores/as Titulares de Universidade, e 1 Profesor/a Contratado Doutor.

Na USC a porcentaxe de persoal docente e investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total no curso 2022/23 foi dun 96,3%. e a porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total mostra valores similares aos de cursos anteriores, un 67,65%. Estes datos indican que o profesorado que participa no título conta cun nivel de cualificación moi alto, e é suficiente para o correcto desenvolvemento do máster. En relación cos datos obtidos na avaliación docente do máster remarcar a ampla preparación docente e investigadora dos profesores que participan no máster o que se traduce nunha formación esixente e actualizada.

Aínda que os coordinadores e a Comisión Académica contamos coa axuda dos/as xestores/as académicos/as do centro en cada unha das Universidades, estes ocúpanse de numerosas titulacións no centro, os coordinadores/comisión académica teñen que continuar suplindo determinadas deficiencias no desenvolvemento do título; polo tanto, consideramos que o persoal de apoio dedicado á xestión/desenvolvemento do título é insuficiente.

#### Participación do persoal docente e investigador en actividades formativas

No curso 2022/2023 a participación do profesorado en cursos de formación foi a que se presenta na seguinte táboa para todas as titulacións impartidas na Facultade de Bioloxía (**Táboa 10**). Como se pode ver, existe unha baixa participación deste colectivo nos cursos de formación, probablemente debido a carga docente, investigadora e de xestión/burocrática cada vez máis elevada. Aínda así, parece evidenciarse un certo incremento si comparamos o curso 2022/23 co curso 2021/22.

**Táboa 10.** Participación do PDI nos plans de formación no curso 2022/23<sup>1</sup>

PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO TÍTULO NOS PLANS DE FORMACIÓN	Porcentaxe de PDI que realizou algún curso					
	2017-2018	2018-2019	2019-2020	2020-2021	2021-2022	2022-2023
Grao en Bioloxía	11,67%	16,90%	37,50%	34,40%	15,17%	17,79%
Grao en Bioloxía (2a ed)	-	-	-	30,48%	14,42%	19,66%
Grao en Biotecnoloxía	-	16,00%	47,83%	41,18%	21,50%	30,22%
Máster Universitario en Acuicultura (3a Ed)	25,00%	25,00%	25,00%	15,63%	6,25%	6,45%
Máster Universitario en Bioloxía Mariña	3,57%	15,79%	20,83%	33,33%	9,09%	20,0%
Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión	-	16,13%	34,21%	48,39%	2,86%	14,71%
Máster Universitario en Neurociencia (2a ed)	12,20%	18,00%	53,66%	38,46%	17,39%	15,91%

<sup>1</sup> Información procedente do indicador I6-I7 Participación do PDI e PAS nos plans de formación. Facultade de Bioloxía. Curso 2022-2023.

En canto ao grao de satisfacción que o PDI da Facultade de Bioloxía demostra en relación con estes cursos (INF.10; Informe Satisfacción Relación cursos PFID\_2022-2023\_Enquisa de satisfacción do PDI coas accións formativas, ACMP), cunha taxa de participación do 39.81 % as enquisas amosan unha elevada satisfacción xeral coas actividades de formación realizadas (>4,4 sobre 5 puntos para o curso 2022/2023)

## 4.2.- Persoal de apoio

### 4.2.1.- Suficiencia e adecuación

O Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Facultade de Bioloxía da apoio a todas as titulacións que se imparten no Centro. A Facultade de Bioloxía contou no curso 2022/23 co persoal de PAS descrito na **táboa 11**, integrado na Unidade de Xestión de Centros e Departamentos.

O **persoal de administración** é o encargado de xestionar toda a actividade administrativa derivada da programación docente, xestión académica, económica, de recursos humanos e outros servizos dos Centros e dos Departamentos con sede neles.

O persoal do **PAIS (Punto de Atención, Información e Servizos)** encárgase de numerosas cuestións, entre as cales se atopan a información ao público, tanto de maneira presencial como por teléfono. Tamén son responsables da apertura e peche do centro no horario oficial, a revisión das aulas e outros espazos da facultade, coidando que todas as infraestruturas (computadores, proxectores, cámaras, etc) funcionan adecuadamente ou solicitando a reparación ou substitución daqueles elementos defectuosos. Tamén interveñen en pequenas reparacións, actualización da información dispoñible nas pantallas e taboleiros da facultade, na vixilancia de locais e dependencias da universidade, así como no control e custodia de materiais ou a recepción/envío e distribución da correspondencia oficial e paquetería, entre outras moitas.

En canto ao **persoal de biblioteca**, encárganse tamén de numerosas funcións, por exemplo a atención a usuarios tanto da facultade como externos, ou dando apoio á investigación e docencia. Por exemplo, o persoal de biblioteca colabora na elaboración de bibliografías das guías docentes das materias, xestionando os fondos bibliográficos, documentais e audiovisuais adquiridos, canalizando as novas peticións de recursos bibliográficos por parte de profesores e investigadores, administrando os recursos económicos dispoñibles para a #dicir adquisición, ou colaborando na procura e recuperación de información/documentos, entre outros. Entre as funcións do persoal de biblioteca tamén se atopan a realización de préstamos de recursos bibliográficos e computadores ou a xestión dos recursos bibliográficos para consulta en sala.

En relación co **persoal dos departamentos con sede na Facultade/Escola**, a súa función é dobre, como amosa a **táboa 11**. Por unha banda, participando en cuestións administrativas propias dos departamentos e áreas, e por outro colaborando nas prácticas das materias ou en investigación.

Finalmente, a contratación do Persoal de Administración e Servizos réxese pola normativa da USC, así como a normativa estatal e autonómica. Estas normativas garanten os principios de igualdade, mérito e capacidade que deben rexer os procesos de selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas.

### 4.2.2.- Accións para promover a formación do persoal de apoio á docencia

Así mesmo, a USC preocúpase por manter actualizados os coñecementos do seu persoal, para o que se organizan cursos de adecuación e actualización. Así, o 69.23 % do PAS da Facultade de Bioloxía realizou algún curso de formación no curso 2022/2023, sendo a evolución deste indicador moi positiva no último curso: 44 % (2017/18), 2018/19 (61.54 %), 72.73% (2019/20), 52.00% (2020/21), 46.15 % (2021/22), 69.23 % (2022/23) (Indicador I6-I7. PARTICIPACIÓN DO PDI E PAS NOS PLANS DE FORMACIÓN, proporcionado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos). A valoración destes cursos por parte do PAS no curso 2022/23, unha enquisa cunha taxa de resposta do 37.89 % (INF.11, INFORME DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN MEDIA DO PAS COAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DESENVOLVIDAS 2022/2023), foi moi boa (valoración dos items >7.7 sobre 10).

#### 4.2.3.- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións do persoal de apoio en relación co seu traballo.

Finalmente, a satisfacción do PAS da Facultade de Bioloxía co traballo desenvolvido é boa, tal e como o indica o valor do indicador 5010\_INF.21\_2022-2023 (curso 2022/23), que ten unha valoración  $\geq 4$  (sobre 5) en casi todos os items, salvo os seguintes: “Estou coordinado con outras unidades da universidade” (3.55), “O meu lugar de traballo é seguro (non percibo pouca salubridade ou toxicidade no ambiente, etc)” (3.73), “O meu posto de traballo está en boas condicións (mantemento das instalacións ou do mobiliario, por exemplo)” (3.91), “Os recursos dispoñibles para o desempeño do meu traballo son os axeitados (equipamento)” (3.91) e especialmente “As miñas condicións laborais (salario, horarios, organización, etc.), son axeitadas” (3.64).

Taboa 11. Persoal de Administración e Servizos (PAS) da Facultade de Bioloxía no curso 2021/22#		
UNIDADE DE XESTIÓN DE CENTROS		DOTACIÓN
Personal de administración (5)	Postos base	2
	Secretaría de Decanato	1
	Responsable de Asuntos Económicos	1
	Responsable de Unidade	1
PAIS (Punto de Atención, Información y Servizos) (6)	Responsable Pto. Atención, Información y Servizos	1
	Auxiliar Técnico de Servizos	5
Biblioteca (6)	Dirección	1
	Auxiliar de arquivo	4
	Axudante de biblioteca	1
Animalario (2)	Encargado Animalario Experimentación	1
	Técnico de Investigación	1
Apoio Administrativos aos Departamentos con sede na Facultade de Bioloxía (7)	Administrativos	3
	Técnicos de Investigación	4
	<b>Total</b>	<b>26</b>

# Indicador E-16 Información sobre o persoal de apoio - Facultade de Bioloxía. Curso 2022/2023, proporcionado pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos).

#### 4.2.4.- Detección de necesidades de persol de apoio a docencia

Como se pode ver, a Facultade conta con persol de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, pero existen algúns problemas a nivel de certos títulos, como pode ser o de Mestrado. Así, aínda que os coordinadores e a Comisión Académica dos Másteres en Neurociencia, Biodiversidade Terrestre ou de Acuicultura contan coa axuda dos/as xestores/as académicos/as do centro en cada unha das Universidades, estes ocúpanse de numerosas titulacións no centro, de xeito que os coordinadores/comisión académica teñen que continuar suplindo determinadas deficiencias no desenvolvemento do título; polo tanto, dende os Másteres considerase que o persol de apoio dedicado á xestión/desenvolvemento do título é insuficiente, reclamando contar con algún tipo de persol de apoio adicado exclusivamente a xestión dos másteres.

Por outro lado, o/a responsable de calidade do centro (RCC) é a persoa encargada do correcto funcionamento do SGC. As numerosas funcións do/a RCC son asumidas polo Vicedecano/a de calidade no caso da Facultade de Bioloxía. En todos estas funcións o/a RCC é asistido/a polo Equipo de Dirección (ED), os membros da CCC, e os/as coordinadores/as de título. Sen embargo, a excesiva burocracia asociada aos procesos de xestión da calidade fai necesario buscar xeitos a medio prazo de mitigar ese problema. O Manual do SGC da Facultade de Bioloxía permite nomear o posto de coordinador/a de calidade pola/o decana/o da Facultade entre o PDI que non sexa membro do equipo de dirección para a realización de funcións de apoio á/a Responsable de Calidade do Centro (Plan Estratégico 2024-26, Liña Estratégica LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC), Obxectivo Estratégico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC). Deste xeito, a Acción de Mellora AM-1 do Plan de Melloras 2023-24 está relacionada con este obxectivo estratéxico e encamiñada a facer dito nomeamento e aliviar a carga burocrática do responsable de calidade, o que redundará nunha mellora do SGC do Centro.

## Directriz 5. Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos

**Estándar: o centro ten implantados procedementos que garantan a mellora da calidade dos recursos materiais e servizos para o axeitado desenvolvemento da aprendizaxe do alumnado.**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e os servizos:
  - Mantemento, polo menos, dos criterios de suficiencia e adecuación incluídos nas memorias de verificación e dos compromisos incluídos nelas, de ser o caso.
  - Disposición de accesibilidade universal e de medios que garantan a saúde e a seguridade no desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
  - Xestión e mantemento dos recursos materiais e servizos: equipamento científico-técnico, asistencias e artístico; campus virtual; TIC; aulas; salas de estudo; aulas de informática; salas de reunión; laboratorios; talleres; postos de lectura en biblioteca; servizos reprográficos; bibliografía recomendada, etc.
  - Detección de necesidades de novos recursos ou servizos.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento...) e orientación profesional postos a disposición do alumnado son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de Xestión académica (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado...) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao alumnado orientano no funcionamento da institución.
- No caso de que os títulos contemplan a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.
- Indicadores de satisfacción, queixas e suxestións relativos aos recursos materiais e os servizos.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### 5.1.- Calidade nos recursos materiais e servizos

#### 5.1.1.- Facultade de Bioloxía

Os recursos cos que conta a Facultade de Bioloxía son axeitados para o desenvolvemento do procesos formativos e dos títulos que se están a impartir na actualidade, aínda que a implantación de dous novos títulos (Grao en Biotecnoloxía e Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre) no curso 2018/19, así como a cesión temporal de espazos para a docencia do Grao en Farmacia, provocou algunhas dificultades na xestión dos espazos docentes.

A Facultade de Bioloxía, que foi amplamente reformada e renovada de xeito integral (as obras finalizaron no ano 2013), dando lugar a uns espazos e equipamientos modernos e funcionais, presenta aulas de uso xeral con diferentes capacidades, aulas de informática, aulas de seminario, laboratorios de prácticas e outra serie de espazos para o alumnado e outros que se enumeran un pouco máis abaixo, dispoñendo de rede WIFI en todo o edificio. A Facultade dispón, en edificios satélites ao carón da facultade, de invernadoiros, incluíndo un totalmente automatizado. Asimesmo, a USC conta con tres estacións biolóxicas (A “Estación de Bioloxía Mariña da Graña”, a “Estación de Hidrobioloxía Encoro do Con” e a “Estación Científica do Caurel”). A maior parte dos espazos son accesibles a persoas con discapacidades físicas que afecten á mobilidade e presentan prazas de aparcamiento reservadas nas cercanías dos accesos. A continuación, se describen os recursos

materiais e servizos dispoñibles máis pormenorizadamente.:

- **10 aulas para a docencia expositiva**, de diferente capacidade: Aula 01, Charles Darwin (91 postos); Aula 02, Gregor Mendel (91 postos); Aula 03, Carl Linneo (95 postos), Aula 04, James Watson y Francis Crick (141 postos), Aula 05 (videoconferencia), Rita Levi Montalcini (58 postos), Aula 06, Diane Fosey y Jane Goodall (58 postos), Aula 07. Konrad Lorenz (75); Aula 08, Louis Pasteur (96 postos); Aula 09. Barbara McClintock (86 postos); Aula 10 (52 postos), Aula 11 (56 postos), Aula 12, Vasili Dokucháyev (49 postos). Se engade a aula do edificio do CIBUS, con capacidade para 35 postos con mesas de escritura.
- **10 laboratorios de prácticas** (Laboratorio 01, Isidro Parga Pondal; Laboratorio 02, Baltasar Merino; Laboratorio 03, Ramón Sobrino Buhigas; Laboratorio 04, José Andrés Cornide y Saavedra; Laboratorio 05, Cruz Gallástegui Unamuno; Laboratorio 06. Salustio Alvarado Fernández; Laboratorio 07, José M<sup>a</sup> Bermúdez de Castro; Laboratorio 08, Mariano Barbacid; Laboratorio 09, Ginés Morata Pérez; Laboratorio 12, Carlos M. Herrera Maliani), con capacidades entre 20 e 32 postos, que contan cos equipos necesarios para realizar as practicas incluídas na programación docente das diferentes materias. Na páxina web do centro publícase o material de prácticas de laboratorio e campo existente.
- **5 aulas de seminario con mesas modulares** (Aula Seminario 1, Edward Osborne Wilson; Aula Seminario 2, Stephen Jay Gould; Aula Seminario 3, Felix Rodríguez de la Fuente; Aula Seminario 4, Jacques Ives Cousteau; Aula Seminario 5. Rachel Louise Carson) con capacidade entre 14-20 postos.
- **Aula Videoconferencia** Sir David Attenborough, con capacidade para 30 persoas.
- **Aula Magna Santiago Ramón y Cajal**, con capacidade para 230 persoas en butacas con mesas de escritura.
- **Salón de Grados Severo Ochoa**, con capacidade para 70 persoas en butacas con mesas de escritura.
- **Sala de Xuntas**
- **3 aulas de informática** (18-22 postos cada unha), que no caso da aula 1 e 2 contan con todos os ordenadores necesarios equipados cos programas necesarios para a realización das prácticas de bioinformática, ademais de canón de vídeo e pantalla de proxección interactiva.
- **3 espazos (aulas 9, 12 e 13)** acondicionados como aulas para a docencia expositiva pero que no proxecto de reforma do Centro estaban pensados como laboratorios. Neste momento se está tratando de dotar o laboratorio 13 (mobiliario e instrumental de prácticas)
- **Espazos para o alumnado**, conformados por un área de traballo en grupo na biblioteca (20 postos) e zonas WIFI nos pasillos da Facultade de Biología con mesas e bancos onde o alumnado pode traballar, descansar, ou comer. Os alumnos/as teñen á súa disposición un local de alumnos/as de 71 m<sup>2</sup> con capacidade para 25 postos e equipado con microondas e neveira para que poidan comer no Centro. Tamén contan cunha sala de traballo en grupo de 82 m<sup>2</sup> e uns 20 postos.

As aulas contan con encerado, conexión a rede, computador, canón de vídeo, pantalla de proxección, cámaras web e sistema de son adaptadas para o emprego da aplicación MS-teams e teñen excelente iluminación, tanto natural como eléctrica. Na aula de videoconferencia, aula 5, aula CIBUS e na aula seminario 4 existen sistemas de videoconferencia completos. Todas as aulas (de docencia e informática) presentan capacidade para 2 persoas con discapacidade motriz (a Aula Magna con 4 e as aulas seminario con 1 posto destas características), a maiores do exposto anteriormente. A aula 5 está equipada cunha rampla de acceso á tarima para discapacitados. O centro ten outras rampas de acceso, baños adaptados, ascensores e unha praza de aparcadoiro cuberta para persoas con discapacidade motriz, o que é completamente necesario nun clima como o de Santiago de Compostela. En definitiva, o centro cumpre a normativa de accesibilidade universal e deseño para todos.

No centro cúmprense as normativas de seguridade e hixiene, tanto nos espazos comúns como nos laboratorios onde as actividades xeran máis riscos. Os/as alumnos/as deben ler estas normas e asinar o documento acreditativo do coñecemento das normas de funcionamento correcto nas prácticas das materias, así como a que se comprometen á súa aplicación; a sinatura deste documento é obrigatoria para poder realizar as prácticas, tanto de campo como de laboratorio.

A Facultade de Biología conta coa Biblioteca Víctor López Seoane, un lugar excepcional de 1.071 m<sup>2</sup> distribuídos en dous niveis con capacidade para 269 postos de lectura. Na sala inferior atópase a colección de libros de estudantes en acceso directo e unha área de traballo en grupo, de 32 m<sup>2</sup> con capacidade para 20 persoas. e dous depósitos: O de publicacións periódicas con módulos de paneis móbiles e o depósito do fondo de libros de investigación con paneis fixos. Todos os

postos da biblioteca teñen acceso directo aos fondos bibliográficos e á hemeroteca e dispoñen de enchufe e sistema de luz independente, incluíndo o acceso á sala de traballo en grupo. No mes de decembro de 2023 produciuse un cambio na dirección da Biblioteca da Facultade de Bioloxía, pasando a ocupar o posto Dña. M<sup>o</sup>del Mar Rego López, antes axudante de biblioteca na Biblioteca da Facultade de Matemáticas. O anterior director, D. Anxo Doval Rey, que exercía a dirección con carácter definitivo xubilouse e adjudicouse o posto en Comisión de Servizos a actual directora. No curso 2022-2023 o cadro de persoal da Biblioteca está composto por seis traballadores das seguintes escalas: 2 axudantes de biblioteca (quenda de mañá; unha delas o director/a de biblioteca) e 4 auxiliares de bibliotecas (2 en quenda de mañá e 2 en quenda de tarde) (informe 5010\_E16\_2022-2023 proporcionado polo Centro de Datos e Procesos)

A Biblioteca conta con rede WIFI en todas as instalacións e todos os postos de lectura están dotados de conexións á rede eléctrica e de luz independente. Está situada nunha esquina do edificio e posúe en dous dos seus lados grandes ventás ao exterior, caracterizándose pola súa luminosidade, tanto natural como pola boa iluminación artificial. Ademais, dispón do seguinte equipamento: Dous equipos de consulta ao catálogo para os usuarios e 6 portátiles de préstamo en sala.

O uso da Biblioteca e os seus recursos permite o acceso a información moi diversa, desde obras xerais até manuais especializados, permitindo ao estudante familiarizarse coa rica produción científica tal e como se ofrece á sociedade en xeral, e á comunidade académica en particular. Os fondos bibliográficos impresos da biblioteca da Facultade de Bioloxía, suman un total de 21.003 títulos e 27.393 exemplares (a 31/12/2023), dos que 9.484 son do fondo de alumnado, 17.909 do fondo de investigación. A estes engadimos no 2022-2023, 9 libros electrónicos mercadas con accesos limitados. Destaca tamén na biblioteca da Facultade de Bioloxía unha extensacolección de 789 mapas, maioritariamente topográficos e xeolóxicos. A USC e a Sociedade Española de Ciencias do Solo (SECS) inauguraron o 7 dexullo de 2022 o Centro SECS de Documentación de Ciencias do Solo en España (no segundo andar da biblioteca), integrado na Biblioteca Universitaria da USC (BUSC). A creación deste centro foi froito dun convenio entre a SECS e a USC en outubro de 2021, e contén máis dun milleiro de monografías e doce títulos de publicacións periódicas, así como 141 teses de doutoramento, 82 volumes de informes para distintas administracións, 42 mapas, case 2.000 microfichas e a colección de ortofotos do chamado voo americano de 1956. O obxectivo do mesmo é alargar a vida útil da documentación que recibe en concepto de doazóns, as primeiras das cales procederon das bibliotecas de Mariano Magister e Carlos Roquero (2019) e máis recentemente (2021) Jaume Porta, anterior presidente da SECS. Por outra banda a Biblioteca de Bioloxía encárgase tamén de xestionar os fondos documentais do Museo de Historia Natural "Luis Iglesias" que conta con 2.907 títulos, 3.477 exemplares e 68 títulos de publicacións periódicas.

En canto á bibliografía recomendada para os graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, na BUSC están representados o 97% dos fondos recomendados. A maioría das monografías e artigos de revistas recomendados nos 4 másteres impartidos na Facultade están dispoñibles a través da Biblioteca (en formato impreso ou electrónico); máis do 90% no caso de Máster en Acuicultura, case o 90% no Máster en Biodiversidade Terrestre e Máster en Neurociencia e o 100% no caso do Máster en Biología Mariña.

Hoxe en día ofértanse en liña máis do 60% das bibliografías recomendadas básicas para a área de Ciencias, editadas con posterioridade a 2014. A través do Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galicia (CISUG) tamén se accede a multitude de coleccións electrónicas de editoriais e distribuidores de gran prestixio internacional de información científica como Elsevier, Springer, Wiley, Taylor and Francis, Oxford, Cambridge, etc.

Algúns dos recursos electrónicos máis importantes para as áreas de coñecemento desta facultade son os seguintes:

- Interdisciplinares: WOS e Scopus
- Específicos das distintas áreas de interese para Bioloxía e Biotecnoloxía:
  - o Asfa - Aquatic Sciences & Fisheries Abstracts, Earth, Atmospheric & Aquatic Science
  - o Agris
  - o BioMed Central
  - o Cell
  - o CINAHL



- ClinicalKey Student
- Encyclopedia of Wildfiresand Wildland-Urban Interface (WUI) fires
- EUREKA – Editorial Médica Panamericana
- Ovid Health
- SciFinder-n
- US Pharmacopeia
- Medline
- PubMed Central

Como no resto dos puntos de servizo da Biblioteca Universitaria, ofértase aos usuarios servizos de consulta en sala, préstamo a domicilio, intercampus e interbibliotecario, fotodocumentación, acceso á colección electrónica, información bibliográfica e formación no uso e aproveitamento dos recursos documentais e do propio servizo bibliotecario. A través da páxina web da Biblioteca ofrécese ampla información sobre a BUSC e pódese acceder ao catálogo automatizado, coleccións dixitais e outros servizos vía web. Por cuestións de aforro enerxético, neste momento o horario de apertura habitual da biblioteca da Facultade de Bioloxía é de luns a venres de 8:30 h a 20:00 h, estando pechada os fins de semana e festivos. En épocas de exames no Campus de Santiago de Compostela, a BUSC adoita ofertar horarios extraordinarios, incluídos os sábados, domingos e festivos, na Biblioteca Concepción Arenal situada no Campus Vida.

A biblioteca é unha ferramenta de apoio fundamental para as materias e as metodoloxías de ensino-aprendizaxe do Grao, así como para a adquisición de competencias relacionadas coa procura, selección de información e discriminación de datos, sempre complementada co uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TICS). O Acordo do Consello de Goberno do 5 de xullo de 2016 regula o recoñecemento de créditos nas titulacións de grao pola adquisición de competencias en información (CI) a través dos cursos que establece a Universidade con base no programa de formación proposto pola Biblioteca Universitaria. A BUSC ofrece formación en CI desde o curso 2008-2009 pero non foi ata o2018-2019 que a USC aprobou a Resolución Reitoral que faría posible orecoñecemento de créditos ECTS por esta actividade transversal. Desdeentón, cada curso académico apróbbase unha resolución reitoral coprogramación anual de actividades CI da BUSC, nos que se enmarcan os cursos impartidos pola Biblioteca de Bioloxía. No curso 2022-23 realizáronse dúas edicións (1 en cada cuatrimestre) dos cursos básicos e avanzado de Competencias en Información, e continuouse coa formación integrada no Máster de Bioloxía Mariña (ver táboa a continuación).

FORMACIÓN DE USUARIOS		
Formación non regrada		
Datas	Curso en liña - Campus Virtual USC	Alumnos
Oct.2022	Competencias en Información – Nivel Básico – 1ª ed.	55
Feb.2023	Competencias en Información – Nivel Básico – 2ª ed.	62
Oct.2022	Competencias en Información – Nivel Avanzado – 1ª ed.	15
Feb.2023	Competencias en Información – Nivel Avanzado – 2ª ed.	36
Formación regrada		
Outubro 2023	Prácticas dentro da materia "Deseño experimental e recursos da información" do Máster de Bioloxía Mariña	25

Así mesmo o curso de Nivel Básico e Avanzado sitúase dentro do marcocompetencial establecido por REBIUN no seu documento Definición de Competencias Informacionais (CI) (2014). A UE integra as CI dentro da competencia dixital, e define esta como unha das oito competencias chave que todo estudante debe ter adquirido ao rematar a súa formación académica. O documento DIGCOMP 2.2. (Marco de Competencias Digitales para la Ciudadanía Connuevos ejemplos de conocimientos, habilidades y actitudes, 2022) establece 21 competencias dixitais repartidas en 5 áreas:

- Área 1: Información e tratamento de datos
- Área 2: Comunicación e colaboración
- Área 3: Creación de contido dixital
- Área 4: Seguridade
- Área 5: Resolución de problemas

Estas 5 áreas están reflectidas nos cursos impartidos pola biblioteca da Facultade de Bioloxía (nivel básico e avanzado), avaliando as competencias a través das actividades obrigatorias realizadas no mesmo.

Ademais, como non podía ser menos, a Facultade de Bioloxía está comprometida co medio ambiente, a axenda 2030, os ODS (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) e a seguridade. Así, conta con sistemas de recollida selectiva de refugos como o papel, plásticos, pilas, recambios de impresoras, etc., así como dos produtos tóxicos empregados nos laboratorios. Tamén está comprometida coa minimización do consumo enerxético e o uso de enerxías alternativas. Así, dentro da obra RAM acometida no curso 2022/23 realizáronse melloras para o illamento térmico no laboratorio 4 (5.732,68 €) e fixéronse melloras nos espazos do Decanato e Salón de Graos para mellorar a súa eficiencia enerxética con novas ventás, estores e vinilos protectores (37.436,99 €). Además, colaborou co plan de aforro enerxético da USC mediante a adecuación dos horarios así como no proxecto de enerxía renovable, polo cal instaláronse paneis solares nas cubertas da Facultade de Matemáticas e Bioloxía. En canto á biblioteca da Facultade de Bioloxía, a Federación Internacional de Asociacións de Bibliotecarios e Bibliotecas (IFLA) impulsou que se recoñecesen ás bibliotecas como institucións fundamentais para acadar os ODS, xa que o acceso á información foi recoñecido no Obxectivo 16 (Objetivo 16.10. “Garantizar el acceso público a la información y proteger las libertades fundamentales, de conformidad con las leyes nacionales y los acuerdos internacionales”). En España, no IV Plan estratégico de REBIUN 2020-2023, a liña estratéxica número 4, Axenda 2030, está a cargo da meta 4 “Impulsar la contribución de las bibliotecas universitarias y científicas a la Agenda 2030”. A USC comprometida institucionalmente coa consecución destes ODS impulsa accións encamiñadas a este fin. Neste senso a Biblioteca de Bioloxía a través de exposicións bibliográficas e do seu perfil de Instagram está intentando sensibilizar sobre os diversos ODS que directa ou indirectamente estean relacionados con algunhas áreas dos estudos impartidos na Facultade de Bioloxía. Finalmente, anualmente realízase un simulacro de emerxencia e revisanse os plans de autoprotección en nos edificios do CIBUS e da Facultade.

#### 5.1.1.1.- Grao en Bioloxía e Grao en Biotecnoloxía

Tanto o profesorado como o alumnado dos graos que se imparten na Facultade de Bioloxía está satisfeitos cos recursos materiais do centro. Na enquisa de satisfacción do profesorado coa titulación do curso 2022/23, elaborada pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (INF.23), o ítem “as aulas e o seu equipamento están en bo estado e son adecuados para o meu labor docente?” presenta para o Grao de Bioloxía unha valoración de 4,33 (1ª ed) e 4,34 (2ª ed) sobre 5 puntos, e un valor de 4,60 sobre 5 puntos para o profesorado do Grao en Biotecnoloxía. Polo tanto, o profesorado de todos os graos impartidos na facultade están razoablemente satisfeitos coas aulas e o equipamento. En canto ao alumnado do Grao en Bioloxía, a enquisa de satisfacción coa titulación 2022/23 (INF-22) proporcionada pola Área de Calidade e Mellora dos procedementos amosa que os ítems “as infraestruturas e materiais dispoñibles no centro son axeitados?” presentan unha valoración de 3 (1ª ed) e 2.94 (2ª ed) sobre 5 puntos. Como no caso do profesorado, a valoración nesta mesma enquisa para o alumnado do Grao en Biotecnoloxía (INF-22 2022/23) é algo maior (3,38 sobre 5) comparado cos do Grao de Bioloxía, para o cal non temos explicación xa que as infraestruturas das aulas de docencia expositiva/seminarios son esencialmente moi similares para ambos graos e veñen sufrindo nos últimos anos unha mellora considerable; a única diferenza podería relacionarse co laboratorio 12, específico do Grao de Biotecnoloxía. Por outra banda, a pregunta “Os recursos educativos dispoñibles son axeitados?” (INF-22) presenta unha valoración de 3 (1ª ed) e 3.11 (2ª ed) sobre 5 puntos no Grao de Bioloxía, e de 3,08 sobre 5 puntos no Grao de Biotecnoloxía. En conclusión, o alumnado de todos os graos impartidos na

facultade están razoablemente satisfeitos coas aulas, equipamento e recursos educativos dispoñibles.

Por outra banda, tanto docentes como estudantes contan co Campus Virtual da USC como recurso de apoio ao proceso de ensino/aprendizaxe. Esta ferramenta está moi ben valorada no curso 2022/2023 polos docentes (4,67, 4,72 e 4,67 sobre 5 para o profesorado da 1ª ed e 2ª ed dos Graos de Bioloxía e para o Grao de Biotecnoloxía, respectivamente; enquisa de satisfacción coa titulación; INF.23, “*O campus virtual facilita a miña labor docente?*”), e algo menos polo alumnado (3,50, 3,83 e 3,54 sobre 5 para o alumnado da 1ª ed e 2ª ed dos Graos de Bioloxía e para o Grao de Biotecnoloxía, respectivamente; enquisa de satisfacción coa titulación; INF.22, “*O campus virtual é útil e facilita as miñas xestións académicas?*”). Con estas valoracións, podese concluir que o campus virtual resulta de utilidade tanto para docentes como para estudantes.

#### 5.1.1.2.- Máster Universitario en Neurociencia

Para o desenvolvemento do Máster Universitario en Neurociencia dispoñemos de aulas de videoconferencia nas tres universidades dedicadas practicamente en exclusiva ao título. Para as prácticas e os Traballos Fin de Máster utilizamos os laboratorios de profesorado que son todos recoñecidos investigadores en seu campo.

O grao de satisfacción do profesorado da USC coas aulas e o seu equipamento é elevado 4,38 sobre 5, Por outra parte, o alumnado da USC considera que “O material de apoio (bibliografía, textos, exercicios.....” e moi bo (4,09 sobre 5). Por outra parte, o grao de satisfacción do alumnado da USC cos recursos dispoñibles e as infraestructuras e materiais dispoñibles foron valorados cun 2,5 e 3,0, respectivamente, o que contrasta coa valoración de 5 que recibiron ambos items no curso anterior. Por outra parte, o grao de satisfacción do alumnado e profesorado da UVI cos recursos materiais e servizos foi alto, 4,25 e 4,73 sobre 5, respectivamente. E en relación se o campus virtual facilitou a labor docente foi valorado cun 4,38 polo profesorado da USC. O alumnado considera que a atención prestada polo persoal de administración e servizos é boa (4,5 sobre 5), o mesmo que o profesorado (4,43 sobre 5).

Como xa se comentou anteriormente antes de comezar o máster, realízase unha presentación do título ao alumnado matriculado por parte dos coordinadores, pero como o prazo de matrícula nas tres universidades é moi amplo, unha parte do alumnado non asiste á xornada de presentación por matricularse con posterioridade á súa realización, neste caso, os coordinadores do título atenden todas as aclaracións/dubidas que poidan surxir entre o alumnado

#### 5.1.1.3.- Máster Universitario en Acuicultura

Os diferentes centros poñen a disposición do máster aulas de videoconferencia practicamente en exclusiva. No caso da USC no primeiro semestre a clases do máster impártense en exclusiva na aula Sir Richard Attemborough da Facultade de Bioloxía. No segundo curso, en función das materias optativas nas que se matriculen, poden ter clase tamén no Instituto de Acuicultura. Este último, a 5 minutos da Facultade, pon a disposición do Máster Universitario en Acuicultura as instalacións necesarias para complementar a docencia, incluíndo unha aula de videoconferencia (con todo o equipamento necesario: equipo de videoconferencia, pizarra electrónica e sistema completo de audio e imaxe) con capacidade para 15 alumnos/as, e un laboratorio para as prácticas de varias das materias (con capacidade para 16 alumnos/as). O Instituto, ademais, pon a disposición do alumnado do máster os máis de 30 volumes especializados adquiridos especialmente para este máster.

#### 5.1.1.4.- Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

No caso do Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre, os/as profesores/es e alumnos/as dispoñen de aulas de videoconferencia nas tres universidades dedicadas ao título, namentres que para as prácticas e os Traballos Fin de Máster se empregan os laboratorios do profesorado, todos recoñecidos investigadores no seu campo.

## 5.2.- Orientación académica e profesional, xestión académica, programas de acollida e apoio ao alumnado e satisfacción cos recursos e servizos

### 5.2.1.- Grao en Bioloxía e Grao en Biotecnoloxía

Como xa se comentou, para os/as alumnos/as de primeiro curso realizase unha “xornada de acollida”; namentres que para o alumnado de cursos superiores (sobre todo de 2º e 3º curso) convocáronse tamén reunións para informar sobre os programas de mobilidade, as prácticas externas e o sistema de adxudicación e desenvolvemento dos TFGs (21/03/2023. Charla sobre Prácticas externas e TFGs,TFMs. 14:00h. Aula 2). Esta charla despertou grande interese, xa eu estaba chea e había unhas 20 persoas de pe. Fixéronse moitas preguntas e recolleuse o interese de algúns estudantes en visitar os laboratorios para informarse de temas de investigación. O 23/03/2023 tivo lugar a Reunión SICUE no salón de graos (14:00), cunha asistencia de aproximadamente unhas 30 persoas.

No curso 2022-2023 creouse o [Plan de Acción Titorial \(PAT\) da Facultade de Bioloxía](#) da USC. Este documento ven a recoller, dun xeito unificado e ordenado cronoloxicamente, un conxunto de accións individuais que se levan realizando dende hai anos no Centro como as que acabamos de mencionar no parágrafo anterior. Todas elas teñen un nexo común, que é o de guiar, orientar e formar de xeito máis integral ao alumnado dos distintos graos que se imparten no centro. A elaboración deste PAT constituiu unha das accións de mellora (AM-6.02) dentro do Plan de Melloras do Centro para o curso 2022-2023 que figuraba na Memoria de Calidade da Facultade de Bioloxía 2021-2022. As accións que integran o PAT planifícanse, desenvólvense e avalíanse segundo o proceso PC-03 (Apoio a estudantes) do Manual de Procesos do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) da Facultade de Bioloxía. O PAT da Facultade de Bioloxía aprobouse na Comisión de Calidade do Centro (CCC) con data 17/01/2024 e posteriormente na Xunta de Facultade con data 18/01/2024, está prevista a súa implantación completa no curso 2024/25. Un dos obxectivos específicos do PAT é o de facilitar información ao alumnado sobre aspectos académicos relacionados co desenvolvemento dos plans de estudos, horarios, actividades académicas, programas existentes (ERASMUS, SICUE, titores, prácticas externas) e materias (Traballo Fin de Grao, Prácticas Externas). Así, recolle información sobre a “xornada de benvida” enfocada sobre o alumnado de primeiro curso do Grao en Bioloxía, Grao e Biotecnoloxía e Dobre Grao Química-Bioloxía, unha sesión informativa sobre o “Programa de Apoio Titorial Extraordinario da USC”, unha sesión informativa sobre o “Traballo Fin de Grao (TFG): Modelo e consellos para a súa elaboración” (para alumnado do último curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía), sesións informativas sobre o Programa ERASMUS, o Programa SICUE e o Programa de titores (estas tres enfocadas sobre o alumnado de 2º e 3º curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía), unha “sesión formativa sobre o programa de titores”, dúas sesións informativas para o alumnado de 3º curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao Química-Bioloxía específicas sobre A) cuestións administrativas relativas ás Prácticas Externas e ao Traballo Fin de Grao (TFG) e B) as posibles liñas temáticas ofertadas polos departamentos/áreas do TFG, Xornadas de orientación Laboral para Biólogos/as, Xornadas de orientación Laboral para Biotecnólogos/as, os cursos de competencias en información NIVEL BÁSICO e NIVEL AVANZADO organizados pola Biblioteca da Facultade de Bioloxía, Reunión dos/as coordinadores/as de curso dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía cos/cas delegados/as do curso Correspondente, e finalmente o Programa de titorización de Deportistas de Alto Nivel (DAN).

Ademais, os/as coordinadores/as de todos os niveis, así como o profesorado en xeral, participan na orientación/titorización do alumnado sobre distintos aspectos, grazas ás boas relacións que, en xeral, se establecen nas aulas. Así, no informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (INF.13\_2022\_2023) proporcionado pola ACMP, os ítems relacionados coa comunicación entre os profesores e os alumnos e coa actitude receptiva dos primeiros que facilita a comunicación do profesorado co alumnado teñen unha valoración moi alta (sobre 5 puntos):

- Item 10: “Resolve as dúbidas que se lle formulan (clase, titorías, aula virtual, correo electrónico,...)?”; Grao de Bioloxía 1ª ed (4,50), Grao en Bioloxía 2ª ed (4,40); Grao de Biotecnoloxía (4,45).
- Item 11: “Ten unha actitude receptiva que facilita a comunicación cos/coas estudantes?” Grao de Bioloxía 1ª ed (4), Grao en Bioloxía 2ª ed (4,29); Grao de Biotecnoloxía (4,46).

O Centro promove a realización de distintas actividades (e apoia as organizadas por distintos colectivos) para mellorar a orientación profesional do alumnado. Así, no curso 2022/23 estas foron as actividades desenvolvidas neste sentido: Charla

da Asociación de alumnos/as Bota e Bata con Rebelión científica (22/09/2022), Charla presentación do proxecto Plantando cara ó lume (10/10/2022), charla sobre saídas profesionais (BIR e xeración de empresas) organizada polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) e a Facultade de Bioloxía (21/10/2022), visita a laboratorios (experiencia piloto no laboratorio de Ecoloxía do lume), concurso de cartéis para difundir a Olimpiada de Bioloxía (resolto 08/11/2022), concurso de fotografía e videos (San Alberto; resolto 11/11/2022; 2º premio conseguido por un alumno de Bioloxía), charla da asociación estudiantil Bota e Bata e a plataforma de defensa da Serra do Galiñeiro sobre estratexias na defensa do territorio (15/11/2022), xornadas sobre oposicións de secundaria organizadas polo COBGA e a facultade (18/11/2022) ou o concurso de biopostáis (convocatoria 21/11/2022; resolto 16/12/2022). Outras actividades foron as Xornadas de celebración do día mundial do solo 2022 co título: Os solos: orixe dos alimentos, que foron organizadas polo profesor X.L. Otero e se celebraron o 2 decembro 2022 na aula Magna, da Facultade. Con motivo do Día Internacional do Solo, a Biblioteca da Facultade de Bioloxía montou tamén unha pequena exposición de libros e artigos dos primeiros traballos sobre a análise do solo en Galicia. O 14/12/2022 tivo lugar na Facultade de Bioloxía unha novidosa actividade de coaching dirixido aos alumnos que levaba por título “*Cómo mejorar tus notas sin sufrir*”, impartida por Óscar Martínez Pérez (alumno do dobre grao de Bioloxía-Química) e Aarón Morales (Coach Profesional). A Charla estaba centrada en presentar as vantaxes da meditación para a superación persoal e liberar ansiedade, con exercicios prácticos de relaxación e meditación dirixida polos dous poñentes. Xa a principios de 2023, o 23 de marzo celebrouse unha xornada de portas abertas Bioloxía-Biotecnoloxía adaptadas as preferencias dos estudantes (nunha reunión previa consultouse aos alumnos que departamento/grupo de investigación querían visitar e pediuselles os grupos que recibisen a ditos/as alumnos/as). O 29/03/2023 tivo lugar a charla “PCL. Experiencias 2022-23”, nas que os alumnos do proxecto plantando cara ao lume explicaron e debateron co público as actividades realizadas. O 02/05/2023 celebrouse a charla “*As resistencias a antibióticos: investigando e divulgando*”, cuxos relatores foron Raquel Carnero Gómez e Luis Marcos Nogales. Finalmente, a Facultade de Bioloxía tamén participa en actividades enfocadas aos alumnos de secundaria e bachelato. Así, dentro do Programa A Ponte entre o Ensino Medio e a USC colaborou coa actividade A USC Camiña á Ribeira o martes 24 de xaneiro de 2023, tanto na Mesa redonda sobre as titulacións de Tecnoloxía, Ciencias e Ciencias da Saúde como no obradoiro e demostración titulado “*Facultade de Bioloxía: Unha facultade moi diversa*”. Tamén dentro do mesmo programa A Ponte (Encontros na Zona USC), os días, 31 de xaneiro e 1 e 2 de febreiro, tiveron lugar as visitas guiadas do alumnado de secundaria ao Campus de Santiago”. Finalmente, na Facultade de Bioloxía celebráronse a XIV Olimpiada de Xeoloxía (8 febreiro 2023) e a XVIII Olimpiada de Bioloxía (17 febreiro 2023), con enorme éxito de participación. A difusión de todas estas actividades realizase a través do correo electrónico, pantallas electrónicas instaladas no Centro e redes sociais do Centro ([YouTube](#), [Facebook](#), [Twitter/X](#), [Instagram](#)). Tamén colaborou cedendo os espazos da facultade (aula 4) á asociación InvestiGal para a realización o martes 25 de abril de 2023 as 17:00 coa charla “A peregrinación á ANECA: cómo sobrevivir” sobre as novidades na LOSU e os procesos de acreditación; na charla contouse co profesor da Facultade de Bioloxía e ex-membro da Comisión de Ciencias Experimentais e Ciencias Experimentais I da ANECA Jesús Aboal Viñas.

### 5.2.2.- Máster Universitario en Acuicultura

O máster ten un sistema propio de atención aos alumnos en 3 fases. Fase 1. Información e asesoramento ós potenciais alumnos para a preinscripción e matrícula, atendendo ás dúbidas por diferentes vías segundo a preferencia dos interesados: correo electrónico, teléfono ou sistemas de videoconferencia (Zoom, Teams, etc); segunda fase, ao comenzo do curso, mediante un acto de acollida, no que se describe o funcionamento do máster, as instalación e recursos a disposición dos alumnos e o sistema de coordinación das materias e de todo o máster; terceira fase, asignación dun titor para cada alumno (labor realizado nestes momentos polos coordinadores das diferentes sedes ante a falta de interese do resto dos profesores que alegaron descoñecemento do funcionamento do máster), que mediante unha atención totalmente personalizada guía e asesora ó alumno ó longo do seu proceso académico.

### 5.2.3.- Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

Como xa se comentou anteriormente, o MBio conta cun Plan de Acción Titorial que ten como obxectivos, entre outros, informar o alumnado sobre a planificación do máster, sobre as PE e o TFM, sobre programas de mobilidade, etc. Ademais, no marco deste PAT todos os alumnos matriculados contan cun titor que pode darlles orientación sobre saídas profesionais, vías complementarias de formación, etc.

### 5.2.4.- Máster Universitario en Neurociencia

A información relativa aos aspectos fundamentais do centro e dos títulos que se imparten está recollida na páxina web institucional da USC e nas webs propias dos títulos, e pode consultarse nas seguintes ligazóns: Facultade de Bioloxía, Grao en Bioloxía, Grao en Biotecnoloxía, Máster Universitario en Acuicultura, Máster Universitario en Biodiversidade Terreste, Máster Universitario en Bioloxía Mariña e Máster Universitario en Neurociencia. A súa xestión desenvólvese segundo o proceso de soporte PS-06 Información pública do SGC do Centro, que permite garantir que se faga pública toda a información relevante das titulacións e que se revise e actualice periodicamente co fin de manter informados aos distintos grupos de interese. O alumnado do Máster en Neurociencia considera que a información dispoñible sobre a titulación e axeitada (4 sobre 5).

### 5.3.- Calidade das instalacións onde se realizan as prácticas externas,

#### 5.3.1.-Grao en Bioloxía

As instalacións onde se realizan as prácticas externas son adecuadas para a adquisición das competencias propostas. A enquisa INF.06 sobre o grao de satisfacción coas prácticas externas no Grao de Bioloxía no curso 2022/23 xa no é proporcionado pola ACMP, polo que non temos acceso a estos datos. Sen embargo, o informe de indicadores (indicador IN19G “Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas”) amosa unha valoración moi positiva na 1ª ed (4.26) do Grao de Bioloxía (sobre 5 puntos; non existen datos para a 2ª ed). Polo tanto, podemos concluir que non existen problemas cos recursos materiais dos programas de prácticas externas neste grao.

#### 5.3.2.- Grao en Biotecnoloxía

A enquisa INF.06 sobre o grao de satisfacción coas prácticas externas no Grao de Bioloxía no curso 2022/23 xa no é proporcionado pola ACMP, polo que non temos acceso a estos datos. En canto ao informe de indicadores (indicador IN19G Satisfacción dos estudantes coas prácticas externas), a valoración é de 4.03 (sobre 5 puntos). Podemos concluir novamente que tampouco existen problemas cos recursos materiais dos programas de prácticas externas neste grao.

#### 5.3.3.- Máster Universitario en Acuicultura

No curso 2022/2023 actualizáronse os convenios de varias empresas (Avramar, Acuidoro, Aquacria Arousa, Insuiña-Nova Pescanova, Phycosem, entre outros) e se asinaron convenios con 3 empresas novas: Aquatreck, Mowi Ireland e Rara Avis Biotech). Mowi xa aceptou alumnos de prácticas no curso 22-23. As outras dúas empresas recibirán alumnos no curso 23-24. Todas as empresas colaboradoras do máster para a realización das prácticas en empresa son de demostrada fiabilidade para asegurar a súa adecuación á realización das mesmas.

#### 5.3.4.- Máster Universitario en Neurociencia

No máster en Neurociencia non hai prácticas externas.

#### 5.3.5.- Máster Universitario en Biodiversidade Terrestre

##### 5.3.5.1.- Recursos materiais dos programas de prácticas externas

No curso 2022-23 foi o cuarto no que alumnos do MBio realizaron PE e TFM. No caso das prácticas realizáronse tanto en empresas privadas (fundamentalmente diversas consultoras ambientais, como por exemplo: Adantia S.L., Ecocelta Galicia S.L., Emberiza Estudios Ambientales S.L., SOREX Ecoloxía e Medio Ambiente S.L., etc.), en institucións públicas (p.e. Museo de Historia Natural “Luis Iglesias” da USC, Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia – CEIDA, Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, etc.) e tamén en Grupos de Investigación ligados as universidades participantes no máster (p.e. G.I. Análise e conservación da Biodiversidade-USC, G.I. Biodiversidade e Botánica Aplicada-USC, G.I. Estudios medio ambientais aplicados ao patrimonio natural e cultural-USC, etc.). Dadas as cualificacións obtidas polo alumnado (notas superiores ó 9 na inmensa maioría dos casos) mostran que este remata os seus estudos habendo adquirido as competencias previstas na memoria verificada do título de modo que está suficientemente capacitados para poder realizar labores profesionais trala obtención dos seus títulos.

### 5.3.5.2.- Traballos fin de Máster

Polo que se refire o TFM, este desenvolveuse fundamentalmente no seno de diferentes Departamentos das Facultades implicadas na docencia do MBio, por exemplo: Bioloxía-UDC; Ecoloxía e Bioloxía Animal-UVIGO; Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía-UVIGO; Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio-UVIGO; Bioloxía Funcional-USC; Zooloxía, Xenética e Antropoloxía Física-USC, etc.

## Directriz 6. Información pública

**Estándar: o centro debe ter implantados procedementos que lle permitan publicar información relevante, actualizada, clara, precisa, obxectiva e accesible relativa ao desenvolvemento das súas ensinanzas, conxuntamente cos resultados e indicadores vinculados ao seguimento e acreditación dos seus títulos..**

Aspectos a contemplar:

- Evidencias claras e continuas da adecuación dos procedementos relacionados coa información pública.
  - Recollida, análise e utilización da información.
  - Publicación da información
  - Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

### 6.1.- Recollida, análise e utilización da información.

A información relativa aos aspectos fundamentais do centro e dos títulos que se imparten está recollida na páxina web institucional da USC e nas webs propias dos títulos, e pode consultarse nas seguintes ligazóns: [Facultade de Bioloxía](#), [Grao en Bioloxía \(3º Ed\)](#), [Dobre Grao de Química-Bioloxía \(1ª ed\)](#), [Dobre Grao de Química-Bioloxía \(2ª ed\)](#), [Grao en Biotecnoloxía \(2ª ed\)](#), [Máster Universitario en Acuicultura](#), [Máster Universitario en Biodiversidade Terreste](#), [Máster Universitario en Bioloxía Mariña](#) e [Máster Universitario en Neurociencia](#).

No tocante a páxina [web institucional da Facultade de Bioloxía](#), na presentación faise unha pequena escolma da historia da facultade, presentáanse enlaces a noticias de actualidade, dase presentáanse enlaces as páxinas dos diversos grupos de investigación que traballan tanto na facultade como no centro de investigación asociado CIBUS, dase acceso aos diversos estudos de grao e posgrao existentes na facultade, e existen vínculos á axenda ou eventos destacables, como por exemplo cursos de verán ou charlas impartidas na facultade, Por outro lado, No apartado “Centro” descríbese a súa historia, órganos de goberno, plan de autoprotección e prevención de riscos, equipamentos, departamentos, directorio e arquivo; neste último aparecen unha serie de documentos destacados, como o regulamento de réxime interno ou as memorias dos títulos. A páxina dispón tamén dun apartado de “estudos”, onde existen enlaces a unha nutrida información sobre os diversos títulos de grao e posgrao impartidas no centro. No apartado “información académica” desplégase a información sobre os calendarios, horarios, prácticas académicas nos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía, o Plan de Acción Titorial (PAT) e os programas de mobilidade (ERASMUS+, SICUE, convenios bilaterales), TFGs dos Graos de Bioloxía e Biotecnoloxía e do Dobre Grao de Química-Bioloxía, e os TFGs dos diferentes mestrados (Máster Universitario en Acuicultura, Máster Universitario en Biodiversidade Terreste, Máster Universitario en Bioloxía Mariña e Máster Universitario en Neurociencia). Finalmente, a partir do curso 2017/18, e como resultado das recomendacións do Comité de Certificación, mellorouse a información pública sobre os procesos de calidade. Así, a información relativa ao Sistema de Calidade (Política de Calidade, SGC, Manual de Procesos, Protocolos Propios, Memorias de Calidade), está publicada na páxina web do Centro, no sitio ‘Calidade’. Este apartado presenta varios subapartados, como son:

- **Calidade**
- **Política de calidade**, onde a facultade se reafirma no compromiso de garantir a calidade e establece a súa política baixo cinco eixos, que son os da responsabilidade, integración/participación/igualdade, orientación ao alumnado, excelencia e transparencia
- **Órganos do Sistemas de Garantía de Calidade**, no que se describe a composición da Comisión de Calidade do Centro, as Comisiones de Título dos Graos en Bioloxía e Biotecnoloxía, e as Comisiones Académicas dos diferentes mestrados da facultade, ademais de dar acceso as actas da Comisión de Calidade e das Comisións de Título
- **Indicadores**, nos que se da acceso a través de enlaces aos principais resultados de calidade dos títulos impartidos na facultade (ingreso, mobilidade, prácticas, resultados e recursos humanos)



- **Documentación do sistema de garantía de calidade**, onde está a disposición de todos os grupos de interese como destacados o manual de procesos da facultade, os protocolos propios, o plan estratéxico, o manual do sistema de garantía de calidade, o informe final de certificación do sistema de garantía de calidade da Facultade de Bioloxía, ou a acreditación institucional da Facultade de Bioloxía. Tamén están presentes, entre outros, as memorias de calidade e os informes propios do sistema de garantía de calidade do centro como por exemplo os informes de coordinación dos diferentes cursos académicos.

Para as cuestións de calidade que son xerais da Universidade (Procesos Institucionais, Resultados e Informes das Enquisas), a información pode ser consultada na web da [Área de Calidade e Mellora de Procedementos \(ACMP\)](#) da USC.

Por outro lado, desde dentro da propia páxina web institucional da USC onde se atopa a descrición dos diferentes mestrados da Facultade de Bioloxía ([Máster Universitario en Acuicultura](#), [Máster Universitario en Biodiversidade Terreste](#), [Máster Universitario en Bioloxía Mariña](#) e [Máster Universitario en Neurociencia](#)) pódese acceder ás páxinas web propias de cada un deles. Un exemplo é a páxina do [Máster Universitario en Biodiversidade Terreste: Caracterización, Conservación e Xestión](#), que permite acceder a web propia de dito mestrado: URL: <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres/ciencias/master-universitario-biodiversidade-terrestre-caracterizacion-conservacion-xestion/web-propia> Outro exemplo é a páxina [web propia do Máster de Neurociencia](#), dispoñible para todos os grupos de interese, con información como guías docentes, horarios do curso, as liñas de investigación que ofertan TFM, así como os Libros das Xornadas de Xóvenes Investigadores en Neurociencia que cada ano celébranse nunha das tres universidades, e nas que os alumnos defenden o seu Traballo Fin de Máster. Ademais son públicos os listados de egresados de cada curso académico, así como os TFM defendidos en cada curso académico (Alumno, Título e Titores).

A xestión de toda esta información desenvólvese segundo o proceso de soporte PS-06 *Información pública* do SGC do Centro, que permite garantir que se faga pública toda a información relevante das titulacións e que se revise e actualice periodicamente co fin de manter informados aos distintos grupos de interese. Como parte desta mellora, nos últimos anos implementouse una nova web institucional, cunha estrutura que lle da maior visibilidade a todos os grupos de interese. A partir dela, dende o Centro estamos a traballar nos distintos apartados co fin de mellorar a información do Centro e dos títulos que coordina. A acción de mellora AM-10 dentro do Plan de Melloras da Memoria de Calidade 2020/21 (**Actualización da información contida na web da Facultade de Bioloxía para mellorar os niveis de transparencia na información pública subministrada. Adaptación, reestructuración e actualización dos contidos da web da Facultade de Bioloxía a nova web institucional**) desenvolveuse no curso 2021/22 con ese propósito. Como xa se comentou previamente, a reestructuración e actualización da web da Facultade de Bioloxía mellorou notablemente a parte que fai referencia a Facultade. De feito, a información contida na web da Facultade de Bioloxía foi mellorada, actualizada e simplificada, con fin de conquistar un maior nivel de transparencia e accesibilidade. Así, actualizáronse os órganos de Goberno unipersonais (Decano, Vicedecano e Vicedecano, Secretario) como a composición da Xunta de Facultade e Comisións delegadas: Comisión Permanente, Comisión de Docencia, Recoñecemento de Estudos e Actividades Culturais, Comisión de Xénero, Comisión de Normalización Lingüística e Comisión de Asuntos Económicos, Administración, Servizos, Espazos e Equipamentos. En canto á área de calidade da facultade, actualizouse a política de calidade da Facultade de Bioloxía, que agora presenta un Anexo I coa política de calidade asinada polo decano actual. Tamén actualizouse o nome do responsable de calidade do centro e a composición da Comisión de Calidade e das Comisións de Título dos Graos en Bioloxía e Biotecnoloxía. Finalmente, mellorouse a información relativa as enquisas de satisfacción e o apartado da documentación do Sistema de Garantía de Calidade, reducindo o número de documentos aos máis importantes de cara a sociedade (manual de procesos, manual do Sistema de Garantía de Calidade, Protocolos, Acreditación Institucional, memorias de calidade, informes de seguimento e finais, etc) e prestando atención a que toda a información presentada tanto en galego como en castelán fose idéntica.

## 6.2.- Publicación da información.

Por outra banda dende a Facultade utilízanse para a difusión os seguintes medios:

- **Páxina web da [Facultade de Bioloxía](#)**

- **Páxinas web dos másteres** xestionadas pola propia Facultade e os coordinadores dos mesmos, no caso dos coordinados pola USC. [Máster Universitario en Acuicultura](#), [Máster Universitario en Biodiversidade Terreste](#), [Máster Universitario en Bioloxía Mariña](#) e [Máster Universitario en Neurociencia](#)
- As dúas **pantallas informativas electrónicas** instaladas nas entradas principais do Centro.
- **Correo electrónico:** Periódicamente remítense desde a dirección de correo electrónico do decanato diversas informacións dirixidas ao estudiantado, PDI, PAS sobre convocatorias, prazos, charlas, conferencias, etc.
- **Redes sociais da Facultade de Bioloxía** ([YouTube](#), [Facebook](#), [Twitter/X](#), [Instagram](#)). Actualmente as redes sociais da Facultade de Bioloxía contan con 15 suscriptores en YouTube, 790 seguidores en Facebook, 243 seguidores en X, e 558 seguidores en Instagram (01/06/2024).
- **Redes sociais da Biblioteca da Facultade de Bioloxía:** Dende decembro de 2023 a biblioteca conta cun perfil de Instagram (@busc\_biologia) coa finalidade de establecer unha nova canle de comunicación cos usuarios a través das redes sociais. Actualmente as redes sociais da Biblioteca da Facultade de Bioloxía contan con 112 seguidores (16/02/2024). As redes sociais son unha nova forma de dar a coñecer e difundir os fondos bibliográficos da biblioteca, tanto físicos como electrónicos, incrementar o seu uso e tamén visibilizar os servizos da biblioteca ademais de interconectar dun xeito máis informal cos usuarios.
- **Reunións informativas** (acto de presentación para o alumnado de primeiro, reunións informativas sobre mobilidade, elaboración de calendarios de clase e exames, información sobre programas de Prácticas Externas, Traballos Fin de Grao e bolsas de colaboración).
- **Participación do profesorado mediante charlas informativas no Programa “A Ponte entre o Ensino Medio e a USC”.**

Asimesmo, dentro do [Plan Estratéxico 2024-26](#) e a Liña Estratéxica LE 5: **Relacións coa Sociedade** existe un **Obxectivo Estratéxico OE 5.1 (Potenciar a divulgación, promoción e difusión)** con dúas accións. A Acción 1 pretende aumentar o número de actividades de divulgación ofertadas polo PDI e estudantes á sociedade ou a centros da USC ou ensino secundario. A Acción 2 ten como obxectivo **aumentar as canles de difusión para dar a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e alumnado**. Esta última xurde pola necesidade de fomentar o uso de redes sociais, xa que a visibilidade que ten a facultade a través de Facebook e Instagram é todavía pequena, con poucos seguidores e un número reducido de interaccións. Tendo en conta que a maioría dos estudantes empregan como rede sociais sobre todo Instagram, Whatsapp, X (antes Twitter), Youtube e Pinterest, e en menor medida outras como Facebook (enquisa realizada pola Biblioteca da Facultade de Bioloxía), cómpre potenciar sobre todo canles de comunicación como Instagram, X/Twitter, Youtube ou Pinterest para chegar dun xeito máis óptimo (pero informal) aos estudantes. Como trátase dunha actividade que consume tempo, será necesario centralizar/profesionalizar dita función a nivel do PTXAS. O Obxectivo de calidade 11 (OC-11) do Plan de Melloras 2023/24 da presente memoria de calidade (Aumentar as canles de difusión (redes sociais) para dar a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e alumnado) coincide precisamente coa acción 2 do obxectivo estratéxico OE 5.1.

### 6.3.- Medida da eficacia, utilidade e satisfacción coa información pública.

No curso 2022/23, o alumnado do Grao en Bioloxía e o profesorado dos graos de Bioloxía e Biotecnoloxía valoran positivamente a información pública dispoñible sobre a titulación. Así, na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación (INF.22), o alumnado dos graos impartidos no curso 2022/23 na Facultade de Bioloxía valoran con 3 (1º ed G. Bioloxía), 3.17 (2ª ed G Bioloxía) e 3.25 (G. Biotecnoloxía) (sobre 5 puntos) o ítem “*consideras que a información dispoñible sobre a túa titulación é axeitada?*”. Do mesmo xeito, o profesorado que impartiu docencia nos graos da Facultade de Bioloxía no curso 2022/23 teñen incluso unha mellor boa opinión que os alumnos sobre a información dispoñible sobre a titulación (INF.23; enquisa de satisfacción do PDI coa titulación; ítem “*consideras que a información que tes sobre a túa titulación é axeitada?*”): 3.83 (1ª ed G. Bioloxía), 4.50 (2ª ed G. Bioloxía) e 4.47 (G. Biotecnoloxía) sobre 5 puntos). Finalmente, a satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible (panel de indicadores; indicador IN23G Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible) é de 3.07 sobre 5 para o curso 2018/19, último curso do que hai datos dispoñibles para a 1ª edición do Grao en Bioloxía; non existe información deste indicador para a 2ª ed do Grao de Bioloxía

ou o Grao de Biotecnoloxía.

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 116 de 149

### 3. Plan de Melloras do centro

Co obxectivo de reforzar a calidade educativa e a xestión académica, a Facultade de Bioloxía presenta un conxunto de accións de mellora que se implementarán no curso 2023-2024. Estas medidas buscan consolidar o compromiso coa excelencia, fomentar a participación da comunidade educativa e mellorar as infraestruturas e servizos. As accións principais inclúen dotar o posto de coordinador/a de calidade para reforzar a supervisión e seguimento dos procesos, e tamén reforzar os protocolos de coordinación mediante o deseño e implantación dun protocolo de coordinación vertical nos títulos de Grao de Bioloxía e Biotecnoloxía da Facultade. Ademais, promoveranse accións de formación complementaria tanto fóra das horas lectivas do alumnado como dentro das horas expositivas e interactivas das materias, e desenvolveranse campañas de concienciación para fomentar o enchemento das enquisas de avaliación por parte do alumnado e profesorado. Tamén se revitalizarán as asociacións estudiantís para fortalecer a vida universitaria e aumentarase a participación do PDI nas Xuntas de Facultade para enriquecer o debate e a toma de decisións. Mellorarase a comunicación cos egresados co fin de coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos e a súa situación profesional, e tratarase de desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación alén do TFG/TFM e prácticas externas. Ademais, fomentarase a colaboración entre os grupos de investigación da Facultade e do CIBUS, así como con grupos externos ou empresas biotecnolóxicas, para promover a actividade investigadora e mellorar as infraestruturas. Dentro das medidas estratéxicas, estudarase a posibilidade de transformar o edificio CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía co fin de potenciar a competitividade dos grupos de investigación que desenvolven nel o seu traballo. No mesmo sentido, aumentaranse as canles de difusión, incluídas as redes sociais, para dar a coñecer as actividades docente-investigadoras realizadas polo PDI e o alumnado. Tamén se potenciará a colaboración co COBGA para apoiar o recoñecemento social e a regularización profesional dos biólogos, así como para aumentar as actividades que favorezan a inserción laboral do alumnado egresado. Finalmente, incrementarase o número de actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía en centros de educación primaria e actualizaranse os documentos do SGC do Centro para asegurar a súa adecuación á normativa vixente e mellorar os procesos de xestión. En conxunto, todas estas medidas buscan impulsar unha contorna académica que fomente a aprendizaxe, a investigación de calidade e a participación activa de toda a comunidade universitaria.

<b>Obxectivo a conseguir: OC-1 Dotar o posto de coordinador/a de calidade</b>		
<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>	<b>Data inicio: 1/10/2024</b>	<b>Data fin: 31/10/2024</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	<b>Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 N° LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC</b>	

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 117 de 149

<b>Procesos clave relacionados</b>	<i>PE-02 Revisión e mellora, PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas</i>		
<b>Indicador/es de medición</b>	<b>Nomeamento</b>	<b>Meta a conseguir</b>	Nomear un coordinador/a de calidade, unha persoa nomeada pola/o decana/o da Facultade entre o PDI que non sexa membro do equipo de dirección que realice funcións de apoio á/a Responsable de Calidade do Centro
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	AM-1 Dotar o posto de coordinador/a de calidade		

<b>Obxectivo a conseguir: OC-2. Deseño e implantación de un protocolo de coordinación vertical nos títulos de Grao da Facultade.</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: 1/9/2024</b>	<b>Data fin: 31/12/2024</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 Nº LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC		
<b>Procesos clave relacionados</b>	<i>PE-02 Revisión e mellora, PC-05 Análise de resultados e mellora dos programas</i>		
<b>Indicador/es de medición</b>	<b>Protocolo implantado</b>	<b>Meta a conseguir</b>	Conseguir dous protocolos de coordinación vertical, un para cada Grao, e deste xeito manter actualizados os Protocolos do SGC

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 118 de 149

<b>Accións de mellora relacionadas</b> <b>(Código)</b>	<b>AM-2 Deseño e implantación de un protocolo de coordinación vertical nos títulos de Grao da Facultade.</b>
---	--

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 119 de 149

**Obxectivo a conseguir: OC- 3 Promover accións de formación complementaria tanto fóra das horas lectivas do alumnado como dentro das horas expositivas/interactivas das materias**

<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: 1/9/2024</b>	<b>Data fin: 31/12/2024</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Plan Estratéxico 2024-26, Liña extratéxica LE 2: Formación e a docencia no novo contexto. Obxectivo estratéxico OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-03 Apoio a estudantes		
<b>Indicador/es de medición</b>	<b>Nº de actividades docentes extracurriculares</b>	<b>Meta a conseguir</b>	<b>Incremento do 10% no número de actividades docentes</b>
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	AM-3. Organizar actividades docentes extra curriculares e dentro das horas expositivas/interactivas abertas a grupos de investigación que desenvolven a súa acción investigadora na Facultade de Bioloxía ou en colaboración con institutos de investigación, BUSC, Bioga, AMIFE, GalBioTec, COBGA, REBUSC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras.		

**Obxectivo a conseguir: OC-4 Desenvolvemento de campañas de concienciación para o enchemento das enquisas**

<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: 1/9/2024</b>	<b>Data fin: 31/12/2024</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 1: Estudantado e comunidade universitaria. Obxectivo Estratéxico OE 1.1.: Dinamización da facultade		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-04 <i>Satisfacción, expectativas e necesidades</i>		

Indicador/es de medición	Número de formularios/enquisas cubertos tanto polo profesorado como polo alumnado	Meta a conseguir	Incrementar nun 25% o número de formularios cubertos tanto polo profesorado como polo alumnado
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-4. Desenvolvemente de campañas de concienciación sobre a importancia do enchemento das enquisas		

<b>Obxectivo a conseguir: OC-5 Revitalizar as asociacións estudantís</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: 1/3/2024</b>	<b>Data fin: 1/4/2024</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 1: Estudantado e comunidade universitaria. Obxectivo Estratéxico OE 1.1.: Dinamización da facultade		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-04 <i>Satisfacción, expectativas e necesidades</i>		
Indicador/es de medición	Nº de asociación de estudantes na Facultade e Nº de actividades promovidas por elas	Meta a conseguir	- Manter polo menos o Nº actual de asociacións de estudantes activas na facultade e incrementar o número de actividades que desenvolven polo menos nun 25%.



	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 121 de 149

Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-5. Revitalizar as asociacións estudantís
---	---

<b>Obxectivo a conseguir: OC-6 Aumentar a participación do PDI nas Xuntas de Facultade</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: 1/9/2024</b>	<b>Data fin: 31/12/2024</b>
Obxectivo estratéxico relacionado	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 1: Estudantado e comunidade universitaria. Obxectivo Estratéxico OE 1.1.: Dinamización da facultade		
Procesos clave relacionados	PS-04 <i>Satisfacción, expectativas e necesidades</i>		
Indicador/es de medición	Nº de asociación de estudantes na Facultade e Nº de actividades promovidas por elas	Meta a conseguir	- Incrementar polo menos nun 25% o Nº de PDI que participa nas Xuntas de Facultade
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-6. Aumentar a participación do PDI nas Xuntas de Facultade		

<b>Obxectivo a conseguir: OC-7 Mellorar a comunicación cos egresados para poder coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na Facultade e a súa situación profesional</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: 1/9/2024</b>	<b>Data fin: 31/12/2024</b>
Obxectivo estratéxico relacionado	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.2: Mellorar a información dos/as egresados/as		

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 122 de 149

<b>Procesos clave relacionados</b>	<b>PC-05 <i>Análise de resultados e mellora dos programas</i>, PS-04 <i>Satisfacción, expectativas e necesidades</i></b>		
<b>Indicador/es de medición</b>	Enquisa online realizada por unha empresa externa ao alumnado egresado. Actas das Comisións de Título de Grao e das Comisións Académicas de Mestrado, Actas da Comisión de Calidade, Memoria de Calidade.	<b>Meta a conseguir</b>	<b>Conseguir datos actuais da situación laboral dos egresados dos graos e mestrados impartidos na nosa facultade.</b>
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	<b>AM-7. Mellorar a comunicación cos egresados para poder coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na Facultade e a súa situación profesional</b>		

<b>Obxectivo a conseguir: OC-8. Desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: 1/9/2024</b>	<b>Data fin: 31/12/2024</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	<b>Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2: Formación e a docencia no novo contexto. Obxectivo Estratéxico OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado</b>		
<b>Procesos clave relacionados</b>	<b>PC-03 <i>Apoio a estudantes</i>, PC-04 <i>Desenvolvemento das ensinanzas</i></b>		
<b>Indicador/es de medición</b>	<b>Marco normativo elaborado</b>	<b>Meta a conseguir</b>	<b>Elaboración do marco normativo</b>

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 123 de 149

Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-8. Desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas
--	---

<b>Obxectivo a conseguir: OC-9 Fomentar as relacións entre os grupos que investigan na Facultade/CIBUS así como con grupos de investigación externos ou empresas biotecnolóxicas co fin de promover a actividade investigadora na facultade e as infraestruturas de investigación</b>			
Responsable do obxectivo: Decano		Data inicio: 15/3/2024	Data fin: 31/6/2024
Obxectivo estratéxico relacionado	Planificación Estratéxica 2024-26. Liña Estratéxica LE 3: Potenciar e facilitar a investigación na Facultade. Obxectivo Estratéxico OE 3.1.: Reforzamento da actividade investigadora		
Procesos clave relacionados	PS-01 <i>Xestión dos recursos humanos</i> , PS-02 <i>Xestión dos recursos materiais e servizos</i>		
Indicador/es de medición	Nº de accións (Nº de charlas de investigadores do centro ou externos sobre os seus proxectos de investigación, Nº de charlas de empresas biotecnolóxicas, Nº de convocatorias presentadas en conxunto polos grupos da facultade/CIBUS para a adquisición de infraestruturas científicas, etc).	Meta a conseguir	Incrementar nun 10% ditas accións
Accións de mellora relacionadas (Código)	AM-9. Fomentar as relacións entre os grupos que investigan na Facultade/CIBUS así como con grupos de investigación externos ou empresas biotecnolóxicas co fin de promover a actividade investigadora na facultade e as infraestruturas de investigación		

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 124 de 149

<b>Obxectivo a conseguir: OC-10. Estudiar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: 1/9/2024</b>	<b>Data fin: 31/12/2024</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Planificación Estratéxica 2024-26. Liña Estratéxica LE 3: Potenciar e facilitar a investigación na Facultade. Obxectivo Estratéxico OE 3.1.: Reforzamento da actividade investigadora		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-01 <i>Xestión dos recursos humanos</i> , PS-02 <i>Xestión dos recursos materiais e servizos</i>		
<b>Indicador/es de medición</b>	Actas das reunións realizadas entre os investigadores do CIBUS. Memoria de Calidade do Centro	Meta a conseguir	Nº de reunións realizadas entre os investigadores do CIBUS
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	AM-10. Estudiar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía		

<b>Obxectivo a conseguir: OC-11. Aumentar as canles de difusión (redes sociais) para dar a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e alumnado.</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: 1/3/2024</b>	<b>Data fin: 30/06/2024</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 5: Relacións coa Sociedade. Obxectivo Estratéxico OE 5.1.: Potenciar a divulgación, promoción e difusión		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PC-03 <i>Apoio a estudantes</i> , PS-06 <i>Información pública</i>		
<b>Indicador/es de medición</b>	Nº de redes sociais, Nº de noticias colgadas, e Nº de interaccións en cada rede social	Meta a conseguir	Aumentar nun 20% o Nº de redes sociais, o Nº de noticias colgadas, e o Nº de interaccións

<b>Accións de mellora relacionadas</b> <b>(Código)</b>	<b>AM-11.- Aumentar as canles de difusión (redes sociais) para dar a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e alumnado.</b>
---	---

<b>Obxectivo a conseguir: OC-12. Potenciar a colaboración co COBGA para apoiar o recoñecemento social e regularización profesional dos biólogos e aumentar as actividades que reforcen as taxas de inserción laboral do alumnado egresado</b>			
<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: 1/9/2024</b>	<b>Data fin: 30/6/2024</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	<b>Plan Estratéxico 2024-26. Liña estratéxica LE 5: Relacións coa Sociedade. Obxectivo Estratéxico OE 5.2: Reforzar as relacións co COBGA</b>		
<b>Procesos clave relacionados</b>	<b>PC-03 Apoio a estudantes</b>		
<b>Indicador/es de medición</b>	<b>Nº de accións desenvolvidas, evolución das taxas de inserción</b>	<b>Meta a conseguir</b>	<b>Incremento dun 10% no número de actividades desenroladas en conxunción co COBGA</b>
<b>Accións de mellora relacionadas</b> <b>(Código)</b>	<b>AM-12.- Potenciar a colaboración co COBGA para apoiar o recoñecemento social e regularización profesional dos biólogos e aumentar as actividades que reforcen as taxas de inserción laboral do alumnado egresado</b>		

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 126 de 149

**Obxectivo a conseguir: OC-13. Incrementar o número de actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía en centros de educación primaria**

<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: 1/9/2024</b>	<b>Data fin: 31/12/2024</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Plan Estratéxico 2024-26. Liña estratéxica LE 5: Relacións coa Sociedade. Obxectivo Estratéxico OE 5.1.: Potenciar a divulgación, promoción e difusión		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PS-01 <i>Xestión dos recursos humanos</i> , PS-06 <i>Información pública</i>		
<b>Indicador/es de medición</b>	Nº de visitas de profesores/as a centros de educación primaria	<b>Meta a conseguir</b>	<b>Polo menos 1 actividade/ano</b>
<b>Accións de mellora relacionadas (Código)</b>	AM-13.- Incrementar o número de actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía en centros de educación primaria.		

**Obxectivo a conseguir: OC-14. Actualización dos documentos do SGC do Centro**

<b>Responsable do obxectivo: Decano</b>		<b>Data inicio: 1/9/2024</b>	<b>Data fin: 31/12/2024</b>
<b>Obxectivo estratéxico relacionado</b>	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 Nº LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC		
<b>Procesos clave relacionados</b>	PE-02 <i>Revisión e mellora</i> , PC-05 <i>Análise de resultados e mellora dos programas</i>		
<b>Indicador/es de medición</b>	Documentos do SGC do Centro actualizados	<b>Meta a conseguir</b>	- Actualizar o documento de protocolos propios do SGC do Centro para incorporar as modificacións feitas estes anos

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 127 de 149

			- <b>Actualizar o Manual de Procesos do SGC para incorporar os protocolos propios.</b>
<b>Accións de mellora relacionadas</b> (Código)	<b>AM-14 Actualización dos documentos do SGC do Centro</b>		

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-1	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 N° LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC	Dotar o posto de coordinador/a de calidade	Activa	Decano	31/10/2024	Non
AM-2	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 N° LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC	Deseño e implantación de un protocolo de coordinación vertical nos títulos de Grao da Facultade	Activa	Decano	31/12/2024	Non
AM-3	Plan Estratéxico 2024-26, Liña extratéxica LE 2: Formación e a docencia no novo contexto. Obxectivo estratéxico OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado	Promover accións de formación complementaria dentro e fora das horas lectivas do alumnado	Activa	Decano	31/12/2024	Non
AM-4	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 1: Estudantado e comunidade universitaria. Obxectivo Estratéxico OE 1.1.: Dinamización da facultade	Desenvolvemento de campañas de concienciación para a cumplimentación das enquisas	Activa	Decano	31/12/2024	Non
AM-5	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 1: Estudantado e comunidade universitaria. Obxectivo Estratéxico OE 1.1.: Dinamización da facultade	Revitalizar as asociacións de estudantes	Realizada	Decano	01/04/2024	Sí
AM-6	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 1: Estudantado e comunidade universitaria. Obxectivo Estratéxico OE 1.1.: Dinamización da facultade	Mellorar a participación do PDI nas Xuntas de Facultade	Activa	Decano	31/12/2024	Non
AM-7	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.2: Mellorar a información dos/as egresados/as	Mellorar a comunicación cos egresados para poder coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na Facultade e a súa situación profesional	Activa	Decano	31/12/2024	Non
AM-8	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 2: Formación e a docencia no novo contexto. Obxectivo Estratéxico OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado	Desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas	Activa	Decano	31/12/24	Non
AM-9	Planificación Estratéxica 2024-26. Liña Estratéxica LE 3: Potenciar e facilitar a investigación na Facultade. Obxectivo Estratéxico OE 3.1.: Reforzamento da	Fomentar as relacións entre os grupos que investigan na Facultade/CIBUS así como con grupos de investigación	Realizada	Decano	31/06/2024	Sí



	actividade investigadora	externos ou empresas biotecnolóxicas co fin de promover a actividade investigadora na facultade e as infraestruturas de investigación				
AM-10	Planificación Estratéxica 2024-26. Liña Estratéxica LE 3: Potenciar e facilitar a investigación na Facultade. Obxectivo Estratéxico OE 3.1.: Reforzamento da actividade investigadora	Estudiar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía	Activa	Decano	31/12/2024	<b>Non</b>
AM-11	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 5: Relacións coa Sociedade. Obxectivo Estratéxico OE 5.1.: Potenciar a divulgación, promoción e difusión	Aumentar as canles de difusión (redes sociais) para dar a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e alumnado.	Realizada	Decano	30/06/2024	<b>Sí</b>
AM-12	Plan Estratéxico 2024-26. Liña estratéxica LE 5: Relacións coa Sociedade. Obxectivo Estratéxico OE 5.2: Reforzar as relacións co COBGA	Potenciar a colaboración co COBGA para apoiar o recoñecemento social e regularización profesional dos biólogos e aumentar as actividades que reforcen as taxas de inserción laboral do alumnado egresado	Realizada	Decano	30/06/2024	<b>Sí</b>
AM-13	Plan Estratéxico 2024-26. Liña estratéxica LE 5: Relacións coa Sociedade. Obxectivo Estratéxico OE 5.1.: Potenciar a divulgación, promoción e difusión	Incrementar o número de actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía en centros de educación primaria	Activa	Decano	31/12/2024	<b>Non</b>
AM-14	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 Nº LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC	Actualización dos documentos do SGC do Centro	Activa	Decano	31/12/2024	<b>Non</b>

<u>ACCIÓN DE MELLORA</u>	
Código	AM-01 (Curso 2023-2024)
Orixe	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 N° LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	As funcións do responsable de calidade do centro (RCC) son asumidas polo Vicedecano no caso da Facultade de Bioloxía. Aínda que o RCC é asistido polo Equipo de Dirección (ED), os membros da CCC, e os coordinadores de título, a complejidade da burocracia asociada aos procesos de xestión da calidade fai necesario buscar un apoio adicional. O Manual do SGC da Facultade de Bioloxía permite dotar o posto de coordinador de calidade, que correspondería a unha persoa nomeada polo decano entre o PDI que non sexa membro do equipo de dirección, precisamente para a realización de funcións de apoio ao RCC.
Definición/ descrición proposta	Dotar o posto de coordinador de calidade
Datas	Inicio: 1/10/2024; Finalización: 31/10/2024
Estado/Eficacia	En construción
Responsables	Decano
Tarefa 1	AM-01.01
Descrición tarefa	Dotar o posto de coordinador de calidade
Data prevista de finalización	31/10/2024
Responsable	Decano
Estado	Activa

<u>ACCIONES DE MELLORA</u>	
Código	AM-02 (Curso 2023-2024)
Orixe	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 N° LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC
Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	No curso anterior actualizáronse os protocolos e manual de calidade da facultade. Posteriormente, nas reunións de coordinación das Comisión de títulos detectouse certa falta de coordinación vertical nas titulacións de grao.
Definición/ descrición proposta	Deseño e implantación de un protocolo de coordinación vertical nos títulos de Grao da Facultade.
Datas	Inicio: 1/9/2024; Finalización: 31/12/2024
Estado/Eficacia	Estado: En construción
Responsables	Decano
Tarefa 1	AM-02.01
Descrición tarefa	Deseño e implantación de un protocolo de coordinación vertical nos títulos de Grao da Facultade.
Data prevista de finalización	31/12/2024
Responsable	Decano
Estado	Activa

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-03 (Curso 2023-2024)
Orixe	Plan Estratégico 2024-26, Liña extratéxica LE 2: Formación e a docencia no novo contexto. Obxectivo estratéxico OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	A rápida evolución dos coñecementos nas Ciencias en xeral e da Bioloxía e Biotecnoloxía en particular, unida a paulatina especialización do PDI, fai necesaria procurar fórmulas para a cooperación puntual en cuestións docentes con investigadores especialistas en determinadas temáticas de grupos de institutos da contorna, da Rede de Estacións Biolóxicas da USC, ou de universidades nacionais/estranxeiras.
Definición/ descrición proposta	Organizar actividades docentes extra curriculares e dentro das horas expositivas/interactivas abertas a grupos de investigación que desenvolven a súa acción investigadora na Facultade de Bioloxía ou en colaboración con institutos de investigación, BUSC, Bioga, AMIFE, GalBioTec, COBGA, REBUSC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras.
Datas	Inicio: 1/9/2024 Finalización: 31/12/2024
Estado/Eficacia	Estado: En construción
Responsables	Decano
Tarefa 1	AM-03.01
Descrición tarefa	Organizar actividades docentes extra curriculares e dentro das horas expositivas/interactivas abertas a grupos de investigación que desenvolven a súa acción investigadora na Facultade de Bioloxía ou en colaboración con institutos de investigación, BUSC, Bioga, AMIFE, GalBioTec, COBGA, REBUSC ou PDI de universidades nacionais/estranxeiras.

Data prevista de finalización	31/12/2024
Responsable	Decano
Estado	Activa

### ACCIÓNS DE MELLORA

Código	AM-04 (Curso 2023-2024)
Orixe	Plan Estratéxico 2024-26. Liña Estratéxica LE 1: Estudantado e comunidade universitaria. Obxectivo Estratéxico OE 1.1.: Dinamización da facultade
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	Baixa participación nalgúnhas enquisas do PDI e alumnado tanto a nivel de Grao como Máster, pese aos intentos de impulsar a participación a través de mensaxes de correo electrónico aos actores implicados e a mención nas xornadas de presentación. Cumpre prorrogar a acción.
Definición/ descrición proposta	Desenvolvemento de campañas de concienciación para a cumplimentación das enquisas
Datas	Inicio: 1/9/2024; Finalización: 31/12/2024
Estado/Eficacia	Estado: En construción
Responsables	Decano
Tarefa 1	AM-04.01
Descrición tarefa	Desenvolvemento de campañas de concienciación ao alumnado para a cumplimentación das enquisas e recordatorios a través do correo electrónico
Data prevista de finalización	31/12/2024
Responsable	Decano

	MEMORIA DE CALIDADE
	Páxina 134 de 149

Estado	Activa
Tarefa 2	AM-04.01
Descrición tarefa	Desenvolvemento de campañas de concienciación ao PDI para a cumplimentación das enquisas e recordatorios a través do correo electrónico
Data prevista de finalización	31/12/2024
Responsable	Decano
Estado	Activa

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-05 (Curso 2023-2024)
Orixe	Plan Estratégico 2024-26. Liña Estratégica LE 1: Estudantado e comunidade universitaria. Obxectivo Estratégico OE 1.1.: Dinamización da facultade
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	A constatación da desaparición de asociacións estudiantís como "BioSant", e do alto risco de desaparición doutras como "Bota e Bata", a sabendas da súa importancia para a implicación do alumnado.
Definición/descrición proposta	Revitalizar as asociacións estudiantís
Datas	Inicio: 01/03/2024; Finalización: 01/04/2024
Estado/Eficacia	Estado: Rematada
Responsables	Decano
Tarefa 1	AM-05.01
Descrición tarefa	Revitalizar e promover a continuidade de "Bota e Bata"
Data prevista de finalización	Finalizada
Responsable	Decano
Estado	Rematada

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-6 (Curso 2023-2024)
Orixe	Plan Estratégico 2024-26. Liña Estratégica LE 1: Estudantado e comunidade universitaria. Obxectivo Estratégico OE 1.1.: Dinamización da facultade
Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Análise causa	Asistencia do PDI nas Xuntas de Facultade relativamente baixa
Definición/ descrición proposta	Aumentar a participación do PDI nas Xuntas de Facultade
Datas	Inicio: 1/9/2024; Finalización: 31/12/2024
Estado/Eficacia	Estado: En construción
Responsables	Decano
Tarefa 1	AM-6.01
Descrición tarefa	Aumentar a participación do PDI nas Xuntas de Facultade
Data prevista de finalización	31/12/2024
Responsable	Decano
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-7 (Curso 2023-2024)
Orixe	Plan Estratégico 2024-26. Liña Estratégica LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratégico OE 4.2: Mellorar a información dos/as egresados/as



Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	<p>Problema de comunicación cos egresados unha vez rematan os seus estudos na facultade e abandonan a USC por perda do correo electrónico institucional, o que dificulta coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na Facultade de cara a súa situación profesional.</p> <p>Esta acción estaba contemplada no curso anterior, pero causas de forma maior (inundación da facultade, modificación de plans de estudo ara adaptación ao RD 822), impediron levala a cabo, polo que é preciso prorrogala.</p>
Definición/ descrición proposta	Mellorar a comunicación cos egresados para poder coñecer a súa opinión sobre a utilidade dos títulos impartidos na Facultade e a súa situación profesional
Datas	Inicio: 1/09/2024; Finalización: 31/12/2024
Estado/Eficacia	Estado: En construción
Responsables	Decano
Tarefa 1	AM-7.01
Descrición tarefa	Procura de mecanismos axeitados para manter o contacto cos egresados unha vez rematan os seus estudos na universidade
Data prevista de finalización	31/12/2024
Responsable	Decano
Estado	Activa

### ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-8 (Curso 2023-2024)
--------	------------------------

Orixe	Plan Estratégico 2024-26. Liña Estratégica LE 2: Formación e a docencia no novo contexto. Obxectivo Estratégico OE 2.2.: Mellorar a formación do alumnado
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	A formación práctica é habitualmente a peor valorada polos alumnos. Estes demandan por cauces diferentes unha mellora da formación nos laboratorios adicada a resolución de problemáticas biolóxicas.
Definición/ descrición proposta	Desenvolver un marco normativo que facilite a incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación a maiores do TFG/TFM e prácticas externas.
Datas	Inicio: 1/9/2024; Finalización: 31/12/2024
Estado/Eficacia	Estado: En construción
Responsable	Decano
Tarefa 1	AM-8.01
Descrición tarefa	Desenvolver un marco normativo que facilite novas posibilidades de incorporación do alumnado aos laboratorios de investigación
Data prevista de finalización	31/12/2024
Responsable	Decano
Estado	Activa

### ACCIÓNS DE MELLORA

Código	AM-9 (Curso 2023-2024)
--------	------------------------

Orixe	Planificación Estratéxica 2024-26. Liña Estratéxica LE 3: Potenciar e facilitar a investigación na Facultade. Obxectivo Estratéxico OE 3.1.: Reforzamento da actividade investigadora
Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Análise causa	A falta de coñecemento que o alumnado e o PDI ten das investigacións que se levan a cabo na Facultade/CIBUS contribúe a que tales grupos non sexan a primeira opción para a realización de TFGs, TFMs ou teses doutorais e se perdan oportunidades de colaboración entre grupos, tanto entre os asociados a Facultade/CIBUS como cos presentes nos centros singulares da USC ou na Rede de Estacións Biolóxicas da USC (REBUSC).
Definición/ descrición proposta	Fomentar as relacións entre os grupos que investigan na Facultade/CIBUS así como con grupos de investigación externos ou empresas biotecnolóxicas co fin de promover a actividade investigadora na facultade e as infraestruturas de investigación
Datas	Inicio: 15/03/2024; Finalización: 31/06/2024
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada
Responsable	Decano
Tarefa 1	AM-9.01
Descrición tarefa	Promover a actividade investigadora na facultade e as infraestruturas de investigación mediante o fortalecemento das relacións entre os grupos que investigan na Facultade/CIBUS así como con grupos de investigación externos ou empresas biotecnolóxicas
Data prevista de finalización	Rematada
Responsable	Decano
Estado	Finalizada

<u>ACCIÓNS DE MELLORA</u>	
Código	AM-10 (Curso 2023-2024)
Orixe	Planificación Estratéxica 2024-26. Liña Estratéxica LE 3: Potenciar e facilitar a investigación na Facultade. Obxectivo Estratéxico OE 3.1.: Reforzamento da actividade investigadora
Ámbito de aplicación	Directriz 4. Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos
Análise causa	A incorporación de novos investigadores procedentes de programas competitivos ao CIBUS que desenrolan as súas investigacións no eido da Biotecnoloxía e a Investigación Biosanitaria fai necesario crear un entorno axeitado, con espazos de calidade, infraestruturas modernas e posibilidade de establecer sinerxías entre grupos de investigación. A existencia de convocatorias específicas para a creación de centros e institutos de investigación suxire polo menos que se explore a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía.
Definición/ descrición proposta	Estudiar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía
Datas	Inicio: 1/9/2024; Finalización: 31/12/2024
Estado/Eficacia	Estado: En construción
Responsable	Decano
Tarefa 1	AM-10.01
Descrición tarefa	Estudiar a posibilidade de transformar o CIBUS nun centro de investigación en Biotecnoloxía
Data prevista de finalización	31/12/2024
Responsable	Decano
Estado	Activa

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-11 (Curso 2023-2024)
Orixe	Plan Estratégico 2024-26. Liña Estratégica LE 5: Relacións coa Sociedade. Obxectivo Estratégico OE 5.1.: Potenciar a divulgación, promoción e difusión
Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información pública
Análise causa	Uso mellorable das redes sociais dar a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e a súa relación co alumnado.
Definición/ descrición proposta	Aumentar as canles de difusión (redes sociais) para dar a coñecer á sociedade as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI.
Datas	Inicio: 01/03/2024 Finalización: 30/06/2024
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada
Responsable	Decano
Tarefa 1	
Descrición tarefa	Crear e potenciar redes sociais para dar a coñecer as actividades docente-investigadoras realizadas por PDI e a súa colaboración co alumnado.
Data prevista de finalización	30/06/2024
Responsable	Decano
Estado	Rematada

ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-12 (Curso 2023-2024)
--------	-------------------------

Orixe	Plan Estratéxico 2024-26. Liña estratéxica LE 5: Relacións coa Sociedade. Obxectivo Estratéxico OE 5.2: Reforzar as relacións co COBGA
Ámbito de aplicación	Directriz 3. Garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante
Análise causa	A colaboración co COBGA expresa o apoio ó recoñecemento social como profesionais nos ámbitos biosanitario e ambiental, entre outros. Este apoio é fundamental para mellorar as taxas de inserción laboral dos nosos egresados.
Definición/ descrición proposta	Potenciar a colaboración co COBGA para apoiar o recoñecemento social e regularización profesional dos biólogos e aumentar as actividades que reforcen as taxas de inserción laboral do alumnado egresado
Datas	Inicio: 01/09/2024 Finalización: 30/06/2024
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada
Responsable	Decano
Tarefa 1	AM-12.01
Descrición tarefa	Fortalecer a colaboración co COBGA de cara a aumentar as taxas de inserción laboral do alumnado
Data prevista de finalización	30/06/2024
Responsable	Decano
Estado	Rematada

### ACCIÓN DE MELLORA

Código	AM-13 (Curso 2023-2024)
Orixe	Plan Estratéxico 2024-26. Liña estratéxica LE 5: Relacións coa Sociedade. Obxectivo Estratéxico OE 5.1.: Potenciar a divulgación,

	promoción e difusión
Ámbito de aplicación	Directriz 6. Información pública
Análise causa	O fomento da curiosidade polo funcionamento e a diversidade de formas de vida, o respecto polo medio ambiente, e a súa relación coa profesión de biólogo, son actividades que poden iniciarse en primaria en colaboración co profesorado. Actualmente, todas as actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía lévanse a cabo en centros de ensino secundario e FP.
Definición/ descrición proposta	Incrementar o número de actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía en centros de educación primaria.
Datas	Inicio: 1/9/2024 Finalización: 31/12/2024
Estado/Eficacia	Estado: En construción
Responsable	Decano
Tarefa 1	AM-13.01
Descrición tarefa	Incrementar o número de actividades de promoción dos estudos de Bioloxía e Biotecnoloxía en centros de educación primaria.
Data prevista de finalización	31/12/2024
Responsable	Decano
Estado	Activa

### ACCIÓNS DE MELLORA

Código	AM-14 (Curso 2023-2024)
Orixe	Liña estratéxica do Plan Estratéxico 2024-26 N° LE 4: Sistema de Garantía de Calidade do Centro (SGC). Obxectivo Estratéxico OE 4.1.: Reforzar o funcionamento do SGC

Ámbito de aplicación	Directriz 1. Política e obxectivos de calidade
Análise causa	O SGC busca propiciar a mellora continua da Facultade. É un sistema dinámico que require a constante actualización dos seus documentos.
Definición/ descrición proposta	Actualización dos documentos do SGC do Centro
Datas	Inicio: 1/9/2024 Finalización: 31/12/2024
Estado/Eficacia	Estado: En construción
Responsable	Decano
Tarefa 1	AM-14.01
Descrición tarefa	Actualización dos documentos do SGC do Centro
Data prevista de finalización	31/12/2024
Responsable	Decano
Estado	Activa



**4. Modificacións nos diferentes títulos**

<b>MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS</b>		
<b>TÍTULO</b>	<b>MODIFICACIÓN</b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>
<b>Grao en Bioloxía (2ª ed)</b>	Non houbo modificacións	
<b>Grao en Biotecnoloxía (1ª ed)</b>	Non houbo modificacións	

## 5. Listaxe de evidencias e indicadores

Directrices	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
2,3	E1	Memoria vixente do título	<a href="#">ACSUG</a> . Páxina web do centro: <a href="#">Facultade de Bioloxía</a>
2,3	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	<a href="#">ACSUG</a> . <a href="#">Documentación do SGC</a> do centro
2,3	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Páxina web do centro: <a href="#">Facultade de Bioloxía</a>
1,2,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	<a href="#">Comisión de Título do Grao en Bioloxía</a> <a href="#">Comisión de Título do Grao en Biotecnoloxía</a> <a href="#">Comisión de Calidade da Facultade de Bioloxía</a>
2,3	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Non dispoñible
2,3	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
1, 2, 3	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	Panel de indicadores_2022-2023
			INF.16_2022-2023 (información por título)
			INF.CiUG_2022-2023 (información por título)
1, 2, 3	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	I2_2022-2023 (información por título)
1, 2, 3	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	Panel de indicadores_2022-2023
			INF.03_2022-2023 (información agrupada por centro)
6	E9		<a href="#">Web da USC</a>

		Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública*")	Paxina web do centro: <a href="#">Facultade de Bioloxía</a>
1	E1 0	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	<a href="#">Web do centro</a>
1	E1 1	Evidencias da implantación dos procedimentos do SGC( procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	<a href="#">Web do centro</a>
1, 2, 3	E1 2	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	<a href="#">Web do centro</a>
1, 2, 3	E1 3	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Memoria, Directrices 1, 2 e 3
Todas	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	Panel de indicadores_2022-2023 Informes de enquisas (docencia, PDI, PAS, egresados, prácticas, mobilidade...)
1	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	Panel de indicadores_2022-2023
1	E1 4	Informe de certificación da implantación do SGC	Páxina web da Facultade de Bioloxía, <a href="#">Documentación do SGC</a>
4	E1 5	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	E15_2022-2023 (información por título)
4	E1 6	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	E16_2022-2023
4	E1 7	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ... )	Memoria, Directriz 4

4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_2022-2023 (información agrupada por centro)
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	I6-I7_2022-2023 (información agrupada por centro)
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,... )	INF.13_2022-2023 (información por título) INF.14_2022-2023 (información por título)
4	I9	Porcentaxe de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos.	<i>Non dispoñible</i>
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	I10_2022-2023 (información agrupada por centro)
5	E1 8	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	<a href="#">Web do centro</a>
5	E1 9	Información sobre servizos de orientación académica e programas de acollida	<a href="#">Web do centro</a>
5	E2 0	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	<a href="#">Enlace web</a> ou PDF
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Enlace web ou PDF
5	E2 2	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	<a href="#">Campus Virtual</a>
2,3	E2 4	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	PDF
2,3	E2 5	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	INF.15_2022-2023 (información por título)
2,3	E2 6	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Memoria, Directrices 2 e 3
2,3	E3 0	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Memoria, Directrices 2 e 3
2, 3	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e	Panel de indicadores_2022-2023 (información agrupada por centro)

		avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono - Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	INF.17_2022-2023 (información por título) INF.18_2022-2023 (información por título) INF.19_2022-2023 (información por título) SIIU_2022-2023 (información por título)
2, 3	I13	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	Panel de indicadores_2022-2023 (información agrupada por centro) INF.CiUG_2022-2023 (información por título)
2, 3	I14	Resultados de inserción laboral	EIL-SIIU_2022-2023 (información por título)
2, 3, 4, 5	I15	Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva...)	Panel de indicadores_2022-2023 (información agrupada por centro)